

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 152

Sesión plenaria
5 de decembro de 2023

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 4. Propositions non de lei

4.1 51734 (11/PNP-004288)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para rematar cos incumprimentos e coas irregularidades nos contratos do servizo público de transportes por estrada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 474, do 29.03.2023

4.2 61626 (11/PNP-004986)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que revise, á vista das recomendacións do Consello de Contas, a renegociación dos acordos coas empresas concesionarias das autovías do Salnés, da Barbanza e de Celanova

Publicación da iniciativa, BOPG nº 591, do 08.11.2023

4.3 61895 (11/PNP-005013)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central referidas ao apoio ás empresas do sector de transformación da pesca

Publicación da iniciativa, BOPG nº 595, do 15.11.2023

4.4 61951 (11/PNP-005020)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Ojea Arias, Eduardo

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que volva ao diálogo co Goberno central para atopar vías, dentro do marco xurídico, que conduzan á transferencia da competencia sobre ordenación e xestión do litoral de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 595, do 15.11.2023

4.5 62148 (11/PNP-005038)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e dous deputados/as máis

Sobre a demanda ao Goberno galego das accións necesarias para garantir a continuidade da oferta formativa do campus universitario de Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 599, do 22.11.2023



4.6 62378 (11/PNP-005063)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en materia de desenvolvemento do transporte ferroviario en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 599, do 22.11.2023

Punto 5. Interpelacións**5.1 53269 (11/INT-002559)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre a declaración, no que atinxe ao mercado da vivenda, das áreas de mercado tensionado

Publicación da iniciativa, BOPG nº 492, do 10.05.2023

5.2 56484 (11/INT-002673)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en materia de I+D+i

Publicación da iniciativa, BOPG nº 539, do 07.08.2023

5.3 61714 (11/INT-002857)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia e tres deputados/as máis**

Sobre a situación laboral e económica da mocidade en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 591, do 08.11.2023

5.4 62064 (11/INT-002872)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e Ojea Arias, Eduardo**

Sobre a eficiencia da colaboración público-privada na execución e explotación de infraestruturas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 595, do 15.11.2023

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**6.1 62722 (11/POPX-000125)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre as respostas que ten a Xunta de Galicia para optimizar o aproveitamento do potencial enerxético de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 604, do 29.11.2023



6.2 62723 (11/POPX-000126)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana**

Sobre a valoración que fai da eficacia da súa política sanitaria como salvagarda da saúde das galegas e dos galegos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 604, do 29.11.2023

Punto 7. Preguntas ao Goberno**7.1 56387 (11/POP-008674)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e dous deputados/as máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia de aceptar a cesión do Concello de Santiago de Compostela dunha parcela para a construción dun novo aparcadoiro para o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago

Publicación da iniciativa, BOPG nº 540, do 08.08.2023

7.2 56994 (11/POP-008898)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e nove deputados/as máis**

Sobre a situación na que se atopan as distintas actuacións de construción e reforma previstas pola Xunta nas infraestruturas sanitarias de atención primaria da cidade de Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 14.08.2023

7.3 62719 (11/PUP-000379)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis**

Sobre as declaracións do novo ministro de Transportes e Mobilidade Sostible en relación coa chegada da alta velocidade a Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 604, do 29.11.2023

7.4 62285 (11/POP-009694)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis**

Sobre a capacidade do Goberno galego para controlar a xestión da riqueza natural nos proxectos que impulse a nova sociedade público-privada Recursos de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 600, do 23.11.2023

7.5 61286 (11/POP-009550)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Arias Rodríguez, Raquel e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da primeira convocatoria de axudas económicas directas ás persoas diagnosticadas con esclerose lateral amiotrófica (ELA)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 585, do 25.10.2023



7.6 62323 (11/POP-009699)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e dous deputados/as máis**

Sobre a cobertura das baixas do persoal médico do Centro de Saúde de Pazos de Borbén

Publicación da iniciativa, BOPG nº 600, do 23.11.2023

7.7 62703 (11/PUP-000377)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel**

Sobre a dotación profesional na atención primaria da comarca da Mariña luguesa para garantir unha sanidade de calidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 604, do 29.11.2023

7.8 62707 (11/PUP-000378)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre a situación da atención primaria sanitaria na comarca da Mariña luguesa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 604, do 29.11.2023

7.9 62279 (11/POP-009692)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e tres deputados/as máis**

Sobre a postura da Xunta de Galicia no marco do conflito laboral do sector das traballadoras da limpeza da provincia de Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 600, do 23.11.2023



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor presidente comunica a inasistencia da vicepresidenta segunda, dona Montserrat Prado Cores (BNG). (Páx. 12.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as respostas que ten a Xunta de Galicia para optimizar o aproveitamento do potencial enerxético de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Álvarez Martínez (S). (Páx. 12.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 13.)

Réplica do autor: Sr. Álvarez Martínez (S). (Páx. 15.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 16.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración que fai da eficacia da súa política sanitaria como salvagarda da saúde das galegas e dos galegos. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 18.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 19.)

Réplica da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 20.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 22.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que revise, á vista das recomendacións do Consello de Contas, a renegociación dos acordos coas empresas concesionarias das autovías do Salnés, da Barbanza e de Celanova. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 24.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. Otero Rodríguez (S) (Páx. 26.) e Sr. Balseiro Orol (P). (Páx. 29.)

Nova intervención do señor Bará Torres (BNG). (Páx. 32.)



Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central referidas ao apoio ás empresas do sector de transformación da pesca. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 34.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Egerique Mosquera (P). (Páx. 35.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Pérez Fernández (BNG). (Páx. 38.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sr. Caballero Miguez (S). (Páx. 40.)

A señora Egerique Mosquera (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 45.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Otero Rodríguez e D. Eduardo Ojea Arias, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que volva ao diálogo co Goberno central para atopar vías dentro do marco xurídico que conduzan á transferencia de competencias sobre a ordenación e xestión do litoral en Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Otero Rodríguez (S). (Páx. 48.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 51.) e Sra. Freire Vázquez (P). (Páx. 54.)

Nova intervención da señora Otero Rodríguez (S). (Páx. 57.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Caballero Miguez e dous deputados/as máis, sobre a demanda ao Goberno galego das accións necesarias para garantir a continuidade da oferta formativa do campus universitario de Lugo. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta (Candía López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 59.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Álvarez Martínez (S). (Páx. 60.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 64.) e Sra. Díaz Mouteira (P). (Páx. 67.)

O señor Álvarez Martínez (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 70.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en materia de desenvolvemento do transporte ferroviario en Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 72.)



Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Balseiro Orol (P). (Páx. 73.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Otero Rodríguez (S) (Páx. 76.) e Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 79.)

O señor Balseiro Orol (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 82.)

Votación das proposicións non de lei

Votación do texto autoemendado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Paulo Ríos Santomé e D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para rematar cos incumprimentos e coas irregularidades nos contratos do servizo público de transportes por estrada: *rexeitada por 31 votos a favor, 42 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 85.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados máis, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que revise, á vista das recomendacións do Consello de Contas, a renegociación dos acordos coas empresas concesionarias das autovías do Salnés, da Barbanza e de Celanova: *rexeitada por 31 votos a favor, 42 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 85.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central referidas ao apoio ás empresas do sector de transformación da pesca: *aprobada por 73 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 85.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Otero Rodríguez e D. Eduardo Ojea Arias, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que volva ao diálogo co Goberno central para atopar vías, dentro do marco xurídico, que conduzan á transferencia da competencia sobre a ordenación e xestión do litoral en Galicia: *rexeitada por 31 votos a favor, 42 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 86.)

O señor presidente dálle a palabra ao señor Álvarez Martínez (S) para que explique o acordo ao que se chegou na proposición non de lei presentada por el e dous deputados máis do seu grupo parlamentario. (Páx. 86.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Caballero Míguez e dous deputados/as máis, sobre a demanda ao Goberno galego das accións necesarias para garantir a continuidade da oferta formativa do campus universitario de Lugo: *aprobado por 73 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 86.)

O señor Balseiro Orol (P) pide a palabra e intervén para comunicar que acepta a emenda de adición presentada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 87.)



Votación do texto transaccionado da Proposición do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en materia de desenvolvemento do transporte ferroviario en Galicia: *aprobado por 73 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 87.)

Alteración da orde do día

O señor presidente comunica unha alteración no desenvolvemento da orde do día. (Páx. 88.)

Interpelación de D^a Patricia Otero Rodríguez e D. Eduardo Ojea Arias, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a eficiencia da colaboración público-privada na execución e explotación de infraestruturas. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Otero Rodríguez (S).* (Páx. 88.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 91.)

Réplica da autora: *Sra. Otero Rodríguez (S).* (Páx. 94.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 96.)

Interpelación de D^a Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en materia de I+D+i. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 97.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Economía, Industria e Innovación (Lorenzana Somoza).* (Páx. 100.)

Réplica da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 104.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Economía, Industria e Innovación (Lorenzana Somoza).* (Páx. 106.)

Interpelación de D^a Noelia Otero Lago e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación laboral e económica da mocidade en Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Otero Lago (S).* (Páx. 108.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Rivo López).* (Páx. 111.)

Réplica da autora: *Sra. Otero Lago (S).* (Páx. 114.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Rivo López).* (Páx. 116.)

Interpelación de D^a Alexandra Fernández Gómez e D. Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a declaración, no que atinxe ao mercado da vivenda, das áreas de mercado tensionado. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Fernández Gómez (BNG).* (Páx. 118.)

Contestación da Xunta: *Sra. vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 121.)

Réplica da autora: *Sra. Fernández Gómez (BNG).* (Páx. 124.)

Réplica da Xunta: *Sra. vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 126.)



Pregunta de D^a Noa Susana Díaz Varela e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia de aceptar a cesión do Concello de Santiago de Compostela dunha parcela para a construción dun novo aparcadoiro para o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Díaz Varela (S).* (Páx. 128.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 129.)

Réplica da autora: *Sra. Díaz Varela (S).* (Páx. 130.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 131.)

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as declaracións do novo ministro de Transportes e Mobilidade Sostible en relación coa chegada da alta velocidade a Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 132.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 133.)

Réplica da autora: *Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 134.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 135.)

Pregunta D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a capacidade do Goberno galego para controlar a xestión da riqueza natural nos proxectos que impulse a nova sociedade público-privada Recursos de Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 136.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Economía, Industria e Innovación (Lorenzana Somoza).* (Páx. 137.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 138.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Economía, Industria e Innovación (Lorenzana Somoza).* (Páx. 139.)

Pregunta de D^a Raquel Arias Rodríguez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego da primeira convocatoria de axudas económicas directas ás persoas diagnosticadas con esclerose lateral amiotrófica (ELA). (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. López Sánchez (P).* (Páx. 140.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez).* (Páx. 141.)

Réplica da autora: *Sra. López Sánchez (P).* (Páx. 143.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez).* (Páx. 143.)



Pregunta de D^a María Encarnación Amigo Díaz e nove deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a situación na que se atopan as distintas actuacións de construción e reforma previstas pola Xunta nas infraestruturas sanitarias de atención primaria da cidade de Lugo. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Candia López (P).* (Páx. 144.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 145.)

Réplica da autora: *Sra. Candia López (P).* (Páx. 146.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 147.)

Pregunta de D^a Alexandra Fernández Gómez e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a cobertura das baixas do persoal médico do Centro de Saúde de Pazos de Borbén. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Fernández Gómez (BNG).* (Páx. 148.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 149.)

Réplica da autora: *Sra. Fernández Gómez (BNG).* (Páx. 150.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 151.)

Alteración da orde do día

O señor presidente anuncia a decisión de acumular as preguntas ao Goberno que figuran na orde do día como puntos 7.7 e 7.8 para a súa formulación conxunta. (Páx. 152.)

Pregunta de D. Daniel Castro García, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a dotación profesional na atención primaria da comarca da Mariña luguesa para garantir unha sanidade de calidade. (Punto sétimo da orde do día.)

Pregunta de D^a Patricia Otero Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación da atención primaria sanitaria na comarca da Mariña luguesa. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor e da autora: *Sr. Castro García (BNG)* (Páx. 152.) e *Sra. Otero Rodríguez (S).* (Páx. 153.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 155.)

Réplica do autor e da autora: *Sr. Castro García (BNG)* (Páx. 156.) e *Sra. Otero Rodríguez (S).* (Páx. 157.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 158.)

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a postura da Xunta de Galicia no marco do conflito laboral do sector das traballadoras da limpeza da provincia de Lugo. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 161.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Rivo López).* (Páx. 162.)

Réplica da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 163.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Rivo López).* (Páx. 163.)

Remata a sesión ás seis e trinta e cinco minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reiniciamos o pleno.

Primeiro, xustifica a inasistencia a este pleno a vicepresidenta segunda, Monserrat Prado. Acábanmo de comunicar agora á mañá.

Comezamos, polo tanto, co punto sexto da orde do día, preguntas para a resposta oral do presidente da Xunta.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as respostas que ten a Xunta de Galicia para optimizar o aproveitamento do potencial enerxético de Galicia

O señor PRESIDENTE: En primeiro lugar, formula a pregunta, polo Grupo Parlamentario Socialista, o seu portavoz, don Luis Manuel Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Señor Rueda, hai uns días, a través dos medios de comunicación, coñeciamos a noticia da creación da sociedade público-privada Recursos de Galicia; unha entidade público-privada que xorde, segundo a Xunta de Galicia, xa en xuño de 2023 baixo o amparo da Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan recursos naturais de Galicia. A sociedade nace con 15 millóns de euros de capital social inicial e coa previsión da propia Xunta de acadar os 100 millóns de euros en 2027. A participación da Xunta de Galicia neste capital é do 30 por cento, e corresponde o 70 por cento a empresas galegas, o que segundo vostede, señor Rueda, é garantía de que a xestión da riqueza natural de Galicia se traduza en riqueza social.

Pero con respecto a esta sociedade hai moito que analizar. Para empezar, un aspecto que chama poderosamente a atención é que vostedes afirman que é unha sociedade para a xestión dos recursos naturais que xorde ao amparo dunha lei que non existe, que nin sequera entrou neste Parlamento para a súa tramitación e que, ademais, vostede sabe que non se vai tramitar nesta lexislatura. Pensaba, señor Rueda, que a estas alturas non era necesario explicarlle como son os trámites parlamentarios, porque o primeiro sería presentar ese proxecto no Parlamento de Galicia.

Pero iso non é todo, porque a realidade é que vostedes crean unha sociedade —necesaria, por certo— que ten máis sombras que luces. Mire, a Xunta de Galicia creou unha sociedade, que se chama Galicia Impulsa, con Abanca, Reganosa —á súa vez participada pola Xunta de Galicia— e Sogama —á súa vez tamén participada pola Xunta de Galicia—, unha sociedade criticada polo Consello de Contas por opacidade, falta de transparencia e rendición de contas porque entende que se debería integrar no sector público. É esta sociedade, denominada



Galicia Impulsa, a que crea como socia única a Sociedade Recursos Naturais de Galicia e acorda unha ampliación de capital na que a Xunta de Galicia desembolsa catro millóns en medio de euros e dá entrada a outras empresas. Ademais, o director executivo —hai que chamarlle CEO, porque, claro, o galego é un idioma pobre en palabras— desta última sociedade foi seleccionado por medio dun concurso realizado por unha consultora para este posto de altas retribucións mentres era membro do consello de administración de Galicia Impulsa. E todo isto, señor Rueda, *suen*a bastante mal.

A forma de xestionar do Partido Popular sempre xera inseguridade xurídica e isto ten consecuencias. Ten consecuencias como as do sector eólico, que sofre unha paralización durante case unha década derivada dunha falla de resposta do propio sector así como das políticas de bloqueo ás enerxías renovables do señor Rajoy na Presidencia do Goberno do Estado. Dende o 2009 ata o 2018 só foron instalados en Galicia 2.077 megavatios, o que supuxo unha perda millonaria de investimentos e a paralización na creación de miles de postos de traballo. No día de hoxe a Xunta de Galicia, coa súa xestión eólica, acumula 112 contenciosos e 2.400 recursos administrativos que afectan a 64 parques —todo isto segundo fontes do propio Goberno—. ¿Considera vostede, señor Rueda, que este é o modelo que hai que seguir para a boa marcha do sector?

Con este historial e este aparente chiringuito que vostedes van montar, señor Rueda, queda moi claro que vostedes, o Partido Popular, son incapaces de xestionar a riqueza de Galicia como territorio enerxético. Así que a miña pregunta é ben sinxela: ¿cales son as respostas da Xunta de Galicia para optimizar o aproveitamento do potencial enerxético de Galicia? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Álvarez, é que non entendo moi ben a pregunta. ¿Temos que facer a sociedade mixta ou non temos que facela? ¿Hai présa porque é útil ou non hai que facela porque non vale para nada? Ao final a palabra é «chiringuito». Vostedes sempre o reducen todo a iso.

Mire, o seu candidato estivo o outro día no País Vasco vendo un modelo. Esta é unha evolución recoñecida polos vascos, e mellor. ¡Se xa nos están chamando para ver como o fixemos e que cousas poden facer! Pero, claro, nesa viaxe de estudos que fixo, o que viu fóra pareceulle moi ben. E o que estamos facendo aquí —que a vostede non sei se lle parece ben ou mal, perdoe, espero que mo aclare, se quere, na réplica— non sei se o temos que facer ou se non, non sei se está ben, se temos présa ou non temos présa.

Mire, aquí o problema é que xa se lles acabou no Partido Socialista esa coherencia que tiñan non hai moito tempo. Vostede díxoo, con ocasión dunha pregunta —paréceme—, criticando



os seus compañeiros do Bloque —e paréceme moi ben porque eles si que non teñen outra política enerxética que a de que non se instale nada que poida servir para xerar enerxía verde en Galicia—. Vostede dicía que, claro, querer cociñar con vitrocerámicas e estar anclado na lareira non leva a ningunha parte. Vostede dicíao da política enerxética —ou, máis ben, da ausencia de política enerxética— do Bloque. Agora xa vexo que xa vai cambiando e que ao final se explican moitas cousas.

Mire, ese pacto estratosférico que fixeron hai pouco tempo entre o Bloque e os membros... bueno, agora xa son ministros, xa tomaron posesión, ese pacto para a investidura innecesario —segundo vostedes mesmos dixeron—, non tiñan por que facelo. Pero fixérono e así lles saíu. Resulta que eran as cousas máis importantes de Galicia e ¿sabe canto dedican a falar de enerxía e de política enerxética nese pacto, señor Álvarez? ¡Cero liñas, cero palabras!

Polo tanto, ¿que me está preguntando dunha política enerxética da Xunta de Galicia? Nós claro que a temos, pola conta que nos trae e porque Galicia agora mesmo está nunha disxuntiva: ou aproveitar todas as oportunidades que temos por diante ou deixalas pasar para que outros as aproveiten —que, polo que dixo vostede respecto da sociedade mixta, probablemente é o que lles gustaría ou o que cre que lles conviría electoralmente; pero nós, dende logo, iso non o imos facer—.

E pensei, de verdade, que esta pregunta era para desmarcarse da ausencia de política enerxética do Bloque e de Sumar —que din o mesmo—. Ao final tanto monta, monta tanto. Vostedes son os tres a mesma cousa respecto dos temas estratéxicos de Galicia. Mire, hai tantas cousas que lle podería dicir da política enerxética que queremos facer e que vostedes nola están impedindo que non me dá tempo nin nesta pregunta nin na réplica. Pero vouno intentar; ou empezar, polo menos.

Co hidroduto que nos acaban de cortar por decisión do Goberno central —que pasou unha proposta na que Galicia non existe—, ¿vostede fala de política enerxética?, ¿cre que iso non ten ningunha importancia? Se ata Enagás, que é unha empresa con dependencia total estatal, tivo que dicir a través do seu CEO, director executivo, ou como vostede queira —o que manda alí—, que era un disparate o que vostedes acababan de facer con Galicia.

¿Quere que sigamos? Sobre enerxía eólica agora enterámonos polos periódicos de que, despois de propoñer como zonas eólicas as de Galicia, resulta que agora o Goberno di que non as vai tramitar aquí. Vainas tramitar noutras comunidades autónomas, en Canarias ¡Que casualidade que lle apoiaran a investidura! Porque aquí di que non hai interese. Pero ¡como que non hai interese se nin nos preguntaron, sen nin falan con nós! Agora resulta que esas empresas que van producir hidróxeno —do que vostedes presumían e presumen cando saen, empezando polo seu candidato estes días—, estas grandes empresas de hidróxeno que hai en Galicia quedan, primeiro, sen condución e despois quedan sen PERTE, señor Álvarez. A vostede ¿parécelle que así se vai a algunha parte?

Toda esa planificación eléctrica —cinco veces menos investimento nos cinco anos de Pedro Sánchez que nos cinco anos anteriores do PP—, toda esa planificación que fai falta para



evacuar a enerxía ou darlles enerxía ás novas empresas do futuro, señor Álvarez, é política enerxética. Todo iso ímollo facer.

Mire, se agora mesmo, polo que sexa, ten que recuar e xa non fala de lareiras e de vitrocerámicas non é o noso problema. Nós temos unha oportunidade e o Goberno da Xunta vaina aproveitar.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica do señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Antes de nada, unha aclaración previa. Esta é a sesión de control ao presidente. Dígoo porque teño outra intervención tamén neste pleno —que tamén teño preparada— e non sei se estou confundido. Pensei que lle estaba preguntando ao presidente da Xunta de Galicia por planificación enerxética. *(Aplausos.)*

Mire, señor Rueda, isto de aquí é a súa planificación enerxética no eólico de Galicia. *(O señor Álvarez Martínez mostra un gráfico.)* Esas dúas mesetas que aparecen aí son o Partido Popular en esencia pura planificando o desenvolvemento do sector eólico. E o gráfico non é do gabinete do Grupo do Partido Socialista, é do Observatorio do Sector Eólico, que, como vostede sabe, depende da Universidade de Vigo.

E vostede agora móstrase preocupado polo sector eólico. A súa conselleira fala de «sector bloqueado». O que hai detrás desta realidade, señor Rueda, é unha incapacidade absoluta. Primeiro foron vostedes responsables dunha paralización sen precedentes no desenvolvemento do sector, despois flexibilizaron as medidas para ter autorizacións e agora modifican —na Lei de acompañamento, de novo— a situación das autorizacións do sector eólico.

Mire, señor Rueda, con estes datos que lle relatei, ¿aínda non ve vostede inseguridade xurídica nesa empresa que van montar? Anuncian unha sociedade mixta sen acordar a súa creación —que se saiba— no Consello da Xunta de Galicia; non licitan en concurso público a entrada de capital privado conforme a Lei de contratos do sector público; acordan o nomeamento dun conselleiro delegado sen coñecer as retribucións nin o réxime ao que está suxeito; e anuncian unha sociedade que executa os fins dunha lei que nin existe nin entrou neste Parlamento. ¿Onde están aquí, señor Rueda, os procedementos para a creación de sociedades mixtas recollidas no noso ordenamento xurídico? ¿Onde está aquí o cumprimento da lei para o persoal directivo, que debería ser seleccionado conforme os principios de mérito, capacidade e convocatoria pública? ¿Onde está a lei que ampara esta creación?

E dime vostede que de Euskadi o están chamando para preguntar por este modelo, cando este mesmo modelo en Euskadi é cen por cento público. De verdade, señor Rueda, que é unha situación admirable.



Mire —remato—, creo que, se vostede en vez de andar tomando cañas por Galicia adiante fose tomar algunha a Bruxelas —que tamén teñen unha boa cervexa—, mellor nos iría en Galicia. Mellor nos iría se vostede, como presidente da Xunta de Galicia, defendese esta comunidade autónoma onde a ten que defender, e non por aí adiante.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta polo señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Señor Álvarez, ¡como lles molesta o do autobús e que esteamos coa xente!, ¡eh! Eu encantado de que fale sempre del. Vénme moi ben esa propaganda. Por certo, a mellor cervexa está en Galicia, non fai falta que a recomende noutro sitio. (*Risos.*) (*Aplausos.*) Pero, ben, está ben...

Mire, non só pregunta o País Vasco. Están preguntando outras comunidades autónomas. Porque este é o camiño do futuro, señor Álvarez.

Móstrame unha gráfica de eólicos. ¡Oia!, ¡pero se nos rodearon San Caetano hai non moito tempo, todo cheo de bandeiras coa estrela vermella, dicindo que os paralizásemos e non désemos unha soa autorización para eólicos!, ¡os seus compañeiros de goberno do Bipartito, eses mesmos que dicían que non désemos a primeira! Non terán a oportunidade, pero, se a tivesen, ¿que van facer respecto diso? A min dime que son poucos e eles din que son demasiados nun tema destes. ¿Dáse conta? ¡E así todo, así todo, señor Álvarez, así todo!

Mire, a política enerxética é futuro, son postos de traballo. Xa lle dixen antes que Galicia está nunha disxuntiva: aproveitar o que temos por diante, porque temos moitísimas condicións para poder facelo, ou deixar que o aproveiten outros. Desde logo, calquera que o escoitase a vostede estaría pensando que vostede está desexando que o aproveiten outros, sen ningunha dúbida —supoño que porque ten medo a que lle riña o Bloque—. Pero nós, desde logo, non imos deixar pasar esa oportunidade. Polo tanto, innovamos, e facemos todo, por suposto, dentro da legalidade, ¡faltaría máis!, faltaría máis, señor Álvarez.

Ímololo facer. E xa hai moito camiño feito, ¡eh! Estamos xa nos obxectivos a nivel nacional para a produción de enerxía con fontes renovables —máis do 70 por cento agora mesmo—. A xeración de enerxía xa é en Galicia o 5 por cento do PIB total. Está ao nivel doutros sectores que tamén son fundamentais e estratéxicos en Galicia. Vinte e oito centros industriais e dous portos —onte tiveron a ocasión de visitar un— funcionan xa cunha gran parte de enerxía de orixe renovable. Galicia é a quinta comunidade con maior consumo enerxético na industria e o 68 por cento dese consumo enerxético é electricidade.

E hai que seguir crescendo. Xa lle digo, estamos nunha posición para pegar o salto e por iso facemos estas fórmulas innovadoras. Por iso chamamos á confianza de empresas que supoñen, pois, mire, nada máis e nada menos que 21.000 empregos directos e 10.500 millóns



de facturación. Non confían en calquera, confían no Goberno de Galicia, porque cren que isto é bo. (*Aplausos.*)

Mentres —vólvolle dicir—, por suposto que esta é unha pregunta de control ao Goberno. E a miña obriga, como presidente deste Goberno, é dicir o que hai. E xa que non lle fan caso a Galicia, ¡a ver se lle fan caso a vostede! Non sei, calquera vale para transmitirllle ao presidente do Goberno que así non podemos seguir. ¿Que razón hai? Eu xa non sei se é incompetencia, mala fe, deixadez... Vostedes estiveron un montón de meses sen atender absolutamente ningún asunto que tivese que ver con nada estratéxico. ¡A ver se agora se poñen as pilas! Porque estará de acordo comigo en que non podemos aceptar, nin nós como Goberno nin vostedes como oposición, que nos corten a comunicación do hidroduto. Estará vostede de acordo comigo e supoño que nos apoiará nesa reivindicación. Estará vostede de acordo comigo en que todo o que estamos coñecendo agora respecto a todo ese tempo que vostedes deixaron pasar sen modificar o estatuto das industrias electrointensivas vai traer unhas consecuencias —esperemos poder evitalas— moi malas, pero porque non fixeron vostedes absolutamente nada. Estará de acordo vostede comigo en que meter na neveira todo o que ten que ver coa eólica *offshore* para non molestar os seus socios de goberno non é ningunha solución. Haberá que falar con todo o mundo e compaxinar. Estará vostede de acordo comigo en que a planificación eléctrica non pode ter cinco veces menos investimento agora que cos gobernos do PP en Galicia, porque iso é necesario para conectar as industrias.

Estará vostede de acordo comigo, señor Álvarez, en que hai que ter unha política enerxética. Mire, a nosa está apoiada por todos eses empresarios, por tantísima xente que nos di que fagamos algo. Esa lei de recursos naturais é para deixar precisamente os beneficios onde se instalan todos os aproveitamentos enerxéticos e que directamente as persoas que están alí sexan as primeiras beneficiadas. Para iso é esa sociedade, que vostede descoñece e probablemente por iso a crítica.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Para iso é todo iso.

Si, remato, señor presidente.

Polo tanto, seguiremos, señor Álvarez.

Mire, creo que nós temos o apoio de moita xente en Galicia que está de acordo co que estamos facendo, de todas esas empresas que se unen con nós. E o único apoio que teñen vostedes é o de sempre: o Goberno da Moncloa, que non ten a Galicia nas súas prioridades en nada, e especialmente —non ría porque é así— na política enerxética, que é algo fundamental para todos nós. Aí vese especialmente, señor Álvarez.

Polo tanto, mire, os mesmos que queren impedirnos que xestionemos o noso litoral —a vostede parécelle moi ben todo o que fixeron con esa impugnación sen falar con nós—, ¿véñennos agora mesmo dicir que teñamos unha política enerxética, que temos que tela?



Pois, por suposto, mire, xestionaremos o noso litoral e teremos política enerxética. E vostedes, se non poden axudar, polo menos non estorben.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración que fai da eficacia da súa política sanitaria como salvagarda da saúde das galegas e dos galegos

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente do Parlamento. Alégrome xa de velo recuperado e por aquí.

Señorías.

Señor Rueda, vexo que está vostede moi ocupado en facer campaña electoral (*Fortes murmurios.*) e véxoo moi nervioso, moi nervioso co BNG. Está tan obsesionado que ata non para de falar de nós nas preguntas do Partido Socialista. (*Murmurios.*) E, en todo caso, o seu nerviosismo tamén se ve cando vostede utiliza con total descaro o seu cargo para facer campaña a favor do Partido Popular. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) En todo caso, eu o que lle pido é que por un minuto quite o traxe de candidato para falar da sanidade.

O seu legado tras catorce anos é recortar 2.193 millóns de euros en atención primaria. Colocou a Galiza á cola en investimento e déixanos unha sanidade peor cá que atopou. ¿Sabe por que? Porque os galegos e as galegas hoxe teñen que agardar ata dúas semanas para poder ir ao seu médico ou á súa médica de cabeceira, porque miles atopan, cada vez que van ao seu centro de saúde, un médico ou un enfermeiro diferente, ou porque vemos como van a urxencias e PAC saturados.

Señor Rueda, a xente está cansa de esperar meses e meses por unha proba. Por exemplo, hai poucos días escribíame Antonio —que é de Cabo de Cruz, no concello de Boiro—, para dicirme que está pendente dun TAC que, segundo a súa médica, era de carácter preferente. ¿Sabe canto tempo leva agardando, señor Rueda? ¡Once meses!, once meses por unha proba preferente. ¿Sabe canto nos din as súas cifras oficiais que se espera por un TAC? Din 77,6 días. Pero o problema é que as súas listas maquilladas van por un lado e a realidade dos galegos e das galegas vai por outro, señor Rueda.

Pero é que temos máis. Hai 11.000 nenos e nenas sen pediatra asignado, máis de 200.000 persoas agardan por unha primeira consulta hospitalaria, 46.000 por unha operación e 118.000 por probas diagnósticas. Señor Rueda, ten vostede o 14 por cento dos galegos e galegas en lista de espera. (*Aplausos.*)

E quero poñer o foco tamén na saúde mental, porque este é un problema gravísimo. Temos a Galiza á cola do Estado en número de suicidios e vostedes tiveron catorce anos para axudar as familias ante situacións desesperadas, pero non o fixeron. Temos unha taxa de



especialistas moi por debaixo da media: 5 psicólogos por cada 100.000. ¿Sabe cal é a media da Unión Europea? É de 18.

E, mire, non podo acabar esta intervención sen falar do persoal. Converteu en normal o maltrato e a sobrecarga dos traballadores e das traballadoras da sanidade. E, pese ao seu maltrato, esas persoas seguen hoxe dando o mellor de si cada día para coidarnos e facer que a sanidade pública funcione o mellor posible.

E por todo isto, señor Rueda, eu pregúntolle se vai facer algo para mellorar a saúde dos galegos e das galegas ou simplemente vai seguir de campaña electoral utilizando o seu cargo, utilizando os recursos públicos e utilizando a TVG para a súa promoción como candidato do PP. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, se eu estou en campaña, ¡que diremos de vostedes entón! *(Risos.)* Pasárono moi ben a fin de semana, pasámolo moi ben todos. Moitas grazas. *(Risos.) (Aplausos.)*

Empeza vostede dunha maneira moi divertida, pero eu vou falar en serio. Mire, ¿sabe cal é o problema, señora Pontón? Hai uns meses vostede preguntaba aquí moito, preguntábame moito, pola sanidade pública. Preguntou ata que chegou un día a manifestación —que encheron de bandeiras con estrela vermella— e, a todas luces, non lles saíu como esperaban. Entón baixou o pistón. E, de repente, a sanidade deixou de ser un problema para vostede. Nunca máis me falou de sanidade durante meses. ¿Que pasa agora? Que vostede entra en campaña e os que de verdade mandan no seu partido, que son os de sempre, dinlle: Oe, tes que preguntarlle a Rueda sobre a sanidade, que chegan as eleccións e hai moito tempo que non lle preguntas nada. E aquí está vostede coa súa pregunta. Sempre demagogia, oportunismo, en temas moi serios, señora Pontón. Menos mal que, mentres vostede se acorda e se esquece segundo lle conveña ou segundo lle manden, nós seguimos traballando en serio nun tema tan importante.

Non vai a ningunha parte con esta demagogia, señora Pontón. Non lle vou entrar nesa guerra de cifras, cifras que vostede sempre manipula ao seu antollo absolutamente e que nunca son certas. Leva vinte anos de deputada e, polo tanto, sen xestionar un euro público —e xestionanse moitos euros públicos en materia de sanidade—. Polo tanto, vézelle moito o plumeiro neste tema e noutros —pero neste, especialmente, señora Pontón—.

Mire, que sexa incapaz de falar en serio de case nada —e moito menos de sanidade— ao final fai que bote estes discursos a ver se lle *cuelan*, a ver se alguén lle compra esas cifras que nunca son verdade. Pero a sanidade é algo moitísimo máis serio. Non me estraña, ¡eh!, que, con este discurso aquí, os dobraran en votos e en escanos Sumar, que ten un discurso



moi parecido en toda España. Agora van ter o Ministerio de Sanidade, pero, polo menos, son o orixinal. Vostedes aquí veñen traer una copia mala e non adaptada en absoluto, señora Pontón, ao que aquí está pasando.

Mire, se quere falar en serio de sanidade, falamos. Pero entón falemos como hai que falar. Hai que falar con autocrítica, porque por suposto que hai cousas que mellorar, nunca dixemos que non. Hai que falar coa autoexixencia, porque por suposto que hai que seguir pedíndonos cada vez máis. E, por suposto, hai que falar sen autoodio, señora Pontón, que é unha palabra que a vostedes lles gusta moito e que o practican. Esas difamacións continuas sobre a sanidade, ese terxiversar as cifras para sempre dicir que son nefastas, esas cousas que dixeron de «hospitals de campaña da guerra de Ucraína», de quirófanos terceiromundistas, de sanidade xestionada por psicópatas... Todo iso é o que vostedes din da nosa sanidade.

Mire, eu creo que leva demasiado tempo pechada na sede do Bloque, rodeada sempre do seu partido. É moi libre, pero iso non dá amplitude de miras. Debería falar un pouco máis, saír e ver o que opina a xente para non dar cifras falsas. Ten esa visión absolutamente catastrofista e desalentadora da sanidade. Insisto, cero autocompracencia e moita autoexixencia. Pero esa visión non é verdade e non lle fai ningún favor a vostede —que iso lle dará igual, ¡quen son eu para darlle consellos!—, e, desde logo, non lle fai ningún favor a Galicia.

Mire, o CIS do señor Tezanos —que non será sospeitoso de querer beneficiarnos— di que Galicia é a segunda comunidade autónoma na que mellor se valora a sanidade pública. O 66 por cento di «ben ou moi ben». Claro, despois vén vostede dar esas cifras, que non sei de onde as saca. Dío o CIS, señora Pontón, non o di a Xunta de Galicia. E o Sergas está puntuado cun 6,58 sobre 10, que non está nada mal para ser unha institución pública.

Eu creo que debería perder un pouco menos de tempo en desprestixiar por sistema e en terxiversar os datos da sanidade e estudar un pouco máis os datos reais para facer preguntas en serio.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Réplica da señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, a verdade é que hoxe vostede se superou a si mesmo, e parecía difícil, ¡eh!, parecía difícil. Nós vimos aquí falarlle dun tema tan importante como é a saúde dos galegos e das galegas e vostede vén aquí rir. Vostede vén aquí rir. Esta é a seriedade coa que toma os galegos e as galegas. (*Aplausos.*) É unha falta de respecto a todas as persoas que están agardando unha cita, que teñen un fillo ou unha filla sen pediatra ou que están esperando por unha operación. E, desde logo, eu creo que é das intervencións máis lamentables —teño que dicirllo así— que teño visto neste Parlamento.



Sinceramente, agradézolle moitísimo que siga vostede por esa liña. Agradézolle, primeiro, moitísimo que recoñeza a miña experiencia, porque si, señor Rueda, estou preparada para gobernar este país, (*Aplausos.*) porque coñezo moi ben este país e teño experiencia suficiente. A súa, señor Rueda, en materia de sanidade é bastante precaria. E, mire, voulle dicir que vostede vén aquí sempre co mesmo argumentario. Pero ¿cal é o problema? Que non é capaz de rebaterme nin un só dato, porque nós utilizamos os datos e as cifras oficiais da Xunta de Galiza, que, aínda sabendo que están maquilladas, o que nos demostran é o desastre que vostedes deixan na sanidade pública deste país. (*Aplausos.*)

Mire, non terxiverse, porque o BNG sempre respectou as e os profesionais. Os que non os respecta é un Partido Popular que está maltratando e sobrecargando os profesionais da sanidade pública. Son vostedes os que non respectan os traballadores e as traballadoras.

Veu aquí, coma sempre, co seu paternalismo, coas súas descualificacións. É o seu estilo, señor Rueda, xa sabemos que non vai cambiar. Pero o máis preocupante é que veu aquí sen unha soa proposta en materia de sanidade. E eu quero deixar neste Parlamento tres propostas moi claras para avanzar.

A primeira é que a sanidade pública do noso país —e moi especialmente a atención primaria— necesita máis recursos, e nós defendemos que se poña en marcha un plan de choque con 200 millóns de euros para a atención primaria e recuperar as xerencias que existían, con capacidade resolutiva e con recursos.

A segunda proposta que queremos deixar aquí é que hai que blindar por lei o investimento en atención primaria. E imos garantir que, como mínimo, se destine —porque é o que recomenda a Organización Mundial da Saúde— o 25 por cento do orzamento de sanidade á primaria. E non me veña coas súas trampas de sumar o gasto farmacéutico, porque saben que non se computa así. (*Interrupcións.*) É que son os datos oficiais, son as cifras oficiais. (*Fortes murmurios.*)

Se as señorías do Partido Popular se tranquilizan, poderei continuar. (*A señora Pontón Mondelo fai unha breve pausa.*)

A terceira proposta, señor Rueda, é que hai que dotar de máis especialidades a nosa atención primaria, e moi especialmente psicólogos e psicólogas clínicas en atención primaria. Isto sería moi importante; sobre todo, se temos en conta que o 30 por cento das consultas de primaria precisamente teñen que ver con problemas de saúde mental. E eu o que quero dicirlle, señor Rueda, é que é evidente que vostede non pode traer propostas de sanidade a este Pleno. Non as pode traer porque o seu programa foi recortar, recortar e recortar, e privatizar, privatizar e privatizar.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: E, por riba, agora, en vez de atender os problemas que ten a sanidade pública do noso país, vostede o que está facendo é campaña electoral utilizando o seu cargo de presidente, utilizando os recursos públicos e utilizando a TVG dunha maneira que é un auténtico escándalo democrático. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora PONTÓN MONDELO: Xa lle digo que non lle vai coar máis propaganda porque os galegos e galegas están fartos dun goberno que é un perigo para a súa saúde.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Grazas, señor presidente.

Señora Pontón, efectivamente, vostede mesma o recoñece e non o teño que dicir eu. Leva moitísimos anos como deputada, ¡pero nótase tanto que nunca na vida xestionou un euro público...! ¡Non sabe o que se lle nota, señora Pontón, non sabe o que se lle nota! (*Aplausos.*)

Mire, fala de paternalismo, descualificación, de que estou nervioso, de que é a peor intervención que me escoitou dende que vostede intervén no Parlamento. Iso dimo en todas as sesións de control, señora Pontón. (*Risos.*) Non se dá conta de que iso lle saca todo o mérito. Sempre ten eses vinte ou trinta segundos. Crin que non mo ía dicir esta vez. Agradézolle que me dese a tranquilidade por dicir o que me di sempre. E, despois, o clásico, o *hit parade* da señora Pontón, que é dar datos falsos e dicir que eu non llos rebato.

Mire, é que estou aburrido dos seus datos falsos, dígollo sempre. Aburre moitísimo que vostede colla datos que non son realidade en absoluto e que despois diga que, como eu non me molesto en dicir outra cousa porque a crúa realidade é que non teñen nada que ver co que hai realmente, iso non é rebatelos. Pois así podemos estar moitísimo tempo.

Mire, ¿que datos hai certos de verdade? Hai un irrefutable: o señor Pere Aragonés vaise reunir co señor Pedro Sánchez este mesmo mes. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, rían vostedes. Temos enriba da mesa a única cifra que coñecemos —porque as súas son un desiderátum, promesas, brindes ao sol—: 16.300 millóns de euros. ¿Sabe canto lle corresponde a cada galego por iso? Corresponden 400 euros. ¿Quere que lle diga cantos centros de saúde se poderían construír con iso, señora Pontón? ¿Quere que llo diga? ¿Quere que falemos de datos en serio?

Falemos de máis, si, si. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) É unha risa, ten razón, mellor é rir, señora Pontón, porque de verdade... Mire, en 2024 Galicia vai investir na súa sanidade pública 5.070 millóns de euros. Son 1.400 millóns de euros máis que o seu último orzamento —que vostede votou—. Cada día traballan no Sergas 43.200 profesionais, 7.000 máis que no orzamento que vostede votou —o orzamento para pagarlles—. Todos os hospitais públicos ¿foron construídos ou tiveron grandes remodelacións durante o seu goberno? Non, non, foi con gobernos do PP.



Mire, ¿de que recortes me fala, señora Pontón? O 38 por cento máis de investimento ¿é recortar? (Aplausos.) O 19 por cento máis de gasto en persoal ¿e recortar? Xa está ben cos seus mantras, coas súas propostas, que non teñen nada que ver cunha xestión seria, señora Pontón. Insisto, nótaselle moitísimo. É moi difícil facer propostas, pero, polo menos, manexa os datos. Aínda que non os manexase nunca, que nunca tivese responsabilidades de goberno —nin creo que as teña, sinceramente, non creo que as teña, e máis lle vale a Galicia—, si que pode ter certo amor á verdade e dar datos reais.

Mire, vou falar ben da sanidade pública, xa que vostede fala tan mal, desa sanidade «xestionada por psicópatas» —que iso é o mellor que puido dicir vostede da sanidade—, mire, tivemos o mellor calendario de vacinación do mundo —recoñecido por todos os especialistas—. Levamos a dianteira nos cribados de varios tipos de cancro, no que só hai experiencias piloto nalgunhas comunidades autónomas e aquí levamos anos facéndoos. Imos comezar o Proxecto Xenoma para facerlles o mapa xenómico a 400.000 galegos e previr moitas situacións de risco. Construímos ou reformamos en profundidade máis de 100 centros de saúde nestes últimos anos. Instalamos robots cirúrxicos e equipos de alta tecnoloxía por valor de 70 millóns só os últimos catro anos, e 200.000 doentes se beneficiaron dos decretos de tempos máximos de espera en probas clínicas e en primeiras consultas. O tempo de espera, señora Pontón, para a primeira consulta hospitalaria está vinte e catro días por debaixo da media nacional. Estao, é así. Somos a segunda comunidade autónoma máis rápida para operacións cirúrxicas, vinte días menos que a media nacional. Non son datos nosos, son datos do Ministerio de Sanidade, dos seus amigos, do goberno que apoiaron, do goberno que investiron. ¿Mente ou non mente? Polo menos, se vostedes investiron ese goberno será porque dá datos reais. E eses datos reais din que estamos á cabeza en listas de espera, señora Pontón. ¿Hai xente que está esperando máis do que debería? Por suposto, e xa llo dixen ao principio: autocrítica e autoexixencia —pero, dende logo, non con datos absolutamente falsos—.

Señora Pontón, todo isto hai que xestionalo con moita seriedade, todo isto hai que xestionalo sen terxiversar datos e todo isto hai que xestionalo tendo clara unha cousa: temos unha excelente sanidade pública. Vostede di que é moi boa, despois di que todo é un desastre e enseguida quere recoller velas porque se dá conta de que lles está faltando ao respecto aos verdadeiros motores da nosa excelente sanidade, que son os profesionais. Respéctanse dicindo que fan ben o seu traballo, respéctanse dicindo que esas cifras que acadan, que son das mellores de España, son grazas ao seu esforzo, sen autocompracencia e con autoexixencia. Para o autoodio e difamar xa están vostedes. A vostede iso, sinceramente, dáselle cada día mellor.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Retomamos a orde do día e continuamos coas proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que revise, á vista das recomendacións do Consello de Contas, a renegociación dos acordos coas empresas concesionarias das autovías do Salnés, da Barbanza e de Celanova

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.



Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día.

A verdade é que no BNG tivemos o domingo un baño de masas no multiusos do Sar. (*Aplausos.*) Tivemos un baño de masas, saímos motivadas, animadas, enchufados na campaña. Pero, pero, pero..., vendo a reacción do Partido Popular, aínda nos motivamos moito máis. (*Aplausos.*) ¡É que vostedes pónennos as pilas! É que o que nos están dicindo con esa reacción é: ¡que gran candidata ten o BNG e que frouxo é o candidato do Partido Popular! (*Aplausos.*) ¡Que nerviosismo! É que son transparentes, vostedes son transparentes, son absolutamente transparentes. (*Fortes murmurios.*) Sigan así, sigan así, que así van ben.

Miren, se hai unha maneira de caracterizar a xestión por parte da Consellería de Infraestruturas é de absoluto desbaraxuste, de descontrol, de descoordinación. E isto non o di o BNG, non fai falta que o diga o BNG, porque o din o Consello de Contas e os tribunais de xustiza, que lle acaban de dar auténticas labazadas á xestión da Xunta de Galiza en materia de infraestruturas. O Consello de Contas, a través de dous informes demoledores: un sobre a inspección e xestión do transporte e o outro sobre o sistema utilizado pola Xunta para a construción das autovías. No caso do transporte, o que din os tribunais de xustiza é que non houbo planificación, que non hai planificación do transporte, que o xeito de licitar os contratos por parte da Xunta favorece o monopolio de dúas empresas e prexudica as pequenas e medianas empresas galegas —iso dío o Consello de Contas—, e que houbo un atraso no ingreso do canon que tiñan que pagar as empresas, que non foi satisfeito ata a auditoría do Consello de Contas, que lle preguntou por esta cuestión á Xunta de Galiza; máis dun ano de atraso para ingresar eses canons dos contratos que si teñen beneficios, os máis suculentos —que xa sabemos que empresas os levaron—.

E a estes informes do Consello de Contas —por se non fose suficiente— hai que sumarlle o auténtico tsunami xudicial que lles está caendo enriba a vostedes pola mala xestión en materia de transportes, señorías do Partido Popular, por contratos fraudulentos, porque o Tribunal Superior lles di que a Xunta permitiu a repartición do mercado entre dúas empresas. E din vostedes que esta sentenza do Tribunal Supremo non lle afecta á Xunta de Galiza, ¡Claro!, porque a Xunta de Galiza desestimou un recurso presentado por esta cuestión, despois o Tribunal de Contratación tamén o desestimou —e o da Competencia— e tiveron que acudir ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia —que si lles deu a razón aos recorrentes— e despois tamén ao Tribunal Supremo. E despois din vostedes que non ten ningunha responsabilidade a Xunta de Galiza. Foi a Xunta de Galiza a que permitiu esta repartición entre dúas empresas, o monopolio de dúas empresas. (*Aplausos.*)

E din vostedes que non hai sentenzas dos tribunais. Pois miren: oito anulacións por parte do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza de contratos adxudicados pola Xunta de Galiza á empresa Monbus. ¿Que máis queren? E ¿saben por que? Porque a licitación destes contratos permitía que as empresas puidesen ter un máximo de oito concesións. E Monbus, en forma de distintas UTE, chegou a ter ata 39 lotes adxudicados. É normal que lle caia esta auténtica avalancha de sentenzas contrarias, de anulacións de contratos, á Xunta de Galiza por favorecer claramente unha empresa. Pero isto é só a punta do iceberg, porque veñen detrás



unha morea de procedementos xudiciais pola vía penal —nos que está investigada a plana maior da Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galiza— en materia de contratación. Polo tanto, aínda falta moito percorrido nesta materia.

Por todo isto, o normal sería que dimitise toda a plana maior da Consellería, incluída a conselleira Ethel Vázquez —por todas estas cuestións que sinalan tanto o Consello de Contas como tamén os tribunais de xustiza—. Pero, claro, en lugar de asumir as responsabilidades, a vostedes o que lles gusta é escorrer o vulto, buscar responsables noutro sitio e facer oposición para desviar a atención da súa mala xestión.

E hoxe, agora, toca falar dunha cuestión tamén moi preocupante que acaba de poñer de relevo noutro informe o Consello de Contas, que é o sistema escollido para a construción das autovías chamado de «colaboración público-privada», que máis ben poderíamos denominar de «colaboración pública no enriquecemento das empresas privadas». Nisto é no que consiste este sistema, que foi creado —hai que aclaralo— polo goberno do señor Fraga sendo conselleiro de Obras Públicas un tal Alberto Núñez Feijóo. Non sei se lles soa. Foi este señor o que licitou a maior parte destes contratos. E adxudicou dous deles nada máis e nada menos que catro e seis días antes das eleccións do ano 2005; concretamente a autovía do Salnés e a autovía Santiago-Brión. Estas dúas autovías foron adxudicadas polo señor Feixóo xusto unha semana antes das eleccións galegas. E deixou licitado tamén o contrato da autovía da Barbanza.

É certo —non o imos negar— que o Goberno Bipartito tamén utilizou despois este sistema de contratación no caso da autovía de Celanova, pero hai que deixar claro quen puxo en marcha este sistema, quen o utilizou de maneira reiterada, quen o volveu utilizar despois, cando volveu gobernar, no caso do Hospital de Vigo —que nos custa unha porrada de millóns por este sistema—, ou no caso dese auténtico cambalache que foi a adxudicación da autovía da Costa da Morte —a autovía «non feita» da Costa da Morte, porque o que conseguiron vostedes facer en catorce anos foi un cachiño pequeno, que é unha demostración clara da súa incapacidade, da súa incompetencia e do seu maltrato á Costa da Morte, porque levan prometendo máis de dez anos que van continuar o treito Carballo-Baio e aínda están agardando por que se faga un quilómetro—.

Pois ben, ¿que di o Consello de Contas a respecto desta cuestión? Primeiro, que o procedemento escollido para a construción destas autovías é moi custoso para a Administración, que ten que pagar un canon ao longo de períodos moi longos que chegan ata o ano 2040. Di o Consello de Contas: «Consideramos que a construción e explotación de autovías mediante concesión por parte da Xunta na modalidade de peaxe na sombra e canon de dispoñibilidade non foi eficiente, xa que se poderían acadar resultados equivalentes a un menor custo». E o que di a memoria contable da Axencia Galega de Infraestruturas é que á altura do ano 2023 se debían 1.700 millóns de euros por pago aprazado deste sistema; e que, deses 1.700, 1.233 corresponden aos pagamentos destas autovías construídas polo sistema de colaboración público-privada. É dicir, que cada ano nos orzamentos da Xunta, nos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas, concretamente neste ano 2024, hai unha partida de 85,4 millóns de euros para este pago aprazado, que é a maior partida do orzamento de infraestruturas da Xunta de Galiza. O maior gasto é para este pago aprazado.



Pero, claro, o problema maior non é este, non é que se escollese este procedemento ineficiente e custoso para construír as autovías. O maior problema é que a Xunta cambiou as regras de xogo mediante a Lei de acompañamento do ano 2014 —sendo Ethel Vázquez directora da Axencia Galega de Infraestruturas— para modificar as condicións da adxudicación e favorecer descaradamente as empresas. Vostedes, alegando un suposto incumprimento das previsións de uso desas autoestradas, desas autovías, modificaron os contratos para favorecer as empresas, para enriquecer as empresas, para que as empresas tivesen maiores beneficios. E iso é o que desmonta neste momento o informe do Consello de Contas, que di que se puido facer doutra maneira. Cabía a posibilidade de renegociar eses contratos e favorecer os intereses da Administración e das arcas públicas. E o que lles di concretamente nas súas conclusións e nas súas recomendacións o Consello de Contas é que a Xunta de Galiza revise este acordo do ano 2014 —xa digo, feito a través da Lei de acompañamento— para limitar os pagamentos ás cantidades indispensables para asegurar a viabilidade financeira dos contratos. É dicir, que lles di que renegocien de novo eses contratos, á vista dos datos que aporta o Consello de Contas, para aforrar nada máis e nada menos que 44 millóns de euros. Porque vostedes o que fixeron con esa renegociación foi incrementar o pagamento ás empresas en máis de 200 millóns de euros.

Polo tanto, hai a posibilidade —se se atende a esta recomendación do Consello de Contas— de aforrar 44 millóns de euros. Isto é o que traemos aquí, e vostedes teñen que decidir se se poñen co BNG do lado das arcas públicas e do interese xeral ou se apoian as empresas concesionarias para que aforren este diñeiral e para que se enriquezan moito máis; é dicir, se se poñen do lado do público, do interese público, ou do lado de Sacyr, de Copasa, de Extraco ou de ACS, que son vellas amigas do Partido Popular.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bos días.

O señor Bará comezaba a súa intervención falando deses dous informes do Consello de Contas; un é relativo ao programa de ordenación e inspección do transporte e outro á eficiencia da colaboración público-privada na execución de cinco autovías de competencia galega. Cómpre recordar que catro destas teñen o sistema de peaxe en sombra e unha o canon de dispoñibilidade. E a verdade é que nós coincidimos en que é un novo tirón de orellas á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia. Dende logo, é unha emenda á totalidade a todo o que leva feito esta consellería ao longo de todos estes anos.

E é certo que nós hoxe tamén imos interpelar a conselleira precisamente por este informe do Consello de Contas relativo ás autovías de competencia galega. Facemos esa interpelación porque, en vista de que, cando realizamos a pregunta no pleno anterior, a conselleira se



trabucou á hora de respostarnos, nós queremos saber se van aceptar e levar adiante esas recomendacións que pon o propio informe do Consello de Contas relativo á esa eficiencia da colaboración público-privada na execución destas autovías de competencia galega. Porque non nos queda moi claro, xa que, xusto despois de facerse público e de tamén denunciar nós o que contempla este informe do Consello de Contas, parecía que o director da Axencia Galega de Infraestruturas facía declaracións de que non ían ter en conta as recomendacións do Consello de Contas —iso pola mañá— e pola tarde o propio presidente Rueda parecía ir noutro senso. Polo tanto, hoxe queremos saber de boca da propia conselleira o que van facer con este tema.

E falaba o señor Bará dese tirón de orellas no relativo ao programa de ordenación e inspección do transporte competencia da Xunta de Galicia, ese que o señor Balseiro di que funciona ás mil marabillas. E é certo que se contempla nel esa falla de planificación. E non o di só o Grupo Parlamentario do PSdeG, agora dí o propio informe do Consello de Contas, que lles fai a recomendación de que deben reorientar estes obxectivos dese plan de transporte para poder dar resposta ás necesidades de mobilidade dos galegos e das galegas.

Fala tamén da abdicación desas responsabilidades de inspección e de control que levamos tanto tempo denunciando dende este grupo parlamentario. Non me cansarei de repetir ese tirón de orellas que ese informe lle dá á Xunta de Galicia, que nin foi quen de solicitar a esa empresa adxudicataria o pago do canon ao que estaba obrigada. A Xunta de Galicia mirou para outro lado, pero, cando o propio Consello de Contas lle requiriu que xustificase o pago dese canon, foi cando llo reclamou á empresa adxudicataria con máis de trescentos trinta días de atraso —e pagando coma se pagara en período voluntario—.

Ademais, deixa claro este informe do Consello de Contas que as queixas dos usuarios e das usuarias relativas ao mal funcionamento deste plan de transporte non son respostadas en moitos casos pola Xunta de Galicia. Incluso di este informe do Consello de Contas que hai moitos expedientes abertos por infraccións nos pregos e nos contratos asinados, e que moitos destes expedientes son pechados sen nin sequera impoñer ningún tipo de sanción. Di tamén este informe do Consello de Contas que, á hora de abordar ese concurso para adxudicar os contratos, non se tiveron en conta criterios medioambientais e —tamén algo que dicía o señor Bará— que esta forma de levar adiante este plan de transporte prexudicou as pequenas empresas, deixou fóra moitísimas empresas familiares, e permitiu que se repartira o mercado entre distintas empresas.

A min o que me chama poderosamente a atención é que, cando se lle di á Xunta de Galicia que é responsable desta repartición do mercado entre dúas empresas, a Xunta de Galicia di que non ten nada que ver. A min chámame poderosamente a atención, porque, se a Xunta de Galicia non ten nada que ver, ¿por que presenta un recurso ante o Tribunal Supremo? Se non ten nada que ver coa Xunta de Galicia... Porque, miren, para presentar un recurso, como mínimo, haberá que ter lexitimación activa para poder presentalo. Pero se non vai coa Xunta de Galicia... Despois espero que o señor Balseiro nos conteste a esta pregunta que lanzamos ao aire.

E vaia por diante que a iniciativa que hoxe trae a debate o Bloque Nacionalista Galego nós imos votala a favor, como non pode ser doutro xeito. Porque o que literalmente trasladan



hoxe nesa iniciativa é a recomendación que fai o propio Consello de Contas para que se reduzan esas tarifas aboadas pola Administración e poder xerar así uns aforros a todos os galegos e a todas as galegas de cando menos 44 millóns de euros. Nós concordamos totalmente co que pide o Bloque Nacionalista Galego e co que está contemplado nese informe do Consello de Contas.

E cómpre recordar —porque aquí despois sairán a dicir que foi o Partido Socialista o que encargou e licitou estas autovías con peaxe na sombra— que estas autovías con peaxe na sombra foron xa planificadas polo señor Feijóo cando era conselleiro no goberno de Fraga. A nós o que nos chama poderosamente a atención deste informe do Consello de Contas é que había unhas empresas que tiñan adxudicadas estas obras e que resulta que no ano 2014 estas empresas piden un reequilibrio da concesión porque din que hai menos volume de tráfico que o previsto nos seus contratos, que necesitan, polo tanto, un reequilibrio e un axuste nese canon. Pero cómpre recordar tamén que o propio informe do Consello de Contas xa advirte que as empresas adxudicatarias dos concursos presentaron ofertas con importantes baixas económicas —arredor do 25 por cento—. Isto non o di este grupo parlamentario, dío o propio Consello de Contas. E di que estes erros na previsión por parte destas empresas adxudicatarias quedaron demostrados despois co devir do tempo. Iso dío o propio Consello de Contas.

Entón ¿que aconteceu? No ano 2014 estas empresas piden un reequilibrio da concesión porque din que teñen menos volume de ingresos por ese menor tránsito nestas autovías. E o que acontece é que os contratos que estaban asinados e os pregos que se asinaron destes contratos non permitían este cálculo deste reequilibrio económico. E ¿que fixo a Xunta de Galicia? Pois saír en auxilio destas empresas adxudicatarias. Parece que, cando hai beneficios, estes van para as empresas; pero, cando hai menos volume de beneficios ou perdas, témolo que asumir entre todos os galegos e entre todas as galegas. ¿Que fixo a Xunta? Acudir no seu auxilio —como dicía— e modificar pola porta de atrás e á metade do partido as regras de xogo. Algo que non estaba permitido nos contratos asinados, algo que non estaba permitido nos pregos, modifícanos por esa Lei de acompañamento dos orzamentos da Xunta de Galicia do ano 2014 e permiten que se lles pague este recálculo que pedían as empresas. Isto supuxo que se tivesen que pagar máis de 205 millóns de euros das arcas públicas, de todos os galegos e de todas as galegas, a estas empresas.

E o que máis poderosamente nos chama a atención —e así o reflicte tamén o propio informe do Consello de Contas— é que a Xunta de Galicia non valorase outra posibilidade. A Xunta de Galicia, en canto estas empresas adxudicatarias lle pediron que se lles incrementase o canon para que lles desen os seus números, aceptou automaticamente. Non valorou outras posibilidades, como podería ser rescindir eses contratos e volvelos sacar a licitación, ou rescindir eses contratos e executalos con medios propios. Nin sequera valorou esa posibilidade. Automaticamente, 205 millóns de euros foron para esas empresas adxudicatarias. E, a maiores, calcular mal ese reequilibrio económico cústanos como mínimo 44 millóns de euros. Precisamente, a recomendación do Consello de Contas é que se revisen eses acordos de cara a que se poida minorar ese pago de 44 millóns de euros. Fixérono pola porta de atrás coa única finalidade de axudar estas empresas adxudicatarias e ¿en contra de quen? De todos os galegos e de todas as galegas. Primeiro, con 205 millóns de euros; e, despois, calculando mal ese reequilibrio, o que supón 44 millóns de euros.



E, claro, iso é o que di o propio informe do Consello de Contas, que di que, se se optase por outra opción —como era rescindir estes contratos, volvelos sacar a licitación ou incluso executalos con medios propios—, sería máis vantaxosa economicamente para os galegos e para as galegas. E, ademais, vostedes non poden escudarse en que a xurisprudencia non permitía isto, porque o propio Tribunal Supremo veu avalar esta práctica en determinadas ocasións noutros supostos. Polo tanto, se estaba permitido polo Tribunal Supremo, ¿por que a Xunta de Galicia nin sequera valorou esta posibilidade? A nós é o que nos chama poderosamente a atención, porque, se valorasen as dúas posibilidades e despois se optase por unha, terían argumentos para dicir que optan por unha porque a outra é máis prexudicial. Pero é que nin sequera o valoraron no ano 2014. E o propio Consello de Contas di que ante a posibilidade de que esa falta de renegociación provocase que as concesionarias chegasen a quebrar, a Administración, nese caso, tería que rescatar as concesións e extinguir os contratos. E este escenario, viable dende o punto de vista orzamentario e xurídico —aí era onde ía eu, porque estaba avalado tamén polo Tribunal Supremo—, tamén era economicamente máis vantaxoso que a alternativa de reequilibrio pola que optou a Administración galega. E remata o Consello de Contas: «Consideramos que a construción e explotación de autovías mediante concesión por parte da Xunta de Galicia na modalidade de peaxe en sombra e canon de dispoñibilidade non foi eficiente, xa que se poderían acadar resultados equivalentes a un menor custo».

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ¿Que vai facer a Xunta de Galicia? ¿Vai, polo menos —xa que nos custou tantos cartos aos galegos e ás galegas a súa mala planificación, a súa mala forma de actuar neste senso—, acoller a recomendación do informe do Consello de Contas e aforrarlles, cando menos, aos galegos e ás galegas 44 millóns de euros? Eu creo que llo deben á cidadanía galega.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Antes de continuar co debate, imos saudar os alumnos de 5º e 6º de primaria do CEIP plurilingüe Montemogos, de Bueu, que hoxe nos visitan no Parlamento. Un saúdo a eles e tamén aos profesores que nos acompañan.

E agora continuamos co debate.

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.

Saudamos tamén os alumnos de Bueu en nome do Grupo Parlamentario Popular, maioritario nesta Cámara na que se encontran estes alumnos.

Señorías, eu —que son un deputado veterano nesta Cámara, polo tempo que levamos a señora Pontón e mais eu— (*Risos.*) aínda sigo sendo bastante iluso. E digo que sigo sendo



bastante iluso porque, cando escoitei que o Bloque Nacionalista Galego rexistraba unha iniciativa baixo o título «Autovías e peaxes», pensei que aproveitaría vostede a súa intervención, señor Bará, para rectificar e para pedirllas perdón a todos os galegos e a todas as galegas. ¡E nada máis lonxe da realidade, señorías! ¡Nin unha soa liña para a autocrítica! Pensei que o señor Bará ía ser tan valente como a súa compañeira de fila —a líder da facción independentista do Bloque Nacionalista Galego— e recoñecería, aínda que tarde, que a primeira edición do pacto da señora Pontón con Pedro Sánchez foi unha estafa para Galicia e que esta segunda edición do pacto da señora Pontón con Pedro Sánchez é aínda unha estafa maior para Galicia. Porque da primeira todos foron incumprimentos. E hoxe son vostedes incapaces de forzar o Partido Socialista a facer o que non quere facer.

Falemos de autovías e peaxes, señorías. E eu fágolles unha pregunta: ¿a quen pretenden vostedes enganar? Supoño que pretenden vostedes enganar os galegos e as galegas. Pero creo que teñen vostedes un problema, porque creo que os galegos e as galegas xa os teñen bastante calados a vostedes. Primeiro prometeron bonificacións para a AP-9, esa autovía que pasou de ser, para o nacionalismo galego, «unha navallada a Galicia» a «unha prioridade de país». E resulta que, a pesar das bonificacións vixentes, acabamos de ver nun recente informe que a AP-9 é a autoestrada máis cara de España. As bonificacións foron insuficientes, mal deseñadas, e o goberno de Sánchez —hoxe con datos oficiais— foi incapaz de gastar toda a partida orzamentaria reservada para este fin —recursos que o Estado aforra e que foron incapaces de destinar a ampliar esas bonificacións que prometeron vostedes ou, por exemplo, as da AP-53, ou a non subir, segundo acordo por unanimidade nesta Cámara, o seu prezo o 1 de xaneiro do ano 2023—.

Como os malos magos, vostedes pensan que aquilo que non se ve non existe. E fan desaparecer, señorías, toda mención á AP-9. É dicir, para o Bloque Nacionalista Galego a transferencia da AP-9 xa non é importante. Xa non é unha prioridade nin para o nacionalismo galego nin para Galicia —segundo eles—. Xa non aparece no pacto da señora Pontón e o señor Sánchez. E no último pleno deste Parlamento —digo o último pleno deste ano— (*Murmurios*.) teremos a oportunidade de volver trasladar ao Congreso dos Deputados a lei de transferencia. Pero desde o ministerio socialista xa nos advertiron de que non habería transferencia —a que vostede, señor Caballero, foi defender a Madrid, ao Congreso dos Deputados, no seu momento—. E o Bloque Nacionalista Galego, unha vez máis, ¡traga!, ¡unha vez máis, traga!, porque o Partido Socialista vende a Galicia e iso para o Bloque Nacionalista Galego non ten ningunha consecuencia.

Señor Bará, perdeu vostede unha oportunidade única para pedir perdón e rectificar polo mal que xestionaron vostedes, os nacionalistas, os intereses de Galicia co seu socio Pedro Sánchez. ¿Ata cando pensan deixarse enganar vostedes polo Partido Socialista Galego e polo Partido Socialista nacional? Pero ¿de verdade van vostedes permitir —e espero que me conteste— que o día 1 de xaneiro —e non falta tanto— as autoestradas máis caras de España —a AP-9 e a AP-53— volvan subir as súas peaxes? ¿Vano vostedes permitir? ¿De que valen os pactos do Bloque Nacionalista Galego?

E coas peaxes na sombra pasa máis do mesmo. O único que intenta vostede é confundir, ¡confundir! Pero, máis ben creo que o confundido é vostede e o nacionalismo galego. Resulta



que agora vostedes pretenden botarlle a culpa ao señor Fraga e ao señor Feijóo por unha práctica activada e empregada ata o exceso polo Bipartito. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Espere, que lle vou dar os datos. Espere, non se apure. Vostedes foron os campións no uso e abuso —repito, no uso e abuso— da construción de autovías con pago aprazado mediante concesión.

Pero vostede ten que revisar os datos, señor Bará. Vostede fala moito dos datos —iso si, dos seus datos, non dos datos reais—. Deulle un documento a señora conselleira nun dos plenos —e paréceme que non lle fixo moito caso—; un documento que acredita que as peaxes na sombra das autovías do Salnés e da autovía da Barbanza foron asinadas pola conselleira María José Caride —que saiba eu, non é do Partido Popular, era do Partido Socialista e era compañeira de vostedes no Goberno Bipartito—. Foron asinadas —repito— a autovía da Barbanza e a autovía do Salnés pola conselleira María José Caride. E non contan aquí historias vostedes sobre licitacións ou adxudicacións anteriores. Se vostedes non estivesen de acordo con iso, ¿para que o asinaron? Se vostedes non están de acordo coas peaxes na sombra, ¿para que asinaron iso? (*Murmurios.*) ¿Para que o asinaron? ¡A ver se son capaces de dicírnolo! (*Murmurios.*) Para que o asinaron con este procedemento. Podían vostedes non asinar esa hipoteca e non o fixeron. É máis, foi un sistema, señorías, do que o Bipartito fixo uso abusivo. ¿Por que non contan vostedes todo o que di o informe do Consello de Contas? ¿Por que só fan vostedes unha lectura parcial do que di? Di o Consello de Contas no seu informe que as peaxes na sombra foron empregadas en exceso polo Bipartito. (*Risos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Polo Bipartito! E hoxe, catorce anos despois, obríganos a destinar cada ano ducias de millóns de euros dos orzamentos da Xunta para pagar esta hipoteca.

E o Partido Popular claro que ten un modelo diferente, señorías. Por iso desde o ano 2009 —e así se demostra—, con Feijóo no Goberno e agora co presidente Rueda, ese modelo de goberno —diferente, por suposto, ao do Bipartito— permitiu avanzar na construción de preto de 220 quilómetros de vías de altas prestacións libres de peaxe. Ese modelo do Partido Popular fixo posible que máis do 80 por cento da poboación viva a menos de quince minutos dunha vía destas características. E vímolos coa autovía Nadela-Sarria.

O segundo cuestionamento que vostedes fan podemos resumilo na resposta a unha pregunta. ¿Que era máis rendible para as contas da Xunta, rescatar as autovías con peaxes na sombra impactadas no ano 2014 pola caída do tráfico por mor da crise económica ou facer fronte a unha indemnización por responsabilidade patrimonial —que iso vostedes non o dixeron— de 190 millóns de euros? A Xunta fixo isto último e moi por debaixo do que as concesionarias pedían para garantir a súa viabilidade. Fíxoo na cantidade imprescindible para que non quebrasen. A Xunta acertadamente optou por esta segunda opción, que nos permitiu en plena crise non ter que sacar do orzamento 190 millóns de euros, señoría, 190 millóns de euros que nese momento tiñan outras prioridades de destino —sanidade, servizos sociais ou apoio ás empresas que o estaban pasando mal naquel momento—. E claro que acertaron e foi un exemplo do uso eficiente dos recursos públicos. (*Aplausos.*) E, salvo que vostedes fagan unha lectura oportunista e demagóxica, acabarían por darnos a razón.

¿Como sería ter que facer fronte a un gasto millonario nun só exercicio en calquera economía familiar? Explicouno a señora conselleira e, para contextualizalo, quero repetilo hoxe aquí. Eses



190 millóns de euros que vostedes cren que lles deberíamos ter pagado nun só ano ás concesionarias é equivalente a facer 16 centros integrais de saúde —como o primeiro de Galicia que se acaba de inaugurar en Lugo— e 79 centros de saúde. Polo tanto, foi un acerto. E, aplicando o sentidíño e a máxima responsabilidade e eficiencia sobre recursos públicos, a Xunta apostou —e termino, señor presidente— por unha solución alternativa e por unha solución coherente coa situación orzamentaria, pero, sobre todo, co interese xeral de Galicia, co interese das galegas e o interese dos galegos, que é o que defende este grupo parlamentario e o Goberno de Galicia.

E isto tamén se traduce en ter sido capaces de reducir en dous terzos a débeda deixada polo Bipartito en peaxes na sombra. A Xunta popular tivo que xestionar como herdanza de vostedes —e anoten as cifras— máis de 4.100 millóns de euros en hipotecas en concesións, unha autovía que vostedes deixaron a deber, a A-53, a subvención da AP-9 en Rande e na Barcala —a medias co Estado— e obras financiadas con créditos bancarios. As peaxes na sombra do Bipartito, señorías, aínda as seguimos a pagar catorce anos despois, e supoñen 58 millóns de euros para pagar nos presupostos da Xunta de Galicia para o ano 2024.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: É a débeda que deixaron estes señores. E iso que gobernaron nada máis que catro anos. ¿A quen queren vostedes dar leccións? Vostedes non están para dar leccións, vostedes o que tiñan que pedir era perdón a Galicia, coller ben as cifras.

E termino, señor presidente, se me deixa facer unha aclaración.

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor BALSEIRO OROL: Hoxe o señor Bará veu aquí facer —permítame vostede— de mediador. Se me permite, politicamente veu aquí facer de chufón. E vou dicir por que. Veu aquí facer de chufón no Plan de transporte de Galicia —teña coidado, señor Ríos, que lle están movendo a vostede a silla; iso si, con datos incluso peor que os que trae vostede aquí—. O de chufón voullo explicar.

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor BALSEIRO OROL: Antes, cando se levaba unha vaca á feira, ía o que levaba a vaca, o que a compraba e había un mediador sempre no trato, que lle chamaban «o chufón». E foi o que fixo vostede hoxe aquí co Plan de transporte de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señor Balseiro, creo que o papel de tratante e de feirante lle acae moito máis a vostede, despois do que acaba de dicir aquí. (*Aplausos.*) Porque unha cousa é a



falta de rigor que vostede demostrou nesta intervención, pero o que non vale é mentir; mentir de maneira absolutamente descarada, sen ningún tipo de escrúpulo. Iso non llo consentimos.

E, mire, quen debía avergonzarse de falar aquí da AP-9 é o Partido Popular. ¿Como se atreven a dar leccións sobre a AP-9 vostedes? Vostedes, que privatizaron a AP-9; vostedes, que ampliaron a concesión por vinte e cinco anos —de maneira que imos pagar desde o ano 2023 ao ano 2048 polas peaxes por culpa do Partido Popular—; vostedes, que incrementaron as peaxes ano tras ano; vostedes, que vetaron a transferencia da AP-9 ata en tres ocasións no Congreso dos Deputados, ¿como se atreven a dar leccións? *(Aplausos.)*

E non minta, non minta. Cando di vostede que é a máis cara, é sen as bonificacións —por certo, bonificacións que se conseguiron grazas a un acordo histórico impulsado polo BNG—. *(Aplausos.)* As peaxes da AP-9 baixaron por primeira vez grazas ao BNG. Grazas ao Partido Popular subiron durante anos —cando gobernaron vostedes—. E agora van volver baixar grazas, de novo, a un acordo impulsado polo BNG. Pero non vai baixar só a AP-9, vai baixar tamén a AP-53. E isto débenllo as galegas e os galegos ao BNG, non ao Partido Popular. Ao Partido Popular débenlle que suban as peaxes. *(Aplausos.)* Polo tanto, vostedes o que teñen que facer é calar, calar; recoñecer o mal que o fixeron e pedirles perdón ás galegas e aos galegos. Vostedes son os que teñen que pedir perdón, non o BNG. O BNG conseguiu melloras na AP-9 e na AP-53. Isto, para comezar, e que lles quede claro.

E, miren, en política pódese actuar por ignorancia ou por mala fe, por ignorancia ou por mala fe. Vostede está claro que actúa por mala fe cando fala dos contratos de colaboración público-privada. Pero, ademais, parece que tamén fala por ignorancia, porque non é certo o que dixo vostede aquí. Vostede chegou incluso a falsificar —¡mire onde chega a súa falta de escrúpulos!— o que di o informe do Consello de Contas, que non fala para nada do Bipartito. Inventouno vostede. O que di literalmente na páxina 16 o informe do Consello de Contas é que o modelo de colaboración público-privada para a construción e xestión de infraestruturas foi empregado en Galiza por gobernos sustentados por diferentes formacións políticas —que foi o que dixen eu aquí nesta tribuna, que o utilizara tamén o Bipartito—. Isto é o que di o Consello de Contas e non a patraña, a mentira, que dixo vostede nesta tribuna, que a debe retirar, que a debe retirar se ten un pouco de dignidade. *(Aplausos.)*

E, miren, voulles dar os datos tamén, porque parece ser que vostedes non se queren enterar, «no te queres enterar», ¿non? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Miren, o desdobramento da vía rápida do Salnés foi adxudicado o 15 de xuño de 2005 sendo conselleiro de Infraestruturas o señor Núñez Feixóo e presidente da Xunta o señor Fraga. Foi o 15 de xuño, cando as eleccións autonómicas eran o 19 de xuño; é dicir, por un goberno en funcións, adxudicouno un goberno en funcións.

A construción e explotación da autovía Santiago-Brión, enlace Pardiñas-As Galanas, foi adxudicada polo goberno do Partido Popular do señor Feixóo o 13 de xuño de 2005 cun goberno en funcións. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Que querían vostedes? Que anulásemos eses contratos para pagarlles unhas indemnizacións millonarias ás concesionarias para que se forrasen de novo. Porque iso é o que fan vostedes, que se forren as concesionarias, *(Aplausos.)* pagarlles unha indemnización para que se forren. Pero



vostedes xa o deixaron ben atado, que é o que están facendo agora tamén, o da terra queimada. É o que están facendo tamén agora. E igual no caso da autovía da Barbanza, e despois na da Costa da Morte e no hospital de Vigo, e así sucesivamente.

E, ademais, foron vostedes absolutamente incapaces —porque son un desbaraxuste— de executar os propios orzamentos, porque as partidas que teñen non só o máis baixo nivel de execución senón a maior redución orzamentaria son as de infraestruturas. E por iso vostedes incumpriron sistematicamente toda a planificación en materia de infraestruturas; por exemplo, no Plan Move, no que dous terzos das obras non as deron feito. ¡Como as van dar feito se no ano 2022 reduciron o orzamento 56,8 millóns; no ano 2021, 32,8; no ano 2020, 52 millóns e no ano 2019, 68 millóns! Da Axencia Galega de Infraestruturas reduciron nada máis e nada menos que 210 millóns de euros en catro anos. ¡É que son un desastre, son un auténtico desastre en materia de xestión! E así vai, así está o panorama das infraestruturas.

E, mire con respecto ao Consello de Contas, o Consello de Contas o que di é que, grazas... —unha cousa é a construción das autovías e outra é a modificación dos contratos, que fixeron vostedes vía Lei de acompañamento—, e o Consello de Contas o que di é que, grazas a esa modificación, lles pagaron 205 millóns de euros máis ás concesionarias. E o que lles din agora é que están a tempo de rectificar, que están a tempo de renegociar eses contratos, o que permitiría un aforro de 44 millóns de euros á Administración pública. Pero vostedes, en vez de aprobar esta iniciativa, esta proposta do Consello de Contas, o que queren é que gañen 44 millóns de euros as empresas privadas construtoras amigas do Partido Popular.

Este é o Partido Popular, esta é a Xunta de Galiza, que apoia as construtoras en vez de apoiar o interese público.

Alá vostedes. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central referidas ao apoio ás empresas do sector de transformación da pesca

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Rosana Pérez Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Proponse engadir un novo parágrafo na parte resolutiva co seguinte texto:

«Asemade, o Parlamento insta a Xunta a constituír unha Mesa do sector mar-industria de Galiza como foro sectorial permanente para a análise e a planificación, coa participación das patronais



Anfaco e Conxemar, dos tres sindicatos maioritarios na Galiza, as tres universidades galegas e a propia Xunta».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Bos días.

Como saben, o incremento dos custos de produción, tales como a enerxía, as embalaxes ou o aceite, o encarecemento dos custos de persoal debido ás revalorizacións ligadas a un altísimo IPC e a forte caída do consumo —maior para o peixe, as conservas e os produtos transformados— provocaron que empresas do sector transformador da pesca amosen hoxe en día serios problemas de liquidez. Están á orde do día na prensa e imaxino que todos vostedes estarán algo informados do tema. Esas circunstancias provocan altos volumes de existencias nas empresas, o que, unido á falta de vendas e ás importacións libres de aranceis de terceiros países, como Vietnam, China, Rusia, Tailandia ou Indonesia, impide recuperar o gasto na produción.

Para impulsar a demanda de produtos do mar e, polo tanto, mellorar os ingresos e a liquidez nas empresas do sector, ademais de contribuír á mellora da alimentación da poboación, o Goberno de España debería poñer en marcha medidas e accións tales como as que se desenvolven dende a Xunta de Galicia, que ten en marcha campañas para promover o consumo de peixe ou axudas á industria pesqueira —que ascenderon aos 7,5 millóns de euros— para paliar o impacto da crise provocada pola invasión de Ucraína.

Saben ben que a actividade de transformación da pesca conta con longa tradición en Galicia, onde mantén unha importancia decisiva polo seu papel como fonte de alimentos de alta calidade e de primeira necesidade, pola capacidade para fixar poboación nas zonas costeiras e polo impacto como dinamizador da economía nestas zonas e no resto do territorio nacional. A industria de transformación de produtos do mar, especialmente a industria do conxelado e das conservas de peixes e mariscos, ten gran importancia en España, que figura entre os primeiros postos na Unión Europea e no mundo polo volume de produción e valor. Segundo o INE, o Instituto Nacional de Estatística, en 2022 producíronse en España un total de 520.435 toneladas de conservas de peixe e marisco —incluíndo preparados con base no pescado e no marisco— cun valor de 3.286 millóns de euros; e máis de 350.000 toneladas de peixes e mariscos conxelados, por valor de 1.922 millóns de euros. Son unhas cifras que conlevan postos de traballo e que conlevan unha actividade importante para a nosa comunidade autónoma.

Segundo os devanditos datos, en España 580 empresas do sector industrial teñen como actividade principal o procesado e a elaboración de peixes, crustáceos e moluscos, cunha cifra de negocio, en 2021, de 7.500 millóns de euros, que xeran máis de 26.000 empregos directos. Esta cifra sería superior se contamos a actividade do comercio de peixe e marisco arredor de todos os mercados e arredor de todas as peixerías que pode haber ao longo do país, pero tamén ao longo de Galicia.



O sector transformador e comercializador de produtos do mar é un sector líder e exportador a máis de 140 países, o que nos fai tamén ser unha das comunidades autónomas cun maior volume de internacionalización grazas ás empresas de peixe —aínda que cunha alta presenza en destino comunitario—, o cal demostra a súa presión ante terceiros países. Aí ten especial relevancia Galicia, cun peso superior ao 50 por cento sobre o total en moitas das presentacións comerciais elaboradas no noso país, e que cobra especial forza no caso da conserva de peixes e mariscos, como segunda potencia mundial.

No marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia do Goberno de España, os proxectos estratéxicos para a recuperación e transformación económica, os PERTE, configuráronse como instrumentos xurídicos novos destinados a potenciar a axilidade e a eficacia transformadora das actuacións apoiadas con fondos europeos. Neste sentido, o sector transformador presentou un plan sectorial de 303,3 millóns de euros para a industria do mar no ano 2021.

O Consello de Ministros, na súa reunión do 8 de febreiro de 2022, aprobou a memoria do PERTE do sector agroalimentario. E aí está o quid da cuestión, porque exclúe as grandes empresas de transformación de peixe.

A base normativa, a Orde 738/2002, do 1 de agosto, establece as bases reguladoras para a concesión de axuda ás actuacións de fortalecemento industrial do sector agroalimentario. Pero o regulamento, no seu artigo 1.3, exclúe expresamente a concesión de axudas no sector dos produtos da pesca e da acuicultura, xa que a orde de convocatoria de axudas do PERTE agroalimentario correspondente a 2023 limita esas axudas ao ámbito de proxectos primarios, nas tipoloxías de investigación, desenvolvemento e innovación.

En consecuencia, grandes empresas do sector, consecuentes ademais e que son a causa dos datos que eu expuxen anteriormente, é dicir, esas grandes empresas do sector, que supoñen o 18 por cento do total pero concentran o 75 por cento da cifra de negocio e o 70 por cento do emprego, quedan excluídas do financiamento de proxectos transformadores, co consecuente lastre para a recuperación e transformación do sector e a súa perda de competitividade fronte ao resto do sector agroalimentario. E —insisto— eu comezaba falando tamén do contexto no que nos atopamos, que dificulta aínda máis que estas empresas poidan retomar o volume de actividade que tiñan hai dous, tres ou catro anos.

Debemos destacar que a grande empresa de transformación opera nunha contorna internacionalizada, de alta presenza de países terceiros. É imprescindible manter o pulso investidor que permita soste as vantaxes competitivas con estándares europeos como a mellor ferramenta para defender a soberanía alimentaria en Europa e a influencia na implantación da política pesqueira común en terceiros países no que a mercados se refire.

E fago aquí un inciso, porque grandes asociacións como Conxemar ou como Anfaco, que son as que lideran, agrupan as empresas de conxelado, as empresas de conservas, xa en Europa están facendo a súa presión persoal para intentar esa soberanía alimentaria e para intentar que dende Bruxelas entendan a importancia que ten para España e para Galicia, sobre todo tamén, á parte do movemento económico, polos postos de traballo que pode xerar.



O sector industrial pesqueiro identifica na constitución deste PERTE unha oportunidade única para definir a estratexia para seguir abrindo a posibilidade da súa reestruturación, co fin de sobrevivir nun contexto no que só o farán aquelas empresas que alcancen o nivel de competitividade e sustentabilidade que exigen os mercados, garantindo ademais todos os procesos de produción, respectando todos os parámetros ambientais.

Polo tanto, o PERTE é fundamental, e vostedes, o Partido Socialista, gobernando en España co apoio do Bloque Nacionalista Galego, soben os impostos e néganlles o PERTE a estas empresas ou a este sector.

Pero non é o único importante. A baixada do IVE ao peixe, ás conservas e ao produto do mar é crucial. Acabamos de coñecer un estudo recente no que se especifica que esta baixada do IVE incrementaría exponencialmente o consumo de peixe, ademais de crear emprego e duplicar o aforro nos fogares. Un resumo na prensa di que estima que ata xuño a medida suporía un alivio de 1.865 millóns nas familias.

Polo tanto, cremos que teñen que ter en conta todos os datos e tamén que a compra de pescado fresco sufriu unha baixada do 16,9 por cento, xa que o prezo medio incrementouse un 6,7 por cento. Eu creo que ese incremento e todos os factores que engloban esta situación tamén se deben a medidas que se toman dende o Goberno de España.

Os galegos consomen hoxe un 22 por cento menos de pescado que antes da pandemia. ¿Cal é a razón de que non o baixen? A ver se hoxe son capaces de explicarme por que, entre os alimentos de primeira necesidade e coa intención ademais de garantir un consumo de peixe por unha alimentación saudable, non baixan o IVE do peixe e da carne, pero, sobre todo neste caso, neste contexto, por que non baixan o IVE de peixe, conservas e produtos do mar.

Nós cremos —sobre todo isto teño que dicírllelo aos señores do Partido Socialista, que nunha ocasión votaron que si e noutra ocasión se absteñen— que, en lugar de pedirlle ao Goberno que baixe o IVE, vostedes reciben as ordes do goberno ou as ordes de Ferraz, que lles din que non voten a favor porque saben que non o imos facer. Nós non nos imos cansar de pedilo, porque cremos que é algo moi necesario.

E, por último, un dos puntos que se solicita nesta iniciativa é a intercesión ante a Unión Europea do Goberno de España para que intensifique o control a terceiros países. E ¿que queremos dicir con isto? Que a industria pesqueira galega e española necesita ser reivindicada e defendida, pero con letras maiúsculas, ante todo porque cremos que a nivel global, e liderado por unha petición unánime de Galicia, debemos evitar a dependencia e a supremacía, pola ausencia de regulamento, de terceiros, como expresaba o presidente de Cepesca, ante as decisións de Bruxelas, e ao meu parecer, e creo que ao parecer tamén do sector, ante a pouca importancia que lle outorga o Goberno de España ao sector pesqueiro.

Vou coller un extracto da intervención do presidente de Cepesca na última intervención que tivo, que dixo: «*Se dependerá todavía más de las importaciones de otros países como Rusia o China, disparándose el precio, pudiendo convertirse en un bien escaso y casi en un artículo de lujo. En el caso de España, debemos seguir siendo independientes y una potencia para seguir proporcionando a la*



poboación la fuente de proteína animal con menor huella de carbono y nutrientes esenciales para una dieta saludable, que además produce felicidad.». Para logralo, para seguir sendo independentes, para que Galicia siga liderando, temos que evitar esa invasión —permítanme a expresión— de terceiros países, e, polo tanto, necesitamos pedirlle un apoio inmediato ao Goberno de España.

Insisto: lendo tamén parte do estudo, tamén se conclúe que, a pesar do descenso, Galicia se consolida como un dos territorios con maior demanda de peixe, detrás do País Vasco e detrás de Asturias. Quero dicir que tamén algo terán que ver as campañas que o Goberno galego e o impulso co que sempre nós apoiamos o consumo de peixe, porque é fundamental.

Pola miña banda, nesta quenda, nada máis, grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Esta PNL que nos trae hoxe o Partido Popular entra dentro das típicas que solicitan, efectivamente, medidas ao Goberno de España para atender distintas necesidades, neste caso do sector transformador da pesca. Pero, ademais de solicitar medidas ao Goberno do Estado, o que xa chama a atención nesta proposición non de lei é que lle di ao Goberno do Estado como as ten que tomar. E di textualmente: «como as que se desenvolven desde a Xunta de Galiza.» E claro, dillo o Partido Popular, que é o partido que está gobernando a Xunta e que, por exemplo, dende que comezou a guerra de Ucraína, en febreiro do ano 2022, anunciou medidas en marzo de 2022, medidas que por un lado se dirixían a eximir taxas portuarias —quero lembrar que a magnánima medida do Goberno da Xunta de eximir de taxas portuarias precisamente era dunha exención de dous meses, inicialmente; logo, evidentemente, isto tiveron que modificalo—. Efectivamente, sobre a exención de taxas portuarias, que a aprobaron en marzo de 2022 pero que non se puxo en marcha ata xaneiro de 2023, a Xunta alegaba que non se podía modificar a Lei de taxas e así o mantivo até que se aprobaron os orzamentos de 2023.

Do resto de axudas, fóra da exención das taxas portuarias, do resto de axudas para paliar as consecuencias da guerra de Ucraína, tampouco volvemos saber absolutamente nada dende febreiro do ano 2022 ata este verán de 2023, é dicir, un ano e medio despois de que comezara a guerra e de que se anunciara todo aquel maná no mes de marzo de 2022. Convocáronas este verán e a día de hoxe, decembro de 2023, pois aínda non se pagaron, aínda as teñen sen pagar.

E claro, dicirlle ao Goberno do Estado que faga como fai a Xunta realmente nós pensamos que non o están dicindo en serio, porque isto é o que fixo a Xunta a respecto precisamente de axudas.



Ben, outras medidas que propoñen é a rebaixa do IVE, por exemplo. Coa rebaixa do IVE nós non temos ningún problema; de feito, fomos nós quen a trouxemos aquí tamén en varias ocasións. Nun primeiro momento trouxemos aquí unha rebaixa do IVE do 10 por cento ao 4 por cento, ao súper reducido, e máis adiante, a medida precisamente que fomos vendo a caída importante de consumo, propuxemos un IVE 0 para os produtos da pesca. Polo tanto, nós non temos ningún problema con esta medida.

Pero agora quero pararme, quero determe na proposta que nos veñen facer aquí de activar un PERTE, un PERTE para o sector, un PERTE no agroalimentario. A nós, señora Egerique, ao BNG, non nos consta que trouxeran esa demanda a este parlamento; dende logo na C 8 non o trouxeron nunca; polo que levo mirado, non trouxeron esta demanda a este parlamento. É máis, en febreiro deste ano, no que estamos, o señor Rueda anunciou que centraría os Next Generation do sector agroalimentario en modernizar e dixitalizar a industria láctea. Entón, non sabemos moi ben se é que non falaron co señor Rueda, se é que non se puxeron de acordo ou cal é exactamente o problema.

Tamén presentaron vostedes iniciativas para demandar un PERTE téxtil, que segue sen existir, e tamén un PERTE para a descarbonización da industria. Ou incluso trouxeron iniciativas pedindo un PERTE singular para Galiza que consistiría en que o Goberno do Estado transferira fondos para que a Xunta dispuxera deles en función dos seus criterios, e esta petición foi dende logo o máis atrevido que fixeron; iso si, unha soa vez, non fora ser que lle fixeran caso en Madrid e viñeran os fondos efectivamente para xestionar aquí.

En cada unha das súas iniciativas a posición do BNG sempre, absolutamente sempre, foi a mesma: a transferencia dos fondos e a xestión directa por parte da Xunta de Galiza, e vostedes, non obstante, pasaron de pedir aquel PERTE singular que lles acabo de nomear, PERTE singular para Galiza, a solicitar PERTE para determinados sectores, sen incluír dende logo ningunha referencia a Galiza.

En todo caso, señora Egerique, a nós o que nos parece importante neste tema non son tanto as demandas dun PERTE para este sector senón sabermos cal é o proxecto do Goberno galego para este sector —iso en primeiro lugar— e tamén o que o Goberno galego debe demandar ao Estado, unha vez, efectivamente, teñan trazada a súa folla de ruta ou saibamos ou saiba o propio Goberno galego cal é o seu proxecto para un sector que é —vostede deu datos aquí— absolutamente estratéxico.

Vostedes falan de problemas de liquidez nas empresas do sector e din textualmente «nas últimas semanas», e resulta que nós falamos de que levamos anos —non as últimas semanas— vendendo este sector a fondos precisamente de investimento estranxeiro. Diante precisamente desa venda a cachións, ou a cachazos —porque estamos falando de miles de postos de traballo—, a fondos de investimento estranxeiros, a Xunta de Galiza nin estivo nin está, nin se lle agarda.

E estamos falando de empresas tan potentes, tan importantes como Pescanova, Iberconsa, Discefa, Calvo, antes de Calvo Albo, en fin, agora precisamente outras, como Fandicosta, que está de plena actualidade ¿verdade? —vostede, que é desa zona, seguramente saberá máis



ca min de Fandicosta—, Atensa ou Atunlo, en concurso de acredores, que están a pasar por problemas precisamente por falta de músculo financeiro e de capitalización.

E aquí permítanme que faga tamén unha referencia a que moitas empresas medianas, sobre todo empresas medianas ou medianas empresas de Galiza, nun momento dado da nosa historia, foron quen de acceder precisamente a financiamento porque había unhas caixas galegas que agora, hoxe, a día de hoxe, forman parte dese legado tan marabilloso e tan potente que nos deixou o señor Feijóo. É dicir, estas empresas é moi probable que, se hoxe tivéssemos caixas propias, como no momento en que se crearon estas empresas e no momento en que se mantiveron durante anos e incluso se potenciaron, moitas non estarían no problema de financiamento no que están.

En todo caso, señora Egerique, para saber que proxectos se quere deseñar para este sector dende a Xunta e para saber o que a Xunta ten que demandar ao Estado, sería, baixo o noso punto de vista, absolutamente necesario contar coa opinión do sector; un sector, que, curiosamente, aínda sendo estratéxico, non ten un foro permanente institucionalizado, un foro de análise, de debate, e un foro para facer propostas.

Falamos —e isto é o que introducimos na nosa emenda— dun foro que vaia moito máis alá de reunións das patronais ou de feiras de promoción. Na nosa emenda referímonos a un organismo sectorial que conte coa participación da propia Xunta de Galiza, dos sindicatos, do Sistema universitario galego, que é precisamente quen atesoura o maior a maior parte de coñecemento dos centros de investigación, e que conte coa participación de Anfaco e Conxemar, que son as patronais do sector. Falamos dun foro sectorial permanente, de todo este sector mar-industria, para analizar e para planificar propostas e, polo tanto, para que o Goberno galego as dirixa tamén ao Goberno do Estado.

Disto trata a nosa emenda. Nós pensamos que é totalmente asumible, porque non se entende que un sector desta importancia aínda a día de hoxe económica e social non teña a día de hoxe un foro, unha mesa efectivamente sectorial para trazar ou para analizar precisamente propostas a presentar tanto á propia Xunta de Galiza como ao Goberno do Estado.

De momento, máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez Fernández.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Gonzalo Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señor presidente.

Permítanme, señorías, que, despois de ter sido citado na anterior iniciativa a debate desta comisión, queira facer unha aclaración sobre as rebaixas das peaxes da AP-9 e o propio traspaso da mesma, porque un si sabe o que pasou e si foi protagonista de toda esa parte do proceso. E hai que recordarlle ao Partido Popular de Galicia que foi o señor Aznar o que decidiu facer unha prórroga da concesión da AP-9, que implica que hoxe sigamos tendo peaxes na AP-9, que vai dende o sur ata o norte do arco atlántico, porque, se non, hoxe a



AP-9, ao igual que outras autoestradas dese mesmo tempo, estaría liberada de peaxe. E, despois de todos os gobernos do Partido Popular en España e aquí en Galicia, foi un goberno de España, presidido por Pedro Sánchez, o que fixo unha revolución nas peaxes da AP-9, que implican máis de 50 millóns de euros en bonificacións, para circular pola autoestrada máis importante de Galicia, cen veces máis do que fai o Partido Popular á hora de falar de bonificación das súas autoestradas dende a Xunta de Galicia.

Non é comparable o que é privatizar a concesión, o que é prorrogar a concesión, o que é negarse a apostar pola mobilidade gratuíta dos galegos con cargo aos orzamentos xerais, que vostedes non fan na Xunta de Galicia, e que implica unha situación de cinismo que ten o presidente da Xunta de Galicia cada vez que se atreve a falar das peaxes das autoestradas galegas, nacionais ou estatais. *(Aplausos.)* E por iso lle plantexamos tamén ao Partido Popular que apostase por outras cuestións.

O señor PRESIDENTE: Señor Caballero, á cuestión. Porque eu non me acordo, non sei, ao mellor estou errado, hoxe estamos...

O señor CABALLERO MIGUEZ: Está errado, está errado, que lle avisen na Mesa, que está errado.

O señor PRESIDENTE: Perdón, pero vostede aínda non sabe o que vou dicir. ¿Como di que estou errado se aínda non sabe o que vou dicir? *(Murmurios.)*

O señor CABALLERO MIGUEZ: ¿Como?

O señor PRESIDENTE: ¿Como di que estou errado se aínda non sabe o que vou dicir?

O señor CABALLERO MIGUEZ: O que vou dicir é que o señor Balseiro citou o meu nome na anterior moción...

O señor PRESIDENTE: Non sei, non sei se o citou, ¿citouno?

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...e, polo tanto...,

O señor PRESIDENTE: Perdón, eu non o escoitei. Entón, si que ten vostede dereito a... *(Murmurios.)* Eu non o escoitei. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Perdón? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero non hai que ser precipitado. Non, non, non é habitual. Pero eu recoñezo o erro, cousa que vostede non fai. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Esa é a diferenza.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Agradézollo, señor presidente.

Houbo unha citación, non do tema, senón explícita, co meu nome e apelido nesta cámara.

O señor PRESIDENTE: Non o escoitei. Erro meu. Entón, si que ten dereito vostede. Remate con iso.



O señor CABALLERO MIGUEZ: Acabo agora rapidamente, porque o tempo corre.

Quería, en definitiva, dicirlle que o Partido Popular non ten nin credibilidade nin a capacidade, nin ningún tipo de confianza cando fala das autoestradas de Galicia e das rebaixas das peaxes, que non se puxeron a remar, que prorrogaron a autoestrada e a concesión a unha concesionaria que privatizaron, que fixeron pelletazos que implicaron un pago pola autoestrada da AP-9 como non había en Galicia, e que cando houbo que votar os orzamentos xerais do Estado, que permitiron facer esa revolución integral dos transportes pola AP-9, bonificando en máis de 50 millóns o custo de circulación, vostedes tampouco estiveron. (*Aplausos.*) E outros si estivemos, dende o Grupo Socialista, marcando unha pauta que se nota día a día. Iso si son contas, e non contos, señor Balseiro.

Así que, dito isto, eu o que quero dicir é que temos que falar da pesca, permítanme que fale con total intensidade e relevancia deste aspecto e da iniciativa que trae o Partido Popular.

Señores do Partido Popular, vostedes gobernan Galicia, vostedes teñen unha Consellería do Mar, vostedes teñen as competencias en política industrial, e vostedes, con esta iniciativa amosan o que é a falla de xestión, de compromiso, de tarefa lexislativa ou executiva dun goberno ausente presidido polo señor Rueda. Nin gobernan nin tomas medidas, converten simplemente o Goberno da Xunta de Galicia nunha instancia de demandas ante o Goberno de España e antes outras institucións.

E sabemos que os recursos pesqueiros, que son escasos e que teñen unha importancia cualitativa e cuantitativa na economía de Galicia, teñen distintos niveis de goberno, de gobernanza, na Unión Europea, no Goberno de España e tamén na comunidade autónoma. É un recurso multinivel á hora de falar da xestión, polo seu consumo rival, pero non excluínate, na medida en que temos que deseñar outros mecanismos que non son dereitos de propiedade privada, que, polo tanto, implican a importancia da cogobernanza dende o público.

E é por iso que lle temos que dicir ao Partido Popular que, ademais de converterse nun buzón no que intentar mandar demandas e reclamacións ao Goberno de España, fagan política e que gobernen para o sector. Sabemos que hai un problema de liquidez no sector mar-industria, sabemos que o hai, polo incremento dos custos de produción, pola caída da demanda, polo factor xeral da inflación e tamén polo incremento dos tipos de interese, que todo iso está xerando no sector da transformación e no sector mar-industria dificultades, como hai tamén noutros ámbitos. Pero este é un sector prioritario, é un sector prioritario para a economía galega e para a industria do noso país, e é por iso que vemos ben que o Partido Popular se poña a remar en medidas que poden favorecer e son importantes para o sector.

Pero vostedes gobernan e teñen que tomar medidas dende as súas competencias, porque o Grupo Parlamentario Socialista ten claro que a demanda de activar un PERTE ao conxunto dos plantexamentos dos Next Generation, un proxecto estratéxico para a recuperación e transformación económica no ámbito do sector da transformación dos produtos pesqueiros é algo relevante, é algo que o propio ministerio ten plantexado e polo que traballa. Por certo,



fóra das demandas do Partido Popular, que en todo o que ten que ver cos PERTE, cos programas Next Generation e cos fondos europeos está fóra de xogo e sen ningunha credibilidade. Está ben que vostedes tamén se sumen á demanda do sector por suprimir o IVE, que xa sabemos da importancia que ten esta medida, e dende logo, igual que xa apoiámos xa nesta sede parlamentaria, volverémolo apoiar.

Pero temos que recordarlle tamén ao Partido Popular que é o que fixo cando gobernaba España, porque foi o Partido Popular do seu presidente o señor Rajoy o que subiu o IVE, tamén aos produtos da pesca. Si, señora Egerique, foi o Partido Popular o que implicou unha suba do IVE do tipo xeral do 18 por cento ao 21 por cento, pero no tipo reducido do 8 por cento ao 10 por cento no ano 2012, que implica o sector da pesca.

E nós entendemos que, cando se goberna e naquel contexto, houbo que tomar medidas de extraordinario calado, que ademais implican unha maior necesidade de recadación, pero o que lle queremos dicir é que deixen tamén esa careta de cinismo, de intentar sempre replicar e de intentar sempre confrontar, sen facer. Porque o Goberno de España é certo que rebaixou o IVE en tantos produtos de alimentación e que non se fixo no peixe e na carne, e que nós demandamos que se faga tamén dende Galicia, pero tamén sabemos que o incremento de prezos que hai en tantos produtos supera incluso o destes sectores; produtos importantes, como ovos, como o leite, como a carne de porco ou de vacún, teñen unha subida de prezos no último ano que supera o 6,2 por cento de inflación que sufriu o sector do peixe ao longo deste último ano.

E, polo tanto, é importante ter unha medida e un plantexamento de política fiscal que permita recadar e dar respostas a estas problemáticas dunha forma axeitada. Vostedes non o fan, vostedes non gobernan nin toman medidas na Xunta de Galicia, e simplemente veñen ao Parlamento galego a converter isto nunhas demandas ao Goberno de España, do que vostedes non fixeron e en dirección contraria ao que fixeron cando gobernaron España.

¿Como poden vostedes vir aquí poñerse medallas, falar da rebaixa do IVE, cando foi o señor Rajoy o que subiu o IVE, a todos os produtos, especialmente aos de alimentación, aos de pesca, aos de carne? ¿Por que o Partido Popular non reconece que o Goberno de España está conseguindo loitar contra a inflación dunha forma moito máis efectiva que no conxunto doutros países da Unión Europea?, e iso afecta a todos os sectores. Ou, tamén, ¿por que non reconecen ao Goberno de España que houbo unha rebaixa excepcional do IVE en tantos produtos?, no que nós traballamos e demandamos tamén que se faga para o sector da pesca.

E sabémolo, porque é importante para o sector, porque é importante porque os alimentos aportan unha proteína de alto valor nutricional, e cremos que a cesta de demanda dos consumos dos alimentos para a cidadanía galega é moi importante, e polo tanto que se consuma peixe é bo para o sector, é bo para a economía, é bo para as familias, é bo para as persoas.

Pero en toda esa clave vostedes poden tomar medidas. Hoxe non está agora aquí, nesta sesión, porque ten outras obrigacións —non estou criticando esa cuestión—, o presidente da Xunta. Non está agora no Parlamento o presidente da Xunta, que se converteu en místico bonos, que repartiu bonos de todo. Pois se vostedes queren tomar medidas, ademais de facer un discurso hipócrita e cínico, vostedes poden aprobar hoxe un bono de 200 euros, por



exemplo, para cada familia, ou de 500 euros, porque teñen fondos, para impulsar o consumo cando hai dificultades e apoiar o consumo de peixe nas familias máis vulnerables cun carácter redistributivo. É un exemplo que non fago como unha proposta concreta e específica, pero claro que hai medidas que o Goberno da Xunta pode facer, e non fan nada. Teñen unha folla en baleiro, sen medidas, sen decisións, sen ningún tipo de compromiso.

E claro que o sector o está pasando mal, sabémolo dende logo tamén na comarca de Vigo, como vostede sabe tamén, señora Egerique, porque coñece ben o sector, e comparte comigo tamén a mesma zona de residencia, pero en tantos lugares hai que tomar esas medidas. E sabémolo ben tamén os que temos traballado no ámbito da pesca durante tantos anos, e sempre a carón do sector.

Pero hai que dicir por que non toman medidas. Hoxe mesmo, agora, ao longo desta mañá, temos novas de que Fandicosta acaba de anunciar un ERTE que afectará a 111 persoas, unha empresa que está participada no seu accionariado co 12,5 por cento por parte da Xunta de Galicia; a Xunta é accionista desta empresa; é unha situación diferencial con outras empresas do sector que teñen dificultades. Dende hai un mes o comité de empresa non tiña ata hoxe ningún tipo de reunión nin de novas dende o Goberno da Xunta. Entrou en precurso a empresa e agora iníciase o procedemento para as consultas do ERTE.

E o Goberno da Xunta non sabemos o que fai, o Goberno da Xunta non os recibiu, e simplemente dá unha data para a xuntanza co comité de empresa agora, porque onte estivo reunido cos grupos parlamentarios da oposición.

E cando falamos de Fandicosta, falamos de Pescanova, ou falamos de Actemsa ou de Atunlo. Claro que hai problemas, e vostedes teñen as competencias en política industrial e unha Consellería do Mar. Teñen vostedes que dar respostas aos problemas que ten o sector e comprometerse con Galicia.

Dende logo que o plantexamento que fai o Partido Popular é un plantexamento con falla de compromiso, que simplemente argumenta sumándose a unha rebaixa do IVE, que ten implicacións positivas e que nós respaldamos como unha medida excepcional, en momentos excepcionais, pola loita contra a inflación, na loita en batalla por un PERTE específico para o sector, e tamén nunha demanda dun Partido Popular que nos fala de proteccionismo e que non sabemos ben o que quere dicir.

Porque incluso dende o sector, cando fai falla na transformación produto de materias primas doutros lugares, se pide que se facilite a chegada para as conservas e demais doutras materias primas, e polo tanto instar dunha forma infantil á Unión Europea, sen especificar máis que é o que queremos, con que produtos, con que acordos, con que roldas de negociacións, se isto afecta á Organización Mundial do Comercio, acordos bilaterais, é preciso un plantexamento máis concreto.

É un plantexamento, simplemente, de intentar buscar por parte do Partido Popular como escusarse das súas responsabilidades e do que non fan, en vez de facer máis para Galicia e para os galegos e as galegas.



Dende logo, nós non imos caer en ningún debate estéril, pero si lle imos dicir ao Partido Popular que lle quitamos a careta...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...polo que non fan.

E, dende logo, respaldaremos a iniciativa. Pero para o sector o importante é que o Goberno galego governe, tome medidas e se deixe simplemente de botar balóns fóra e de non dar ningunha resposta que os galegos e galegas necesitan.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Sen máis, moitas grazas, señoras e señores deputados. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

Agora voulle dicir unha cousa.

Ben, aceptando eu efectivamente o erro —porque os erros hai que recoñecelos—, tamén, señor Caballero, vostede puido pedir a alusión no debate, cando se estaba debatendo iso. Pero, ben, eu xa sei por que é isto, porque a tribuna á fin e ao cabo é a tribuna e vostede sabía que tiña unha intervención despois, pero o normal é que o tivera pedido no debate da anterior. Todos nos imos coñecendo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Todos, todos, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* si, ¡home!, todos. Por favor, isto é unha cousa de lóxica, isto acabámolo de ver así. Pero, ben, non pasa nada. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Isto non é unha cousa que vaia a maiores.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Ben, respecto dos datos positivos —porque din que non hai datos—, hai un estudo recente que di que Galicia encabeza a demanda e o consumo de peixe, por riba doutras comunidades autónomas, e creo que niso haberá tamén algo de xestión positiva da Xunta. Pero xa sei que para vostedes os datos positivos sempre están á marxe, sempre á marxe. Se, ademais, agora de repente vemos que a campaña da mexilla ou que o sector bateiro vai ben, de repente vai desaparecer para a oposición; iso xa o sabemos. Nós estamos seguros de que dende a Xunta de Galicia e da Consellería do Mar se fai e se fixo moi boa xestión, e, polo tanto, por iso queremos exportar ese modelo de xestión ao Goberno de España. E por iso recomendamos que fagan cousas como as campañas de promoción, claro, que dende o punto de vista de que sexa accesible, por iso vai parello coa baixada do IVE.

Falábao a señora Pérez e ademais presenta vostede unha emenda dun foro específico ou unha mesa específica. Digo que hai unha comisión xa no Consello Galego de Pesca orientada tamén para este tema. Polo tanto, nós non o vemos necesario.



E, ademais, por este tema concreto da dificultade pola que están pasando agora varias empresas, que vostedes xa citaron, falou o sindicato Comisións Obreiras co Goberno galego —non falou nin a CIG nin UXT, non sabemos tampouco por que—. E, polo tanto, cremos que reclamar esa mesa —como tantas mesas que reclaman— pois non vai solucionar o problema. É outro —perdóenme a palabra ou permítanme a palabra— paripé do Bloque Nacionalista Galego.

Polo tanto, mire, xa que nomea vostede as empresas, esas empresas precisan axudas, precisan que o Goberno de España as tome tamén en serio, precisan esa baixada, precisan ese PERTE e precisan que agora neste momento se lles apoie tamén ante a Unión Europea, porque teñen excedente o almacenamento, que lles daría máis saída e aliviaría moito a situación a baixada deses prezos.

Señor Caballero, vostedes non están para falar de mobilidade —tamén falando do primeiro punto—, porque, mire, nin no máis lonxano nin no máis cercano, porque nunca estiveron tan mal os transportes ferroviarios, nunca estiveron tan mal xestionados dende un goberno, nunca tan mal funcionaron e nunca tan mal estivo o transporte e a mobilidade na cidade de Vigo, gobernada tamén polo Partido Socialista, nunca tan mal estivo e tan pouca importancia se lle deu. Polo tanto, vostede iniciou a súa intervención falando de mobilidade e contéstolle que non están para falar de mobilidade.

Imos ao tema da pesca. O Goberno de Galicia non está ausente, está orfo dun goberno de España, está orfo dun Ministerio de Pesca. Precisamente cando aquí falaban —non sei se a señora Pérez ou o señor Caballero— de que non se lle pedía o PERTE ou non mediaran, é que a Xunta de Galicia está permanentemente en contacto e está orfa dese Ministerio de Pesca, ao que tanto petamos ás portas dende o Parlamento e dende a propia Xunta.

E, por ignorar, nin ministros galegos ten un goberno, agora do Partido Socialista, apoiado polo Bloque Nacionalista Galego. Por ignorar, resulta que nos din que temos que escribir aos Reis Magos para pedir o AVE a Vigo. Por ignorar, recorren a Lei do litoral. Por ignorar, recorren o Plan de explotación marisqueira. Entón, ¿que me di vostede de que a Xunta ten competencias se o Goberno de España ignora absolutamente Galicia e ignora o sector pesqueiro?, ademais, con feitos, con declaracións e con accións, porque se nota, ademais, a diario no seu día a día.

Señores do PSdeG, non lles fan caso. Non lles fan caso en España, nin o ministro nin Sánchez. Antes votaban a favor da baixada do IVE, agora abstéñense, porque eu creo que agora Ferraz chama e xa lles di o que teñen que votar. Entón, non están defendendo os intereses de Galicia. E vostede fai aquí un mitin e fala moi ben e moi vehemente. Eu entendo que vostede coñece tamén o sector pesqueiro, pero é que non lles fan nin caso.

E, polo tanto, a nós o que nos vale é que hoxe vaian apoiar esta iniciativa pero que teña repercusión alí en Madrid. Polo tanto, buscando —non sei— algunha posición, algún posicionamento concreto con esa defensa que fixo o señor Caballero, a nós non nos vale se non temos a resposta de Madrid, non temos a resposta de Sánchez.



Eu non teño intención de confrontar. Eu quero facer unha reivindicación xusta. Eu quero que outra vez volva aparecer en España a pesca. Felicítome ademais porque no Senado hai unha Comisión de Pesca por primeira vez, e ademais vai ser o voceiro do Partido Popular unha persoa de Galicia. Porque realmente o resto de España no partido e no grupo maioritario no Senado sabe que Galicia é quen de xestionar a pesca e de ter o exemplo o resto de España. Polo tanto, non poden dicir que dende a Xunta se ignora cando estamos orfos absolutamente dun ministro de Pesca e dun goberno que teña interese.

A baixada do IVE, do arroz, dos produtos básicos, está ben, pero ¿que repercusión ten en Galicia?, ¿que conleva detrás? ¿Postos de traballo?, ¿empresas?, ¿sector primario? En Galicia, non; en Galicia non repercute. Alivia as familias, efectivamente, ese é outro punto da baixada do IVE ao peixe. Pero queremos tamén aliviar as peixeiras e os peixeiros, queremos aliviar os comercios, queremos aliviar os empresarios, non só as familias. E, polo tanto, para Galicia é moi importante que se baixe o IVE para que tamén todo o sector poida funcionar.

Señor Caballero, outro mitin, co recurso a míster bono —eu xa teño escoitado míster libros, non sei se cala ou non cala a súa frase estrela—, pero iso a nós non nos vale de nada. A intención é que os casos —como o de Fandicosta, do que falou vostede aquí, e os casos como dos que falou a señora Pérez— non se repitan ou se poidan frear, e para iso necesitamos a man amiga dun goberno amigo da pesca; e, lamentablemente, temos a Sánchez e temos o Bloque Nacionalista Galego, cómplice, que non apoian.

Non se senten arroupadas esas empresas polo ministerio neste momento. Hai que facer unha política de altura. Falaba antes das declaracións do presidente de Cepesca, que, ademais, sabe perfectamente que as ameazas son moitas. E temos que ir en conxunto. Efectivamente, Galicia pesa moito, pero temos que ir en conxunto.

Polo tanto, a baixada do IVE dos produtos do mar, PERTE para os produtos do mar e as empresas e intercesión ante a Unión Europea para evitar —digamos— a invasión de terceiros países. Sería fundamental para poder manternos a flote.

Grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¿A emenda do BNG, señora Egerique? (A señora Egerique Mosquera pronuncia palabras que non se perciben.) Non a acepta.

Seguimos coas proposicións non de lei. E pasamos á referenciada no apartado cuarto.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Otero Rodríguez e D. Eduardo Ojea Arias, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que volva ao diálogo co Goberno central para atopar vías dentro do marco xurídico que conduzan á transferencia de competencias sobre a ordenación e xestión do litoral en Galicia

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non de lei non se presentaron emendas. E para formulala, por tempo de dez minutos, ten a palabra a señora Otero.



A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Pois imos seguir falando de mar e da cadea mar-industria. Pero eu non podo pasar por alto o remate da intervención da señora Egerique, que falaba de que estamos orfos dese Ministerio de Pesca, dese ministro de Pesca, e falaba de promocionar o peixe. Pois eu quero recordarlle determinadas decisións que foron adoptadas polo Goberno do Partido Popular en Madrid que ían totalmente en liña contraria á que hoxe veñen aquí defender. Xa o dicía o meu compañeiro, o señor Caballero, que foron vostedes os que subiron o IVE ao peixe cando gobernaron; e foron vostedes tamén, señorías do Partido Popular, cando gobernaron, os que eliminaron o Instituto de Promoción do Peixe, ese FROM que tanto nos piden recuperar por parte do sector pesqueiro. E é algo, non é un compromiso —tamén o dixo o outro día o noso candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, o señor Besteiro, próximo presidente da Xunta de Galicia— que para nós recuperar este instituto eliminado por M. Rajoy é unha prioridade, por moito que se rían vostedes. *(Aplausos.)*

Miren, despois da lamentable intervención de onte da señora Vázquez —da conselleira—, na que viña —dicía ela— con toda a vontade de diálogo e de buscar consenso entre os tres grupos parlamentarios con representación nesta cámara para que apoiáramos a Xunta de Galicia en mandarlle unha carta ao Goberno central para que retirara o recurso de inconstitucionalidade interposto ante a Lei do litoral de Galicia, vimos que vontade de diálogo e de consenso, a verdade, non plantexou ningunha, porque ademais viña cun ton bastante altivo, en plan «nós imos gañar ese recurso». Quero recordarlle tamén o que aconteceu cando presentaron o recurso á Lei de cambio climático, tamén ían gañar e aí está a solución.

Polo tanto, nós hoxe vimos coa intención de buscar unha saída. Vimos coa intención de buscar unha solución legal e segura a un problema que creou a Xunta de Galicia, a un problema que creou o Partido Popular. Non había ningún tipo de problema, creárono e agora temos que ser nós os que veñamos a esta cámara propoñer solución a un problema que creou unilateralmente a Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

E non é moi difícil de resolver, señorías do Partido Popular. Verano nuns meses, cando o señor Besteiro sexa presidente da Xunta de Galicia, como vén para Galicia esta competencia e se resolve dun xeito máis fácil, sen tanta lea, sen tanta liorta como a que proclama o Partido Popular.

Porque, miren, eu preguntáballe onte á conselleira qué mudou, qué mellorou para a nosa cadea mar-industria dende hai uns meses que aprobaron vostedes unilateralmente esa norma neste parlamento. Todo o contrario, son problemas os que lle crearon á cadea mar-industria.

Polo tanto, agora que o Tribunal Constitucional vén de admitir a trámite ese recurso de inconstitucionalidade, quero recordar que presentado polo Goberno pero baseado nun ditame do Consello do Estado, que advertía que había vicios de inconstitucionalidade. Entón, eu, señorías do Partido Popular, preguntome: se hai un ditame do Consello do Estado que advirte de vicios de inconstitucionalidade, ¿que ten que facer o Goberno central? ¿Mirar cara a outro



lado e non presentar este recurso? Porque este recurso non é que directamente fora decidido unilateralmente polo Goberno central, é que está baseado nun ditame do Consello do Estado, que xa advertía tamén que as innumerables cláusulas da lei galega que deixan pendente a súa eficacia a que se traspase o exercicio de competencia é á súa vez unha irregularidade — non o dicimos nós, dío o Consello do Estado—.

Pero máis aló do xurídico, eu lanzo tamén hoxe outra pregunta. Cómpre preguntarse se con lexislar —como fixeron vostedes, señorías do Partido Popular— para introducir unha cláusula de deixar pendente a súa aplicación a que se reúna a Comisión Mixta e se faga o decreto de traspaso, ¿que se conseguiu con isto?, ¿que se mellorou?, se hoxe non é unha realidade a aplicación desta lei que está en suspenso e que, como se dicía onte aquí, é papel mollado.

Polo tanto, agora, que esta lei está en suspenso, que máis do 40 por cento desta lei está recorrida, pensamos que é hora de que o Goberno galego recapacite e volva á senda do diálogo e á busca de solucións, garantindo a viabilidade e a seguridade xurídica da nosa cadea mar-industria, tamén do resto das empresas e traballadores, así como para o conxunto da cidadanía galega. É o momento de pensar no ben común da cidadanía galega e non na confrontación entre administracións.

Porque eu onte tamén lle lanzaba á conselleira dicindo: poñámonos na situación de que o Goberno central está errado con este recurso de inconstitucionalidade, poñámonos nesa tesitura. ¿Non pensan que é de recibo, que é de xustiza que a nosa cadea mar-industria se merece que a Xunta de Galicia explore outras alternativas, as que están contempladas na nosa Constitución, para poder conquistar esta competencia plena para Galicia? ¿Non pensan que o sector se merece ese esforzo, ese baixarse da burra, deixar ese empecinamento por parte da Xunta de Galicia? Nós cremos que si, porque nós estamos de acordo en que a competencia sobre a ordenación e xestión do litoral ten que vir para Galicia. A diferenza do que fixo o Partido Popular e a Xunta de Galicia, nós levamos demandando o traspaso desta competencia —como dicía— xa dende a época do presidente Touriño. A Xunta empezou a reclamar esta competencia hai uns meses. Pero sorprendeunos tamén que durante sete anos que coincidiron gobernos do Partido Popular na Xunta de Galicia e gobernos do Partido Popular no Goberno central este asunto non estivera enriba da mesa nin se tivese feito ningunha reclamación ao respecto por parte da Xunta de Galicia.

Dende logo que lle damos a benvida a esta petición de transferencia, pero emprazamos o Partido Popular e a Xunta de Galicia a volver á vía do diálogo, da cordura, do sentidiño, para facer ben as cousas e garantir a seguridade xurídica.

É preciso que a Xunta de Galicia se sente a falar co Goberno central, porque hai vías legais, rápidas e seguras para obter esa transferencia de ordenación e xestión do litoral. Outras comunidades autónomas —ata catro— xa teñen esta transferencia. ¿Por que Galicia non a ten? Porque a Xunta de Galicia non a quere, pídea coa boca pequeniña e empregando unha vía que non sabe que non é a legal.

Polo tanto, a Xunta de Galicia debe respectar a legalidade e negociar co Goberno de España para reclamar as competencias do xeito correcto. Nós onte diciámoslle á conselleira: hai tres



vías. A reforma exprés do noso Estatuto de autonomía, para clarificar a cuestión e asegurar o tema ao 100 por cento; é a vía que a nós, aos socialistas, máis nos gusta, porque é a que dotaría dunha maior seguridade xurídica; tamén o propio Consello Consultivo no seu informe se decantaba por esta vía como a máis segura. Pero se non queren acudir a esa vía, pois acudan á segunda vía que contempla a Constitución, que é a vía da Lei orgánica de transferencia de competencia. E se tampouco lles vale esa segunda vía, pois a terceira, que é a da convocatoria e celebración urxente da Comisión Bilateral Xunta-Estado e aí viabilizar o traspaso efectivo desta competencia.

Xa lles dicíamos: escollan unha das tres vías, nós non lles impoñemos ningunha, escollan calquera das tres vías e nós estaremos aí para apoiar calquera destas decisións que adopte a Xunta de Galicia, pero, claro, sempre dentro do marco constitucional, como non podía ser doutro xeito.

Pero, claro, a vía da unilateralidade tomada pola Xunta é unha mostra máis de que, en realidade, non lles importa nada ter as competencias. Téñeno demostrado ao longo destes catorce anos de goberno, non foron quen de pedir ningunha competencia ao Estado, nin sequera cando en Madrid tamén estaba a gobernar o Partido Popular, e agora éntanlles as présas con esta de ordenación e xestión do litoral e tamén moito as présas coa da AP-9.

Que, por certo, señor Balseiro, anuncia nesta cámara que ese debate vai ter lugar no vindeiro pleno e aínda, que eu saiba, non debatemos en comisión o ditame desa ponencia. ¡Ah!, aquí dá igual, os trámites *nos los saltamos a la torera*. Non, non, claro, eu quero recordarllo. Vostede acaba de dicir aquí en sede parlamentaria que imos debater no próximo pleno esa Lei orgánica de transferencia da AP-9. Eu quero recordarlle que onte se fixo aínda a orde do día da Comisión 2ª, pola que ten que pasar ese informe de ponencia e que esa comisión vai ter lugar despois de reunida a Xunta de Voceiros para facer a orde do día. Xa me dirán como argallan aquí para poder traer... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, vostede díxoo aquí na súa anterior intervención e eu quero puntualizar iso.

Polo tanto, vostedes enredando e nós pedimos que solucionen os problemas que vostedes mesmos crean. Polo tanto, unha vez máis, o único que parecen buscar con esta actitude no referente á Lei de ordenación do litoral é forzar unha nova confrontación co Goberno, esquecéndose de defender os intereses de Galicia e de dotar de seguridade xurídica a cadea mar-industria. E este comportamento, señorías do Partido Popular, é populista, irresponsable e provoca —este si que provoca— unha grande inseguridade xurídica, que ao final termina pagando a cidadanía galega. Porque ¿quen ganou con esta actitude do Partido Popular e da Xunta de Galicia?

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Pois o Partido Popular, que agora xa ten un novo argumento de cara ás eleccións autonómicas dicindo que Pedro Sánchez discrimina a Galicia.

Retaba eu onte a conselleira a que deixara á Presidencia desta cámara as declaracións do señor Pedro Sánchez nas que nega este traspaso de competencias. Non as pode deixar,



porque non as hai. Polo tanto, hoxe, se realmente queren este traspaso de competencia, a nosa iniciativa vai para buscar solucións. E di: o Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a volver á senda do diálogo co Goberno central para atopar solucións dentro do marco xurídico co obxecto de acadar para Galicia a transferencia da competencia sobre a ordenación e xestión do litoral da nosa Comunidade Autónoma.

Se apoian esta iniciativa, amosarán, entón, que si realmente queren este traspaso de competencia.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra don Xosé Luís Bará Torres.

Antes de darlle a palabra ao señor Bará, se non teño mal anotado, dámoslles a benvida aos alumnos e alumnas de 5º e 6º de primaria do CEIP Plurilingüe San Bartolomé, de Vilanova de Arousa. Benvidos ao Parlamento de Galicia, á Casa de todos.

Agora si, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Desde o BNG queremos tamén darlle a benvida ao colexio de Vilanova de Arousa, porque ademais estamos falando dun tema que é o do litoral, o das competencias sobre o litoral e da costa, que teñen moito que ver coa actividade económica, co traballo en concellos como o de Vilanova de Arousa.

O que temos que dicir a respecto desta proposta do Grupo Socialista é que nos ten así un ton un tanto —intento, polo menos— autoexculpatorio, pola responsabilidade evidente que ten o Grupo Socialista, o Goberno central, na situación na que estamos, compartida co Partido Popular.

E claro, o que nos chama a atención é que poñan sobre a mesa alternativas, entre elas unha lei orgánica de transferencia das competencias, que está prevista na Constitución, e que onte se abstiveran na proposta que presentou o BNG para que fora trasladada ao Congreso dos Deputados para aprobar esa mesma lei orgánica de traspaso das competencias para que Galiza teña as competencias en materia de xestión do litoral, é dicir, das autorizacións e das concesións no dominio público marítimo-terrestre para que se poidan desenvolver aí as actividades que son necesarias, que teñen que ver co mar.

O que revela esta proposta é unha certa mala conciencia por parte do Grupo Socialista e tamén unha certa incoherencia e unha certa incomodidade. Mala conciencia porque o primeiro que tiñan que facer vostedes aquí publicamente era pedirlle ao Goberno central que retire o recurso presentado diante do Constitucional contra unha lei galega que o que fai é desenvolver as competencias, aínda que esteamos en desacordo con moitos aspectos desa lei, previstas no Estatuto sobre a ordenación do litoral.



E, claro, apelan vostedes á Comisión Bilateral de Cooperación. Pero teño aquí as normas da Comisión Bilateral de Cooperación (*O señor Bará Torres mostra un documento.*) e o que di literalmente este regulamento é que pode ser solicitada por calquera das partes. E aquí ninguén tivo interese en reunirse, en dialogar, en chegar a acordos, porque están máis cómodos na confrontación.

E teño que dicirles, ademais, que lamentamos que moitas veces o Partido Socialista compita en posicións centralistas co Partido Popular, (*Aplausos.*) como fixo o secretario de Estado nesta materia. (*Murmurios.*) É así, é así, é así. E a vostedes, ademais, hai que arrincarlles literalmente as competencias, porque non as queren soltar, porque, no fondo, PP e PSOE son como dúas pingueiras de auga que se replican entre si e que cumpren o mesmo papel, porque responden aos intereses do Estado profundo, o Estado profundo que non quere soltar as competencias. E hai que arrincarllas literalmente. E por iso o BNG puxo no acordo de investidura a transferencia de todas as competencias pendentes. Porque para iso está o BNG en Madrid, para negociar, para chegar a acordos e para sacar melloras para este país; e tamén para o seu sector marítimo-pesqueiro, para o seu mar.

E o paradoxo aquí é que o Partido Popular se alporiza moito porque o PNV negocia co PSOE a transferencia destas competencias e critica que o BNG faga o mesmo; parécelle mal que o BNG faga o mesmo. Di que o PNV conseguiu a transferencia das competencias e o BNG, que puxo tamén no acordo a transferencia das competencias, resulta que o fixo moi mal. ¿Por que? Porque a vostedes, no fondo, moléstalles este papel que ten o BNG de chegar a acordos e de conseguir melloras para Galiza. E o que deberían facer é apoiar estes acordos e non, como fan vostedes, poñer atrancos e poñer paus nas rodas, que é o que levan facendo todo este tempo.

E, ademais, o Partido Popular non é en absoluto crible nesta materia, porque vostedes tiveron tempo dabondo para conseguir esta transferencia. É que llelo recordamos outra vez. Estiveron vostedes gobernando, levan gobernando en Galiza catorce anos. Estiveron máis de seis anos gobernando en Madrid, o señor Rajoy, entre 2012 e 2018, e tiveron tempo a chegar a un acordo para a transferencia desta competencia, que vostedes dicían que era tan importante. E, ademais, din agora que é súper fácil de facer. ¿Pero que estiveron facendo todos estes anos? O que estiveron facendo é ser incompetentes, ser incapaces de conseguir ningunha competencia para Galiza. O seu balance en catorce anos é cero patatero, cero transferencias en catorce anos. (*Aplausos.*)

E agora, agora que se abre unha porta a facer esta transferencia, pola negociación do BNG, o que fan é poñer atrancos, poñer vetos, como fixeron onte tamén á outra opción que propuxo o BNG desa transferencia vía lei orgánica. Pero teñan en conta unha cousa, teñan clara unha cousa: non lles poñen atrancos aos acordos do BNG. A quen lle están poñendo atrancos é a Galiza, ao seu sector marítimo-pesqueiro, (*Aplausos.*) á xente que vive do mar, na nosa costa, que quere desenvolver aí os seus proxectos económicos e tamén a súa actividade social e de lecer.

E claro, tamén, como dixemos onte aquí, hai un plan B, aquí hai unha intención oculta. Porque se instalan vostedes, o Partido Popular da bronca, o Partido Popular da bronca



dirixido polo señor Rueda, que é un mestre da bronca, e, claro, ten unha alumna avantaxada, porque onte vimos aquí a señora Ángeles Vázquez, que está aprendendo dunha maneira acelerada a practicar a bronca e a confrontación. Pois ben, como son o Partido Popular da bronca, queren realmente bronca e confrontación por electoralismo, e tamén para desviar a atención dos problemas que ten o noso mar, dos gravísimos problemas que ten o noso sector marítimo-pesqueiro. Xa llelo dixemos onte: vostedes poñen todo o foco neste tema para que non se fale da gravísima situación que temos nas rías, do auténtico desastre, da situación crítica que está vivindo o sector pesqueiro e marisqueiro, sen que a Xunta sexa capaz de poñer enriba da mesa axudas para este sector; da situación gravísima de contaminación das nosas rías, que é unha competencia directa do Partido Popular, que é incapaz de investir todos os orzamentos que están previstos para esta materia. E téñolles aquí os datos, que son absolutamente demoledores, do que vostedes non son quen de facer. E non me estraña que intenten desviar a atención.

Miren, partida de planificación e xestión hidrolóxica, 542A. No ano 2022 esta partida tiña 68 millóns de euros e vostedes metéronlle un recorte de 43 millóns de euros; e no ano 2021 outros 11,4 millóns de euros. Coa cantidade de obras necesarias en materia de planificación e xestión hidrolóxica, de abastecementos de auga, de saneamento das rías, vostedes recortan o orzamento de planificación de augas no ano 2022 en 43 millóns de euros. ¡Vaia Goberno, vaia desastre, vaia desbaraxuste!

Ou en tema pesqueiro, de infraestruturas pesqueiras: recorte de 6 millóns de euros, de 11,4 —máis da metade da partida— en regulación de producións e dos mercados da pesca, recorte de 3,8 millóns de euros en planificación. E no ano 2021, igual: infraestruturas pesqueiras, recorte de 4,7; regulación das producións da pesca, 6,3 millóns menos; desenvolvemento sostíbel das zonas de pesca, vostedes aplican un recorte de 5,5 millóns de euros, dunha partida de 13,6. É dicir, que son incapaces de investir o que teñen posto no orzamento para mellorar a situación das zonas de desenvolvemento sostíbel da pesca.

Este é o balance do Partido Popular, isto é do que hai que falar, da súa incapacidade para atender o que son as súas competencias, señorías do Partido Popular, en temas que teñen que ver co marisqueo e coa pesca.

Polo tanto, o BNG vai seguir defendendo que Galiza ten que ter as plenas competencias en materia de costas, en materia de litoral, en materia marítimo-pesqueira —xa llelo dixemos hoxe—, pola importancia esencial que ten este ámbito para a nosa economía, para a nosa identidade e para o noso futuro. Porque somos o territorio do Estado que ten máis quilómetros de costa (2.555), porque o sector marítimo-pesqueiro move máis de 8.000 millóns de euros e porque representamos a metade do traballo marítimo-pesqueiro en todo o Estado e a décima parte da Unión Europea; somos unha grande potencia marítimo-pesqueira e queremos seguir sendo.

E para iso temos que ter as máximas competencias nesta materia, e por iso o BNG non vai parar ata conseguilo. E imos facer toda a nosa forza, sexa no Congreso dos Deputados ou sexa desde o Goberno galego, para conseguir todas esas competencias, e non só as do litoral, senón todas as competencias que teñen que ver co mar e a costa, tamén as que teñen que



ver coa inspección pesqueira, coas titulacións marítimo-pesqueiras, coa practicaxe, co salvamento marítimo ou cos organismos de investigación mariña, que aínda seguen sendo de competencia estatal moitos deles e que son imprescindíbeis para tamén coñecer o que está pasando no noso mar, na nosa costa, nas nosas rías como consecuencia do cambio climático, que é unha realidade que ameaza tamén o equilibrio dos ecosistemas, a biodiversidade das nosas rías e da nosa plataforma continental e que debe ser tamén unha preocupación prioritaria e máxima dun futuro Goberno galego, que o BNG está preparado, en condicións de dirixir.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Bará.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia. Ten a palabra dona Begoña Freire Vázquez.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Grazas, presidenta.

Bos días a todos e a todas, señorías.

Unha puntualización antes de entrar ao fondo do asunto: o debate da Lei da transferencia da AP-9 está incluído na orde do día da próxima comisión. E se vostedes sinceramente non se falan cos membros da mesa, é un problema que terán que resolver vostedes.

Penso tamén, señora Otero, que non está facendo o señor Besteiro moitos puntos como candidato á Xunta de Galicia. A primeira, dar instrucións ao Partido Socialista de Galicia nesta cámara para non apoiar a Lei do litoral. Outra cousa: que falen vostedes de vía constitucional, de marco constitucional, ten tela co que negociaron en contra da Constitución. Pero ben, imos ao tema.

Presenta o Partido Socialista de Galicia unha iniciativa para que, segundo di, o Goberno galego recapacite e volva á senda do diálogo co Goberno central ao respecto da Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia. Sinceramente, ou tentan tomarnos o pelo a nós e a todos os galegos e galegas ou non teñen vostedes vergoña ningunha e dálles igual facer o ridículo; (*Murmurios.*) si, señora Otero, facer o ridículo. En primeiro termo, non sei como sería posible que o Goberno galego volva á senda dun diálogo que nunca existiu por parte do Goberno central. Señora Otero, vostede sábeo: nunca o Goberno central procurou con Galicia o diálogo, senón todo o contrario.

Pero imos dar un repaso para desmontar as súas mentiras, señores e señoras do Partido Socialista de Galicia, porque vexo que mimetizan moi ben co señor Sánchez.

Cando se empezaba a tramitar a lei e se remitiu o anteproxecto da lei á Administración do Estado, o Goberno de Sánchez, en vez de analizar a norma e o seu articulado e no seu caso facer as consideracións que estimase oportunas, o que fixo foi remitir á Xunta de Galicia un folio e medio. O Goberno central despachou o Anteproxecto da lei do litoral, transcendental



para Galicia, con folio e medio; folio e medio plagado de demagogia, recortes de sentenzas do Constitucional obsoletas, sen análise de ningún tipo do articulado e rematando con que Galicia non tiña competencia; por certo, alegacións remitidas aos poucos días de que nos estivesen acusado dunha declaración de independencia. Tampouco o Goberno de Sánchez tivo a consideración de solicitar a previa Comisión Bilateral antes da interposición do recurso ante o tribunal, un instrumento xuridicamente habilitado no que se poderían ter discutido os artigos controvertidos en aras a chegar a unha solución consensuada; unha comisión, señora Otero, que lle recordo que ten que solicitar quen recorre a lei, ou sexa, a parte recorrente. Este recurso da Comisión Bilateral é a regra xeral, a que se fai sempre, a que utiliza tamén a Xunta de Galicia, actuando con lealdade entre administracións, e a vía que utilizou, si, con Cataluña o Goberno central para dirimir discrepancias precisamente na súa lexislación do litoral.

Pero a realidade é que o Goberno de Sánchez xa tiña máis que decidido desde o inicio que acudiría ao recurso directo ante o Tribunal Constitucional sen pasar pola Comisión Bilateral; xa tiña pensado consumir o recurso directamente sen tentar ningunha vía de diálogo. Sen perder tempo, o mesmo día que se publicou a Lei do litoral no *DOG*, o 13 de xullo, o Ministerio de Transición Ecolóxica xa emitira informe para acudir ao Constitucional directamente. O 27 de xullo, uns días antes da entrada en vigor da lei, o Goberno xa solicitara o ditame do Consello de Estado para interpoñer o recurso, recoñecéndoo no texto —escoite ben, señora Otero —: «*No se ha hecho uso de la facultad de abrir un periodo de negociaciones para la resolución de discrepancias previsto en el artículo 33.2 de la Ley orgánica 2/1979, de 3 de octubre, del Tribunal Constitucional*».

No propio ditame do Consello de Estado recoñécese que o Goberno declinou a posibilidade de constituír unha comisión bilateral; literalmente, dise que o Goberno rexeita tal posibilidade. Ademais, isto fíxose cunha clara e premeditada intencionalidade: impedir que a nosa Comunidade tivese a posibilidade de anular os preceptos presuntamente inconstitucionais e impedir que o Consello de Estado concedera a Galicia o correspondente trámite de audiencia.

¿Refírese vostede a este diálogo, a esta cooperación, a esta lealdade institucional, señora Otero? Non houbo nunca intención de diálogo por parte do Goberno de Sánchez, e vostede sábeo. Esta é a realidade, non as mentiras que vostedes tentan vender para salvar a cara.

Isto está acreditado, hai probas fehacientes e hai proba documental; os papeis non menten, vostedes si. Tentan vostedes salvar os mobles, pero o mal xa está feito. Ninguén lles vai comprar o argumentario-relato do delegado do Goberno en Galicia nin do candidato o señor Besteiro. Non son cribles, señorías do Partido Socialista, e non son cribles porque todo o mundo sabe que non son de fiar, xa non enganan a ninguén. Entre as mentiras que se converten en cambios de opinión, xa ninguén sabe a que aterse con vostedes. Os cambios de opinión de Pedro Sánchez xa sabemos a que obxectivo obedeceron, e os cambios de opinión dos socialistas galegos, concretamente respecto da Lei do litoral, tamén sabemos a que obedecen. Pero é importante que o recordemos tamén, para facer memoria.

Cando a nosa lei foi aprobada no Consello da Xunta, o 27 de abril, o señor Formoso anunciou que os socialistas galegos ían apoiar a norma nesta cámara. Dixo textualmente: «A defensa



dos servizos públicos e dos intereses do tecido produtivo de Galicia está por riba de todo, mesmo por riba do partido. A lei é unha oportunidade para preservar a sustentabilidade do sector.» Poucos días despois, o 2 de maio, foi emendado e corrixido polo señor Besteiro, que dixo que a norma presentada pola Xunta non garante a seguridade xurídica e instou o Executivo galego a acudir á reforma do Estatuto para conseguir estas competencias. Seguro que o señor Besteiro xa tiña estudado os setenta e cinco artigos da lei nesta data. Pois ben, de anunciar o voto a favor da lei, porque era necesario preservar o litoral e outorgar seguridade xurídica á cadea mar-industria, pasaron vostedes á abstención. Agora, para os socialistas de Galicia a Xunta está incumprindo a Constitución coa Lei do litoral, cando a lei saíu deste parlamento sen emendas á totalidade e sen ningún voto en contra. Pasaron vostedes de dicir que ían defender a Lei do litoral, porque outorgaba a seguridade xurídica, a defender o Goberno de Pedro Sánchez. Pasaron vostedes de dicir que ían defender o noso litoral e o noso autogoberno a defender a quen ataca o noso litoral e o noso autogoberno. Pasaron vostedes de dicir que ían defender os intereses do tecido produtivo de Galicia, porque estaban por riba de todo, mesmo por riba do seu partido, a defender un Goberno central que ataca os intereses do tecido produtivo de Galicia. Pasaron vostedes de dicir que ían defender a Galicia a ir en contra dos intereses de Galicia, traizoando a Galicia, señores e señoras do Partido Socialista de Galicia.

E despois tamén din que confrontamos co Goberno de Pedro Sánchez. É que non nos queda máis remedio, señora Otero. Oxalá non tivésemos que confrontar, pero, se se ataca a Galicia, se agravia a Galicia, se discrimina a Galicia, a nosa obriga é defender a Galicia. Se se regalan 16.500 millóns de euros a Cataluña a custa das demais comunidades autónomas e se se impugna a Lei do litoral de Galicia e non se fala coa Xunta, seguir a previa Comisión do Litoral, a nosa obriga é defender a Galicia e defender os intereses dos galegos e das galegas. *(Aplausos.)*

Debería confrontar tamén o Bloque Nacionalista Galego polo menos un pouquiño máis, porque ningunha liña vemos no pacto de investidura sobre os medios e servizos para a xestión do litoral. O PNV fíxoo; vostedes nada. Penso... *(Murmurios.)* —ben, déixeme seguir, porque xa terá vostede oportunidade de falar— que a foto de familia a cambio de nada non merece a pena, pero así imos con vostedes. Sánchez vende España e o BNG regala Galicia.

Ao Partido Socialista de Galicia non lle digo que confronte co Goberno socialista da Moncloa publicamente. Está claro que lles deron instrucións para non apoiar a Lei do litoral de Galicia. Non sei se é unha boa decisión do señor Besteiro, do candidato socialista, porque Galicia toma nota. Pero poderían vostedes, señores e señoras do Partido Socialista de Galicia, dialogar co seu Goberno, co señor Besteiro, para que reorienten a súa posición, para que recapaciten sobre a súa posición. E dígollelo moi claro, moi clariño: se non van vostedes axudar, deixen de enredar.

Señorías, queda claro o que exige Galicia, o que exige o Goberno galego. Díxoo onte na súa comparecencia a vicepresidenta segunda a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda: o Estado debe retirar o recurso de inconstitucionalidade contra a nosa Lei do litoral de Galicia. Quedou en evidencia que non é necesario reformar o Estatuto para completar os trasposos pendentes a Galicia en materia do litoral. Estao recoñecendo abertamente o Goberno de Pedro Sánchez nese acordo co PNV e coas cesións ao País Vasco.



Para rematar, mire, poderíamos entender que, se hai algúns artigos, parágrafos e incluso puntos e comas que foran controvertidos, se acudise polo Goberno central á Comisión Bilateral, que sería o seo para discutilo e tentar chegar a un consenso. Pero o que non podemos entender, baixo ningún concepto, é que se acudise directamente ao recurso de inconstitucionalidade e menos consentir o agravio comparativo do trato discriminatorio a que se somete Galicia polo Goberno de Sánchez e con esa cesión das competencias de ordenación e xestión do litoral ao PNV, ao País Vasco, no pacto de investidura. Dígalle ao seu Goberno que retire o recurso contra a lei.

Falaba a señora Otero de vías de solución. Pois eu vou darlle as vías de solución. Reforma do Estatuto, dende logo non, porque Galicia ten as competencias no artigo 27 do Estatuto de autonomía de Galicia e non imos reclamar algo que xa temos. A lei orgánica de transferencia, pois tampouco, pola mesma e sinxela razón. A Comisión Mixta de Transferencias é o trámite elixido e que elixiu Galicia.

Polo tanto, retiren o recurso de inconstitucionalidade e xa pediremos a Comisión Mixta de Transferencias para que se poida facer ese real decreto, un trámite sinxelo, e conseguir os medios e servizos para a xestión do litoral de Galicia.

Máis nada e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Peché da autora da proposición non de lei. Ten novamente a palabra a señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Mire, señora Freire, nós ao señor Besteiro non lle imos pedir que recapacite, porque o señor Besteiro ten moi claro como se solventa este tema e o señor Besteiro, cando sexa o vindeiro presidente da Xunta de Galicia, terá que arreglar o problema que vostedes crearon unilateralmente. *(Aplausos.)* Non se preocupe, dentro duns meses o tema estará solucionado, porque hai solucións dentro do marco constitucional que son viables, que son legais, que son seguras e as que vostedes unicamente, por sacar tallada política, se negan a explorar.

Mire, señora Freire, vostede veu aquí a esta tribuna criticando que se Besteiro tiña estudado o 75 por cento da norma cando fixo estas declaracións... *(Murmurios.)* Díxoo vostede aquí. Claro, mire, eu non sei se Besteiro tiña estudado o 75 por cento da norma cando fixo esas declaracións; díxoo vostede aquí. O que teño claro é que o señor Besteiro sabe que as sentenzas non teñen data de caducidade, señora Freire. Porque vén vostede aquí dicir que empregabamos sentenzas de tribunais que estaban obsoletas. Señora Ferreiro, vostede é avogada, ¿non?, debe levar bastante tempo sen exercer para facer estas declaracións aquí en sede parlamentaria, porque eu por primeira vez sei que as sentenzas teñen data de caducidade. Non o escoitara —a verdade— na miña vida e tampouco no meu paso pola Facultade de Dereito. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Teñen? ¡Ah!, teñen, vale.



As sentenzas teñen data de caducidade, vale. Dixit señora Freire. Mire, é que, claro, o falar non ten cancelas.

Tamén onte a conselleira dicía: claro, é que o Goberno deunos poucos días para contestar o recurso de inconstitucionalidade. Señora Freire, fale tamén coa conselleira. Non é o Goberno o que dá un prazo para contestar a un recurso de inconstitucionalidade, o que empraza é o propio órgano xudicial, e nese caso o Tribunal Constitucional, e co prazo que lle marca a lei. Claro, é que a consellería chegou a dicir aquí que Pedro Sánchez *no me da más tempo para contestar el recurso de inconstitucionalidad*. Pero é que, claro, chéganse a dicir unhas determinadas barbaridades aquí en sede parlamentaria que a verdade é que debería de poñérselle a cara colorada.

Pero, claro, é que estamos moi acostumados a que vostedes ultimamente falen moito tamén dos xuíces, do Tribunal Constitucional, porque quero recordarlle unhas declaracións, tamén moi desafortunadas, do conselleiro do Mar. O señor Villares dixo: «O Tribunal Constitucional vai dicir o que lle diga o Goberno.» ¿Si? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Aquí din que si. Pois entón falen coa conselleira, porque onte estaba pletórica e dicía: imos gañar este recurso.

Polo tanto, aclárense. A conselleira di que van gañar o recurso que interpuxo o Goberno central e outro conselleiro —é ben certo que están sentados así como en bancadas distintas— dixo que o Tribunal Constitucional vai dicir o que lle diga o Goberno. Aclárense. E tamén díganlle ao señor Tellado que o Tribunal Constitucional non é un tribunal de parte, porque vemos que están nesa deriva por parte do Partido Popular, que todo serve con tal de enganar.

Mire, nós hoxe vimos aquí cunha proposta construtiva, para intentar buscar unha solución a un problema que vostedes crearon. Nós o que lles pedimos é, que dentro das canles que están marcadas na nosa Constitución, ¡home!, señora Freire, respéctena un pouquiño, vostedes que din que a defenden tanto, pero deféndena coa boca pequena.

Porque, mire, claro, din: o Goberno central presentou ese recurso de inconstitucionalidade, baseado ¿no que? Nun ditame do Consello de Estado. ¿Que vai facer se lle di que hai vicios de inconstitucionalidade? Ante un ditame tamén do Consello do Estado advertindo de que hai vicios de inconstitucionalidade nunha norma, ¿que tería feito o Partido Popular se estivera a gobernar en Madrid? Vostede, coma min, sabe que tamén presentaría este recurso. Polo tanto, non enganen.

Pero eu o que lle digo é: miren, Pedro Sánchez vai seguir gobernando catro anos, gústelles ou non lles guste, señora Freire. Polo tanto, busquemos unha alternativa. Hai tres alternativas na Constitución, escollan a que máis lles guste, polo ben do sector, para que teñan esa seguridade xurídica. Claro, é que ¿de que serviu esta lei? Está publicada no DOG, pero está recorrida e está en suspenso; é papel mollado. A día de hoxe non teñen esa garantía xurídica que vostedes dicían buscar con esta lei.

Polo tanto, eu creo que lle debemos á nosa cadea mar-industria explorar, entre todos, entre todas, esas tres vías que marca a propia Constitución. E a Comisión Bilateral pode convocala



a Xunta de Galicia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Como que non pode, señora Freire? É que, claro, jé que aquí hai que escoitar tantas e tantas cousas!

Mire, non se preocupe, que estamos ao final do partido, xa resolveremos nós os líos que provoca a Xunta de Galicia coa súa mala xestión.

E dicía o señor Bará que nós tiñamos mala conciencia e por iso traíamos esta iniciativa. É que nós onte tampouco votamos en contra da proposta que vostedes trouxeron. Polo tanto, se contaran tamén co voto do Partido Popular, esa proposta saíría adiante, porque nós abstivémonos para intentar melloralala no trámite parlamentario. Porque, como xa lle dixen onte, creo que non foi...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...a mellor técnica lexislativa que empregaron, porque confundiron unha lei orgánica de transferencia de competencia cunha transferencia de medios dunha competencia xa asumida, e o que pretenderon —esa si era a súa mala conciencia— é branquear un erro do Partido Popular, que emprega as institucións ao seu antollo, e así o estamos a ver ultimamente.

Polo tanto, esta é unha proposta construtiva. Busquemos dentro desas tres vías a maior seguridade xurídica para a cadea mar-industria, e así si que quixerían realmente ter esta competencia, pero o que amosaron unicamente é que queren buscar esa confrontación, e interésalles agora ter esa confrontación co Goberno central de cara a sacar unha posible tallada nestas eleccións autonómicas. Pero non se preocupen, que non o conseguirán.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coas proposicións non de lei, neste caso a referida no apartado quinto.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Caballero Miguez e dous deputados/as máis, sobre a demanda ao Goberno galego das accións necesarias para garantir a continuidade da oferta formativa do campus universitario de Lugo

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición presentáronse dúas emendas: unha do Grupo Parlamentario Popular de Galicia e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Maria Sol Díaz Mouteira, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei.



Emenda de substitución.

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a revisar, tras 12 anos e de xeito consensuado coas tres universidades públicas galegas, o Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da comunidade autónoma de Galicia, nomeadamente no que se refire a estudantes de novo ingreso, de xeito que se garanta, dentro da autonomía universitaria, a continuidade dos estudos mencionados, todo elo coa finalidade de xerar confianza na comunidade educativa das facultades do Campus Terra e nos sectores produtivos directamente relacionados coas titulacións existentes no campus de Lugo».)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Substituír a o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento amosa o seu apoio á comunidade universitaria e ao conxunto da cidadanía de Lugo no rexeitamento unánime de calquera recorte na oferta de titulacións que actualmente se imparten no Campus Terra de Lugo.

Así mesmo, a Cámara insta a Xunta de Galiza a:

- 1. Modificar, en diálogo co Sistema Universitario Galego, o Decreto 222/2011 para suprimir a obriga de contar con 45 estudantes de novo ingreso como esixencia para manter a oferta de títulos. Neste senso, a Xunta de Galiza arbitrará medidas de discriminación positiva que favorezan o mantemento dos campus periféricos tanto nas súas funcións formativas como de investigación.*
- 2. Deseñar campañas públicas, xunto con outras administracións e coas universidades, encamiñadas a promover vocacións relacionadas cos perfís profesionais que se ofertan no Campus Terra e nos demais campus periféricos. »)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a proposición non de lei, ten a palabra, por tempo de dez minutos, don Luis Manuel Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señora presidenta.

Bo día de novo, señorías.

A principios do mes de novembro coñeciamos a intención da Universidade de Santiago de suprimir no campus de Lugo os graos de Paisaxe e Enxeñaría Civil, así como a conversión en interuniversitarios dos graos de Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria e de Enxeñaría Forestal e do Medio Natural, ademais da intención futura de eliminar o grao de Procesos Químicos.



Os catro primeiros títulos aos que me acabo de referir afectan a oferta educativa da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría, e o último, á Facultade de Ciencias do campus de Lugo.

As anteriores propostas entendemos que deben contar, e de feito contan, necesariamente, co rexeitamento de todos os estamentos sociais, económicos e políticos, posto que afecta o presente e o futuro do desenvolvemento da provincia de Lugo, e tamén que deberan contar co rexeitamento deste Parlamento de Galicia.

Ademais, estamos a falar de ensinanzas que son parte fundamental do propio campus de Lugo, ligadas á súa mesma creación, progresión e avances, e tamén ligadas ao tecido social e económico da provincia de Lugo, que, sendo eminentemente rural no sector agrogandeiro e forestal, ten un factor imprescindible para seguir avanzando. E por iso debe contar coa formación e a investigación universitarias propias no territorio.

Resulta tamén relevante, moi relevante, o compromiso da Deputación Provincial de Lugo e do Concello de Lugo coa Universidade de Santiago de Compostela e o campus de Lugo, o Campus Terra, que supera, no caso da Deputación de Lugo, amplamente o millón de euros ao ano. De feito, a de Lugo é a deputación provincial de toda España que máis recursos económicos achega ás universidades públicas. E o anterior fai máis inexplicable que a Universidade de Santiago adopte decisións de forma unilateral, sen ter en conta a institución provincial, cando esta xoga un papel fundamental na vida do campus dende a súa propia creación.

Resulta evidente, por outro lado, que, ante o grave problema de despoboamento que sufrimos, a fórmula non pode ser recortar e afastar estas ensinanzas, senón todo o contrario, amplialas e achegalas ao territorio para conseguir fixar e atraer poboación.

E tampouco resulta aceptable, neste caso, que se utilice como xustificación para suprimir graos o número de matrículas de alumnos, pois nun ámbito como a educación hai que priorizar tamén a rendibilidade social, o retorno que ten esa oferta académica para a sociedade e para o tecido produtivo en termos de transferencia de coñecemento, impulso e innovación e o desenvolvemento e a xeración de riqueza.

Imos analizar con máis detalle a perspectiva da situación que veño de describir.

No ano 1967 implántase a titulación de Enxeñaría Técnica Agrícola en Lugo na especialidade de Explotacións Agropecuarias, hai nada máis e nada menos que cincuenta e seis anos. No ano 1986 implántanse as outras tres especialidades de Enxeñaría Técnica Agrícola: Fruticultura e Xardinería; Mecanización e Construción Rural; e Industrias Agrarias e Alimentarias. No ano 1987, a titulación de Enxeñaría Agronómica. No ano 1990, a titulación de Enxeñaría Forestal en Lugo, a especialidade de Explotacións Forestais. No 1995, a de Enxeñaría de Montes. No 2003, a de Enxeñaría Técnica de Obras Públicas na especialidade de Transporte e Servizos Urbanos. E no ano 2003, a de Enxeñaría Técnica en Topografía.

Con respecto ao primeiro título que acabo de mencionar, o grao de Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria, habilita para exercer a profesión regulada de enxeñeiro técnico nas catro especialidades ofertadas.



Pero é que hai máis: o profesorado que conforma estes títulos participa en distintos grupos de investigación punteiros, entre os que temos que destacar o grupo Biomodem, con temas de traballo tan punteiros e necesarios para o desenvolvemento agrícola como agricultura de precisión, *smart pharming*, aplicación de enerxías renovables, sostibilidade e eficiencia enerxética no medio rural, gandería de precisión, mecanización de explotacións gandeiras, monitorización, modelización e control de variables ambientais, animais e produtivas en explotacións gandeiras, entre outras.

O programa Te-Bio, especializado na ordenación e planificación, tan necesaria nesta comunidade autónoma, do territorio e da paisaxe, cartografía e sistemas de información xeográfica, arqueometría e desenvolvemento rural, xeocomputación ou xestión da biodiversidade. Ou o Plan Proepla, de desenvolvemento rural de calidade de vida, dirección de proxectos aplicados aos sectores industrial, agroforestal e educativo.

E a calidade docente do título está recoñecida tanto a nivel autonómico como estatal e europeo, posto que conta co certificado EUR-ACE, concedido pola Rede Europea para Acreditación das Ensinanzas de Enxeñaría, que avala que un programa formativo cumpre cos estándares internacionais de calidade.

O grao de Enxeñaría Civil, que habilita para exercer a profesión regulada de enxeñeiro técnico en obras públicas, nas tres especialidades, ten unhas sinerxías importantes coas demais impartidas no centro. Están claras esas sinerxías, xa que compartir profesorado en certas materias coas titulacións agrícolas e forestais permite un enfoque máis verde da enxeñaría de construción en canto á construción sostible, economía circular, ecoloxía, etc., e coa titulación de Robótica, que dá un carácter máis tecnolóxico de programación e de automatización de procesos. Ao igual que o título anterior, este tamén conta co certificado EUR-ACE.

O grao de Enxeñaría Forestal e de Medio Natural habilita para a profesión regulada de enxeñeiro técnico e forestal, nas especialidades de Explotacións Forestais e Industrias Forestais, ademais das atribucións recoñecidas pola lexislación vixente.

Os profesores deste título forman parte dos dous grupos de investigación máis potentes do campus de Lugo: o grupo Uxafores, con traballos nos campos de planificación e xestión forestal, propiedades e aplicacións de madeira, sanidade forestal, incendios forestais, solos en canto á nutrición, contaminación e rehabilitación; e o programa Silvopast, un estudo de caracterización de sistemas forestais, aproveitamentos non madeireiros e multiplicación de especies forestais.

E o programa Pemade, que é unha plataforma tecnolóxica, recoñecida tanto a nivel nacional como internacional, polos seus traballos centrados na enxeñaría de madeira con fins estruturais.

Un caso moi singular é o grao en Paisaxe. Este grao en Paisaxe foi un título que chegou á escola para substituír o grao en Xeomática e Topografía. Tanto o título de grao en Paisaxe como a forma de impartilo, interuniversitario, compartido coa Universidade da Coruña, foi



unha decisión tomada directamente pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria naquel momento, e este título impártese de maneira que os dous primeiros cursos son en Lugo e o terceiro e cuarto na Escola de Arquitectura da Coruña. Certo que, transcorridos cinco anos da súa implantación, e cos datos baixos de matrícula, retírase da oferta, sen que ningún dos responsables que tomaron a decisión de implantalo e suprimir o outro dese ningunha explicación. Foi o primeiro título implantado no Sistema universitario de Galicia de forma interuniversitaria, coas dificultades e problemas que xerou esa implantación.

Un aspecto que deberamos ter en conta é a inserción laboral dos egresados dos títulos. Na actualidade, a inserción laboral dos graduados de Enxeñaría Agrícola, Enxeñaría Civil e Enxeñaría Forestal é moi elevada en toda España, e evidentemente tamén en Galicia, preto do cen por cen de inserción laboral. Segundo datos aportados polo propio Colexio de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de Lugo, só se cobre —atención, señorías— unha oferta de cada tres que se lles fan aos seus colexiados. E algo similar ocorre segundo informa o Colexio de Obras Públicas, xa que moitas das ofertas de traballo a profesionais quedan desertas. Polo tanto, as expectativas laborais dos egresados son moi positivas, e é algo que debера ser tido en conta.

Existe unha fortísima vinculación, como dixen antes, co tecido produtivo, coa cidade e coa provincia. As titulacións de grao e máster impartidas na Escola Politécnica Superior de Enxeñaría intégranse de xeito indiscutible no tecido produtivo da cidade e da provincia de Lugo.

Soamente no eido forestal Galicia concentra máis da metade das cortas de toda España, o 56,4 por cento no ano 2020, das cales máis da metade se orixinan na provincia de Lugo.

Outros aproveitamentos nada desdeñables nos que Lugo tamén sobresaе son os aproveitamentos micolóxicos, de mel, de plantas medicinais, castañas e noces.

Pero Lugo tamén é un referente no campo de turismo de natureza sostible. Uns datos soamente. Na provincia de Lugo temos o 57,1 por cento das reservas da biosfera de toda Galicia, un 37,5 por cento de monumentos naturais protexidos, un 50 por cento dos espazos privados de interese natural, un 30,5 por cento dos espazos de Rede Natura 2000 de especial conservación e un 25 por cento dos espazos de Rede Natura protexidos.

Obvio é dicir que, no sector agrícola de transformación dos produtos agrícolas, Galicia é a comunidade autónoma líder en produción láctea, destacando ademais a calidade en graxa e proteína por riba da media estatal. Lugo é a provincia que máis aporta neste campo despois da Coruña. Segundo os datos do Observatorio Galego de Calidade Alimentaria xa se transforma neste momento en Galicia máis do 63 por cento do leite producido nas granxas galegas, o que supón nada menos que un incremento do 50 por cento con respecto ao período 2016-2021.

Concluindo, porque sería imposible entrar en máis nivel de detalle no tempo do que dispoño, entendemos que resulta imprescindible que a Xunta de Galicia tras doce anos revise o Decreto



222/2011, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, nomeadamente, no que se refire a estudantes de novo ingreso, de xeito que se garanta a continuidade dos estudos mencionados. E todo iso coa finalidade de xerar confianza na comunidade educativa das facultades do Campus Terra, pero tamén nos sectores produtivos máis directamente relacionados coas titulacións existentes neste campus.

Entendemos, ademais, que o fortísimo compromiso amosado pola sociedade lucense que se instrumentaliza a través da Deputación Provincial de Lugo, que supera amplamente o millón de euros na colaboración anual, e do Concello de Lugo, cuxos titulares —o señor presidente da Deputación de Lugo e a señora alcaldesa de Lugo— amosaron con rotundidade a súa oposición a esta medida, debera facer reflexionar os representantes e responsables da Consellería de Educación, Ordenación Universitaria e Cultura, pero tamén da Universidade de Santiago de Compostela, sobre a adopción de medidas deste tipo de xeito unilateral. O feito de que neste momento esas decisións estean corrixidas e, polo tanto, eses títulos sigan a impartirse non garante de ningunha maneira que siga sendo así nos vindeiros cursos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Álvarez.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra dona Olalla Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Bo día a todas e a todos.

Eu —se mo permite, señor Álvarez e señorías— creo que este debate que temos hoxe aquí vai máis alá do Mapa de titulacións que se ofrece no Campus Terra, no Campus Universitario de Lugo. Creo que ten que ver co futuro da cidade; creo que ten que ver e moito co futuro do Sistema universitario do noso país, sobre todo, co mantemento do que se chaman os «campus periféricos»: o de Lugo, o de Ferrol e o de Ourense. E ten que ver tamén creo que moito co que queremos ser como sociedade e como país.

En Lugo levamos como campus universitario moitísimos anos defendendo a súa supervivencia e, sobre todo, a súa importancia no presente e no futuro de Galiza. O Campus Terra leva máis dunha década defendendo e, sobre todo, demostrando todo o que ten por dicir e que aportar ao interior de Galiza no presente e no futuro da sociedade galega, sobre todo se nos deixan. E digo se nos deixan porque unha vez máis —e esta non é a primeira— cae sobre o Campus Terra, sobre o Campus Universitario de Lugo, esa espada de Damocles coa ameaza de seguir recortando unha vez máis a oferta universitaria, a oferta de titulacións que nel existen. E non ademais calquera titulación —dicíao o señor Álvarez—, pois ameázase con recortar o corazón mesmo do campus coa Escola Politécnica, que foi a orixe nos anos setenta do propio campus universitario. Preténdese suprimir graos como o de Paisaxe, Enxeñería Civil e Procesos Químicos, ademais de modificar os graos de Enxeñería Agrícola e Forestal, que pasarían a compartirse con outros campus.



A xustificación unha vez máis —e insisto en que non é a primeira— é cumprir coas exixencias do Decreto 222/2011, que obriga a contar con corenta e cinco estudantes de novo ingreso cada ano. Isto pasou antes. Eu non sei se lembra, señor Álvarez —vostede e mais eu estabamos na Comisión 4ª na anterior lexislatura—, no ano 2019 o Bloque Nacionalista Galego trouxo aquí a supresión dese grao de Topografía Xeomática. Xustificaba daquela o Goberno do Partido Popular que había que eliminar esa titulación da oferta que existe no Campus Terra porque non había alumnado de primeiro ingreso suficiente. Hoxe, despois de que se cargasen ese título de Topografía Xeomática, hai doce galegas e galegos que teñen que ir a Ponferrada estudar unha titulación necesaria e fundamental para o presente e futuro deste país, porque vostedes decidiron que non pode haber esa oferta de formación en Galiza.

Eu non estou de acordo con algo que se di na iniciativa do Partido Socialista de que ese decreto de 2011 estea desfasado. Eu creo que cumpre perfectamente coa función para a que foi redactado e aprobado no ano 2011, que é seguir poñéndolle paus nas rodas, seguir poñendo atrancos e seguindo poñendo dificultades para ir achicando cada vez máis a oferta de titulacións formativas e de investigación do que se denominan «campus periféricos», como o de Lugo. O decreto do Partido Popular está, polo tanto, de plena forma e en plena vixencia para seguir concentrando os títulos nos campus denominados «centrais» e asfixiando esa chamada periferia, que, se mo permiten, non é tal.

Ao longo da última década, —insisto— o Campus Terra fixo todo, absolutamente todo o que se lle pediu para seguir adaptándose a esas novas exixencias. E volvo a ese grao de Topografía Xeomática, onde se fixera un plan de investimentos e un plan de axuste económico e formativo de catro anos, e ao que nin sequera se lle permitiu que se implantase na súa totalidade, porque xa lles esixiron a supresión desa titulación polo medio da súa aplicación. E fixérono —insisto— única e exclusivamente para seguir achicando unha oferta formativa, que agora a xente deste país ten que ir cursar a outra comunidade autónoma. Insisto en que o decreto está desfasado, cumpre perfectamente o obxectivo para o que vostedes o deseñaron no ano 2011.

Señorías, no Campus Terra fórmase e xérase coñecemento en materia agraria e forestal, si, pero tamén en construción civil, que ten moito de relación coa anterior —falamos de hidroloxía, de servizos urbanos...—; fórmase e invéstigase en sustentabilidade, na loita contra o cambio climático e en como seguir producindo alimentos de máis e mellor calidade no noso país nun contexto cada vez máis incerto ambientalmente.

Por iso, a proposta que formulamos desde o BNG a través da nosa emenda é clara: hai que revisar ese decreto, pero, sobre todo, hai que modificar e suprimir a obriga de que os campus periféricos teñan que contar con corenta e cinco estudantes de novo ingreso, porque eu xa non digo que sexa difícil senón imposible que se cumpra con eses corenta e cinco estudantes de novo ingreso. Por exemplo, no Campus Terra de Lugo, cun panorama demográfico que é o que é —están aí os datos do IGE e as previsións demográficas—, pero, sobre todo, nunha provincia e nunha cidade como a de Lugo, que teñen un déficit de infraestruturas e de comunicacións que o único que fai é lastrar o desenvolvemento social, o desenvolvemento académico e o desenvolvemento económico da cidade e da provincia.



Non hai tren a ningunha parte. Agora fálannos dunha intermodal, digo: ben, que nos vaian mantendo a estación de autobuses no centro mentres non van chegando os trens á estación de tren.

Non hai autoestrada a Compostela completa; cando se inaugurou o primeiro tramo eu tiña un ano, agora veño todos os días por ela a trozos. Levamos trinta anos esperando a que acaben esa autoestrada con Compostela.

E a única autovía que tiñamos ata o momento enteira porque para unir Madrid e A Coruña había que pasar si ou si por Lugo —temos a sorte de estar no medio—, agora o que levamos é máis dun ano con dúas pontes caídas e cun territorio comanche cheo de fochancas no tramo que vai desde Becerreá a Vilafranca do Bierzo.

Con ese panorama, ¿como vas garantir que haxa en cada un dos títulos de grao corenta e cinco estudantes de novo ingreso cada ano? E logo tamén corenta e cinco ¿por que?, ¿por que corenta e cinco e non corenta ou trinta e cinco ou trinta? ¿Vinte e cinco como ten Ponferrada? ¿Por que corenta e cinco? ¿Cal é a xustificación para que sexan corenta e cinco —insisto— e non trinta? Quero lembrar que a obriga de nova matrícula para os campus centrais son cincuenta; corenta e cinco para un campus periférico como Ferrol ou como Lugo, e cincuenta para o Campus da Coruña ou de Santiago de Compostela.

E insisto no das infraestruturas porque non é menor, pois o 64 por cento do estudantado matriculado este curso no Campus Terra de Lugo vén de fóra da provincia. E é moi difícil que a xente poida querer vir a Lugo estudar se non temos nin a conectividade para que poida desprazarse dentro do propio país.

Esa é a xustificación primeira, a dos corenta e cinco estudantes. Pero é que despois tamén se di que non se poden manter títulos que están duplicados. Para a universidade patrocinada por Abanca non había ningún problema para que as titulacións estivesen duplicadas. (*Aplausos.*) Pero en Lugo non se pode manter a Enxeñería Agrónoma ou a Enxeñería Forestal, porque xa existe con outras características pero noutras universidades e noutros campus.

Nós, desde o BNG, o que queremos é que esa exixencia dos corenta e cinco estudantes desapareza. Pero tamén poñer enriba da mesa medidas encamiñadas a garantir o mantemento do campus no presente e no futuro, tanto na súa actividade formativa como, sobre todo, na súa actividade de investigación. Medidas, polo tanto, que poñan en valor o traballo que se desenvolve nel e que acheguen á cidade o campus, porque vivimos a xente que vivimos na cidade de Lugo vivimos lamentablemente de costas ao campus e cada vez máis despois do peche por parte da Universidade de Santiago do edificio que o Vicerreitorado tiña ao lado da catedral.

O que precisa o Campus Terra son políticas de discriminación positiva que favorezan o mantemento da súa oferta formativa necesaria hoxe, pero máis necesaria aínda mañá, e ese labor incalculable que son os proxectos de investigación e os grupos que desenvolven o seu traballo vinculado ao sector primario e á loita contra o cambio climático no noso país. E tamén, por suposto, campañas públicas, como se desenvolven noutros ámbitos e noutras



áreas de formación, para inspirar fomentar vocacións profesionais relacionadas cos perfís que se ofrecen precisamente no noso campus, da mesma maneira que se fai con quen estuda para deseñar avións non tripulados ou para estudar Robótica.

En definitiva —e con isto remato—, desde o BNG temos claro que é preciso acabar coa ameaza permanente que supoñen os recortes no Campus de Lugo. Agora déronse un prazo dun ano. ¿Quen nos vai querer convencer de que dentro dun ano van desaparecer as mesmas razóns que xustificaban a supresión destes títulos, ese ataque directo ao corazón como é do Campus Terra e á Escola Politécnica Superior? O que hai é que acabar con esa ameaza que supoñen os corenta e cinco estudantes de nova matrícula no Campus de Lugo, pero, sobre todo, garantir a continuidade dun espazo de xeración de coñecemento tan importante para o tecido social e económico lucense, pero tamén para o conxunto do país. Porque o futuro do Campus Terra implícanos a todas e a todos. E desde o BNG hoxe tamén o que queremos é reafirmarnos no noso compromiso de defensa do Campus Terra, pero tamén e sobre todo do seu impulso no futuro.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Rodil.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra a voceira de Educación, dona Marisol Díaz Mouteira.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Grazas, presidenta.

Señorías, unha vez máis vén a esta Cámara a educación e unha vez máis vén non sei se cunha deliberada e consciente intención de confrontar, pero digo confrontar posturas diferentes, puidera ser que opostas. Pero nesta ocasión hai que destacar unha cuestión importante, que non é outra que o Goberno galego e este Grupo Parlamentario Popular estarán sempre ao carón dos intereses dos lucenses e, por suposto, das galegas e dos galegos.

Dicía que imos falar de educación, imos falar de universidade, imos falar do Campus de Lugo. E o Goberno galego, señor Álvarez e señora Rodil, e este grupo parlamentario tamén son conscientes da importancia e da transcendencia que os estudos que ofrece a Escola Politécnica Superior do Campus de Lugo ten para Lugo e da súa clara vinculación coa provincia e con Galicia.

É indubidable e indiscutible que os grupos parlamentarios traemos a esta Cámara iniciativas que mellor defendan as nosas propostas ou os nosos intereses que consideremos máis oportunos. Pero eu neste caso en concreto, señorías, quero apelar á prudencia. A política non pode impoñerse á universidade nin á educación, evidentemente. Porque, señorías, se de algo podemos estar orgullosos as galegas e os galegos é das nosas universidades. Galicia está, señorías, entre as tres comunidades que dedican maior proporción da súa riqueza a financiar as universidades públicas. E este financiamento ten que vir complementado con graos singulares de futuro, vinculados aos eixos de especialización dos campus e de grande inserción laboral, que permitan que o Campus Terra siga a medrar en alumnado na vindeira década.



Durante a última década, o Campus de Lugo xunto coas demais universidades deron un salto cuantitativo. Así, apostaron pola calidade docente, pola excelencia investigadora, por estreitar a transferencia co tecido empresarial. Falamos de Lugo, de agricultura, de gandería, de sector forestal; das potencialidades económicas da cidade, da contorna, da provincia; e, señorías, apostando tamén por unha maior especialización. Pero tamén a defensa dun campus concreto dos intereses das tres universidades galegas debe ter encaixe e coordinación coa defensa do resto de campus e universidades públicas de Galicia.

A oferta de graos e másteres do Campus de Lugo reestrutúrase e refórzase cada ano, seguindo o Mapa de titulacións, señorías, consensuado entre a Xunta e as tres universidades públicas, para atender a demanda e ofrecer ao alumnado titulacións atractivas e especializadas.

O Campus de Lugo, señorías, levaba unha dinámica descendente de caída de matrícula, que foi modificada a partir da reestruturación de titulacións e a oferta de novos títulos. A matrícula comezou, polo tanto, unha remontada, que se confirma coa entrada dunha media de cen alumnos a maiores no ano, ou sexa, matrícula que se vén incrementando nos graos, véñse mantendo de xeito estable nos másteres.

Segundo o actual plan de financiamento, que levou consigo dende 2017 resultados moi positivos, señorías, especialmente e precisamente para o Campus de Lugo, coa incorporación deses novos graos de alta demanda como Bioquímica, Robótica, Empresa e Tecnoloxía e Xestión Cultural, e substituíndo outros e permitindo que a cifra de alumnos do Campus de Lugo hoxe, señora Rodil, non estea achicaba, senón que estea a medrar notablemente.

Sería oportuno, señorías do PSdeG e do BNG, que fixeran un pouco de memoria e foran quen de recordar quen foi quen impulsou o Campus Terra de Lugo: a Deputación de Lugo gobernada naquel momento polo Partido Popular. (*Aplausos.*) ¿Como non imos apoiar a Universidade e o Campus de Lugo se naceu co impulso dun goberno do Partido Popular.

En todo caso, señora Rodil, ás veces a estratexia de confrontación ou incluso de crispar a sociedade, de crispar a propia comunidade educativa contra o Partido Popular, eu creo que non lle é rendible nin lle vai saír ben, porque non se pode poñer en cuestión en ningún momento cal é o posicionamento do Goberno galego e deste Grupo Parlamentario Popular.

E se hai que falar de discriminación positiva nos campus non centrais, hai que falar de discriminación positiva, señora Rodil; iso está fóra de toda dúbida. E así se reflicte en leis como as que fai o Partido Popular, que salvagardan os intereses xerais e non os duns poucos. E así se fixo coa Lei 6/2013, do Sistema universitario de Galicia, que no seu artigo 7 garante ese equilibrio territorial e os campus universitarios.

E foi precisamente no 2013 cando a Xunta de Galicia do Partido Popular puxo en marcha unha iniciativa pioneira en España, que foi o campus de especialización. E precisamente o Campus Terra de Lugo foi o segundo campus que acadou esta acreditación, para convertelo nun referente científico e social en ámbitos vinculados á sustentabilidade económica, social e medioambiental dos recursos da terra. Discriminación positiva que veu demostrada dende



o 2019 cando os campus como o de Ferrol e o de Lugo obtiveron a acreditación de excelencia e o financiamento correspondente que vén confirmar a dita discriminación. Pola contra, ningún campus central ten esta acreditación nin recibiu o financiamento correspondente a ela. Isto amosa palmariamente, señorías, as medidas de discriminación positiva en relación cos campus non centrais e, claro está, ao campus de Lugo.

E todo isto non co seu impulso, señorías, nin tampouco polas súas críticas constantes, nin tampouco polos ataques político-demagóxicos, senón polo impulso da Xunta de Galicia do Partido Popular. Iso non o esquezan porque estamos a falar dun investimento de catro millóns de euros de 2022 a 2025.

A Xunta de Galicia do Partido Popular, señorías, é perfectamente consciente da grande oportunidade para a provincia de Lugo que supón o Campus Terra, pola súa conexión co tecido socioeconómico, por establecer sinerxías co sector primario. É a Xunta de Galicia a que apoia o Campus de Lugo, está ao seu carón, pero sempre —e creo que iso é fundamental telo en conta— coa negociación e co acordo coa Universidade de Santiago de Compostela.

Pero non se inquieten as súas señorías porque teño máis argumentos que poden reafirmar o apoio indiscutible do Goberno galego e do Partido Popular ao Campus Terra de Lugo. E así foi, en xullo de 2022, cun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e a Universidade de Santiago, cun investimento tamén de máis de catro millóns de euros. *(Aplausos.)* Accións neste convenio, señorías, que recollen liñas que redundan nas actuacións do Campus Terra, como son a gobernanza —unha gobernanza dinámica e aberta—, a cooperación e a colaboración, a docencia e a comunicación, o desenvolvemento dun novo modelo de titulacións que permita contrarrestar o baixo número existente nalgúns graos e mestrados, a creación de novos másteres nas áreas de especialización do Campus Terra, a ampliación da formación continua tanto para alumnado como para egresados, nos que coñecen demandas existentes aliñadas coa especialización, e, señora Rodil, elaborar e desenvolver un plan de comunicación para reforzar a marca «Campus Terra».

Investigación tamén, señor Álvarez, reorganizando estruturas de investigación xa existentes e sacando rendemento, claro que si. E tratando sobre todo —como mencionou o señor Álvarez— que eses programas acompañen e reforcen as vocacións científicas, sobre todo non só dos docentes, senón dos mozos e mozas investigadores, e tamén atraendo e consolidando talento, e fomentando nesas liñas, nese convenio esa interacción co tecido produtivo social e tecnolóxico, con maiores servizos, con maiores capacidades dese Campus Terra e, sobre todo, para desenvolver estratexias e accións conxuntas.

E tamén é moi importante esa información pública e esa transparencia coa publicación dun plan anual de actividades onde se mostra uns indicadores que testen ese funcionamento do Campus de Lugo.

Polo tanto, defender o Campus Terra de Lugo, señorías, está fóra de toda dúbida, pero defender o Campus de Lugo tamén pasa por adaptar a oferta de titulacións, reforzar aquelas que funcionan, que dan sinais para que vaian mellor, para atender mellor as necesidades dos potenciais alumnos e daqueles que xa están matriculados.



Todo isto sempre coa negociación e co acordo da Universidade de Santiago de Compostela e co resto das universidades. Porque, señorías, e no que respecta ao texto orixinal para debater, señor Álvarez, tal parecera, como vén formulado, que pretende instar a Xunta de Galicia a que inste ese consenso e ese acordo coas tres universidades, coas que precisamente foi elaborado o Decreto 222/2011.

A cifra mínima de alumnado non foi algo inventado pola Xunta de Galicia, foi negociada e foi pactada cos reitores das tres universidades públicas, como paso previo á súa inclusión no decreto. E agora parece que a instancias do Parlamento non se tivera en conta ou se quixera actuar en contra da autonomía universitaria.

Polo tanto, non se pode variar un decreto, señor Álvarez, tampouco con chantaxes políticas dunha deputación nin tampouco por acordos adoptados polos grupos políticos. Si terá que ser pola Xunta de Galicia esa revisión dese decreto, pero sempre co acordo das tres universidades públicas galegas.

Ao igual que o BNG, presentamos unha emenda de substitución, emenda onde se fala desa necesidade de diálogo e dese acordo e consenso co Sistema universitario galego.

Cremos que hai discriminación positiva, señora Rodil, cremos que xa se está con esas campañas de promoción que, en todo caso, invitamos tamén á Universidade de Compostela, ao Concello e á Deputación a que colaboren coa Xunta de Galicia a facer esas campañas de promoción do campus.

O dito —e remato xa, señorías—, este Grupo Parlamentario Popular presentou unha emenda de substitución, que entendemos, señor Álvarez, de todo punto razoable e que esperamos teña a ben ter en conta. ¿Por que? Porque respectamos e queremos respectar a autonomía universitaria e porque queremos tamén respectar o diálogo e o consenso que durante anos veu caracterizando a relación da Xunta coas tres universidades galegas.

O Grupo Parlamentario Popular, non o dubiden, está con Lugo. O Grupo Parlamentario Popular está co Campus de Lugo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Peche por cinco minutos para o autor da proposición non de lei.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas de novo, presidenta.

Un par de matices:

Señora Rodil, o Campus de Lugo non é dos anos setenta, porque o primeiro título é de 1967. É un chascarrillo; xa sei que é unha cuestión próxima.



Señora Díaz, fala vostede de consenso no Mapa universitario. Iso dificilmente explica o cambio de criterio da Universidade de Santiago de Compostela cando viron a desfeita que estaba montando a nivel académico pero tamén social coa supresión destes títulos unha vez iniciado o curso académico.

En todo caso, a modo de resumo de todo o que expuxen na miña primeira intervención, podemos obter tres ou catro conclusións nas que creo que estamos todos de acordo:

En primeiro lugar, as titulacións habilitantes dos graos de Enxeñería Agrícola e Agroalimentaria, de Forestal e do Medio Natural e de Enxeñería Civil que se imparten na Politécnica teñen un alto nivel de demanda no mundo laboral actualmente, arredor do cen por cento de empregabilidade, que é moito dicir.

A diagnose feita a curto e medio prazo sobre a transformación laboral e os retos de futuro ante a transición ecolóxica e o cambio climático apuntan cara á necesidade de seguir formando técnicos nos campos agrario, forestal e civil, expertos en producións respectuosas e sostibles, da agricultura de precisión, do uso responsable da auga, de tecnificación e robotización de moitas das actividades agrarias e forestais, de impulso ás áreas urbanas naturalizadas, mobilidade sostible, entre outras.

Resulta creo que dificilmente comprensible que se sigan a tomar decisións sobre o Mapa de titulacións de Galicia con base nun número de entrada de alumnos sobre un decreto publicado no ano 2011. Efectivamente, ¡claro que a modificación do decreto lle corresponde á Xunta de Galicia! Só faltaría que non coñeceramos o funcionamento do Executivo. Pero a cuestión é que vinte e dous anos despois as demandas son moi distintas e a sociedade, tamén a lucense, é moi distinta.

A supervivencia do medio rural galego, que estou creo que convencido de que todos defendemos, iso si con distintos enfoques. Un medio rural vivo, sostible e produtivo só será posible con técnicos altamente cualificados. E tendo en conta o anterior, debería estar a traballar desde as distintas administracións en campañas que fomenten as vocacións que son necesarias para a sustentabilidade do planeta e cubrir as necesidades da sociedade. E nese sentido referireime despois á emenda do Bloque Nacionalista Galego.

É certo —díxoo a señora Rodil— que en todas as comunidades autónomas do Estado español se manteñen titulacións duplicadas. Aquelas comunidades autónomas que, evidentemente, contan con máis dunha universidade; pero é que incluso algunha dentro do propio campus da mesma universidade teñen titulacións repetidas. Polo tanto, ese non é un argumento que teñamos que trasladar como inmutable a Galicia. E tamén é certo que existen un número de alumnos mínimo distinto ao que se está a pedir neste decreto do ano 2011. Francamente, dubidamos de que a solución á falta de vocación nos campus que nos atanguen pase por crear novos títulos interuniversitarios. Sabemos todos as dificultades que supoñen os graos compartidos, con distintos calendarios académicos, con distintos cadros de profesorado. Iso é unha dificultade que incide directamente sobre o alumnado.

É necesario, polo tanto, adecuar as exixencias ás posibilidades e non converter o sistema educativo universitario nunha folla de cálculo, na que se analicen meramente obxectivos



numéricos sen ter en conta consideracións e outros elementos cualitativos aos que me acabo de referir.

Señora Díaz Mouteira, é certo que nun momento inicial o apoio da Deputación Provincial de Lugo, gobernada polo Partido Popular, foi decisiva para o impulso ao Campus de Lugo. Pero non é menos certo, señora Díaz, que dende o ano 2007, mal que lles pese, a Deputación Provincial de Lugo non a goberna o Partido Popular. E non é menos certo que dende o ano 2007 ese apoio da institución provincial ao Campus Terra non só se mantivo, senón que se incrementou, porque houbo sempre un acordo unánime de todos os grupos políticos —Bloque Nacionalista Galego, Partido Popular e Partido Socialista de Galicia— na importancia que para Lugo e a súa provincia ten ese campus.

Polo tanto, creo que podemos ser capaces de chegar a un acordo, que lles propono neste momento, para sacar esta proposición non de lei por unanimidade, na convicción —como apuntou a señora Rodil— de que ese acordo vai beneficiar tamén os outros campus: o de Pontevedra, o de Ourense e o de Ferrol. Que a min non me gusta denominalos «campus periféricos», porque parece aquilo das provincias, e non me gusta.

O problema do alumnado non se vai resolver porque levamos anos sufrindo ese mesmo problema nas ensinanzas preuniversitarias, que é a escaseza de alumnos en todos os ámbitos.

Polo tanto, a miña proposta de transacción é a seguinte: aceptaría a emenda que propón o Partido Popular, que, por certo, non sei por que lle chaman vostedes «de substitución», podían chamarlle un pouco máis humildemente «de modificación», porque o que introducen é meramente dúas frases no texto proposto polo Partido Socialista de Galicia. Pero, claro, mola máis dicir que substituímos o texto pola súa proposta. ¿E por que a aceptamos? Porque, evidentemente, fálase na súa proposta de xeito consensuado coas tres universidades públicas galegas; por suposto, igual que se fixo —como vostede fixo referencia acertadamente— no ano 2011. Pero tamén dentro da autonomía universitaria. ¡É que só faltaría que algo recoñecido por lei se modificase cun decreto! Polo tanto, o respecto da autonomía universitaria vai de seu na nosa proposta.

E aceptaríamos como engádegas o punto número 2 da emenda que propón o Bloque Nacionalista Galego, porque vai na liña do que mencionei antes nesta segunda quenda: a necesidade de levar a cabo campañas públicas para promover xunto con todas as administracións e as universidades a vocación da formación necesaria para a nosa sociedade, particularmente a de Lugo pero, en todo caso, a de toda Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en materia de desenvolvemento do transporte ferroviario en Galicia

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentáronse emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Socialista.



(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado e portavoz suplente Xosé Luís Bará Torres, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débese engadir, despois da parte resolutiva da proposición non de lei, uns novos puntos:

«5º- Impulsar a mellora da infraestrutura, do material rodante e dos servizos na liña de ancho métrico entre Ferrol e Ribadeo.

6º- Levar a cabo un programa de investimentos para a mellora da liña e do servizo entre Vigo e Ourense polo Miño.

7º- Levar a cabo un plan de investimentos para a mellora da liña e do servizo entre Lugo e A Coruña.

8º- Levar a cabo un plan de investimentos e de mellora do servizo na liña Ourense-Ponferrada.

9º- Impulsar os estudos necesarios para a creación do servizo ferroviario de proximidade nas áreas urbanas de maior concentración de poboación e de maior demanda de mobilidade por tren.

10º- Dotar a Galiza dos recursos humanos e das infraestruturas de mantemento, conservación e reparación do material rodante que garantan unha axeitada prestación dos servizos de transporte ferroviario.

Ademais, o Parlamento insta ao Goberno galego a levar a cabo os estudos necesarios para a creación do Ente Ferroviario Galego, en desenvolvemento das competencias previstas no Estatuto.»).

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Otero Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débese engadir, despois da parte resolutiva da proposición non de lei, un novo punto:

«5º. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que todas estas peticións se realicen sen desatender os servizos de autobús interurbano competencia do Goberno galego, para o que é imprescindible que a Xunta de Galicia reforce o seguimento dos contratos das concesións para levar a cabo axustes necesarios na orientación de obxectivos.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Balseiro

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señor presidente.

Señorías, defender Galicia é tamén avogar por que dispoñamos duns servizos de transporte público modernos, axeitados ás necesidades e demandas de mobilidade das galegas e dos galegos,



capaces de garantiren unha Galicia mellor comunicada, mellor vertebrada e máis accesible para todos, para os que residen na Galicia urbana e tamén para os que viven na Galicia rural.

O transporte público, nas súas diversas modalidades, é a chave que garante o dereito dos galegos aos servizos esenciais e unha arma eficaz contra o despoboamento. E mentres outras administracións aproveitaron a pandemia como escusa para suprimir servizos que continúan aínda hoxe sen recuperarse na súa totalidade, como, por exemplo, o do ferrocarril, a Xunta actuou dun xeito diferente e quixo reforzar a súa aposta sen precedentes polo transporte público.

A competencia autonómica sitúase fundamentalmente no ámbito do transporte interurbano por autobús. A Xunta culminou a renovación de todas as concesións xa obsoletas, facendo que o bus da Xunta chegue a lugares onde antes non chegaba, mellorando frecuencias e horarios e implantando tarifas máis económicas e uniformes para todo o territorio, e dándolle unha perspectiva social á mobilidade.

Galicia é hoxe, grazas a esta aposta, a primeira comunidade en ofrecer bus gratuíto á súa mocidade coa tarxeta Xente Nova, e a partir do 1 de xaneiro o Goberno Rueda tamén será pioneiro en estender esa gratuidade aos maiores de 65 anos, que na nosa comunidade saben vostedes que son unha lexión.

O Goberno galego fai un esforzo técnico orzamentario de máis de cen millóns de euros sen precedentes na nosa autonomía, o que debe ter a súa correspondencia con compromisos similares en intensidade por outras administracións; en particular, no que corresponde ao transporte público ferroviario de competencia estatal.

O Goberno galego iniciou hai anos un traballo intenso, medible, para dotar as principais cidades galegas das estacións intermodais que conecten de modo áxil, sinxelo e seguro os servizos de autobús e tamén de ferrocarril. Tras a posta en funcionamento pola Xunta da parte que lle corresponde nas estacións de autobuses intermodais de Ourense, Santiago, Pontevedra e Vigo, centra agora os seus esforzos en continuar as obras na da Coruña, cun presuposto de 15 millóns de euros no ano 2024; na de Lugo, cun presuposto de 5,8 millóns de euros; e agarda unha resposta favorable do Goberno de España para sacar adiante a proposta que xa a Xunta formulou para a intermodal de Ferrol.

Pero todo este esforzo non ten sentido se o Goberno de España non cumpre a súa parte e garante que o AVE pase máis alá de Ourense, que a alta velocidade chegue a todas as cidades galegas. Este é o obxectivo da iniciativa que hoxe presentamos dende o Grupo Popular e que pon o foco nas demandas no ámbito da alta velocidade ferroviaria. Non porque queiramos evitar outros debates, que estamos sempre dispostos a dalos, senón porque queremos marcar a extensión e a chegada do AVE a toda Galicia como unha prioridade de país, sobre a que, por encima das diferenzas partidistas, que é normal que as haxa, pode haber un acordo de todas as forzas políticas deste Parlamento.

E por iso centramos a nosa demanda en catro puntos, que poderían ser máis, pero que para nós son os fundamentais:



O primeiro, os trens AVRIL. É de sobra coñecida a demanda de Galicia de contar cunha dotación suficiente de trens AVRIL, como mínimo sete, para facer posible a chegada da alta velocidade ás cidades que xa poden recibila; neste caso, Santiago, A Coruña, Pontevedra e Vigo.

O segundo, as variantes ferroviarias. Pedimos que se acometan as melloras das infraestruturas para que no menor tempo posible se sume o AVE ás cidades de Lugo e Ferrol; que o Goberno de España execute as variantes ferroviarias dos Peares-Canabal e de Rubiáns e de Ferrol, para o que é necesaria unha planificación de actuacións e a urxente execución do *bypass* de Betanzos, que leva anos paralizado. Son variantes ferroviarias proxectadas polo Goberno de Mariano Rajoy e hoxe suprimidas polo Goberno de Pedro Sánchez.

O terceiro é o AVE con Portugal. Tamén é preciso facer unha aposta real e unha aposta decidida pola conexión por AVE co noso país veciño. Neste ámbito é preocupante que mentres o Goberno luso está a demostrar que cumpre cos seus compromisos, o Goberno de España non deu ningún paso adiante. De feito, levamos tempo urxindo o desenvolvemento da saída sur de Vigo, do treito ata a fronteira lusa, e a necesidade dunha nova conexión internacional cunha ponte sobre o Miño con Portugal.

E, finalmente, en cuarto e último lugar, a aposta pola alta velocidade en todo caso non pode implicar desatender os servizos ferroviarios convencionais, para o que ten unha importancia capital recuperar as frecuencias suprimidas tras a pandemia, investir na modernización das instalacións dos trens e dos equipos rodantes, ampliar a oferta de prazas e encontrar o persoal cualificado necesario para a demanda existente. É un feito obxectivo que o tren convencional está a sufrir en Galicia unha marcada deterioración como consecuencia dos recortes orzamentarios e de servizos da rede ferroviaria estatal que percorre a nosa comunidade.

A alta velocidade e as estacións intermodais son proxectos complexos e custosos que teñen garantido o traballo e o investimento da Xunta de Galicia. Pero para nós cómpre que se cumpran os compromisos adquiridos pola Administración xeral do Estado. Non podemos aceptar que Galicia perda o tren nin tampouco a tecnoloxía do futuro. Pero tampouco aceptamos fórmulas inxustas que impliquen que os galegos teñan que pagar cos seus cartos aqueles compromisos, obras e servizos como os ferroviarios que corresponde financiarse con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

Cremos nunha Galicia mellor conectada, cremos nunha Galicia máis e mellor vertebrada. Se deixamos o partidismo a un lado e asumimos estes deberes, é posible logralo, señorías. Para o que pido, por suposto, o apoio de todas as forzas políticas para que Galicia sexa o primeiro, como é para o Goberno de Rueda e como é para o grupo maioritario desta Cámara. Galicia, o primeiro. Para vostedes, probablemente, Galicia nunca foi o primeiro. Por iso vostedes están onde están e o Grupo Popular está onde está.

A min faime graza cando dicía pola mañá a señora Pontón que estaba preparada. Si, leva preparada moito tempo. A señora Pontón leva preparada dende o 2003, pero segue onde estaba no 2003. (*Murmurios.*) Si, variou un pouco, pero segue na mesma ala do 2003.



Vostedes están preparados; xa llelo dixen no día de onte. Ben, despois do teatro da fin de semana, vostedes están preparados. (*Murmurios.*) Si que están preparados. ¡Nunca tan preparados os vin! Vostedes levan moito tempo preparándose. E créanme de verdade que nunca tan preparados os vin como os vexo. Vostedes levan corenta anos preparándose, e agora están máis preparados que nunca para perder as eleccións.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señor Balseiro, ¿que sería de vostede sen a A-6, sen os trens AVRIL, porque leva —é verdade— toda a lexislatura tirando e poñéndolle deberes ao Goberno central? Iso si, non imos pedir nada á Xunta de Galicia. Vostede dicía que vostedes non fuxían doutro tipo de debates, pois a verdade é que no día de hoxe demostrou vostede que é bastante fuxidío cando se trata de poñerlle deberes á Xunta de Galicia. Porque no relativo ás iniciativas que se traían para falar do transporte no que é competencia da Xunta de Galicia, máis ben pouquiño falou, dedicouse a outros mesteres.

Pero a verdade é que nos ten moi acostumados nos últimos meses o señor Balseiro —como dicía— a traer a A-6, a traer os trens AVRIL. Mire, señor Balseiro: eu non sei se quizais detrás de toda esta intensidade súa está facerse ver vostede máis dentro do Partido Popular e quizais si hai un certo medo a non repetir nesas listas do Partido Popular á provincia de Lugo, ou ao mellor ir nun sitio non tan relevante, porque a verdade é que hai bastante competencia dentro da súa mesma agrupación. E ten que vir vostede aquí, si, facer este papexón de pedirlle todo ao Goberno central, nada á Xunta de Galicia. Non vaia ser que despois ao mellor á hora de elaborar esas listas haxa que falar con determinada xente. (*Aplausos.*)

Señor Balseiro, vostede dicía que cremos nunha Galicia mellor conectada. E nós, os socialistas, dende logo, concordamos con esta afirmación do señor Balseiro. Pero nós cremos nunha Galicia mellor conectada cara ao exterior e tamén internamente. Por iso, nese senso vai a nosa emenda. Non esquezan que facer peticións ao Goberno central de cara a mellorar as infraestruturas que son competencia do Goberno central está moi ben, pero que iso non lles impida á Xunta de Galicia e a vostedes como grupo maioritario desta Cámara que sustenta o Goberno galego falar coa Xunta de Galicia para que melloren tamén as que son da súa propia competencia. Estou a falar dese mal funcionamento do Plan de transporte público da Xunta de Galicia, e nese sentido vai a nosa emenda, que é unha emenda de adición.

Polo tanto, vaia por diante que imos votar a favor da iniciativa que hoxe trae a debate o Partido Popular porque, ademais, —como digo— non é nada novo. ¿Cantas veces temos falado destes temas aquí nesta Cámara? Pero —como dicía— ás veces é importante tamén varrer cada un a súa propia casa. E a Xunta de Galicia parece que iso non o fai no relativo ao



Plan de transporte, que é da súa competencia. E aí están os tiróns de orellas, xa non só dos usuarios e das usuarias, destes grupos da oposición, dos concellos, tamén das contornas afectadas por este mal funcionamento, senón tamén que está o tirón de orellas do propio Consello de Contas e tamén, ¿como non?, dos tribunais.

Polo tanto, estamos de acordo en que queremos unha Galicia mellor conectada, pero cara ao exterior e tamén cara ao interior.

Falaba vostede no primeiro punto da súa iniciativa dos trens AVRIL, que fagan posible a chegada da alta velocidade ás cidades. A verdade é que tarde piaron con isto, porque isto podía estar xa resolto se no ano 2016 e no ano 2017, cando vostedes estaban a gobernar en Madrid, pois encargaran estes trens, pero esquecéronse disto; tiñan outras cousas máis importantes en que ocupar o seu tempo.

É certo que foron varios os atrasos dos prazos que tiña dado o Goberno central para que chegasen estes trens á nosa comunidade autónoma. Nós tamén o recoñecemos, e nalgún momento dicíamos que ao mellor despois haberá que pedir responsabilidades a determinadas empresas. Nós, como ve, señor Balseiro, non evitamos ese debate. Pero agora vostedes saben, e así llelo trasladaron tamén á propia Xunta de Galicia e á conselleira —que agora está aquí neste hemicycle—, que hai ese compromiso de que estes tres cheguen no primeiro trimestre do ano 2024.

Pero, como eu lles dicía, é que vostedes perderon unha oportunidade cando tiveron responsabilidades de goberno, cando o Partido Popular estaba a gobernar en Madrid e o Partido Popular tamén aquí a Xunta de Galicia, de non dicir dende a Xunta de Galicia ao Goberno central no ano 2016 que non esqueceran encargar eses trens, pero vostedes estiveron caladiños.

E cómpre recordar que no día de hoxe estamos a falar dunha fase de seguridade, de probas de seguridade nestes trens. Eu creo que pedir agora présas e pedir axilidade nesta fase de seguridade non é o máis responsable politicamente falando.

Ademais, cómpre recordar, señor Balseiro, que se hoxe estamos a falar de que chegue a alta velocidade ás distintas cidades galegas é porque hai e houbo un presidente que realmente apostou pola chegada da alta velocidade a Galicia, e ese presidente non se chamaba «M. Rajoy», chámase Pedro Sánchez; ese si que foi o que fixo realidade que a alta velocidade chegara a Galicia.

Meten presión agora no momento da validación, no momento da homologación. E repito: todas as probas fundamentais para a seguridade destes trens. E repito que creo que non é o máis acertado nesta fase na que nos atopamos, nin sequera o máis seguro, porque estamos a falar de material rodante que acada os 330 quilómetros por hora. Non se poden asumir riscos, teñen que pasar todas as probas, e iso leva tempo. Nós, dende logo, que pedimos que veñan canto antes para aquí. E, como dixen, se despois se depura algún tipo de responsabilidade por este atraso, dende o PSdeG xa o dicíamos dende un primeiro momento. Pero repito: lamentamos que vostedes no 2016 e no 2017, cando Rajoy estaba na Presidencia do Goberno de España, non lle reclamaran que deixaran encargados estes trens.



No segundo punto da súa iniciativa, cando fala das variantes ferroviarias dos Peares, de Rubián, do *bypass* de Betanzos, eu quero recordarlle o que nos atopamos cando chegamos ao Goberno de España, cando Pedro Sánchez chegou ao Goberno de España: nada fixeran neste senso, nin sequera anuncios. Claro, non atopamos nada tampouco nos caixóns no relativo a estas variantes.

É certo que este goberno priorizou modernizar a rede, esta rede ferroviaria tan obsoleta na nosa provincia; tan obsoleta que o primeiro que ten que facer é electrificar este tramo de Monforte a Lugo, que tamén o Partido Popular esqueceu que tiña que electrificalo.

Polo tanto, primeiro, modernizar esta rede para non condicionar a conexión de Lugo á rede de alta velocidade, pero electrificación do tramo Monforte-Lugo; melloras da sinalización das telecomunicacións neste tramo; renovación da vía; construción do túnel de Oural. Cincocentos millóns de euros, señor Balseiro. Todo o que non fixeron vostedes antes con ese atraso co que nos atopamos cando Pedro Sánchez chegou á presidencia do Goberno.

Despois, no relativo ao proceso de alta velocidade entre Vigo e O Porto, falan da saída sur de Vigo. ¡Cantas veces temos falado aquí da saída sur de Vigo! Por certo, outra obra que tamén esqueceu o Partido Popular. Din que non hai nada feito. Señor Balseiro, o proceso de alta velocidade entre Vigo e O Porto xa empezou. Parece que vostede non se enterou. O proceso de alta velocidade entre Vigo, O Porriño e O Porto xa comezou, porque xa no mes de outubro empezaron as sondaxes arqueolóxicas nas inmediacións da estación de Urzáiz, para definir a futura saída sur ferroviaria. Non, se quere recórdolle, cando había algunha alcaldesa nesa cidade de Vigo, o que aconteceu, que con esa proxección desa saída sur, ¿onde ía dar?

Polo tanto, señor Balseiro... *(O señor Balseiro Orol pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, claro, as verdades ás veces doen. Pero estas sondaxes permitirán detallar o estudo informativo do trazado que terá o túnel, de case quince quilómetros, entre Vialia e As Gándaras. E como di o alcalde da cidade de Vigo, o señor Abel Caballero: isto xa avanza, é unha realidade. De feito, o ministerio xa publicou en marzo os resultados do estudo destas alternativas; adxudicouse en maio. ¡Realidade, señorías do Partido Popular! Esas sondaxes empezaron no mes de outubro, pero, claro, vén aquí o señor Balseiro e di que nada se fixo nesta materia.

Polo tanto, nós, unha vez máis, señor Balseiro, creo que xa non vai ter moitos máis plenos nos que teña ocasión de repetir: AVRIL, os trens AVRIL, a A-6... Vaille quedar pouco escenario para poder escenificar todas as súas mensaxes que quere lanzar. Nós, unha vez máis, voto afirmativo a esta iniciativa que trae o Partido Popular. Pero botamos en falta que lle pidan ao Goberno central, e que non lle pidan á conselleira, que está hoxe aquí, que tamén faga os seus deberes e mellore ese Plan de transporte público competencia da Xunta de Galicia. Porque estamos de acordo en que Galicia ten que estar ben conectada de cara ao exterior, con outras comunidades autónomas, pero concordará comigo en que tamén nos merecemos ter unha boa conexión interior, e iso é competencia da Xunta de Galicia. Unha boa conexión do rural cara ás cidades, que permita que os nosos estudantes poidan ir cursar... Señor Balseiro, os estudantes da nosa provincia que poidan coller ese autobús para ir de Lugo á Coruña, para ir de Lugo a Santiago. E nese senso vai a nosa emenda.



Parécenos moi ben que lle poñan deberes ao Goberno central, pero acórdese de que estamos no Parlamento de Galicia, e que tampouco estaría mal que antes de que remate esta lexislatura trouxera vostede algunha iniciativa na que lle pedira algo á Xunta de Galicia.

Pola miña parte, nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Pois temos que dicir, señora conselleira, aproveitando que está vostede aquí, señor Balseiro, señorías do Partido Popular, que nos encanta, que nos fascina esta súbita conversión que tiveron ao tren. ¡Benvidas e benvidos ao tren! *(Aplausos.)* Porque despois de tantos anos gobernando, ¡máis vale tarde ca nunca!

É unha mágoa que o PP de Rueda non se preocupase xa antes do ferrocarril, que tardase tanto en preocuparse. É unha mágoa, por exemplo, que o PP de Rueda non se preocupase por desenvolver as competencias en materia de ferrocarril. E teño que recordarlles o que di o Estatuto no seu artigo 27.8: competencia en vías férreas e estradas non incorporadas a redes do Estado e o transporte efectuado por estes medios.

Vostedes, ademais, no ano 2010, despois dun acordo unánime do Parlamento, licitaron a contratación do ente ferroviario galego. ¿E saben en que quedou? O ente ferroviario galego quedou gardado nun caixón, non se soubo nada máis del. *(Aplausos.)* E despois vostedes queren máis competencias, ¡pero se non son capaces de desenvolver as competencias que están previstas no Estatuto! Atendan primeiro ás competencias que teñen que atender.

Despois de gardar nun caixón o do ente ferroviario, o Ministerio de Fomento daquela deulles un premio de consolación; o Goberno de Rajoy ofreceulles a creación da Xerencia de Cercanías de Galiza no ano 2012. Fíxense na nota de prensa da Xunta de Galiza: «Xunta e Renfe acordan iniciar o proceso para a creación da Xerencia de Cercanías. Con esta reunión comezan os traballos necesarios para preparar a implantación da Xerencia de Cercanías en Galiza, unha solicitude formulada, ademais, en reiteradas ocasións ao ministerio polo Goberno galego.»

Pois pasou o 2012, o 2013, o 2014, o 2015, o 2016, o 2017 e o 2018, e quedamos sen cercanías, sen Xerencia de Cercanías, por irresponsabilidade do Partido Popular en Galiza e en Madrid, que non foi quen de levar a cabo esta medida. Enganáronos coma bobos, señorías do Partido Popular, que non lles fan nin caso en Madrid. Non lles fixeron caso nin os seus, o señor Rajoy e a señora Pastor, que eran os máximos responsábeis do ámbito do transporte e dos trens; ¡nin caso! Esa é a súa capacidade de influencia.

É unha mágoa que o PP de Rueda tampouco se preocupase en todo ese tempo por que tivésemos este tren de proximidade, cando o teñen practicamente todas as comunidades, cando temos ademais condicións de poboación, grandes áreas urbanas que poderían ter perfectamente este tren de cercanías, que significa ter máis frecuencias, significa ter mellores horarios e significa ter tamén prezos máis baixos.



¿Saben cal é a única liña de cercanías que existe en Galiza, oficialmente? É a liña entre Ferrol e Ortigueira, que é unha das peores de Galiza, que está practicamente desmantelada e que os datos din que practicamente non usa ninguén, aínda que sexa gratuíta. Isto di o mal estado desta liña.

Pois ben, para acabar con esta aldraxe, para acabar con este agravio, o BNG acordou incluír no acordo de investidura a creación de servizos de proximidade en Galiza nesta lexislatura nas grandes áreas urbanas da Coruña-Ferrol e de Vigo-Pontevedra. Agardamos que vostedes arrimen o ombreiro e non poñan tamén neste tema paus nas rodas, e cando toque que voten a favor deste tema para que teñamos tren de cercanías.

É unha mágoa tamén que o PP de Galiza e de Rueda e de Feijóo non dixese nada cando o Goberno central acometeu e aprobou o maior *trenicidio*, a maior eliminación de trens en Galiza en toda a historia, con ese Plan de racionalización do ano 2012, que trouxo consigo —¡fíxense!— a supresión de cento catro trens á semana. Isto non foi temporal por unha pandemia, foi definitivo: a supresión de 1.776 paradas e de vinte estacións.

Fíxense onde chegou a supresión do Partido Popular gobernando en Madrid e na Xunta de Galiza: vinte trens á semana menos entre A Coruña e Ferrol. ¿E veñen agora vostedes falarnos da Coruña-Ferrol? Catorce trens á semana menos entre A Coruña-Lugo e Monforte-Ourense; catorce trens á semana menos entre Vigo-Ourense; vinte e seis trens á semana entre Ourense e Santiago menos. ¿E vostedes veñen aquí querer darnos leccións de defensa do tren, cando aprobaron o maior recorte de servizos ferroviarios da historia de Galiza gobernando o Partido Popular? É que non teñen vostedes ningunha lección que dar, aínda que agora por oportunismo político se apuntan a este tema. ¡Benvidas e benvidos ao tren!

O que pasa é que nesta PNL, ademais de ser reiterativa, insisten aquí nos seus temas habituais, moi preocupados, moito máis preocupados do ferrocarril de alta velocidade que do que comunica polo interior, do ferrocarril interno.

Pero esta iniciativa ten moitas carencias, é incompleta e por iso nós facemos unha serie de emendas para completala e para melloralas. Por exemplo, vostedes non inclúen a mellora da liña Ferrol-Ribadeo. ¡Parece mentira, señor Balseiro, que sendo vostede da Mariña se esqueza da mellora da liña Ferrol-Ribadeo! Por iso nós poñemos unha emenda para impulsar a mellora da infraestrutura, do material rodante e dos servizos na liña de ancho métrico entre Ferrol e Ribadeo, que é unha das peores de Galiza e que hai que mellorar.

Vostedes non inclúen tampouco na súa proposta a mellora da liña entre Lugo e A Coruña. Puxeron Ourense-Lugo, pero non puxéronse Lugo-A Coruña. ¡Parece mentira, señor Balseiro, que sendo vostede de Lugo se esquecese de incluír a mellora da liña entre Lugo e A Coruña!

Xa non lle digamos esa proposta que hai para conectar por *bypass* Lugo con Santiago, que tamén a poderían incluír.

Non inclúen vostedes tampouco a mellora das liñas entre Vigo e Ourense e entre Ourense e Ponferrada. Tampouco lles preocupou nas propostas desta iniciativa.



¡Parece mentira, señor Balseiro, que sendo vostede galego, se esqueza destas melloras necesarias nestas liñas tan importantes para vertebrar o país, sobre todo aquelas zonas que máis o necesitan, como as do interior da provincia de Ourense!

Non inclúen vostedes tampouco a creación do tren de proximidade para acabar con esa discriminación histórica que sofre Galiza nesta materia. É curioso que agora o ministro falou da transferencia de proximidade, pero, claro, a nós non nola pode transferir porque non existe. O primeiro que hai que facer é a creación do servizo proximidade por parte do ministerio e despois, cando funcione e cando funcione ben, falaremos. E haberá que crear e tamén facer os estudos xa dese ente ferroviario galego que xestione as liñas de propia competencia da Xunta de Galiza.

Tamén lle facemos unha emenda para que se mellore —que vostedes tampouco o incluíron— todo o que é o sistema de mantemento, de conservación e de reparación dos trens. Porque este é un dos grandes problemas que temos: o desmantelamento destas instalacións, que fan que haxa que ir reparar trens a Valladolid ou a Madrid. E así están as liñas que teñen máis demanda.

Vostedes, desde logo, van cun pouco de atraso nesta materia. Está ben que falen do tren e que se preocupan do tren —desde logo, para o BNG é prioritario—, pero tamén é importante que falemos de todo o sistema de mobilidade e de transporte, que falemos de intermodalidade. Xa llelo explicamos, xa llelo dixo onte o meu compañeiro Paulo Ríos: intermodalidade non é conectar dúas estacións, intermodalidade é ter un sistema integrado de mobilidade no que estean todos os sistemas de transporte e de mobilidade: o tren, o autobús, o barco alí onde o haxa ou onde o poida haber, e tamén o taxi rural, que é unha necesidade neste país.

E por iso o BNG fai propostas que están moito máis avanzadas das que vostedes fan. Por exemplo, a de crear un sistema integrado de mobilidade cun consorcio galego de transportes, como hai, por exemplo, noutras comunidades —temos aí o caso cercano de Asturias—, que xestiona toda esta rede integrada de transporte. Ou a creación, por exemplo, dunha tarxeta de mobilidade integrada cunha tarifa plana —como propuxo o BNG—, (*O señor Bará Torres amósalles aos membros da Cámara unha tarxeta de transporte público.*) unha tarxeta cunha tarifa plana e con descontos que permita utilizar cunha soa tarxeta e cos conseguintes tamén instrumentos tecnolóxicos para todas as formas de mobilidade. Non é nada difícil, non é nada imposible; xa existe. Só basta con ir a Asturias e comprobar que alí funciona, e funciona ben unha medida tan sinxela coma esta.

E pasa tamén un novo modelo de mobilidade por resolver todos os problemas que ten o sistema de transporte público por estrada en Galiza, que está nunha situación crítica. Como lle acaba de dicir nun informe demoledor o Consello de Contas, que lles di que non houbo planificación, que os contratos serviron para aumentar as arcas dunhas poucas empresas e para deixar na estacada a maior parte das pemes, das pequenas e medianas empresas. Ou todas as irregularidades e incumprimentos, señora conselleira, que poñen de relevo todas as sentenzas xudiciais, esa avalancha de sentenzas xudiciais que lles están caendo.



Polo tanto, vostedes son como un ferrobús —que era aquel vello tren que existía nos tempos da miña infancia—, un ferrobús, que está xa avariado e que non ten proxecto para Galiza. A proba disto é que o único orzamento que teñen en materia ferroviaria nos seus orzamentos é para un museo do ferrocarril. E mentres que vostedes non teñen, o BNG si que ten e está aquí, *(O señor Bará Torres amósalles aos membros da Cámara un folleto.)* está aquí neste documento que fixo o BNG cun grupo dos mellores expertos en temas de mobilidade e de coñecemento do ferrocarril, e que lles vou deixar aquí para que llo entreguen á señora conselleira neste tempo que lles queda, por se queren tomar algunha destas ideas. E se non o BNG, desde logo, asegúrolles que está preparado, que estudou ben estes temas, que os coñece perfectamente e que está en condicións de levar a cabo unha verdadeira política vertebradora do territorio a través do transporte público e tamén do transporte ferroviario.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señor presidente.

Señor Bará, iso dun ente ferroviario galego, este grupo e este goberno non están de acordo, porque cando menos nosoutros o que defendemos son os intereses de Galicia, *(Murmurios.)* e nosoutros non estamos de acordo. *(Murmurios.)* Non hai ningún servizo ferroviario que non teña perdas, ¡ningún! E no que non estamos de acordo é que teñamos que pagar co diñeiro dos galegos o que teñen que pagar os presupostos do Estado. Iso son vostedes, coa tarifa eléctrica galega, co servizo ferroviario galego... Vostedes son uns grandes xestores.

Di que non nos fan caso en Madrid. *Ten tela* que diga que non nos fan caso en Madrid, e fala vostede do acordo de investidura co Partido Socialista. *Ten tela* que o diga unha persoa do Bloque Nacionalista Galego, que o que fixeron vostedes foi unha estafa a Galicia e enganar os galegos e as galegas.

E dime que eu son da Mariña e que non me dei conta da liña Ferrol-Ribadeo. Non, quen non se deu conta foi vostede do que votou hai dous ou tres plenos aquí cando tomamos un acordo para reforzar esa liña, e sacámolo pola unanimidade deste Parlamento. *(Aplausos.)*

E, señora Otero, di que falamos dos trens AVRIL e que falamos da A-6, pois seguiremos falando, porque se vostedes fixeran o que tiñan que facer deixariamos de falar; xa teríamos os trens AVRIL e xa teríamos a A-6 reparada. Como non o fixeron, seguiremos falando.

Iso si, para a súa tranquilidade: non lle estou nada preocupado, como pensa vostede; eu non vou dar os xiros que deu vostede non hai moito tempo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non vou dar os xiros que deu vostede no meu partido e vostede no seu non hai moito tempo, non. Como comprenderá, a estas alturas da miña vida e aos meus anos, non teño nada que demostrar.



E fala vostede de que non había as variantes de Lugo. Eu fágolle a vostede como lucense unha pregunta: ¿a vostede que lle parece como lucense e como representante lucense que Lugo sexa a única provincia e que a capital de Lugo sexa a única capital de Galicia que queda sen AVE? ¿A vostede que lle parece iso? ¿Vostede como lucense está de acordo con iso? É dicir, vostedes non encontraron nada, *(Murmurios.)* e despois de seis anos, ¿que é o que fixeron vostedes logo? *(Murmurios.)* Xa que non encontraron nada nos caixóns, ¿que fixeron vostedes despois de seis anos? *(Murmurios.)*

Mire: non me deixará mentir o señor Carballo, porque o señor Carballo era subdelegado do Goberno, e veu o ministro —o ministro do Partido Popular— e fixo unha presentación en Lugo para que chegara o AVE a Lugo. E aí contemplaba dúas variantes, que era a variante de Rubián e a variante de Canabal-Os Peares. *(Murmurios.)* E vostedes fixéronas desaparecer. E froito de que vostedes fixeran desaparecer esas variantes, vostedes —o Partido Socialista, coa complicidade do Bloque Nacionalista Galego— están condenando todos os lucenses, a súa provincia e a miña provincia, a que sexa a única provincia de Galicia onde non vai chegar o AVE. E están condenando a cidade de Lugo a que a cidade de Lugo sexa a única capital de Galicia á que non vai chegar o AVE.

E vostede aplaude e vén aquí e saca peito e di que Pedro Sánchez. Pero ¿que están facendo vostedes na liña? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Voulle dicir eu o que están facendo na liña. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Efectivamente, están facendo un investimento importante. Pero ¿sabe para que? Para que circulen os mesmos trens que circulan. Estana electrificando, ¡home! Non lle cambian nada nin fan as variantes. Entón, ¿que fan? Vostedes non pretendan enganar os lucenses. Vostedes están investindo nunha liña para que circulen os mesmos trens que circulan, porque non fan as variantes que teñen que facer. Iso é o que están facendo.

A vostedes iso chégalles. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, a nós non. Nós non queremos que Lugo sexa a cidade discriminada. Nós non queremos que Lugo sexa a provincia discriminada. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Iso si, dámos unha certa seguridade a partir de onte, porque despois das negociacións que o representante de Puigdemont en Galicia fixo nas negociacións que fixo no Estado, con HB, con Bildu, *(Murmurios.)* cos cataláns e cos vascos, dámos unha seguridade porque agora vai presidir o representante de Puigdemont en Galicia a Comisión de Transportes en España. Si, señor conselleiro, o representante de Puigdemont en Galicia é o candidato do Partido Socialista ás eleccións, *(Risos.) (Murmurios.)* e a partir do día de onte vai presidir a Comisión de Transportes no Congreso dos Deputados. Créanme que como lucense e como galego dáme unha certa desconfianza iso, porque vistas as negociacións que fixeron vostedes...

E fala vostede do AVE con Portugal. Pero ¿vostedes a quen quere enganar? Vostede di que xa empezaron os estudos. Non, vostedes estudando xa levan moito tempo. *(Risos.)* Déixense de estudar e executen a obra. ¿Vostede sabe canto teñen de presuposto os presupostos xerais do Estado para o AVE da saída sur de Vigo e o AVE de Galicia con Portugal? ¿Sabe canto ten? Non ten ese dato, ¿non? ¡Ten 30.000 euros! Pero ¿que estudo están facendo? ¡Déixense de estudar e fagan a obra, home, que é o que queren que fagan! *(Aplausos.)* ¡Déixense de estudar!



(Aplausos.) (Murmurios.) Porque é que vostedes como estudantes suspenden, porque vostedes seguen estudando ano tras ano, ano tras ano e ano tras ano, pero sen pasar curso...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: ...porque se pasaran curso farían as obras. Entón, vostedes como estudantes son un desastre.

E termino, señor presidente, e posiciónome sobre as emendas.

O señor PRESIDENTE: Agradézollo.

O señor BALSEIRO OROL: Como comprenderán, a emenda do Partido Socialista non imos aceptala. Iso si, agradecemos o voto favorable do Partido Socialista, porque aquí vimos falar dun tema e vostedes mesturan churras con meiriñas, polo cal non. (Risos.) (Murmurios.)

E, señor Bará, hoxe imos ser solidarios con vostede. Xa que estamos nisto do espírito navideño, (Risos.) imos ser solidarios con vostede. Mire: vostede presenta aquí unha emenda con cinco puntos, ímoslle aceptar todo menos: «O Parlamento insta o Goberno galego a levar a cabo os estudos necesarios para a creación do ente ferroviario galego». (Protestas.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Porque estamos moi contentos con vostedes e estamos moi contentos coa súa intervención...

O señor PRESIDENTE: Ben.

O señor BALSEIRO OROL: ...porque —termino, señor presidente—...

O señor PRESIDENTE: Si, remate, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: ...dixo que a nosoutros non nos facían canso en Madrid. Vostedes son os campións do caso que lles fan en Madrid. Fanlles tanto caso que é igual que estean en Madrid que que non estean.

Nada máis e moitas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

Pois rematados os debates das proposicións non de lei, comezamos coas votacións.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: A primeira é do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Paulo Ríos Santomé.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.



Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Paulo Ríos Santomé e D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para rematar cos incumprimentos e coas irregularidades nos contratos do servizo público de transportes por estrada.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 42.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Continuamos coa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados máis, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que revise, á vista das recomendacións do Consello de Contas, a renegociación dos acordos coas empresas concesionarias das autovías do Salnés, da Barbanza e de Celanova.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 42.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: E agora votamos a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de dona Teresa Egerique Mosquera.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central referidas ao apoio ás empresas do sector de transformación da pesca.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Patricia Otero.



Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Otero Rodríguez e D. Eduardo Ojea Arias, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que volva ao diálogo co Goberno central para atopar vías, dentro do marco xurídico, que conduzan á transferencia da competencia sobre a ordenación e xestión do litoral en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 42.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Gonzalo Caballero.

Había unhas emendas, ¿non sei se se aceptaron estas emendas? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Señor Caballero, aceptaron as emendas? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Ah!, levouna... Aquí puxéronme que era iniciativa de don Gonzalo Caballero. Entón, é iniciativa de...

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Irrelevante, señoría.

O señor PRESIDENTE: ...de don Luis Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Señorías, desde o punto de vista de que eu estou...

O señor PRESIDENTE: Eu leo o que me está aquí escrito, pero foi...

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Aceptamos a emenda de modificación-substitución do Partido Popular como punto número 1 e como engádega a punto número 2 do BNG.

O señor PRESIDENTE: Correcto.

Pois votamos esa transacción.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Caballero Miguez e dous deputados/as máis, sobre a demanda ao Goberno galego das accións necesarias para garantir a continuidade da oferta formativa do campus universitario de Lugo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.



O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: A última é do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don José Manuel Balseiro.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista, pero si se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, agás un punto, que xa dixo el que era o punto que non se aceptaba.

(O señor Balseiro Orol pide a palabra.)

¿Si, señor Balseiro?

O señor BALSEIRO OROL: Si, señor presidente.

A emenda é de engádegas á nosa. Que quede claro que o que aceptamos é a emenda de engádegas.

O señor PRESIDENTE: Si, a emenda de engádegas.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Si é o que... Non sei como dixer, pero é a emenda de engádegas excepto un punto, que explicou vostede cal era aquí xa.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en materia de desenvolvemento do transporte ferroviario en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións.

Abrimos as portas.

Continuamos coa orde do día, que é o punto quinto, interpelacións.



Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Imos debater a interpelación de dona Patricia Otero, porque hai unha alteración na orde do día, que consiste en tramitar neste punto quinto unha interpelación, que neste caso iría de número cuarto, pero vai no número un, e despois irán o resto das interpelacións.

Interpelación de D^a Patricia Otero Rodríguez e D. Eduardo Ojea Arias, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a eficiencia da colaboración público-privada na execución e explotación de infraestruturas

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

¡Benvida, conselleira!

Agora que imos falar de infraestruturas e de mobilidade, permítanme que empece a miña intervención mandando as condolencias do Grupo Parlamentario do PSdeG por ese operario falecido nunha vía na Laracha, que estaba facendo unhas obras de mellora nesa infraestrutura. Polo tanto, as condolencias para os seus amigos e familiares.

O señor Balseiro deixábame aí: é que eu non vou facer os xiros que fai a señora Otero. O que teño moi claro, señor Balseiro, é que eu non vou xirar 180 graos como xirou vostede. Eu teño moi clariño cal é o meu partido e onde estarei sempre, que será no Partido Socialista. (Aplausos.) Polo tanto, é que me deixou, a verdade, é que xa só para rematar a gol, ¿non? E, claro, falar do AVE a Lugo, aínda recordamos os lucenses, a miña provincia, a súa provincia, cando o daquela candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, o señor Núñez Feijóo, dicía que o AVE chegaría á nosa provincia con fondos da propia Xunta de Galicia. Iso recordámolo todos e todas.

Conselleira, hoxe, agora mesmo, acabamos de votar as proposicións non de lei, e, precisamente, o Bloque Nacionalista Galego traía unha proposición que era basicamente cumprir ou ter en conta a recomendación que fixo o Consello de Contas no relativo a como se levaron adiante esas peaxes na sombra nas autovías de titularidade galega. A nós, a verdade, é que nos sorprendeu un pouco ese voto contrario do Partido Popular. Porque eu recordo cando dende o meu grupo faciamos público e lle dabamos tamén maior publicidade a este informe do Consello de Contas, no que se denuncian as situacións que nel se poñen, o propio presidente da Xunta de Galicia, o señor Rueda, dicía que o ideal sería o rescate desas concesións. É que o dixo o señor Rueda despois da nosa rolda de prensa, e que a opción non analizada hai dez anos sería a máis adecuada. Polo tanto, parece que pensan cousas distintas o presidente da Xunta de Galicia, vostede e o Grupo Parlamentario Popular.

E nós hoxe traemos esta interpelación, señora conselleira, porque intentamos unha vez preguntarlle que opinaba a respecto deste informe do Consello de Contas e se pensaba o Goberno galego recoller a recomendación que pide o informe do Consello de Contas. E



vostede confundiuse de tarxeta e respondeume con outro dos informes, porque me falou do transporte público competencia da Xunta de Galicia. Aí tamén, conselleira, o propio Consello de Contas dálle un tirón de orellas, dille que non hai planificación da Xunta de Galicia con respecto ao transporte interurbano competencia do Goberno galego; di que vostedes por una decisión tamén unilateral á hora de elaborar eses pregos deixaron fóra de xogo as pequenas empresas e as empresas familiares de autobuses; di que vostedes non eran quen de reclamar ese canon, cando algunha empresa adxudicataria non o pagaba dentro do prazo marcado nos propios pregos. E que non foi ata que o propio Consello de Contas lles dixo que onde estaba ese xustificante de pago, ata que llelo pediron vostedes con máis de trescentos trinta días de atraso. Ademais de que se esqueceron deses criterios medioambientais que hai que ter en conta á hora de elaborar eses pregos. Ou que vostedes que abren expedientes por determinadas infraccións e que non os pechan, péchanos sen poñer ningún tipo de sanción. Ou que tampouco atenden as queixas dos usuarios e das usuarias. Se quería tamén tiñamos motivos para falar dese informe do Consello de Contas, que é unha emenda á totalidade á política levada dende a súa consellería nestes últimos anos.

Pero hoxe queremos preguntarlle sobre o resultado dese informe do Consello de Contas, que abordaba a eficiencia da colaboración público-privada na execución de cinco autovías competencia da Xunta de Galicia. Cómpre recordar antes de que vostede suba aquí a esta tribuna e empece a mentir e a retorcer a realidade, porque hoxe a verdade é que o voceiro do Partido Popular, o señor Balseiro, chegou a dicir que no informe do Consello de Contas que o Bipartito empregara de xeito abusivo este sistema. Eu rétoa tamén, conselleira, a que vostede me indique nese informe do Consello de Contas onde esta frase que di o señor Balseiro. Non a atopará porque non é verdade.

Pero eu quero recordarlle como empezou todo este tema. Porque ¿quen impulsou este sistema de autovías con peaxes na sombra? Pois foi o señor Fraga, co señor Núñez Feijóo como conselleiro de Obras Públicas. ¿Quen licitou e adxudicou a maior parte destes contratos que teñen este sistema de peaxe na sombra? O señor Feijóo. ¿Quen negociou o incremento dese reequilibrio no ano 2014? O señor Feijóo. Polo tanto, esta é a realidade dos feitos.

E o que chama poderosamente a atención deste informe do Consello de Contas e o que nos vén dicir é que vostedes nos saíron moi caros aos galegos e ás galegas. Por non valorar outras posibilidades, por ir correndo en auxilio de determinadas empresas concesionarias, iso saíunos moi caro aos galegos e ás galegas.

É verdade que vostedes e o Partido Popular son moi dados en saír ao rescate de determinadas empresas, son moi dados en saír ao rescate dos bancos, das caixas, pero son moi pouco dados en saír ao rescate das familias e das persoas que están nunha situación de maior vulnerabilidade, e tamén son moi dados a non saír no rescate das pequenas empresas. Esa é a realidade da Xunta de Galicia e do Partido Popular.

Porque ¿que aconteceu? Que estas empresas concesionarias, cando tiveron un menor volume de tráfico, e, polo tanto, menor volume de ingresos, porque unha cousa leva á outra, pois pedíronlle auxilio á Xunta de Galicia. E a Xunta de Galicia saíu correndo no ano 2014 en auxilio destas empresas concesionarias sen ter en conta nin sequera valorar outras posibilidades.



Estas empresas concesionarias que dicían que tiñan un menor volume de tráfico por estas infraestruturas, o certo é que estas empresas que resultaron adxudicatarias destes contratos xa presentaron ofertas con importantes baixas económicas, arredor do vinte e cinco por cento. E non o dicimos nós, señora conselleira, dío o propio informe do Consello de Contas. É máis, o propio informe do Consello de Contas vai máis aló e di: «Os feitos posteriores amosaron os erros de previsión nas ofertas das concesionarias, por excesivamente optimistas no tráfico estimado, o que pode agochar un compoñente estratéxico por parte destas empresas co obxectivo de resultaren gañadoras do concurso para posteriormente, como finalmente aconteceu, intentar renegociar eses canons».

¿E que fixeron vostedes no 2014 cando as empresas lles pediron esa renegociación dos canons? Pois dállelos directamente. ¿E que acontecía? Acontecía que os pregos con base en que se adxudicaron eses contratos non prevían esa posibilidade, non se podía facer ese reequilibrio económico que pedían as empresas. ¿E que fixo a Xunta de Galicia? Buscarlles unha solución a estas empresas. ¿E como? Pois pola Lei de acompañamento dos orzamentos da Comunidade Autónoma modificaron isto para que se puidera dar este reequilibrio económico. ¿E iso que supuxo para os galegos e para as galegas? Que se tivera que pagar 205 millóns de euros máis do que estaba previsto.

E despois recalcular mal ese equilibrio é o que supón que no día de hoxe teñamos que facer fronte, a maiores deses 205 millóns que xa se lles pagou de máis a esas empresas concesionarias, pois a 44 millóns máis, que moi ben nos virían, señora conselleira, para poder mellorar outras infraestruturas na nosa comunidade autónoma, para poder aumentar esas bonificacións nas peaxes das infraestruturas de competencia galega; porque aí non hai gratuidade, hai unha bonificación para determinados colectivos, non para todos. E a verdade é que estes 44 millóns de euros que temos que pagar de máis pola súa mala praxe virían moi ben. E tamén para cumprir algún deses compromisos electorais: a VAC Costa Norte, a variante de Carballo, a vía Ártabra ou, por exemplo, o desdoblamento total do corredor Nadela-Monforte, que se esquecen de que falta un cachiño importante nesa cabeciña da Xunta de Galicia.

Polo tanto, vostedes no ano 2014 modificaron na metade do partido as regras do xogo para favorecer determinadas empresas concesionarias. Non valoraron nin sequera outra posibilidade. Porque podían valorar, por exemplo, rescatar esas concesións; podían valorar, por exemplo, deixar caer esas concesións e volvelas sacar a licitación, ou podían exercitalas tamén con medios propios.

Eu, conselleira, quero saber por que nin sequera valoraron esta posibilidade. Porque, claro, non llo dicimos nós, pero di o propio informe do Consello de Contas que iso sería o máis vantaxoso economicamente para todos os galegos e para todas as galegas. ¿Por que non valoraron esa posibilidade? ¿Por que correron ás présas solventarlles os problemas ás empresas concesionarias e non os problemas dos galegos e das galegas? ¿Cal é o motivo? Porque algún motivo ten que haber, señora conselleira.

Por iso nós hoxe traemos esta interpelación e preguntámoslle se vai a Xunta de Galicia atender a recomendación feita polo Consello de Contas relativa á revisión dos incrementos



destas tarifas aprobadas nos reequilibrios económicos e reducir, dende agora ata o ano 2032 —porque esta é unha lousa que nos deixa o Goberno galego do Partido Popular—, esta contía ata o estritamente indispensable para asegurar a viabilidade financeira dos contratos. ¿Vaino facer, conselleira? O señor Rueda, o presidente da Xunta, naquel momento parecía dar a entender que estaba a favor. ¿Que di vostede? Interésanos moito saber por que a Xunta de Galicia, no ano 2014, xa non lle digo non tomou a decisión, senón que nin sequera valorou a posibilidade de rescindir estes contratos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: E remato. Á vista dos datos ofrecidos polo informe do Consello de Contas, ¿segue a pensar a Xunta de Galicia que ter autorizado eses reequilibrios económicos automaticamente por decisión propia da Xunta de Galicia —porque non a obrigaba ninguén, porque o Tribunal Supremo avalaba outras formas de actuar— e sen analizar outras opcións foi o mellor para os galegos e para as galegas? Eu creo que a cidadanía galega merece unha resposta. A ver se desta vez acerta no que me ten que responder.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, dona Ethel María Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señoría, o certo é que, en cuestión de estradas e en materia de autovías e peaxes, o Partido Socialista e as súas políticas dende logo son un auténtico desatino. Tan equivocados están que pensan que lles tocou a lotería con este informe do Consello de Contas, e o que fai este informe do Consello de Contas é literalmente cuestionar as políticas socialistas aplicadas nas estradas, que é unha herdanza do Bipartito que tivo que asumir este Goberno en plena crise económica. Vostede insiste e volve insistir intentando darlle a volta e mentir. Mente, dende logo, vostede. O que queda claro é que o que lle contesto non o escoita, ou non lle importa non escoitalo. Eu agardo que agora me atenda e me entenda. Vou intentar explicar polo miúdo.

A min o que me sorprende é esta crítica ao Goberno da Xunta de Galicia en materia de construción de autovías co pago aprazado, porque foi unha práctica —vólvolle insistir— activada e empregada en exceso polo Goberno do Bipartito. Ademais —o peor—, en época de bonanza económica, cando había cartos vía orzamentaria. Vólvolle repetir, foi unha práctica activada e empregada en exceso polo Goberno bipartito. Eu xa lle ensinei os documentos asinados e os contratos. ¿Por quen? María José Caride, que, polo que eu entendo, é do Partido Socialista. (*Aplausos.*) Do Bipartito e, polo tanto, do Partido Socialista. Unha práctica que aplicaban vostedes. Os papeis non menten. Aí acredítase que o emprego por parte do Bipartito do pago aprazado foi, dende logo, en exceso e, o peor, —insístolle— en época de bonanza



económica, cando había cartos vía orzamentaria, que iso é aínda diría que peor. E foi o Bipartito, María José Caride —entregueille os documentos, ten os documentos—, a que incluíu unha cláusula RPA, de responsabilidade patrimonial —asinado polo Bipartito, volvo insistir—, para compensar as concesións cando houbese caída de tráfico. É que é a realidade. Os papeis non menten; entregueille aquí os papeis asinados por María José Caride. Cláusula dos contratos de responsabilidade patrimonial cando hai ameaza de quebra nesas concesións.

A vostedes dálles igual. Co Partido Socialista xa estamos acostumados a que, co diñeiro público, pouco respecto e pouca visión de futuro. Pero, dende logo, nós somos responsables. Sabemos xestionar con eficacia e eficiencia e somos, dende logo, responsables, tendo en conta o que suporía pagar nun único pago a tocatella a responsabilidade patrimonial millonaria que suporía deixar quebrar esas concesións. No 2014 suporía pagar nun único pago 190 millóns de euros de responsabilidade patrimonial. Contratos que deixei aquí á súa disposición e que está aí a responsabilidade patrimonial: 190 millóns de euros para pagar no ano 2014 con fondos propios ¿De onde os sacamos nos orzamentos da Xunta de Galicia do ano 2014? ¿De que partida? Indíqueme vostede de que partida. ¿Da de sanidade? ¿Poñemos en risco os servizos públicos porque vostede me está a pedir que en 2014 pagáramos 190 millóns de euros a concesionarias privadas e sacarllo de servizos públicos básicos? É o que me está a propoñer vostede no ano 2014. Pero do orzamento do ano 2014, dígame vostede de onde se sacarían eses cartos.

Nós no ano 2014 analizamos diferentes alternativas, por suposto, e era inviable sacar das arcas públicas 190 millóns de euros para pagar as concesionarias, que é o que me está propoñendo vostede —polo menos pareceo—, porque consideramos moito máis urxente atender servizos básicos esenciais, como é a sanidade e a educación. Valoramos diferentes posibilidades e diferentes alternativas e rexeitámolas, porque as consecuencias eran nefastas para os servizos públicos esenciais. Por iso actuamos con eficacia e decantámonos, por suposto, por reequilibrar as tarifas das peaxes só alí onde era imprescindible para evitar a quebra; é dicir, para evitar un pago de 190 millóns de euros no ano 2014 nun único pago a empresas concesionarias. Denegouse en Santiago-Brión, onde se autorizou —insístolle— por debaixo dos importes reclamados e tamén por debaixo dos importes que estaban contabilizados, porque está por debaixo do que é a adxudicación dos documentos contables. O que impedimos foi a quebra para impedir un único pago no ano 2014 de 190 millóns de euros ás empresas concesionarias. Creo que é unha solución coherente co interese xeral, interese xeral que non vemos no Goberno de España. Isto si que é un interese xeral.

¿Que poderíamos facer con 190 millóns de euros? Díxenllo xa o outro día aquí neste Parlamento: 16 centros integrais de saúde como o de Lugo; 79 centros de saúde como a reforma que imos facer no da Milagrosa; 10 rondas Leste de Lugo. E, polo tanto, ¿que lle vou comentar sobre o que suporía pagar no ano 2014 190 millóns de euros ás concesionarias? Pois sería poñer en risco os servizos públicos da Xunta de Galicia.

Non sei que reivindican, tamén. ¿Os 4.100 millóns de euros que nos deixaron de débeda de hipotecas por ese tipo de contratos e outros? Dende logo o que deixaron é pan para hoxe e fame para mañá, que é ao que nos teñen acostumados. Como vemos, a ampliación da AP-9 asinada por José Blanco ao primeiro e despois Ábalos. ¡É o que fixeron! Estamos pagando



todos os galegos peaxes durante vinte anos, acumulativo, para pagar esas horas. Igual que o Bipartito acordou pagar a subvención da peaxe da metade da autoestrada en Rande-A Barcala. Fomos nós quen quitamos ese compromiso das contas públicas para que non teñan que pagar os galegos. Señoría, a Xunta de Galicia quitou esa débeda, esa contabilidade dos pagos da Xunta de Galicia, porque ademais era un enriquecemento inxusto de Audasa.

Polo tanto, dende logo vén aquí cambiar de opinión, emendar os seus propios contratos que deixaron asinados coas peaxes na sombra, asinados por María José Caride. Pero bueno, en todo caso xa sabemos dos cambios de opinión aos que nos ten acostumado o Partido Socialista. Porque vén aquí emendar e cambiar as regras do xogo que deixaron vostedes asasinadas. ¡Pero se lle deixei os contratos aquí o outro día! ¿Non lles botou unha ollada aos contratos coa cláusula da responsable patrimonial asinados por María José Caride?

Tamén evita atender unhas frases que veñen no informe do Consello de Contas —que ten que ter vostede, porque está colgado—: «A crise afectou especialmente as condicións de financiamento que ofertaban as entidades bancarias, quen, a pesar de formalizar unha oferta ou compromiso co que a entidade concesionaria se presentou a licitación, tal compromiso na práctica non era vinculante e posteriormente rexeitaron pechar o financiamento. A entidade concesionaria nin podía prever nin tivo maior responsabilidade no endurecemento das condicións financeiras». Señoría, en todo caso vén aquí emendar certas cuestións que son os contratos que asinou María José Caride. Non reescriba a historia, porque o certo é que as regras do xogo impuxéronas vostedes. As regras de xogo impuxéronas vostedes con eses contratos cunha responsabilidade patrimonial millonaria que había que pagar nun único pago ás concesionarias.

Vostedes marcaron as regras do xogo que nos limitaron no ano 2014 e nos deixaron, en primeiro lugar no Bipartito, a deber todas esas obras que proxectaron. Xa estamos acostumbrados ao *yo invito y tú pagas*. Chegan a estar durante a crise económica e incluso hipotecaban a torre de Hércules e a Muralla de Lugo. Menos mal que chegamos nós como goberno responsable dos fondos públicos. (*Aplausos.*) Pois si señorías, responsabilidade e xestión con eficacia; actuando e aplicando o sentido común.

Polo tanto, vostede vén aquí censurar as decisións adoptadas polo Goberno bipartito, que abusaron en bonanza económica, señoría. ¡O que é non xestionar! Porque aplicar o pago aprazado en bonanza económica cando había posibilidades vía orzamentaria, dende logo que non é unha xestión eficiente en absoluto, señoría.

Na miña opinión creo que aplicamos unha solución coherente. Non imos atender dende logo a demanda do Consello de Contas porque xa aplicamos e xa a revisamos á baixa. Vostede se fixese un seguimento e se actualizase —porque vén aquí cun enfoque concreto sen actualizarse— sabería que xa revisamos á baixa, por exemplo, as peaxes da concesión de Celanova. E nós seguiremos traballando coa eficacia dos empregos públicos e seguiremos actuando e executando vías libres de peaxe. Levamos executados douscentos quilómetros de autovías libres de peaxe e tamén conservando as estradas de competencia da Xunta de Galicia.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Di a conselleira ao remate case da súa intervención: «non imos atender a recomendación do Consello de Contas». ¡Incríble! Eu imaxínome que o Consello de Contas xa está acostumado, porque a verdade é que o atenden bastante pouquiño por parte da Xunta de Galicia. Vostede o dixo, literalmente: «non imos atender a recomendación do Consello de Contas».

A verdade, señora conselleira, é que teñen o ego bastante subidito na Xunta de Galicia, porque agora os lucenses teremos que dar as grazas de que a Muralla de Lugo sexa grazas ao Partido Popular. Ao mellor os romanos non tiveron nada que ver con esa muralla. É que, señora conselleira, a verdade é que é para rir por non chorar.

Miren, esta práctica das peaxes sen sombra foi activada polo Partido Popular. Foi activada xa na época do señor Fraga, cando o señor Feijóo era conselleiro de Obras Públicas, e despois foi el o que licitou e o que asinou a maioría destes contratos. É que miren, vostedes teñen tanta cara que din que fomos nós, os socialistas, os que activamos e os que abusamos deste sistema. Pero mire, se ata vostedes, cando xa perderan as eleccións e cando xa eran un goberno en funcións, foron os que deixaron as regras do xogo marcadas. (*Aplausos.*) Vostedes, cando xa ían deixar o goberno da Xunta de Galicia. Pero, ¿que me ven contar vostede aquí?

Di que a señora Caride foi a que a que marcou a posibilidade dese reequilibrio dos canons para poder compensar a caída do tráfico. Mente vostede tamén, señora conselleira. ¿Por que, se a señora Caride deixou este mecanismo xa contemplado, vostedes no ano 2014 tiveron que ir pola porta de atrás, vía lei de acompañamento dos orzamentos da Xunta de Galicia, modificar esta posibilidade para poder facer o reequilibrio que lle pedían as empresas concesionarias? (*Aplausos.*) Porque non estaba contemplado nin nos pregos nin nos contratos. Polo tanto, a señora Caride non deixou nada asinado neste senso.

É que hoxe escoitamos tantas mentiras aquí neste Parlamento... Despois xa de retorcer e de mentir tanto con ese informe do Consello de Contas, que dicía o señor Balseiro que falaba do Goberno bipartito, como que abusáramos diso e non está. Pero mire, voulle ler literalmente o que di o Consello de Contas: «A Xunta de Galicia podería non ter accedido a esta renegociación para tratar de conseguir que a caída de ingresos derivada do menor tráfico fora asumida directamente polos concesionarios e polos bancos financiadores sen achegar, polo tanto, máis fondos públicos». Conselleira, di o informe do Consello de Contas que «esta postura está en liña coas sentenzas do Tribunal Supremo, que denegaron a concesionarios, en casos similares, o dereito a recibir máis ingresos pola diminución do tráfico». Polo tanto, non digan que a única posibilidade era acudir en socorro e en auxilio destas empresas concesionarias, porque lle está dicindo o propio informe do Consello de Contas que había outra posibilidade e que estaba avalada polo Tribunal Supremo. (*Aplausos.*)



Sigo a ler, literalmente, señora conselleira. Isto si que o di o informe do Consello de Contas: «A posibilidade de que esa falta de renegociación provocase que os concesionarios chegasen a quebrar neste caso, a Administración tería que rescatar as concesións e extinguir os contratos.» Este escenario é viable dende o punto de vista orzamentario, señora conselleira, por moito que se escude. Dío o informe do Consello de Contas, que era viable orzamentariamente. Tamén di que é viable xuridicamente e que tamén era economicamente máis vantaxoso que a alternativa de reequilibrio pola que optou a Administración galega. Polo tanto, había posibilidade orzamentaria, había posibilidade legal e había posibilidade xurídica. E o que había tamén era a posibilidade de aforrarlles aos galegos e ás galegas nun primeiro instante 205 millóns de euros e despois agora o que estamos a pagar todos e todas, que son eses 44 millóns de euros máis por ter calculado mal ese reequilibrio económico. En resumo, di o Consello de Contas: «Consideramos que a construción e explotación de autovías mediante concesión por parte da Xunta de Galicia na modalidade de peaxe en sombra e canon de dispoñibilidade non foi eficiente, xa que se poderían acadar resultados equivalentes a un menor custo».

Eu incluso chego a comprarlle esa mentira que di vostede de que foi culpa dos socialistas. Pero no ano 2014 eran vostedes os que estaban a gobernar na Xunta de Galicia e no ano 2014 foi cando estas empresas concesionarias pediron que se lles incrementase o canon, que se calculase ese reequilibrio. ¡E foron vostedes os que o autorizaron! ¿Por que non valoraron nin sequera outras posibilidades? Agora din que non van atender as recomendacións do Consello de Contas. Pois o señor Rueda hai poucos días dicía que iso sería o mellor para os cidadáns. Polo tanto, eu non entendo como non se aclaran.

E mire, eses 44 millóns de euros virían moi ben para poder bonificar peaxes nas infraestruturas que son competencia do Goberno galego. Aprendan do Goberno de España, que agora xa non só esas bonificacións na AP-9, senón tamén na AP-53.

E miren, non mintan señora conselleira, porque os primeiros en levantar as peaxes en Rande e na Barcala foron gobernos socialistas. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Non, non, nunca entendo señora conselleira; a verdade é que nunca entendo. Non, claro, claro. ¡Fomos nós! Mire, fomos nós. Presidente no Estado, Zapatero; e presidente aquí en Galicia, Touriño. Polo tanto, non veñan dicir aquí que foi o Partido Popular.

Ademais, miren, co tema da AP-9 a verdade é que pode estar vostede bastante caladiños.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Quen prorrogou esa prórroga de concesión das peaxes ata 2048 foi un Goberno do Partido Popular e quen privatizou Audasa foi un goberno do Partido Popular. Cando nós chegamos, os socialistas, o que tivemos que facer foi realizar esas bonificacións históricas nas peaxes da AP-9, que, por certo seguirán e aumentarán.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Peché da interpelación, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle):
Grazas.

Eu espero que me atenda e me entenda. A frase que dixen enteira do Consello de Contas é que non precisamos atender as recomendacións do Consello de Contas revisando as tarifas, porque xa o levamos aplicando moito tempo, señoría. Aplique a frase enteira, atenda e entenda. (*Aplausos.*) Porque xa aplicamos á baixa a revisión das tarifas da concesión de Celanova e tamén conseguimos reducir a débeda que deixaron vostedes nos últimos dez anos, a débeda que deixaron no Bipartito; 4.100 millóns de euros foi o que nos deixaron a deber. Reducimos, dende logo, de forma substancial esa débeda que nos deixaron vostedes.

O certo é que o seu argumento coxea, señoría. Son argumentos que coxean e terxiversan. Eu entendo que neste período parlamentario de tempada outono-inverno pois colle do informe do Consello de Contas. Eu agardo que nas rebaixas de xaneiro poida ampliar o fondo de armario e buscar outras cuestións, porque con ese guión co que vén encasillada non se actualiza, revisa e analiza todo de forma completa. Si que lle pon paixón, pero o certo é que non adapta o guión a todos os acontecementos, como os documentos que lle ensinei de contratos, asinados por María José Caride —Bipartito, Partido Socialista— coas cláusulas de responsabilidade patrimonial. E nese sentido non ten credibilidade, señoría, cando me vén aquí negar incluso os contratos asinados que lle deixei aquí e aí están os documentos.

Nós seguiremos traballando para rebaixar a débeda que deixaron vostedes. Non me entendeu o de Rande e a Barcala; se quere en privado —porque non teño tempo— coméntollo. Temos diferentes autovías por concesións de peaxe en sombra. Eu creo que é bo comentar esa cuestión, pero temos unha anomalía, a anomalía que existe no eixo de comunicación Santiago-Ourense. É unha parte estatal, unha parte autonómica e un único eixo de comunicación dentro de Galicia. Queremos acabar con esa anomalía que lastra a seguridade viaria, lastra a competitividade, e por iso —como saben— solicitamos dende a Xunta de Galicia ao Goberno de España a liberación desa peaxe da AP-53 que xestiona o Goberno de España. Non lle pedimos ao Goberno de España máis do que estamos a facer. Estamos a pedirlle ao Goberno de España que aplique o mesmo que estamos a aplicar nós, financiando esa liberación de peaxe co mesmo gasto que estamos a realizar nós para que ese treito entre Santiago e Ourense na parte autonómica sexa libre de peaxe e así conseguir que ese eixo de comunicación sexa plenamente unha infraestrutura que vertebre o territorio, que sexa competitiva e que sexa libre de peaxe. Sendo libre de peaxe aumentaría a calidade de vida da xente que vive ao carón da N-525 e tamén incrementariamos a seguridade viaria.

Sobre as peaxes en sombra e as autovías con pago aprazado, o certo é que permitiu adiantar no tempo a posta en marcha de diferentes infraestruturas e avanzar na vertebración. Pero eu volvo insistir: o Bipartito tramitouas cando había bonanza económica e posibilidade vía orzamentaria. Iso non é unha xestión responsable, señoría; ese é un uso excesivo desa modalidade de contratos. E o certo é que a hipoteca que nos deixou foi enorme; tivemos que realizar un esforzo titánico para diminuír ese volume de débeda, para reducir. Porque xa levamos atendendo moito tempo as recomendacións que indican agora no Consello de



Contas, xa levamos tempo realizándoo. Dende o ano 2009 logramos reducir un sesenta por cento o endebedamento deixado polo Bipartito, que ascendía a máis de catro mil cen millóns de euros, señoría. Repito: catro mil cen millóns de euros é a débeda que nos deixaron vostedes de hipoteca, que nos deixaron vostedes en infraestruturas de estradas e en modalidades das que estamos a debater hoxe.

E volve insistir en que no 2014 había cartos. Dígame vostede, 190 millóns de euros de onde os sacamos nos orzamentos do 2014 para pagar ás concesionarias, como está a propoñer vostede.

E por suposto que realizamos alternativas, señorías. Somos un goberno serio que sabemos xestionar de forma eficiente, de forma eficaz. Dígolles alternativas: non facer nada e pagar responsabilidade patrimonial. É moi fácil, pero, ¿con que pagamos 190 millóns de euros nun único pago no ano 2019 sen afectar os servizos básicos, como a sanidade e a educación? Dígame vostede. ¿De onde sacamos os 190 millóns? Valorouse esta posibilidade, volver licitar a concesión, resolver os contratos e nova licitación. Implicaría que o novo adxudicatario tivese que asumir a responsabilidade patrimonial. Estamos a falar dun volume de mil millóns de euros, señoría. Por suposto que o analizamos. Tamén analizamos os préstamos participativos, que suporía incrementar a débeda que nos deixaron vostedes, catro mil cen millóns de euros. E tamén a última alternativa, que é reequilibrar as tarifas ao mínimo para garantir a viabilidade e evitar ese pago de 190 millóns de euros ás concesionarias. Optamos por esta cuestión e optamos por non aceptar reequilibrios cando consideramos que non é necesario. Como na covid todas as autovías e autoestradas necesitaron reequilibrio pola caída de tráfico da covid, denegámolas todas; e, dende logo, nos procedementos xudiciais déronnos a razón.

Señoría, eu remato xa. Veu aquí tirarse das orellas a si mesma. Porque insisto en que os contratos foron asinados — ensíneille os contratos asinados— polo Partido Socialista nos contratos de concesións de peaxe en sombra.

Pola miña parte nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Interpelación de D^a Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en materia de I+D+i

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día, ou boa tarde a quen comese.

Benvida, señora conselleira.

Antes preguntaban que de onde ían sacar os cartos e onde ían recortar, pois precisamente de aquí. Da política de ciencia, de investigación, de xeración de coñecemento, que nos



últimos catorce anos o Partido Popular deulle recorte gustosamente. Aí están os datos sobre os que agora debateremos e que dan boa conta diso.

Nós traemos hoxe a esta Cámara unha interpelación sobre a política de I+D+i do Goberno galego, porque para nós, para o Bloque Nacionalista Galego, témolo dito moitas veces, a ciencia, a investigación, a innovación, o coñecemento son un elemento central sobre o que debe pivotar o desenvolvemento económico e social de Galiza. E para iso precísase unha política integral, dirixida a fortalecer un ecosistema investigador como o galego, científico e investigador como o galego, que, con todas as dificultades, foi cos anos consolidándose nun escenario altamente competitivo e que vai ir aínda a máis.

E nesa política integral que se necesita en I+D+i, hai tres elementos que son fundamentais e nos que eu centrarei a miña intervención. Un investimento estable e constante ás persoas, un programa de recursos humanos que nos garanta unha carreira investigadora completa, tanto na formación, na incorporación, como na consolidación ou profesionalización da actividade investigadora. Condicións, polo tanto, de traballo dignas para todo o persoal investigador. Todo o persoal investigador. E, despois, coordinación e cooperación entre os distintos axentes, para garantir o máis importante na xeración de coñecemento, que é transferilo ao conxunto da sociedade e, sobre todo no noso caso, ao tecido produtivo e aos axentes socioeconómicos do noso país.

Os datos oficiais, tanto do Instituto Galego de Estatística como o último informe, a memoria socioeconómica publicada polo CES, o que nos di é que o goberno do Partido Popular ao longo destes últimos catorce anos fixo todo o contrario. Foi un freo e un atranco para este país en materia de I+D+i.

A respecto do investimento, Galiza —non hai máis que velo— sitúase hoxe nun 1,1 por cento de investimento en relación co seu produto interior bruto. Estamos moi lonxe da media estatal de 1,43 por cento e aínda máis afastadas da media europea do 2,26 por cento. Pero é que se imos aos propios datos da Xunta de Galiza, sobre todo aos obxectivos estratéxicos que se marcaba o goberno do Partido Popular hai escasamente uns anos, collemos o Plan estratéxico da Xunta de Galiza do Goberno do Partido Popular 2015-2020 e vemos cal era o obxectivo que se fixaba ese goberno do Partido Popular para 2020, era do 1,7 por cento do PIB. Xa non é lonxe do 1,1 por cento no que estamos hoxe, jé que vostedes foron recortando até os seus propios obxectivos! Porque a súa política en I+D+i o único que fixo foi ir afastando cada vez máis a Galiza dun investimento en relación co noso produto interior bruto, que tiña que facernos aproximar ao conxunto do Estado e da media europea e non afastarnos, como estamos vendo. E, a verdade, sería un mal chiste que vostedes incluso revisasen á baixa os seus propios obxectivos estratéxicos se non estivésemos falando de algo tan serio.

Algo tan serio como que incluso vostedes recollen nos orzamentos da Xunta para 2022 —que é o ano pechado que temos— e vemos a execución orzamentaria que acaba de entrar xunto co proxecto de orzamentos a esta Cámara. O que vemos é que o ano pasado vostedes orzaron unha cantidade no Programa 561B, no Plan galego de investigación, que quedou moi lonxe de executarse no seu completo. Quedaron 45 millóns —nada máis e nada menos, 45 millóns— dese Plan galego de investigación pois non sabemos moi ben onde, nun caixón ou nunha



gabeta, pero sen executar. Cando son tan necesarios nun momento de cambios, de profundas transformacións para o tecido e o ecosistema investigador galego. Que o que necesita é avanzar, —insisto, como dicía ao comezo—, nun investimento público e privado, —pero, no que refire á Xunta de Galiza, público— que sexa estable e que sexa decidido. Investimento, polo tanto, pero tamén un programa de recursos humanos que sexa estable, que garanta condicións de traballo dignas para o conxunto do persoal investigador do noso país.

E aí, claro, hai que botar a ollada atrás, porque aquí parece que todo empezou no ano 2005. Pois imos a ese ano. Aquí neste país facíase un grande avance no ano 2005 da man do Bloque Nacionalista Galego á fronte da Dirección Xeral de I+D+i naquel momento. Por primeira vez trazábase un programa de recursos humanos completo para toda etapa investigadora en todas as súas fases e en todas as súas categorías: de iniciación, de formación, de incorporación, de consolidación ou profesionalización para persoal investigador, para persoal tecnólogo e para persoal tamén de xestión de proxectos e fondos. É o que se chama ou coñece como Plan Incite.

Naquel momento, no ano 2008, o enorme esforzo que fixo o Bloque Nacionalista Galego traducíuse en 586 prazas convocadas en distintos programas, que a moitas e moitos lles soarán. Eran o María Barbeito, o Isidro Parga Pondal, o Isabel Barreto, o Lucas Labrada, o Manuel Colmeiro... Eran programas e convocatorias de contratación, nas súas distintas etapas da carreira profesional, de persoal tecnólogo e persoal investigador. ¿Saben cantas convocaron vostedes en 2010? ¿Saben que deixou o Partido Popular dese Programa Incite? Deixou 586 prazas en 2008 e 15 no ano 2010. (*Aplausos.*) ¿Saben cantas se convocan hoxe? Vale, porque poderán dicir: pasou moito tempo, unha crise económica brutal... Pero, bueno, agora levamos uns anos en que están entrando cantidades de diñeiro. Hai varios anos que se anuncia por parte do Partido Popular que son os orzamentos máis grandes da historia de Galiza. ¿Saben cantas prazas de predoutorais, postdoutorais e doutorados industriais convoca a Xunta de Galiza, o Goberno do Partido Popular, en 2023? Convoca 189 prazas, señora conselleira, 189 prazas. A min gustárame —e estiven repasando— poderlle sumar a esas prazas convocatorias como Talento Senior ou o Programa Principia; pero resulta que vostedes aprobaron o Principia no ano 2018 e no 2021 acabouse a convocatoria. Nunca máis se soubo deles e todo o persoal tecnólogo do noso país non ten ningún tipo de convocatoria pública para iniciar a súa carreira investigadora ou darlle continuidade.

Falando de recursos humanos, de persoal investigador, da carreira investigadora, hai unha categoría que é o persoal investigador da Xunta de Galiza. Eu levábame a sorpresa o outro día, despois do Consello da Xunta —seguímolos moito, con atención ao longo do tempo—, cando dicía o señor Rueda, o presidente da Xunta, que iamos ter en 2024 o primeiro estatuto do persoal investigador da Xunta, que son cincocentas persoas. Non é o groso do persoal investigador galego, pero é unha parte importante, fundamentalmente da área sanitaria —a integración do persoal investigador das antigas fundacións, a Acis e o Sergas—. A min facíame graza, porque dicía: pero é que isto xa o vivimos, porque isto xa se anunciou aquí en marzo de 2021 no Parlamento galego, que ía haber un decreto de carreira investigadora. No ano 2022 volveron repetirnos o anuncio, o mesmo: un decreto que ía chegar no primeiro semestre de 2023. Claro, estamos en novembro de 2023, non había nada, e agora dinnos que para o ano que vén vai estar todo listo, despois de ter o proxecto de decreto metido nun caixón



durante oito meses, practicamente durante un ano, sen atender nin sequera as achegas que facían as organizacións sindicais ou as entidades representativas do sector da investigación. Con todo, eu pedín o outro día o último borrador —non á Xunta, que non cho manda, pero si a algunhas das persoas que están implicadas nesa negociación— e levábame de novo a sorpresa con que deixan fóra unha parte importante do persoal investigador; exclúen boa parte do persoal técnico. Técnicos de laboratorio, por exemplo, que teñan formación profesional, que non teñan unha titulación en grao ou licenciatura, quedan fóra dese novo decreto; ou todo o persoal de xestión de proxectos ao que non se considera directamente persoal investigador, como se non tivesen unha cualificación e unha especialización que é fundamental para que os grupos de investigación do noso país se poidan dimensionar e estar á altura dun mercado —insisto— tan altamente competitivo, no que tes que pelexar con grupos de toda Europa e de todo o mundo.

Ademais —eu teño dúbidas de que sexa legal, non me corresponde a min valoralo neses termos— prevese un despedimento do persoal despois dunha avaliación negativa, creando unha sorte de período de proba de cinco anos. Eu non sei que criterios se van usar para decidir que esa persoa sexa despedida e que perda esa categoría de investigador, de persoal laboral da Xunta de Galiza. Non sei que criterio vai ser; que non publiques nunha revista indexada ou que non chegues a conseguir unha cura para unha determinada enfermidade... Non sei se nos poden aclarar que é o que van facer vostedes.

E eu, por último, para non estenderme máis nesta primeira intervención, dicía: investimento estable, un programa de recursos humanos que poña no centro o máis importante cando falamos de investigación, que son as persoas. A ciencia non a fan as máquinas; faina o ser humano, e necesita condicións de traballo dignas para desenvolverse como investigadoras e investigadores.

E, en terceiro lugar, unha pata fundamental, que é practicar unha política integral. O Partido Popular desde que entrou pola porta da Xunta de Galiza de novo fragmentou a política de I+D+i. Nós consideramos que iso é un erro, dividírono en dúas consellerías —entre Industria e Universidades—, cunha nula coordinación entre ambas as máis das veces e atreveríame a dicir incluso que cada día máis divididas. Chegábanos o outro día a información de que hai dimisións incluso na antiga axencia Gain. A nós as guerras dentro do Partido Popular, conselleira, interésannos pouco. O que nos preocupa é a situación na que se atopa o ecosistema investigador deste país e o freo e o atranco que estes catorce anos de Goberno do Partido Popular supuxeron para un sector que é un sector produtivo máis. É un sector económico fundamental e é a panca de desenvolvemento para o conxunto do tecido produtivo galego.

De momento, máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Resposta da consellería de Economía, Industria e Innovación, dona María Jesús Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Lorenzana Somoza):
Grazas, presidente.



Bo día.

Ben, señora Rodil, antes de nada, vén vostede facer aquí unha emenda á totalidade —cualificaríao eu— das políticas de innovación da Xunta de Galicia —di vostede— dos últimos catorce anos xustificada nos resultados. O resultado para vostede é que nós estamos na cola de todos os territorios, non avanzamos ningún posto, estamos na cola do investimento en innovación. E creo que primeiro hai que aclarar os datos.

Falan de recortes no investimento en innovación nos últimos catorce anos por parte da Xunta. Logo na réplica falaremos da súa proposta, porque a verdade é que ten tela, pero bueno. O investimento galego en I+D medrou dende o 2014 ata o 2022 máis dun 57,3 por cento. Estamos sete puntos por riba da media do Estado, que está en 50,7 por cento. Segundo o último dato estatístico que hai, que é do 2022, Galicia inviste 751 millóns; é dicir, é o nivel máis alto de investimento en toda a serie histórica. Consolidámonos como a sétima comunidade autónoma que máis inviste. Se collemos o investimento en I+D en relación co PIB, na última década en Galicia increméntase un 33 por cento; pasamos do posto número 12 ao posto número 7 e somos a terceira comunidade autónoma que máis crece. Se soamente tomamos o compoñente público do indicador, Galicia é a cuarta comunidade en canto a investimento con respecto ao PIB.

En número de persoal empregado de I+D temos un incremento sostido. Actualmente temos 12.349 persoas, persoal empregado en I+D, co cal aumentamos no último ano un 8,5 por cento. Temos o mellor dato de toda a serie histórica e somos a sexta comunidade con máis persoal empregado en I+D. En persoal investigador estamos aumentando nun 7 por cento, dous puntos máis que a media do Estado. Un incremento sostido dende o ano 2015, no que en Galicia aumentamos un 48,7 por cento en persoal investigador, mentres que no conxunto do Estado están nun 32,11 por cento. Isto colócanos na sexta comunidade con máis investigadores.

En indicadores de innovación creo que acordaremos todos —e supoño que vostede estará de acordo— que algo máis de valor como indicador de innovación que o Informe do Consello Económico e Social terá o Indicador de innovación rexional. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, pois nese indicador, no último dato publicado en xuño de 2023, Galicia é unha rexión «innovadora moderada», exactamente igual que o resto das comunidades salvo tres, que están en «innovadora forte»: País Vasco, Madrid e Cataluña. Dende o ano 2014, neste indicador pasamos da undécima posición á posición número oito no ano 2023.

Cando vostede plantexa a interpelación, compara a posición de Galicia co norte de Portugal, vindo dicir que cada vez estamos máis afastados do norte de Portugal. Volvendo a ese indicador e fixándonos nesa rexión, no norte de Portugal —que, por certo, fixemos, como sabe, a primeira RIS3 transfronteiriza en Europa—, pois resulta que aí cada vez nos imos aproximando máis a Portugal. No ano 2016, o norte de Portugal superábanos en oito puntos; agora mesmo, no ano 2023, apenas en cinco.

Ben, señora Rodil, nós concordamos con vostedes na base. O desenvolvemento económico e o progreso social non se poden entender sen a innovación. A innovación evidentemente ten



un papel crucial no crecemento económico. Evidentemente temos claro que toda empresa ten que apostar pola innovación para ser competitiva, para xerar emprego de calidade e para mellorar a súa eficiencia, a súa produtividade e o desenvolvemento de novos produtos. Ata aí claro que estamos de acordo. A partir de aí, co seu discurso, que se centra —porque é soamente do que falou— na carreira investigadora, xa non podo concordar.

Reclaman estabilidade e certezas na xestión de recursos humanos e certezas na carreira investigadora. E critica a aprobación por parte do Goberno da Xunta de Galicia do Decreto da carreira investigadora ou di que non se cre cando o presidente da Xunta di que está aprobado no Consello da Xunta para a súa remisión ao Consello Consultivo. É evidente, porque vostede o coñece ben, que nesa fase final o Consello Consultivo dispón dun mes. Polo tanto, a aprobación do decreto será a principios, probablemente en xaneiro do ano 2024. Esta é a realidade do que se aprobou no Consello da Xunta na semana pasada.

E claro que cremos que hai que darlles un marco regulatorio estable aos investigadores públicos. Iso é o que facemos nese decreto. Un decreto, por certo, que é un decreto moi ambicioso, que non hai ningunha comunidade autónoma —nin sequera o Estado— que na lei preveña unha carreira profesional para todo o persoal investigador público.

Mire, cando un queda só nunha opinión —que é como se están quedando vostedes— ao mellor convén pensar que non teñen razón ou que non teñen toda a razón. Este é un decreto que nace do consenso, da participación de todos os colectivos afectados. O que pretendemos precisamente é aunar aquí todas esas características e as singularidades que teñen os distintos ámbitos sectoriais implicados. Aquí non soamente se regula a condición de investigador para os centros dependentes ou as fundacións públicas sanitarias, senón tamén para todo o persoal investigador que traballa dentro da Xunta de Galicia, que traballa dentro da Administración xeral. Polo tanto, están incluídos todos. Contou tamén co apoio de tres dos catro sindicatos: de Comisións Obreiras, de UGT e do CSIF. Efectivamente, a CIG —que casualidade— tamén votou en contra, tamén quedan solos.

Mire, aquí aténdese todas as etapas da actividade investigadora que vostede puña de manifesto, pre e postdoutoral: créase a categoría de investigador establecido, créase a categoría de investigador senior, garántense soldos mínimos de subdirector xeral e de xefe de servizo. Tamén se regula a carreira respecto do persoal técnico de investigación con outras das categorías: técnico superior de investigación e técnico investigador senior, tamén garantindo uns soldos mínimos de xefe de servizo e de xefe de sección. Regúlase a carreira vertical coa promoción interna dunha a outra categoría. Regúlase un réxime retributivo claro cun salario base, un complemento de excelencia investigadora persoal e consolidable como resultado da avaliación positiva da súa actividade, un complemento non consolidable vinculado á captación de fondos en convocatorias competitivas; e tamén o dereito do persoal investigador a participar nos beneficios que obteña das entidades para as que preste os seus servizos.

Xa lle adianto aquí que no ano 2024 comezamos a abrir o sistema de reconversión voluntaria do persoal fixo ou funcionario de carreira que xa ocupa os postos que se identifiquen como de investigador ou de técnico para converterse en persoal investigador, ao amparo deste



decreto. Isto vai supoñer un incremento das retribucións entre 3.500 e 9.000 euros anuais para un total de máis de cen empregados que agora mesmo xa están nestes postos que, como digo, se poden reconverter. Garántese, por suposto, a mobilidade deste persoal e a colaboración entre o tecido empresarial e o tecido investigador. Con este decreto, polo tanto, aspiramos a reter e captar talento. Esperamos, na liña que vostede pregunta, ofrecer un marco laboral estable e atractivo para os investigadores públicos.

Por outra banda, pretendemos tamén reforzar o ecosistema do emprendemento e da innovación a través do sistema das *startups*. Vimos de aprobar tamén no Consello da Xunta da semana pasada unha liña de actuación que fortalece esta aposta. Precisamente é o primeiro programa específico da comunidade autónoma que apoia directamente as *startups* galegas. Un millón e medio de euros co obxectivo de impulsar proxectos de emprendedores e innovadores, beneficiándose do cen por cento de subvención dos gastos que xustifiquen para a posta en marcha de entre 10.000 e 20.000 euros.

Creo que este esforzo o que fai é complementar o que xa se vén facendo por parte de todas as aceleradoras activadas pola Xunta de Galicia no eido da automoción, da alimentación, da aeronáutica... con moi bos resultados nestes últimos anos. Participaron 299 empresas e creáronse 1.100 empregos con esta política de innovación. Por iso imos continuar. Anunciamos xa que poñemos en marcha unha nova aceleradora pola sustentabilidade, a VC ClimateTech, que atenderá a sustentabilidade ambiental como forma de garantir un crecemento a longo prazo e que vai focalizar a innovación na xestión eficiente dos recursos, na enerxía e cambio climático, en saúde e solucións ambientais, en capital natural, en biodiversidade e en economía circular.

Continuamos traballando nesa colaboración da que fala vostede dos axentes e do ecosistema investigador galego. Por iso, tamén se anunciou na comparecencia de orzamentos un novo programa de emisións a proxectos estratéxicos de I+D+i que están executados por todos os consorcios, por consorcios con toda a cadea de valor. É dicir, traballamos nunha única axuda para unificar o desenvolvemento das tecnoloxías e o investimento produtivo.

Imos continuar, así mesmo, traballando e fortalecendo as capacidades que teñen os centros tecnolóxicos galegos, porque consideramos que isto é básico para fortalecer o ecosistema emprendedor e esa retención e atracción de talento.

Vimos tamén de aprobar unha convocatoria de 10 millóns de euros na cal por primeira vez se subvencionan as patentes, por primeira vez se subvenciona o solo, subvenciónase tamén a compra de bens inmoebles e tamén as infraestruturas de ensaio e experimentais, que en toda España ata o de agora soamente son subvencionadas pola Deputación Foral de Gipuzkoa.

Ben, remato simplemente poñendo de manifesto a creación desa mesa empresa-innovación, que saben que propoñemos nesa lei de acompañamento aos orzamentos e que cremos que tamén é un paso máis nesa participación e nesa vinculación dentro de todos os axentes, dentro do sistema innovador. Unha mesa formada pola propia Administración da Comunidade Autónoma, polas universidades, por suposto, por representantes sociais,



sindicais e empresariais e dez vogalías en representación de todo o tecido de clústeres, de centros tecnolóxicos e doutros organismos ou entidades relacionadas coa empresa e a innovación.

Polo tanto —remato xa, señora Rodil—, negamos a maior do seu discurso. En Galicia avanzamos e moito no eido da I+D+i. Demos pasos significativos que nos sitúan en posicións moito maiores agora mesmo que hai catorce anos, como di vostede. E claro que temos que seguir traballando. Temos que seguir traballando para reter e captar talento. Por iso aprobamos, polo seu informe polo Consello Consultivo, ese marco regulatorio estable e atractivo para o persoal investigador. Temos que continuar traballando moitísimo na transferencia tecnolóxica e no emprendemento innovador. De aí que continuaremos afondando no mecanismo de aceleración, que esteamos traballando coas *startups*, que son as que máis dificultades teñen neses primeiros momentos para atopar financiamento privado, precisamente polo risco inherente aos seus proxectos. E, por suposto, hai que continuar traballando en xeral con toda a cadea de valor, con proxectos como os que temos sobre a mesa e proxectos novos como ese novo proxecto, esa nova liña de emisións para proxectos estratéxicos de I+D+i.

Polo momento, nada máis.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Grazas, conselleira.

Isto era o que eu lle dicía ao comezo. Vostede veu aquí e só me fala de innovación. Que me parece ben, e podemos centrar a interpelación noutra ocasión en innovación, pero eu fálolle das outras dúas patas, do outro I e do outro D, que son a investigación e o desenvolvemento. Estas son as consecuencias da fragmentación que vostedes fan da política científica e de investigación no Goberno do Partido Popular. Que vostede pode falar de parte de innovación, de transferencia de coñecemento ou de impulso da investigación no ámbito das *startups*, das empresas, pero de toda a outra parte, que é o groso da xeración de coñecemento que hai no noso país, que depende do sistema universitario, dos centros de investigación universitaria, non me pode dicir nada. Probablemente porque igual non o sabe, a pesar de que as convocatorias son compartidas pola consellería, a Secretaría Xeral de Universidades e a Gain, que non sabemos se está descabezada ou non. Non sabemos ao final que pasou con esa dimisión presentada. Non sabemos se nos está escoitando do outro lado a directora xeral.

En todo caso, insisto nesa fragmentación. Vostede só fala de innovación, o que nos falta é quen innova, que era onde eu intentaba centrar a interpelación. Nesas persoas que xeran coñecemento, que fan ciencia, que fan investigación; que na inmensa maioría están fóra das



empresas, que non traballan para a Xunta de Galiza, —porque falaba ao comezo dese decreto da carreira investigadora para cincocentas persoas—; que están, digamos, nas estruturas de investigación da propia Xunta de Galiza, que están no sistema universitario, que están nos centros de investigación públicos deste país e que non teñen unha carreira profesional regulada en ningún decreto. Porque vostedes cargáronse o que había; por puro sectarismo —se me pregunta por que— por unha banda e, por outra, porque había que sacar os cartos dalgún lado e sacáronnos vostedes recortando do Plan galego de investigación que existía.

E dígollelo ademais con datos. ¿Sabe cantos anos tardou Galiza en recuperar no programa 561B, nese plan galego de investigación, o nivel de investimento que había nos orzamentos de 2009? Case unha década. Non é ata 2018 cando se volven investir máis de noventa millóns de euros nese Plan galego de investigación. Dez anos deixando de investir, dez anos recortando nesa partida orzamentaria teñen consecuencias, que é o que estamos pagando agora. Que son perda de oportunidades, perda de competitividade, a pesar dun esforzo —dicíao ao comezo na miña primeira intervención— enorme por parte do ecosistema investigador galego, que a min ás veces paréceme que fan iso da multiplicación dos pans e dos peixes, porque fan ciencia cuns recursos moi limitados.

Eu fállolle desa ciencia básica, que é fundamental para que logo poidan desenvolverse *startups*, que poidan desenvolverse patentes, que poidan desenvolverse produtos que poidan chegar ás empresas ou facer xermolar novas empresas. Aí é onde nós queremos centrar a intervención. O Goberno é solidario. Eu non sei se tiña que vir máis á área de Educación. Non o sei, que eu non escollo quen vén aquí responder as nosas preguntas.

Dicíao ao comezo: estamos perdendo enormes oportunidades en tres patas fundamentais, que son sobre as que debe pivotar a política de ciencia e investigación de calquera goberno. Un investimento estable, que non é o caso de Galiza. Estamos moi lonxe non só do que entendemos desde o BNG que debería ser; temos o 1,1 por cento de investimento en relación ao PIB, ¡pero é que o obxectivo do propio Goberno do Partido Popular para 2020 era o 1,7! E agora, que estamos de rebaixas, ¡o que facemos en vez de intentar chegar ao obxectivo que se marcaba o Partido Popular é rebaixar o obxectivo! (*Aplausos.*) E agora que estamos no 1,1 dinnos que imos estar no 2 por cento en 2030 e en 2025, se temos sorte, no 1,3. Iso é facer trampas ao solitario e enganarse un mesmo, pero en nada axudamos a ese ecosistema investigador galego que tanto o necesita.

E a outra pata: recursos humanos. Persoas, que son as que fan a ciencia. *No se hace sola*. A ciencia e a investigación fana persoas que teñen que ter unhas condicións de traballo estables, un horizonte profesional, como queremos todas e todos os que traballamos no sector privado ou no sector público, e que non o teñen. Non o teñen porque vostedes cortaron esa carreira investigadora que había deseñada, en todas as súas patas, no programa ou no Plan Incite. Vostedes reducírona apenas a unhas convocatorias predoutorais e postdoutorais que nin sequera chegan ás prazas que se convocaban naquela altura. Pero é que ademais vostede dicía que queren darlles certeza e estabilidade. Pois certeza e estabilidade é convocar as predoutorais e postdoutorais en tempo e forma. Teñen que estar publicadas —ese é o compromiso que adquiriu o Goberno do Partido Popular— en xaneiro de cada ano, para poder organizarte e planificarte. ¿E sabe cando convocaron este ano as postdoutorais e



predoutorais conselleira? En agosto. Non se revolveron ata finais de outubro ou o mes de novembro. ¿E como vive un investigador postdoutoral ou un investigador predoutoral desde novembro de 2022 a novembro de 2023? ¿Do aire? Esa é a estabilidade e a certeza que lle ten que dar o Goberno, e o que fai o Partido Popular é máis ben o contrario: xerar inestabilidade, recortar orzamentariamente, recortar ata os seus propios obxectivos porque son incapaces de cumprilos e, o máis importante, furtarlles ás investigadoras e aos investigadores deste país as oportunidades que merecen e, sobre todo, que necesitan.

Nós na moción que derive desta interpelación faremos propostas para ir máis alá na política de ciencia e de investigación que cremos que merece este país e, sobre todo, que necesita. Remato como comezaba. A ciencia, a investigación, a xeración de coñecemento é un sector produtivo máis; igual que é o naval, igual que é o sector agrogandeiro, igual que é o sector pesqueiro. Ten un elemento a maiores que o fai aínda máis importante no presente e, sobre todo, no futuro: que é a panca de desenvolvemento e de modernización do tecido produtivo e dos sectores económicos do noso país. Non podemos perder máis tempo. Tamén lle digo que, agora que están na conta atrás, igual podemos recuperar todo o que vostedes tumbaron hai máis de dez anos.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Peche da interpelación, conselleira de Economía, Industria e Innovación.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

A ver, señora Rodil, eu creo que cambiou un pouco o estado da cuestión dende que vostede escribiu a interpelación e a primeira intervención, porque eu falo do que vostede interpela. Vostede dá datos aquí en relación a que Galicia está entre as zonas europeas menos innovadoras. Eu dou datos respecto dos indicadores de innovación. Ben, innovadoras. E vostede fala durante toda a pregunta da innovación.

Vostede fala da coordinación e colaboración entre os distintos axentes do ecosistema investigador galego. Entón ¿non forman parte do ecosistema investigador galego as *startups*, o persoal investigador público, os centros tecnolóxicos? É máis, ¿non aportan á retención e á atracción de talento todo o investimento e os programas en relación cos centros tecnolóxicos, en relación coas *startups*? ¿Non aportan nada? Ao seu xuízo soamente hai... Ou é que ao mellor a vostede non lle interesa falar do que si se estivo facendo ben. Eu creo que ao mellor non lle interesa falar diso.

Tampouco lle interesa falar de determinados programas do orzamento. Non me estraña que fale moito do 561B todo o rato. É o máis grande. O orzamento de Gain para o ano 2024 —e aquí vaime permitir que me remita aos orzamentos do meu departamento— ten 164 millóns de euros. E vostede di que o máis grande é o 561B. Non. No 561A hai 129 millóns de euros deses 164 millóns de euros. Vostedes presentaron oito emendas nos orzamentos en relación



cos orzamentos de Gain. Nesas emendas o que propoñen é unha baixada de 34 millóns de euros neste programa, que é o Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica. É dicir, pasar de 129 millóns de euros a 94,8 millóns de euros. Repito: 34 millóns menos. En oito emendas —resúmolle as catro esenciais— que consomen os orzamentos que vostedes propoñen, que son o Plan Galego de Ciencia e Innovación —o Innogal—, o Centro para a Competitividade e a I+D+i en almacenamento de enerxía e axudas para a contratación de proxectos de I+D+i a entidades do sistema galego. Que é gran parte do que, como sabe, estamos facendo. Entón, catro actuacións; 80 millóns dos 94 que vostedes propoñen. Baixando dos 129, 34 millóns de euros. E vostede di que o BNG apoia e valora moitísimo mellorar a innovación en Galicia e a aposta pola innovación e que se vostedes veñen gobernar van apostar pola innovación. ¿E como van apostar pola innovación? ¿Reducindo orzamento? É a proposta que vostedes fixeron. Son as emendas que vostedes presentaron aos orzamentos da miña consellería, en concreto a de Gain. Baixar o orzamento de Gain, entre outras cuestións para crear o Innogal, que parece ser que é o que o vai resolver; Gain non funciona e hai que crear o Innogal. ¿Esa é a súa proposta? Home, creo que hai que ser serios.

É que é unha incongruencia continúa. Din vostedes que o BNG está loitando pola innovación; que a innovación a leva de bandeira. Acordo de Goberno co señor Sánchez. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah, non! ¿Non é importante? Creo que é para vostedes moito máis importante que en Galicia se poidan ver as televisións portuguesas e escoitar as radios do país veciño. Isto para vostedes é moito máis importante que a innovación, que a enerxía, que a industria... (*Aplausos.*) Deberían plantexarse o que lle dixen antes. Cando vostedes se quedan sos nunha cousa ao mellor é que se están confundindo. ¿Considera vostede de verdade —é unha boa pregunta— que isto é unha prioridade para Galicia? Vén aquí dicir que a innovación para vostedes é unha prioridade para Galicia e resulta que o que firma co acordo do señor Sánchez é escoitar e ver a televisión portuguesa. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Congruencia absoluta, congruencia absoluta. (*Murmurios.*)

Mire, a nós si nos interesa a innovación, a investigación, a industria, a enerxía... As empresas tamén nos interesan. En definitiva, ¿sabe o que nos interesa? A economía galega, iso é o que nos interesa. Por iso orzamos segundo o que nos interesa e, por iso, vimos de ampliar continuamente, como lle dixen antes, os orzamentos dedicados en concreto a Gain, á Axencia de Innovación. O que pasa é que como non lles gusta falan doutra cousa.

E si, imos seguir traballando e insistindo nos programas que temos feito ata o de agora, e que Gain ten feito con moitísimo éxito ata o de agora. ¿E sabe por que? Porque funcionan. Porque vemos nos resultados que claramente funcionan. Fábrica intelixente e sustentable: cuarta convocatoria e levamos xa mobilizados 49 millóns de euros. Unidades mixtas de investigación: 46 unidades dende o ano 2014, facilitando a creación de 695 postos de traballo. Convocatorias de InnovaPeme e de DiseñaPeme: 447 apoios, disponibilizando en investimento público-privado próximo aos 47 millóns de euros. Gain leva apoiado proxectos individuais nos que participaron máis de mil cen persoas nos últimos anos, preto de duascenas once novas contratacións. Seguimos, ademais, apostando por rescatar proxectos que foron a convocatorias nacionais e europeas, como a convocatoria de rescate aos proxectos Neotec. Levamos xa con esta convocatoria 33 pemes innovadoras rescatadas.



Programa Investigo —está aquí a conselleira de Promoción do Emprego—, ¿iso non é investigación? Nos últimos dous anos, 22 millóns de euros destinados ao programa Investigo. Acaba de sacar unha nova convocatoria de 4,8 millóns de euros que están no orzamento desa consellería. Con 675 mozos contratados en Galicia para a investigación. E sigo. Dende o ano 2011, co fondo Xesgalicia Innova Tech apoiamos 43 proxectos por importe de 27,3 millóns de euros. Actualmente temos 16 investimentos e aínda temos 11 millóns de euros para continuar investindo.

Polo tanto —e remato xa, señorías—, coa tranquilidade e coa seguridade de que estamos facendo as cousas ben no Goberno de Galicia. Levan catorce anos reafirmándonos en que estamos facendo as cousas ben. Todo o contrario do que vén vostede dicir aquí. ¿Por que? Pois porque os resultados nos avalan, aválannos claramente. E coa tranquilidade e a seguridade de que os galegos están dicindo que non á súa mensaxe contraditoria, como acaba de amosar hoxe aquí, entre unha intervención e outra e o que escribiu na interpelación. ¿E sabe onde está esa contradición? En que non pode dicir que nós baixamos o orzamento, cando soamente hai que ir ver os programas dedicados a cada un dos centros que dedican presuposto á investigación. Vostedes o que pretenden é baixar un programa en 34 millóns de euros. ¿E saben por que é contraditoria a súa mensaxe? Porque non poden vir aquí dicir que a innovación e a investigación é tan prioritaria...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Lorenzana Somoza): ...cando nin sequera fan unha soa referencia en todo o acordo de goberno co señor Sánchez.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Interpelación de D^a Noelia Otero Lago e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación laboral e económica da mocidade en Galicia

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Otero.

A señora OTERO LAGO: Grazas, presidente.

Moi boa tarde a todos e todas.

Moi boa tarde, señora conselleira.

Este debate, como sabe vostede, tiña que se celebrar hai dúas semanas nun pleno. Non pasa nada. Pero nese pleno no que queríamos entre outras cousas falar da situación da mocidade galega e da situación sociolaboral, falamos moito e debatemos arredor da situación do transporte, das eivas do transporte no rural, do transporte escolar e do transporte en xeral. Nós lembrabamos, por exemplo, que hai pouco neste Parlamento propuxemos arredor da situación socioeconómica da mocidade galega que unha ferramenta, como pode ser a tarxeta



Xente nova, que o Goberno limita ata os 21 anos, se estendese ata os 30 anos. E votaron que non.

Lembrabamos tamén en moitas ocasións que arredor da situación da mocidade temos pedido dende o Grupo Socialista neste Parlamento que se complementasen as axudas, as bolsas ao estudantado, igual que fixera de xeito histórico o Goberno do Estado nese contexto de crise. Pedimos que se puxesen tamén dende o Goberno galego no marco das súas competencias medidas sobre a mesa, igual que algún mecanismo extraordinario para axudar ese estudantado, nese contexto de suba de prezos, que ten que vivir desprazado das súas casas. Votaron que non.

Pedimos tamén complementar con fondos propios dende a Consellería de Vivenda ese bono Alugueiro mozo, mobilizado por parte do Estado. Cando se anuncia ese bono Alugueiro mozo por parte do Goberno do Estado de ata 250 euros ao mes, pasamos de escoitar a señora conselleira de Vivenda dicir que non valía para nada a medida. Meses despois, cando se abre a convocatoria, presenta en comparecencias públicas ese bono axuda Alugueiro mozo como algo propio e presumindo coma se fose algo propio. E logo pasou a dicir, vista a demanda, que foi un bo termómetro da situación da mocidade galega en canto á vivenda. A demanda estivo moi por riba da oferta, polo que hai que dicir que era insuficiente. Animámonos, como xa fixeramos, a poñer políticas, tendo todas as competencias en materia de vivenda, arredor da situación da mocidade. Votaron que non.

Levamos toda a lexislatura lamentando que, na única medida que nos venden cando falan de emancipación e dos problemas á hora de se independizar da mocidade galega e de acceso á vivenda, puxesen o foco en avalar coas entidades bancarias a compra dunha vivenda, sen criticar que esa medida poida ser ou non efectiva e válida nun momento dado. Demandamos que se teña en conta que máis dun oitenta por cento da mocidade galega o que pide á hora de se emancipar é alugueiro accesible.

Ben, votan que non —non en unha, senón en diversas ocasións— cando falamos tamén desa situación da idade de emancipación que temos en Galicia nos últimos anos. Dicía hoxe o señor Rueda que o chaman moitísimo de Euskadi para copiar non sei que cousas. Nós, por exemplo, si puxemos sobre a mesa estratexias que teñen outras comunidades para rebaixar esa idade de emancipación. Por exemplo, lembraba esta mañá escoitando o señor Rueda que temos debatido arredor de medidas que podían ter cabida, ou similares, na nosa comunidade autónoma, porque non hai absolutamente nada como esa estratexia vasca de emancipación 2030, que, de xeito transversal, contempla medidas para rebaixar a idade de emancipación.

Ben, votan que non absolutamente a toda proposta arredor da situación socioeconómica da mocidade galega. ¿Pero cales son as alternativas que presentan para a mocidade? Non é a primeira interpelación —aínda que si que o é con vostede— arredor desta situación.

Ben, nós queremos lembrar que a conselleira responsable de Xuventude do Goberno galego é a señora Fabiola García, conselleira de Política Social e Xuventude, que única e exclusivamente compareceu neste Parlamento para falar de campamentos e de voluntariado, pero que agora fixo algo máis nesta situación. *(A señora Otero Lago mostra unha fotografía.)*



Fíxese vostede que a señora conselleira de Política Social e Xuventude —que unicamente nesta lexislatura fala de xuventude para anunciar campamentos—, agora viaxa a Xénova para facer de comercial de luxo de Costa Cruceros; a Xénova, a Italia. (*Aplausos.*) Estas son as grandes medidas do Goberno galego. Esta nova está pendurada na web da Xunta de Galicia. (*A señora Otero Lago mostra unha fotografía.*) Descontos, coa que está caendo, para a xuventude galega e para os maiores. Ben, di a web da Xunta de Galicia: «*Fabiola García agradecía a Costa Cruceros la firma de este convenio, que hace posible que la aventura de ver mundo a bordo de esos barcos esté al alcance de dos generaciones y que hace de Galicia una tierra aún más viajera para grandes y pequeños*». Eu non sei onde vivimos.

Tamén temos os bonos de 200 euros para o Camiño de Santiago, o bono para a práctica do deporte... Nada que obxectar —xa o temos dito— a este *Black Friday* de precampaña do señor Rueda, acelerado nestas semanas. Tamén nos preguntabamos, por certo, onde quedaron esas palabra do señor Alberto Núñez Feijóo, expresidente da Xunta de Galicia e presidente do Partido Popular, tildando de inmoral o bono Cultura do Goberno do Estado, que el tiña, por outra parte, tamén aquí en Galicia. Os bonos son inmorais, dicía, para a xuventude. Ben, argumentacións sólidas.

¿Aquí que é o que temos como alternativa? ¿Cal é a situación? E preguntamos sen entrar na idoneidade de anunciar ou non bonos. Pero si entenderán que, tras tantos debates frustrados, que tomen a situación da xuventude galega politicamente deste xeito é absolutamente inxustificable.

Xa temos avisado da situación problemática de acceso á vivenda, temos alertado da situación problemática en canto ao transporte. Temos falado da situación demográfica. O peso que ten a xuventude galega nos últimos datos que temos é o máis baixo desde que hai rexistros no conxunto da sociedade. Estamos en mínimos históricos. E votan que non a todas as propostas que o Partido Socialista ten presentado arredor desta situación nesta lexislatura.

Agora estamos metidos de cheo no debate dos orzamentos, que son, como dicimos sempre, a maior proba do algodón, non só de cara ao proxecto para o 2024 en canto á xuventude, senón que poderíamos facer unha retrospectiva do que ten acontecido durante todos estes anos.

Nós sempre o dicimos, é o que hai cando traemos debates e interpelacións arredor da xuventude galega. Unhas veces quéixase a conselleira de Vivenda de ter que falar de moitas cousas que non lle competen —outras veces a súa predecesora tamén nos dicía o mesmo—, pero é que falar da situación socioeconómica da xuventude hai que facelo de xeito transversal.

Nós rexistrabamos esta interpelación arredor de novos datos que nos chegan. Porque outro dos problemas que temos é a falta de diagnose e de datos e radiografía. É importante cal é o punto de partida. E todos os que temos son preocupantes, pero son alleos ao Goberno galego; chegan das universidades, chegan do Consello Económico e Social ou chegan dos sindicatos, como este que presentaba UXT hai poucas semanas sobre o mercado laboral. É unha comparativa da realidade da xuventude a ambos os lados da Raia, no contexto da Eurorrexión, en canto á economía e ao emprego xuvenil. Máis ocupación



entre os 16 e os 30 anos: Portugal, o norte de Portugal, sae moi ben parado con respecto á situación, por desgraza, da mocidade galega, con mellores condicións salariais e laborais e mellores perspectivas a futuro. Todas as variables económicas empregadas para a elaboración do informe colocan o país veciño —como sabe vostede se viu o informe— por diante da comunidade galega. Tamén analiza por sectores. Non hai tempo para nos deter en cada dato, pero hai algún que nos pode situar. En canto á poboación xuvenil, o emprego perdido na comunidade galega entre o ano 2010 e o ano 2021 é de case 70.000 ocupados, fronte aos 48.600 que perdeu o norte de Portugal. Ou a taxa de paro xuvenil en Galicia, que duplica a lusa. Tamén temos, sabe vostede, os datos desta precariedade da mocidade galega a nivel laboral, que queda acreditada nos datos que temos da EPA do segundo trimestre de 2023.

Ben, nós consideramos que a resignación non pode ser unha opción; que traballando hai posibilidades de mellora no mercado laboral xuvenil. Así o está a demostrar a reforma laboral, a mesma da que o Partido Popular votou en contra e saíu aprobada por ese erro do Partido Popular. Esa que Feijóo primeiro criticou e logo xa pasou na campaña no verán a dicir que a mantería, evidentemente porque velaí están os datos e os argumentos. Pero, como dicimos, esa reforma fixo posible —e velaí están esas cifras— que a porcentaxe de contratos indefinidos, por exemplo, entre os mozos e as mozas, pasase dos oito puntos e medio no primeiro semestre do ano 2021 —oito puntos e medio era a porcentaxe de contratos indefinidos entre a mocidade— aos 35,3. Máis de 35 puntos, cando era de oito puntos e medio no mesmo período deste ano 2023.

Polo tanto, nós pensamos que o camiño ten que ser o diálogo e a concertación para chegar a novos acordos e políticas transversais serias en materia de vivenda, en materia de emprego, en materia económica, para unha mocidade galega que, como amosan absolutamente todos os datos, incluso, señora conselleira, cun traballo vive empobrecida sen poder emanciparse. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Resposta da conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, dona Elena Rivo López.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Rivo López): Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todos e todas.

Señoría, o noso principal obxectivo é garantir o benestar da nosa mocidade e axudarlle con todo o que se atope na nosa man para que poidan ter o mellor futuro no ámbito laboral e no acceso á vivenda. Diso que non lle caiba a máis mínima dúbida. Porque neste Goberno consideramos que a consecución dun traballo de calidade é a mellor ferramenta para que tanto a mocidade galega como as persoas adultas teñen as oportunidades que merecen. Teño que ser clara cando digo que as mozas e os mozos son un colectivo prioritario en todas as políticas de emprego da Xunta de Galicia, porque non só estamos a falar da nosa mocidade, senón tamén do futuro de Galicia.



Polo tanto, señorías, para responder as preguntas que me formulan da mellor maneira posible deberíamos manexar os meus datos e poñernos de acordo en atender a nosa mocidade. Concretamente, é preciso destacar que a Xunta de Galicia centra a atención no emprego da mocidade no marco das políticas públicas do Estado. Facer comparacións con outros países pode provocar confusións á hora de manexar os datos, debido a que as estatísticas varían e tamén as formas de contabilizalas. Dende a Xunta de Galicia e dende o ámbito do emprego colaboramos e promovemos, dentro das políticas activas destinadas ás persoas mozas, un plan anual para o fomento do emprego digno. Igual que, do mesmo xeito, continuamos co disposto no Plan de garantía xuvenil plus 2021-2027, constituíndo o elemento básico e referencial en materia de emprego xuvenil.

Este plan anual ten como obxectivo ser un referente eficaz de innovación nas políticas de emprego xuvenil en territorio nacional combinado con outras áreas, como por exemplo a educación, a participación xuvenil, a inclusión social, a economía circular ou a economía do coñecemento. Do mesmo xeito, o plan busca ofrecer respostas á mocidade, en canto ao acceso ao mercado laboral desde unha perspectiva sostible e de busca da excelencia na xestión dos servizos, coa finalidade de favorecer a integración e o desenvolvemento persoal e social das persoas mozas.

Señoría, se abordamos unha breve perspectiva analítica do mercado laboral xuvenil en Galicia sobre a caracterización da poboación moza respecto da súa relación co mercado laboral, podemos presentar uns resultados máis acordes co momento actual. Esta consideración fágolla debido a que os datos amosados no estudo remataron a súa avaliación no ano 2021; é dicir, hai dous anos. Neste tempo, o mercado laboral xuvenil mudou, e creo que debemos telo en conta. Ademais, a caracterización está centrada na poboación de entre 25 a 29 anos, xa que entre os 16 e os 24 anos 9 de cada 10 persoas mozas seguen estudando.

Señora Otero, o traballo da Xunta de Galicia en materia laboral coa mocidade é perfectamente medible con datos estatísticos. A xestión e o compromiso diario deste Goberno é traballar polo benestar da nosa mocidade, e facémolo con formación e con emprego acompañado dende unha perspectiva de igualdade. En relación coa taxa de actividade, persoas de entre 24 e 29 anos que están en disposición de traballar sobre o total da poboación neste tramo de idade, os resultados amosan a diferenza entre Galicia e España, minorando ata chegar ao terceiro trimestre do 2023 con cifras moi semellantes.

Pero teño que destacar que a poboación activa aumentou en Galicia, pasando dun 81,4 por cento ao 83,9 por cento, fronte ao mínimo aumento que se presenta no conxunto do Estado. Señorías, Galicia está a incorporar ao mercado laboral máis persoas mozas de entre 24 a 29 anos que, sen dúbida, entenden que se están a dar as condicións esenciais para atopar un traballo.

A taxa de ocupación tamén amosa que Galicia está impulsando o emprego xuvenil, con resultados que superan a media estatal. No terceiro trimestre de 2018 Galicia situábase por baixo da taxa de ocupación media estatal e agora sitúase medio punto por riba, é dicir, un 47,5 por cento. Galicia tamén aumentou neste horizonte temporal a súa taxa de ocupación case o dobre que no conxunto do Estado, un 6,5 por cento fronte ao 3,5 por cento.



Pero tamén lles teño que dicir que os datos obtidos confírmanse coa propia evolución da taxa de paro para a poboación de entre 24 e 29 anos. No 2018, Galicia comezaba cun 0,3 por cento por riba da media estatal —19,6 por cento fronte ao 19,3 por cento—, mentres que no terceiro trimestre do ano 2023 a taxa de paro de persoas de entre 24 e 29 anos contou cun 1,2 por cento por baixo —un 14,3 por cento fronte a un 15,6 por cento—, mostrando unha evolución positiva de inserción laboral na nosa comunidade. De feito, Galicia reduciu a súa taxa de paro na poboación dese rango de idade nun 5,3 por cento, pasando dun 19,6 por cento a un 14,3 por cento, o que se reduce no conxunto do Estado, pasando do 19,3 por cento ao 15,6 por cento.

E, por último, non me esquezo de dicirlles que a taxa de inactividade en Galicia tamén se reduciu para a poboación moza inactiva. Entre 2018 e 2023, Galicia reduciu a taxa nun 2,5 por cento, mentres que en España soamente se reduciu nun 0,4 por cento.

Señorías, efectivamente aínda temos camiño por percorrer. Hai moitas tarefas que desenvolver para potenciar o máximo a incorporación da mocidade no mercado laboral, pero é evidente que Galicia está a mellorar de xeito claro o seu posicionamento, superando en moitos factores os valores medios do conxunto do Estado. Para o próximo ano encaramos o futuro sociolaboral galego máis preparados ca nunca, grazas a un pulso de emprendemento, o reforzo, a atención do traballo autónomo e as actuacións dirixidas a crear novo emprego, a consolidar o xa existente por conta allea e tamén a promover o crecemento sustentable e das actividades vinculadas á economía social.

Así, dende a Xunta de Galicia puxemos en marcha e xestionamos diversos programas ao longo da lexislatura dirixidos especificamente á poboación moza, entre os que quero sinalar o programa Investigo —que mencionou a conselleira anterior— 2022-2023, que favorece a contratación de mozas e mozos menores de trinta anos nos organismos de investigación e difusión de coñecementos. Conta con 741 mozas e mozos beneficiados, cun orzamento de 22.300.000 euros. Co programa Primeira experiencia profesional na administración pública, co obxectivo de contratar persoas mozas desempregadas co fin de ofrecerlles a posibilidade de obter experiencia profesional a través de prácticas. Conta con 368 mozos e mozas beneficiadas, cun orzamento de 10.900.000 euros. Co programa práctica profesional para a mocidade Talento 30, que facilita un período de práctica profesional acompañada dun proceso de formación para o emprego a menores de 30 anos, axudando así na inserción laboral e dotándoa, á vez, de competencias para o emprego que os acompañe durante a súa vida laboral.

Non quero pechar este apartado sen asegurar a continuidade co programa Talento en prácticas ou co programa Talento de formación e alternancia. Todo isto cun total de 1.060 mozos e mozas beneficiados, cun orzamento de 19.500.000 euros. Tamén co programa Operativo emprego xuvenil, contratación de persoas mozas en organismos intermedios co obxectivo de incentivar a contratación de mozas e mozos en organismos intermedios sen ánimo de lucro. Conta cun total de 37 mozas e mozos beneficiados, cun orzamento de 375.000 euros. Co programa Operativo de emprego xuvenil, contratación de persoas mozas en empresas, incentivando a contratación de persoas mozas inscritas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil mediante contratos indefinidos en alternancia ou de contratos



de formación que posibiliten ás persoas participantes a realización dun traballo efectivo que lles procure unha práctica necesaria para a súa integración sustentable no mercado de traballo. Conta cun total de 436 mozas e mozos beneficiados, cun orzamento de 3.400.000 euros. E co programa Galicia emprega, incentivando a contratación para as persoas mozas menores de 30 anos que carezan de ocupación, desempregadas e inscritas como demandantes de emprego, favorecendo a súa contratación na empresa ordinaria, e especialmente daquelas que teñan maiores dificultades incluíndo unha liña específica para a xuventude, cun total de 1.791 mozas e mozos beneficiados, cun orzamento de 9 millóns de euros.

Señorías, as persoas mozas son un colectivo prioritario con acceso preferente, polo que tamén se benefician doutros programas de emprego, como o Programa de promoción do emprego autónomo, o Programa de cooperación e o Programa de subvención para o fomento do emprego no medio rural.

Todo o dito son medidas que proban o compromiso da Xunta de Galicia a favor da mocidade galega. Pero esta non é a única consellería que pon en marcha políticas a prol da mocidade, porque as mozas e mozos son unha prioridade para a totalidade deste Goberno e así seguirá sendo nos vindeiros anos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Otero.

A señora OTERO LAGO: Ben, grazas.

Señora conselleira, oxalá. Son varias as interpelacións que diciamos. Nós non eliximos quen responde ou non. Hai que falar minimamente, aínda que as receitas —como dicimos— sempre sexan distintas, e falar o mesmo idioma cando se trata de situar a situación da mocidade galega.

Varias cousas. Decía vostede: «non poden traer datos e facer comparacións de distintos países». Ben, estamos falando de datos presentados polos sindicatos que falan da destrución de emprego entre a mocidade na última década no contexto da euronrexión, os dous lados da Raia, que son bastante sintomáticos e ilustrativos de cal é a situación. Son datos, ademais, se falamos de taxa de actividade e se falamos de poder adquisitivo, que se corresponden coa situación da mocidade galega se a comparamos tamén coa mocidade no conxunto do Estado a nivel laboral.

E, ademais, acontece unha cousa. Que vostede detallaba unha serie de indicadores que si é certo que teñen mellorado a nivel laboral nos últimos tempos, pero obviando absolutamente o contexto que diciamos antes no que nos atopamos. Onde precisamente a aprobación da reforma laboral está a ter unha especial incidencia é na mocidade, sobre todo se falamos dunha mocidade galega que presentaba as peores taxas, que estaba nunha situación de



partida moito peor a nivel de emprego, a nivel laboral e a nivel de precariedade que o resto do Estado.

Sabe vostede que tanto a reforma laboral como, por exemplo, a subida do salario mínimo interprofesional teñen especial incidencia nas mulleres e na mocidade aquí en Galicia. Polo tanto, non pode vostede coller como medidas implementadas dende o Goberno da Xunta de Galicia melloras de indicadores que teñen directamente relación, como dicíamos antes, coa aprobación desa reforma laboral.

E miren, a situación é dramática se falamos do peso que ten, por unha banda, a mocidade no conxunto de idades dentro do que é en Galicia a poboación entre 16 e 35 anos. Estamos en mínimos históricos. Isto podería dar lugar erroneamente a pensar que, como hai menos poboación nesa franxa de idade, as oportunidades no mercado laboral deberían ser máis e mellores. Pero é que non é así. Todo o contrario, os mozos e as mozas son precisamente o grupo diana das grandes eivas do mercado laboral galego. Se quere non falamos desa comparativa que hai coa destrución de emprego ou coa precariedade entre Galicia e o norte de Portugal, que é bastante ilustrativa de cal é a situación. Pero segundo os últimos datos da EPA —se quere collemos eses datos, esas cifras do segundo trimestre do ano 2023, señora conselleira—, esta cifra representa o 19,45 por cento sobre o total de idades. É dicir, en Galicia hai 456.900 mozos e mozas entre 16 e 35 anos segundo estes datos da EPA. É a taxa máis baixa que temos dos últimos anos. Esta porcentaxe foi descendendo, menos mozos e mozas. ¿Pero cal é a situación se falamos da taxa de paro xuvenil en Galicia? Que sobe por riba do 15 por cento, moi afastada do 9,6 por cento do conxunto de idades. Pero é que esta sobe aínda máis, ata o 25,4 por cento, no grupo de 16 a 19 anos.

As cifras son moi frías. Eu teño aquí tamén unha retaíla delas, pero no podemos quedarnos na frialdade das cifras, que son certamente malas, señora conselleira. Nós dicíamos que a resignación non é unha opción. Por desgraza, cada vez que falamos da situación socioeconómica da mocidade, xa sexa de emprego, de vivenda ou de economía, o que din é que se están a facer cousas e nomean aquí unha serie de programas.

O certo é que a incidencia na mellora do mercado laboral galego, máis alá da temporalidade e do que está a facer a reforma laboral, non se atopa. A fenda salarial para os menores en Galicia de 25 a 34 anos é de máis de 22 puntos. Aí hai posibilidades de mellora, como así tamén o está a demostrar —insistimos— a reforma laboral, con diálogo social, que está a dar eses resultados no conxunto de idades e diminuindo —como dicíamos— a temporalidade.

De cara á nova lexislatura, as e os socialistas témolo claro: farémolo, como o están a constatar precisamente as políticas do Estado, establecer novas medidas destinadas a reforzar e a impulsar o papel que desempeñan os servizos públicos de emprego. Pero aquí é que non se están a facer. Existe unha Dirección Xeral de Xuventude —que podería ser quen harmonice dentro do Goberno da Xunta de Galicia todas esas políticas que dicimos, necesarias e coordinadas, que teñen unha incidencia clara nesta radiografía da mocidade galega— que está dedicada única e exclusivamente a falar de campamentos ou a levar, por desgracia e lamentablemente, a conselleira a Génova a subirse a bordo dun cruceiro de luxo.



Ese, dende logo, non é o camiño, señora conselleira. Ese, dende logo, non é o camiño.

Pois no vindeiro pleno nós insistiremos nalgunha das medidas que levamos presentando neste pleno e en toda esta lexislatura, en canto á necesidade urxente dun plan galego ou estratexia de emancipación, a aumentar os programas e axudas e as partidas orzamentarias de axudas ao alugueiro mozo na nosa comunidade. De ampliar os beneficios da tarxeta de transporte Xente Nova dos 21 ata os 30 anos, como existe co Carné Xove. Que logo a conselleira si que di que os descontos nos cruceiros de luxo serán para toda a mocidade que teña ese Carné Xove ata os 30 anos, pero o transporte en Galicia, a tarxeta da Xunta de Galicia á xente nova, limítana aos 21 anos. É que non sei, de verdade, en que mundo vivimos.

Pero nós consideramos que todos estes indicadores que chegan —colla vostede os que queira: o Instituto Galego de Estatística, as proxeccións que fai o Instituto Nacional de Estatística demográficas e para a mocidade de cara á vindeira década, en canto aos datos e á idade de emancipación que temos na nosa comunidade...— son certamente preocupantes e amosan tamén o absoluto fracaso das políticas do Goberno galego nestes últimos anos. Sigan con ese *black friday* de precampaña, pero serio dende logo que non é. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da interpelación. Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Rivo López): Grazas, señor presidente.

Señora Otero, os programas e axudas dirixidas especificamente á poboación moza que foron postos en marcha nesta lexislatura pola Xunta de Galicia foron numerosos e cun gran impacto positivo neste colectivo.

Pero o noso labor non remata aquí. Para o vindeiro ano 2024 implementaremos como programa propio o Investigo, posto en marcha no ano 2022 e que, dados os seus bos resultados, vai continuar para incentivar a contratación de mozas e mozos nos eidos da investigación, a tecnoloxía e a innovación como xeito de reter talento e contribuír á creación de postos de traballo cualificados. Igualmente, dentro do programa operativo Fondo Social Europeo plus 2021-2027 seguiranse implantando programas de axudas dirixidas a mellorar o acceso ao emprego das persoas mozas demandantes de emprego, en particular das inscritas no sistema de garantía xuvenil.

Por suposto, non me esquezo da emancipación. Dende a Xunta de Galicia somos conscientes de que unha das principais inquiredanzas da nosa mocidade galega é o acceso á vivenda. Polo tanto, facemos un gran esforzo por promover novas vivendas protexidas, levar a cabo a rehabilitación de inmobles para alugueiro social; e tamén deseñar programas específicos para este colectivo, como son as axudas para a adquisición en municipios de menos de dez mil veciños, as axudas de compra en centros históricos ou a concesión de avais hipotecarios a menores de 36 anos, que poden chegar ata o vinte por cento do prezo de adquisición do inmovble. Ademais, o Instituto Galego de Vivenda e Solo xestiona liñas de axudas de carácter directo para



apoiar os mozos galegos nos seus arrendamentos, cunhas axudas ao alugueiro xerais que, como novidade, para o próximo ano cubrirán ata o sesenta por cento da renda mensual no caso das persoas menores de 36 anos, fronte ao cincuenta por cento das anteriores.

Señora Otero, estas medidas que lle acabo de relatar —xunto coas da miña primeira intervención— son os esforzos que a Xunta de Galicia fai para mellorar a situación da nosa mocidade. Supoño que non estaremos de acordo nas medidas que tomamos, pero o que non me pode negar son os resultados acadados. Onte mesmo fixéronse públicos os datos do paro do mes de novembro e, señorías, falan por si sos. É a maior baixada rexistrada desde hai 27 anos neste mes e a terceira vez que desde 1996 cae o paro en novembro con respecto a outubro. A caída do paro en Galicia, un 8,12 por cento menos, supera a do Estado en máis de tres puntos. Pero, claro, por iso nos comparamos con Portugal e non con España. E, ademais, creo que é de primeiro de carreira non comparar en números e cifras absolutas fronte a números relativos. Polo tanto, esa comparación España-Portugal, por moito que sexa na Eurorrexión, non a entendo.

Pero se falamos de colectivos prioritarios, como a mocidade, diminúe o paro nos menores de trinta anos. A cifra de parados menores de trinta anos é a máis baixa nun novembro de toda a serie de datos desde o 2005. Galicia conta con 1.063.566 persoas afiliadas á Seguridade Social, cun nivel superior ao reflectido hai catorce anos, que en novembro de 2009 eran 1.028.533 persoas. Esta é a mostra de que as políticas deste Goberno son efectivas e que axudan a xente; non como pasa co Goberno central, onde as políticas de emprego son un motivo máis das constantes liortas internas entre uns e outros, neste caso entre a ministra Calviño e a ministra Díaz.

Nós avogamos por apoiar o emprego en vez de incrementar o subsidio de desemprego. Facémolo porque é de sentido común, porque unha xuventude que traballa e que prospera é unha xuventude optimista que xera riqueza. E porque as nosas políticas van en consonancia co que pide a Unión Europea, que avoga por conxugar temporalmente a promoción do emprego co cobro do subsidio para que a mocidade non perda poder adquisitivo. No Goberno galego sabemos que a nosa obriga é mirar polo futuro das mozas e dos mozos con emprego de calidade e con competitividade, creando as bases para un mercado dinámico e cheo de oportunidades laborais.

Señorías, remato como comecei: reafirmando o compromiso da Xunta de Galicia coa mocidade. Porque cando falamos de mozas e mozos non falamos só do presente, senón do futuro de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Interpelación de D^a Alexandra Fernández Gómez e D. Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a declaración, no que atinxe ao mercado da vivenda, das áreas de mercado tensionado

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Fernández Gómez.



A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Grazas, presidente.

Bo día, conselleira. ¿Que lle pasa? ¿Que lle pasou á Consellería con competencias en materia de vivenda para que en apenas un par de semanas pasase de defender unha posición sobre a limitación dos prezos do alugueiro a defender a posición absolutamente contraria? (*Aplausos.*) ¿Que lle pasou á consellería para que en outubro reivindicase a inconstitucionalidade da lei estatal de vivenda e a súa postura clara de bloquear a declaración de áreas tensionadas e pase agora a defender a necesidade de regular o procedemento de declaración de zonas tensionadas? A deixarnos titulares coma este: «A Xunta abre a porta a declarar zonas tensionadas». ¿Foi unha revelación, conselleira? ¿Unha revelación? ¿Ou máis ben un golpe de oportunismo?

Está claro que o que lle pasou en todo caso tivo que ser algo fulminante. Imaxínense se foi fulminante que tiveron que recorrer á Lei de acompañamento dos orzamentos para resolver este cambio de postura de forma exprés. Imaxínense se foi súbito o cambio, que nin tan sequera presentou o Goberno a proposta a través desa Lei de acompañamento, senón que o fixeron a través das emendas posteriores do Grupo Popular a esa lei. É dicir, no último momento e eliminando a posibilidade de emenda dos restantes grupos. Da noite para a mañá a consellería desliza na lexislación galega pola porta pequena do patio traseiro o que ata hai dous días era inconstitucional e a Xunta prometía combater. Repito: ¿revelación ou oportunismo?

Déixenme que poñamos algo de luz a este misterio. O contexto é importante, porque están pasando cousas en San Caetano. Saben dende hai tempo que a política de vivenda da Xunta é un dos seus talóns de Aquiles, porque a aniquilación da política de vivenda por parte do Partido Popular nestes catorce anos cada vez xera máis malestar social, porque o problema da accesibilidade non deixa de inflamarse. O Partido Popular sabe que ten un conflito social latente coa vivenda, así que primeiro probaron pola vía da propaganda defenderse das críticas. Nos últimos meses vimos moita publicidade institucional pagada nos medios e tamén incluso puxeron os cargos públicos a entregar chaves. Empezaron a entregar as chaves de todas e cada unha das vivendas protexidas adxudicadas. En lugar de xestionar a creación de vivenda pública, convertéronse nos entregachaves en *photocall*, ao punto de que incluso cada vez que había un cambio de inquilino tamén había alguén para entregar unha chave: «oe, que aquí hai unha persoa que deixa unha vivenda pública; espera, déixame as chaves que seguro que hai un delegado territorial, unha conselleira ou incluso un presidente da Xunta que está disposto a ir a unha tarefa, a un traballo tan importante coma este.» (*Aplausos.*)

Pero esta propaganda, claro, non abonda para borrar a realidade, porque todas as persoas nalgún momento teñen que achegarse ao mercado inmobiliario para alugar ou para mercar unha vivenda e atópanse coa dramática situación, coa realidade duns prezos disparados que complican enormemente acceder a unha vivenda sen que haxa alternativas públicas. Ademais, son os sectores con menos rendas os que se atopan nunha situación máis crítica, porque son —como sabemos— os que acoden ao mercado do alugueiro, onde os prezos subiron moi por riba da evolución dos salarios. As dificultades que se atopan, a angustia que xeran estes prezos non se poden tapar con notas de prensa nin con lonas de *photocall*. O enfado é cada vez maior e a propaganda, claro, non chega.



É nese contexto no que o Partido Popular decide autoemendarse para afrontar a campaña electoral. Puro oportunismo. Despois de anos negándose a intervir sobre os prezos do mercado, no minuto final da lexislatura: ¡oh sorpresa!, volantazo na Xunta de Galicia e anuncia a conselleira que se abren a regular as áreas tensionadas. Esta autoemenda ao seu discurso anterior é a demostración de que vostedes teñen que recuar ante un malestar que avanza, que vostedes teñen medo de presentarse ante a sociedade co discurso ultraneoliberal que veñen mantendo en política de vivenda. Que vostedes se fagan unha emenda á totalidade ás portas das eleccións, conselleira, é a proba de que o Partido Popular está perdendo a disputa pola hexemonía cultural e ideolóxica en materia de vivenda.

Porque, poñamos as cartas enriba da mesa, a idea que defende á dereita e a extrema dereita é que o mercado inmobiliario debe autorregularse exclusivamente a través dunha dinámica de oferta e demanda. Nos noventa dixéronnos que o prezo da vivenda caería mediante a liberalización do solo e montaron unha pedazo burbulla inmobiliaria. Logo da crise inmobiliaria de 2008, promoveron a desaparición do sector público da vivenda, acabaron coa vivenda protexida, negáronse a intervir sobre o incremento da vivenda baleira e sobre os usos residenciais ou turísticos das mesmas. Deixaron absolutamente en mans do mercado as variables que determinan o prezo final dos inmobles. E o que sucedeu non é a autorregulación, senón que o mercado da vivenda de alugueiro se converteu nun refuxio para o investimento. O que sucedeu foi que o valor da vivenda foi perdendo cada vez máis ese sentido de «un teito no que vivir» e foi gañando terreo a súa expresión como un interese especulativo, coma un valor de investimento e de obtención de rendas.

No sentido contrario, na outra parte, as nosas teses —as teses da esquerda— defenden que o actual problema de acceso á vivenda só poderá solucionarse mediante a intervención pública sobre o mercado inmobiliario. Reivindicamos que é necesario ampliar a porcentaxe de vivenda pública, que é necesario orientar a vivenda baleira cara á súa ocupación, que é necesario ordenar os usos residenciais e turísticos dos inmobles e que é necesario evidentemente garantir rendas accesibles. A Administración pública ten que garantir esa función social da vivenda regulando o mercado inmobiliario. Esta é a disputa ideolóxica que está enriba da mesa, e a dereita o problema que ten é que está perdendo apoios. Como sucedeu na crise de 2008, as súas teses perden adhesión cando se ven as consecuencias das súas políticas e se demostra a realidade dramática para o interese da maioría social.

E agora volve estouparlles unha situación crítica en vivenda, que inflamaron o conflito social con inacción, por unha banda, e coa criminalización dos máis pobres, pola outra. E isto, claro, ás portas das eleccións saben que lles pasará factura. Polo tanto, ¿que lle pasou á conselleira e a consellería en materia de vivenda? Pois que da noite para a mañá adecuaron o seu discurso ao contexto electoral, ao sentir maioritario da sociedade galega, aínda que iso sexa unha autoemenda pública abríndose a regular o mercado tensionado.

A verdade é que nós estaríamos encantados se a cousa rematase aquí, se cambiasen realmente de postura e abrazasen as teses da esquerda; se fosen realmente permeables ao sentir da sociedade. Pero a realidade é que asistimos a un exercicio de transformismo. Como no Partido Popular se ven sen capacidade para defender a súa posición, simulan abrazar a posibilidade de regular o mercado. Pero é un simulacro. Se analizamos a emenda do Partido



Popular o que propón en realidade é todo o contrario; é dificultar a regulación do mercado tensionado. E, para iso, dunha forma moi inventiva establecen varios mecanismos de bloqueo e de boicot.

O primeiro punto —deste teño que dicir que aí non hai moito I+D+i; é un clásico— é lavarse as mans da responsabilidade da Xunta de Galicia. Transfírenselle as competencias en materia de vivenda —que son da Xunta de Galicia— aos concellos. (*Aplausos.*) Van ter que ser os concellos os encargados de facer os informes, de planificar e de implementar todas as medidas.

Segundo punto —aquí si que xa hai algo máis de innovación—, sacan da manga toda unha serie de esixencias que non están contempladas na Lei estatal de vivenda, co fin de dificultar a tramitación. Entre elas —atención—, que os concellos teñan que presentar o plan de actuación ante a patronal inmobiliaria e adxuntar as actas desa reunión —como se fosen un documento fundamental— para dirimir se ten que declararse ou non como área tensionada. ¡Isto é pór o raposo a coidar do galiñeiro! (*Aplausos.*) Isto é unha absoluta deturpación da lei, porque a limitación de prezos non se fai para garantir as marxes de beneficio dos arrendadores; está para garantir a función social e o dereito a poder acceder a unha vivenda. Ou ¿canto máis teñen que aumentar as marxes de beneficio das rendas inmobiliarias para que alguén diga «basta»?

A lei estatal marca uns criterios e, se se cumpren, teñen que declararse as zonas tensionadas. O que pretende a Xunta con estas modificacións é que, aínda que se cumpra cos criterios que establece a lei, a patronal poida paralizar a declaración porque queren gañar máis.

Terceiro punto. Establece que a Xunta —que xa sabemos que se vai pór do lado da patronal— se reserva a última palabra para decidir se acepta ou non a solicitude dos concellos, aínda que o concello cumpra coas condicións marcadas pola lei para declarar como mercado tensionado. No Partido Popular son uns mestres do trilerismo. Esta autoemenda de última hora é, en realidade, un último torpedo contra as políticas públicas de vivenda, (*Aplausos.*) un último servizo á patronal inmobiliaria, un último desprezo a quen menos ten, a quen non chega a fin de mes e a quen non dorme polas noites pensando en como vai pagar as rendas do alugueiro. No tempo de desconto queren deixar atada a imposibilidade de declarar áreas tensionadas, pero non enganan a ninguén, non hai ningún titular de prensa que valla. Isto de abrirse a regular o prezo da vivenda é absolutamente mentira porque na realidade é unha manobra para boicotear a limitación de prezos.

Señora conselleira, a ver se nos di se vostede ten vocación de facilitar a declaración de áreas tensionadas e se van permitir que se declaren todas as áreas tensionadas que cumpran cos requisitos que marca a Lei estatal de vivenda. ¿E sabe por que llo pregunto? Porque mentres vostede di que se abre a declarar as zonas tensionadas, o seu director do Instituto Galego de Vivenda e Solo seica lle vai dicindo á patronal inmobiliaria que estean tranquilos, que diso nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Fernández.

Ten agora a palabra a vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dona Ángeles Vázquez Mejuto.



A señora VICEPRESIDENTA SEGUNDA E CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, presidenta.

Señora Fernández, se hai alguén especialista en dicir unha cousa ou a contraria, dependendo de como lle conveña, eses son vostedes.

O señor Néstor Rego é capaz de absterse e dicir que se avanzou con esta Lei da vivenda, pero ao mesmo tempo métese en competencias que non debe e entón non sabe moi ben como actuar, porque claro hai que estar ao carón de Pedro Sánchez e, entón, a depender... Pero é así, non hai outra. ¿Como votaron vostedes a lei en Madrid? Abstivéronse. ¿Cales eran os motivos? Segundo o señor Néstor Rego, ¿métese nas competencias das comunidades autónomas, estase avanzando...? Ben, non sabemos aínda moi ben o que opinan vostedes.

Pero vostede vén aquí e resulta que se dirixe aos seus, que son os únicos que aplauden, ¡eh!, porque fóra de aquí a verdade é que o seu discurso xa non engana absolutamente a ninguén. E non engana porque veñen aquí e, de repente, din que só se entregaron 3 vivendas; despois xa eran 22. Fíxese que agora lles molesta que se entregue chave tras chave e que se fale coa xente. Iso é o que lles molesta a vostedes, non lles molesta outra cousa. *(Aplausos.)*

Señora Fernández, a nosa postura respecto da Lei de vivenda non é un segredo. E tamén lle digo: é que non mudou en ningún momento. Eu non sei se a vostede lle gusta que mude ou non mude, pero dígolle: non mudou en ningún momento. Nin mudo eu nin tampouco muda o director xeral. Pero é certo que xa nos dirá quen son eses señores da patronal, que só debe coñecer vostede. Eu só coñezo o Observatorio da Vivenda, ao cal vostedes non lle teñen respecto ningún. E o Observatorio da Vivenda é a rúa. Son aqueles que deberían estar vostedes representando e que endexamais o fan. Dígolle, de feito, seguimos moi preocupados polo impacto que está tendo a Lei de vivenda dende que entrou en vigor, e iso que só leva seis meses. Levando só seis meses, hoxe mesmo Fegein nos dicía que un 18 por cento dos pisos que estaban en alugueiro se retiraron do mercado. Esa é a realidade. ¿Por que? Por inseguridade.

Pero é que imos máis alá e, efectivamente, os estudos arrojan que a nivel nacional un 30 por cento dos pisos, das vivendas, grazas a esa magnífica lei na que vostedes se abstiveron porque non sabían moi ben se ía sentar mellor ou peor en Galicia... Seguen arroxando datos negativos.

Polo tanto, ¿que estamos facendo dende Galicia? Pois eu o primeiro que fixen foi: xa que hai nova ministra, polo tanto, diríxome á nova ministra, fágoo por carta, trasládolle unha vez máis a opinión que ten Galicia e pídolle diálogo; ese diálogo que nunca teñen con nós, porque esta pedida unha bilateral; bilateral que nos concederon no mes de agosto e que aínda non nos deron. Si, señores. Ese diálogo que os demais deben de pedir con nós e que non fan.

Mire, en numerosas ocasións temos manifestado publicamente durante o período de tramitación da lei e desde que se aprobou a lei cal era a nosa postura. Dende un principio exixímoslle ao Goberno galego que, cando hai competencias —e tenas—, as comunidades autónomas, para sacar adiante unha lei, deben de contar con nós. E non o fixeron; non o fixeron nin con Galicia nin co resto das comunidades autónomas.



Foron teimudos, o señor Pedro Sánchez tiña que sacar unha lei adiante. Pero, mire, é que tiña que sacar unha lei adiante non por beneficiar os cidadáns, senón porque viñan aí unhas eleccións e os seus socios lles exixían quitar esa lei adiante.

¿E que pasa? Esta norma —opinámolo nós, pero tamén as comunidades autónomas, como é o caso de Cataluña ou o País Vasco, que a recorreron de inconstitucional, e xa digo que nós imos pola vía bilateral, pero, se non chegamos a acordo, tamén a recorreremos de inconstitucional— invade competencias das comunidades autónomas, supón un freo á actividade inmobiliaria e produce un impacto negativo no mercado do alugueiro, como vimos comprobando. Todo isto, por suposto, non o facemos sós, facémolo apoiados no Observatorio da Vivenda, onde está representado todo o sector da comunidade; tamén están representadas as asociacións de consumidores, non só eses señores talibáns —segundo vostedes— que deben ser os das inmobiliarias.

E no día de hoxe seguimos agardando, non chega a data; iso si, quedan escasos días, e, polo tanto, teremos que tomar outras medidas. Son moitas as cuestións polas cales non estamos de acordo. Por un lado, está o establecemento con carácter xeral da duración do réxime de protección pública, de descualificación e doutros requisitos relacionados coa vivenda protexida, aínda que as financien integramente as comunidades autónomas. Aquí uns mandan e os outros pagan. É dicir, os galegos pagan, pero hai outros que dende Madrid lles din o que teñen que facer.

Tampouco estamos de acordo coa imposición de destinar ao alugueiro un mínimo do 50 por cento do chan reservado para vivendas en réxime de protección, con elevar a un 40 por cento da superficie reservada a vivenda protexida en novas urbanizacións, restrinxindo así as nosas competencias, pero tamén as competencias locais. Ou non estamos de acordo coa modificación da Lei de axuízamento civil para aumentar a protección das persoas que ocupan ilegalmente un inmovible. Estes son tres dos exemplos cos cales non estamos de acordo.

A lei tamén inclúe, efectivamente, a declaración de zonas de mercado residencial tensionado por parte das administracións competentes en materia de vivenda. E aquí dígolles que as administracións competentes en materia de vivenda son dúas: a Comunidade Autónoma, pero tamén os concellos.

Sobre isto tamén fomos moi claros dende un principio, e seguimos sendo igual de claros: a declaración de zonas tensionadas e as restricións de prezos en alugueiros son medidas erradas. E son medidas erradas porque xa o vimos comprobando noutros países como Francia, Alemaña, pero mesmo tamén en Cataluña. Simplemente hai que ver os datos para percatarse de que hai que aprender dos erros e non caer nos mesmos erros. Son unhas medidas que xa foron ensaiadas anteriormente. E non o digo eu, é que o di tamén o Banco de España, e ademais é que fai un informe con datos. Eu convidaría a señora Fernández a que minimamente os lese, reflexionase e, a partir de aí, se lanzase. O informe revela que os topes ao alugueiro fan que unha parte das vivendas pasen a ser de alugueiro vacacional e outras simplemente se poñan en venda. Ao que hai que engadir que, como vostedes non dan seguridade ningunha e amparan os okupas e non os propietarios e a xente que legalmente quere pagar o seu alugueiro, tamén se retiran do mercado. E seguen rindo, porque son vostedes así. *(Aplausos.)*



Polo tanto, temos dous efectos negativos. Primeiro, está baixando a oferta de vivendas en alugueiro, un 18 por cento en Galicia e un 30 por cento a nivel nacional. E, a segunda, estase envellecendo e vaise envellecer máis o parque residencial, xa que os propietarios dos inmobles, ao non ter beneficios, tampouco invisten e, polo tanto, non hai calidade de vida dentro desas vivendas. Pero si, sopran, porque total, como os que non invisten son vostedes, ¡que máis lles dá! (*Murmurios.*)

¡Olo!, nese mesmo sentido tamén se ten posicionado a Comisión Galega da Competencia, que sinala que son medidas claramente ineficaces para facilitar o acceso dos cidadáns a un fogar. E insiste en que limitar os prezos do alugueiro pode ser unha intervención contraria ás leis da competencia. ¿Máis voces en contra? A CEOE, por exemplo, ou FAI. Son voces que están en contra, pero están en contra porque antes hai uns estudos que deron uns resultados máis que negativos. E a pesar de que lles estamos dicindo que en seis meses se retiraron do mercado un 18 por cento das vivendas, pois aínda o toman a chirigota. Polo que, señora Fernández, non se soluciona ningún problema, senón que se está agravando.

Pero, efectivamente, como non só nos serven os datos que nos poida dar o Banco de España, a CEOE ou outras entidades, e tendo en conta a situación que temos agora mesmo no marco de avaliación periódica que realizamos do sector, podo avanzarlle que levamos meses traballando na elaboración dun informe sobre os posibles mercados tensionados en Galicia; un estudo que estamos ultimando e que presentaremos proximamente no Observatorio da Vivenda, pero que vai ser público, non se preocupen —é público para vostedes e é público para todos os concellos—, no que van ver como se valoran os datos sobre os prezos dos alugueiros e da compravenda das vivendas, así como o esforzo que realizan as familias para poder chegar a fin de mes.

Consideramos que este tipo de análises son fundamentais para fixar políticas e reforzar decisións; decisións como a nosa, que é a de non declarar de oficio zonas tensionadas no mercado residencial. Non o vai facer a Xunta de Galicia, señora Fernández.

Estamos elaborando este informe cos datos que temos, cos nosos datos e cos que son da nosa competencia; indicadores que nos marca tamén a Lei de vivenda, pero hai un, hai un fundamental do Ministerio, que primeiro aproba a norma, a lei, e despois di que se dá dous anos para trasladarlles os datos ás comunidades autónomas...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora...

A señora VICEPRESIDENTA SEGUNDA E CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...para eses prezos e ese índice de referencia.

¿Que ocorre? Que en Cataluña se declaran varias zonas tensionadas, e agora vén o Goberno central e dille: espere vostede un pouco, porque aínda faltan os meus datos e, polo tanto, non poden vostedes declarar zonas tensionadas.

Iso é o que está acontecendo, señora Fernández, coa Lei de vivenda.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para a rolda de réplica, a señora Fernández.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Grazas, presidenta.

Eu pensei que o debate da Lei estatal de vivenda xa estaba zanzado, porque é bastante sinxelo de entender, case de *Barrio Sésamo*.

Mire, nós abstivémonos para ir máis adiante, para avanzar en dereitos de acceso á vivenda, e o Partido Popular vota á contra porque quere ir para atrás, quere máis retrocesos: a autorregulación do mercado, libre mercado e nada de intervir sobre o mercado inmobiliario. É moi sinxelo, ¡moi sinxelo! (*Aplausos.*)

E, mire, fala vostede de competencias. Podían empregar as competencias propias para ampliar e para adecuar a aplicación das áreas tensionadas á nosa realidade concreta e desenvolver un marco de regulación dos prezos de alugueiro en áreas tensionadas, como fai, por exemplo, Cataluña. Pero, en lugar diso, decidiron modificar a normativa propia, a Lei de vivenda de Galiza, para todo o contrario: para bloquear a posibilidade de limitación de prezos que establece a lei estatal. É dicir, que empregan as competencias propias outra vez para atrás, para que non haxa avances. Como na Lei do litoral, de novo ampáranse no autogoberno para protexer determinados intereses corporativos empresariais, e iso non é un exercicio de soberanía. Iso é a entrega do poder a unha elite, en contra da maioría social deste país. (*Aplausos.*)

E, mire, non me respondeu das duras acusacións que fixen a este Goberno de boicotear, a través desa emenda do Partido Popular, a declaración de áreas tensionadas. Eu voulle repetir outra vez todo o que están dicindo, o que están metendo nesa lei, e a ver se me contesta. É importante debater sobre estas cuestións, a ver se vostede cre ou non que están boicoteando.

En primeiro lugar, esa lei estatal hai que recordar que di que a Administración competente en materia de vivenda é quen ten que facer a declaración de mercados tensionados. E vostedes o que están facendo nesa modificación é cargarlles o marrón aos concellos, cando son vostedes a administración competente en materia de vivenda.

Pero non todo o poder, claro, vai ser para os concellos, ¡coidado!, non vaia ser que consigan declarar áreas tensionadas. Porque, ao mesmo tempo que lles cargan as responsabilidades, o Partido Popular mete un torpedo na norma para atalos de mans e di que os concellos van ter que conformar obrigatoriamente esa Mesa sectorial con administradores de fincas, axentes da propiedade inmobiliaria e promotores de vivenda. E por se a alguén lle queda algunha dúbida do que vai pasar nesa mesa, non hai máis que mirar a prensa —nova de hai dous meses—: «O sector inmobiliario súmase á Xunta e oponse a declarar zona tensionada A Coruña e Santiago». (*Aplausos.*) O Colexio Oficial de Axentes da Propiedade Inmobiliaria, o Colexio Oficial de Administradores de Fincas, o Colexio Oficial de Arquitectura Técnica e a



Asociación Provincial de Promotores rexeitan a petición dos concellos de que sexan declaradas zonas de mercado residencial tensionado.

Por tanto, a Xunta de Galicia obriga os concellos a convocar unha mesa con quen está abertamente en contra desa declaración porque a limitación de prezos, evidentemente, vai en contra dos seus intereses particulares. ¡Pero que escándalo é este! E a limitación de prezos ten como obxecto —insisto— garantir a función social da vivenda e non as actuais marxes de beneficio dos rentistas.

E por se a cousa non fose suficientemente obscena, a patronal dicía hai unhas semanas: «*A medida debe ir precedida dunha ponderada análise das circunstancias concorrentes, e moi especialmente dos posibles efectos negativos*». E o PP escribe, na modificación da Lei de vivenda, que «*o Instituto Galego de Vivenda e Solo se reserva a potestade última de declarar a zona como tensionada, unha vez valoradas as circunstancias concorrentes, especialmente a incidencia da declaración na política de vivenda*». É dicir, que primeiro a Xunta mándalles as competencias aos concellos, logo exíxelles facer unha mesa sectorial coa patronal, para logo reservarse a capacidade última de tomar a decisión con base en criterios tan abstractos como «posibles efectos negativos». ¿Pode ser a cousa máis obscena? Pois si, a guinda do pastel é que para dilucidar os posibles efectos negativos a Xunta exíxelles aos concellos entregar as actas desa mesa coa patronal. E é fácil facerse unha idea de cal vai ser o camiño que deseñou o Partido Popular: desatenderse da competencia, someter os concellos a unha guerra mediática coa patronal nesa mesa, para chegar, por último, ao muro do Instituto Galego de Vivenda e Solo, que se vai negar a esa declaración.

E hai incluso máis evidencias de que o camiño que teñen preparado é o boicot; por exemplo, a norma estatal di que «o procedemento inicial para a declaración de mercado tensionado se reduce simplemente a recoller os datos concretos da evolución de prezos que xustifiquen esa declaración». E a Xunta mete outro torpedo aquí, unha modificación, que di que teñen que entregar previamente o plan de actuación e que teñen que presentar ese plan de actuación. ¿Ante quen? ¿Ante quen ten que render contas? ¡Tachán! ¡Ante a patronal inmobiliaria!, que vai ser quen teña que avaliar o plan de actuación nesas áreas tensionadas. ¿E que conseguen con isto? Que nesa mesa non se discuta sobre datos obxectivos da evolución dos prezos da vivenda, senón que vaíamos discutir sobre unhas supostas consecuencias negativas terribles das medidas para a patronal inmobiliaria.

Hai incluso máis indicios. Reserva mecanismos do último recurso como que, se a Xunta non contesta a petición do Concello en seis meses, se entende denegada automaticamente, sen ter que xustificar nada. Incluso se a Xunta conta esta resolución de forma negativa, aínda que non estea xustificada, esgota a vía administrativa. E así é fácil de entender que o que van facer é dar carpetazo a calquera petición.

É evidente, conselleira, que o que está facendo o Goberno con esta modificación da Lei de vivenda de Galicia pola porta de atrás non é abrirse á declaración de mercados tensionados, senón que están pechando con sete cadeados as posibilidades de limitar os prezos do alugueiro. Dende o BNG imos traer unha proposta para que a Xunta asuma as súas competencias e para que facilite a limitación de prezos alí onde sexan incompatibles co acceso á vivenda.



A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Eu creo que vostede, señora conselleira, ten unha gran contradición neste tema. De cara á prensa, para a campaña electoral, hai que vender titulares de que vostedes van facilitar a declaración de mercados tensionados, pero logo, para a patronal, mandan outra mensaxe de que van boicotear. Díganos aquí: ¿que é o que queren facer vostedes?, ¿facilitar ou boicotear? Explíquenolo aquí.

Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para o peche ten novamente a palabra a vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dona Ángeles Vázquez.

A señora VICEPRESIDENTA SEGUNDA E CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, presidenta.

Señora Fernández, ¿que é o que non entende do que eu dixen aquí? Dixen que estabamos en contra da Lei de vivenda; dixen que non declararíamos zonas tensionadas de oficio; *(Murmurios.)* dixen que incluíríamos —e así o fixemos— unha modificación na Lei galega, porque boicot, ningún, pero rigor, todo. Entón, os concellos o que nunca poden facer é o que fixo o Concello da Coruña, que para declarar todo o concello como zona tensionada, fíxense vostedes o que nos aportan *(A señora vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, mostra un documento.)*. Simplemente nos din: señora conselleira, eu creo que temos un problema de alugueiro e, polo tanto, póñase vostede a estudar e decláreme todo o concello como tensionado. ¿Vostede cre que isto é serio? ¿Vostede cre que hai rigor? Bueno, de momento, é o único concello que solicitou a declaración de área tensionada. Outros concellos como o de Santiago debéronse de dar conta de que era moi pouco serio e, entón, dixeron: bueno, anúncioo nos medios de comunicación, pero non me atrevo a mandar unha solicitude deste tipo. *(Murmurios.)*

Polo tanto, vostede di que a miña medida é electoralista, e eu non mudei de postura. O único que fago é facilitar e dicirlles aos concellos que queren declarar a súa zona tensionada que teñen que aportar un estudo da situación e que, polo tanto, nos digan cantas vivendas están libres, que tipo de vivendas, que nos acrediten única e exclusivamente os datos e que fagan unha mesa sectorial, onde non está esa patronal —que non sei quen dirixe esa patronal, porque eu descoñezo esa patronal inmobiliaria— e onde non están só a federación e a xente, os inmobiliarios, senón que tamén está a sociedade en si, como poden ser os arquitectos, o Colexio de Arquitectos. ¿E sabe por que? E despois que se faga unha exposición pública, tal e como manda a Lei de vivenda, porque despois, para poñelo en marcha, para aplicar estas medidas, non as aplica nin a Xunta de Galicia nin tampouco as aplica o Concello da Coruña —que é o único que o solicitou—, é que as teñen que aplicar eses señores malignos que vostede di que hai no territorio, que son esas patronais de inmobiliarias. Iso é o que ocorre. Polo tanto, un pouco de seriedade en todo isto e moito rigor.



Efectivamente, o que fixemos foi clarificar, porque na lei nin sequera está clarificado como se ten que levar a cabo, e é algo moi serio. (*A señora Fernández Gómez pronuncia palabras que non se perciben.*) Bueno, di vostede que si. Pois explíquello, entón, á alcaldesa da Coruña, que parece que é vostede bastante máis lista ca ela, porque fíxese o que nos acaba de enviar. Polo tanto, rigor técnico é o que pedimos única e exclusivamente. Hai concellos como o de Pontevedra que din que o van estudar, e parécenos moi ben. O Concello de Santiago aínda non solicitou nada, e o Concello de Vigo, por exemplo, descarta acudir a esta vía. Dígoo por aquilo de que, segundo vostede, hai un furor terrible dos concellos para declarar áreas tensionadas e só chegou unha única solicitude.

Polo tanto, nós o que si nos poñemos é á disposición de todos os concellos, pero tamén nos poñémonos á disposición da sociedade. E poñerse á disposición da sociedade é dicirlles a verdade, e esta é a verdade: a oferta de alugueiro habitual descende un 30,5 por cento; e con esa lei marabillosa coa que vostedes querían ir a máis, xa viron o que conseguiron durante seis meses. Hoxe mesmo a oferta de pisos en alugueiro cae un 18 por cento en Galicia. Señora Fernández, querían ir a máis, e iso foi o que conseguiron.

Polo tanto, consideramos que a lei é inconstitucional, consideramos que a lei é intervencionista e que esta lei non beneficia a ninguén. O que vai variando é a postura do BNG. A postura do Goberno galego segue sendo a mesma. E digo que varía porque depende: se están nun concello, xa demostraron onte que son capaces de votar a favor dunha cousa e vir aquí e defender a contraria; e se están coas inmobiliarias, pois dinlles vostedes tamén o que queren escoitar, nin máis nin menos. E fronte a todo isto e fronte a esas medidas que restrinxen, están as incentivadoras, que dan moito mellor resultado. E non hai máis que ver a cara de alegría e de ledicia das persoas que conseguen, efectivamente, unha vivenda pública ou que conseguen ter dereito a unha axuda para alugar ou mesmo para rehabilitar.

Polo tanto, o que si puxemos enriba da mesa foron 56 millóns de euros o vindeiro ano para liñas e programas para facilitar o acceso á vivenda ou ben en réxime de compravenda ou ben en réxime de alugueiro e para apoiar a particulares, pero non só a particulares, senón tamén os promotores para que sigan construíndo vivenda en Galicia. E, como novidade, reforzamos o alugueiro ata un 60 por cento, triplicamos a liña de axudas que viñamos tendo ata o de agora...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora VICEPRESIDENTA SEGUNDA E CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...e cubrimos ata un 60 por cento os menores de 36 anos, as familias numerosas e monoparentais, así como as persoas que levan inscritas un ano ou máis no Rexistro de Demandantes do Instituto Galego da Vivenda e o Solo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Vázquez.

Continuamos coa orde do día. E agora toca a quenda das preguntas ao Goberno. Neste caso, imos á referida no apartado primeiro do punto 7.



Pregunta de D^a Noa Susana Díaz Varela e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia de aceptar a cesión do Concello de Santiago de Compostela dunha parcela para a construción dun novo aparcadoiro para o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta e, como saben, cun tempo de tres minutos, ten a palabra dona Noa Susana Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Boa tarde, señora Vázquez.

Dende a construción do Centro Hospitalario Universitario de Santiago, o CHUS, existe un grave problema de aparcadoiro nesa contorna, a pesar de que existen numerosas prazas en superficie e tamén dese aparcadoiro subterráneo promovido polo Concello compostelán. O colapso no tráfico é evidente; e mentres, o Goberno galego —o único competente— mira para outro lado.

Falamos dun hospital que dá servizo a máis de 450.000 persoas, das que o 80 por cento son de fóra de Santiago, concretamente, de 46 concellos das provincias da Coruña e Pontevedra. Ou sexa, 360.000 persoas teñen que trasladarse obrigatoriamente a Santiago, ben en vehículo privado ou ben en transporte público. E este problema dáse agora, antes de que remate a ampliación do CHUS e antes tamén de que se constrúa ese centro de protonterapia, que, como ben sabe, terá unha área de influencia que chegará, ademais, tamén a Asturias, a Castela-León e mesmo a Portugal.

Pero, lonxe de asumir a súa responsabilidade, tal e como si fixo e está a facer noutros centros hospitalarios de referencia de Galicia, a Xunta discrimina novamente unha vez máis a cidadanía compostelá. Fiárono todo vostedes a un estudo de mobilidade, que finalmente confirmou o que xa sabíamos e o que xa advertíamos tamén: que hai unha carencia de máis de 600 prazas en horas punta, provocada en gran parte polo persoal que traballa no CHUS, que ás oito da mañá ten xa ocupadas case o 80 por cento das prazas —case non, supera o 80 por cento—; o persoal do CHUS, non as persoas doentes.

E como no Partido Socialista somos máis de solucións que de atrancos, o Goberno local socialista aprobaba hai uns anos a cesión á súa consellaría dunha parcela a carón do CHUS —sábeo ben—, ao lado do Cimus, cunha previsión de 400 prazas aproximadas e un valor de 6,5 millóns de euros.

Señora conselleira, se as competencias no ámbito hospitalario son da Xunta, se a parcela na que está emprazado o CHUS é da Xunta, se o persoal sanitario, que ocupa o 80 por cento das prazas actuais é da Xunta, e o 80 por cento das persoas usuarias do CHUS son de fóra de Santiago, ¿en serio cre vostede que é xusto que as compostelás e os composteláns teñan que pagar dos seus petos ese aparcadoiro? ¿Por que non acepta a Xunta de Galicia —como temos proposto xa en innumerables ocasións— a cesión desa parcela municipal para construír o novo aparcamento para o CHUS, que supón xa un desembolso por parte do Concello —ou sexa dos petos das compostelás e dos composteláns— de seis millóns e medio de euros?



Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Díaz.

Para darlle a resposta ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, dona Ethel María Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidenta.

Dende logo, non sei moi ben por que nos formula esta pregunta, porque a postura da Xunta de Galicia é coñecida.

Fálame aquí de discriminación. Nós propuxemos o mesmo convenio, coas mesmas fórmulas, que no concello da Coruña para o Hospital da Coruña e que no concello de Pontevedra para o Hospital Montecelo; o mesmo. Polo tanto, non sei a que veñen as súas afirmacións e, en concreto, esta pregunta.

Sobre a parcela que me traslada vostede, dígolle que dende logo que non se solucionan os problemas con esa parcela. Queda a máis de 200 metros do Hospital Clínico e ten unha forte pendente. Esa parcela polo menos podían urbanizala, porque a parcela, así como a propuxeron vostedes como Partido Socialista, non son 400 prazas, señoría, revise os seus números e revise todos os seus argumentos. Parece que é a mesma parcela que o case tripartito do Concello de Santiago propón agora, e volvo dicir que iso pode ser algo provisional durante as obras. Nós xa propuxemos que a podían urbanizar, pero non é unha solución definitiva. A solución definitiva que precisa e necesita o Hospital Clínico de Santiago é un proxecto de interese autonómico e unha ordenación e humanización global integral para solucionar todo o ámbito do Hospital Clínico de Santiago, igual que estamos a facer no Hospital da Coruña, con esa relación hospital-cidade para ordenar dende o punto de vista de mobilidade, dende o punto de vista de tráfico e dende o punto de vista urbanístico.

E non ten as competencias exclusivamente a Xunta de Galicia, señoría. Vostede ten que saber que un concello ten competencias urbanísticas. (*Murmurios.*) ¿E logo non ten competencias urbanísticas, non ten competencias de mobilidade, non ten competencias de tráfico e non ten competencias en estradas, señoría? Bueno, pois, entón, entendo que estamos de acordo e que non ten as competencias exclusivas a Xunta de Galicia, porque non estamos a falar de asistencia sanitaria, estamos a falar de infraestruturas, de mobilidade, de accesos, de urbanización e de humanización dende un punto de vista integral.

Nós estamos apostando pola ampliación do Hospital Clínico de Santiago, 110 millóns de euros: protonterapia, integración urbana, que é o que propoñemos, cun aparcadoiro integrado, accesible, dende logo, e cómodo de 1.000 prazas. Esa é a nosa proposta, e mellorar a mobilidade con transporte público interurbano.

¿Que solicitamos ao Concello de Santiago? O mesmo que ao resto dos concellos —e cos que acordamos en Pontevedra e na Coruña—: reforzar a cobertura do autobús urbano, que xa o



podían ter feito vostedes, señoría; unicamente o 16 por cento da cidade ten acceso a través do transporte urbano ao hospital; tamén facilitar a inserción do hospital cos accesos da contorna; e colaborar na humanización do recinto e de todo o ámbito. Esa foi a proposta que lle propuxemos ao Concello de Santiago, e urximos ao Concello de Santiago que nos conteste.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para a rolda de réplica, novamente a señora Díaz.

A señora DÍAZ VARELA: Señora conselleira, se o 20 por cento da poboación que atende o CHUS é unicamente de Santiago, digo eu que vostedes algunha competencia terán, ¿non? A quen lle corresponde ofrecer unha alternativa real de aparcamento é a vostedes, ao seu goberno. Pero o señor Rueda, e antes tamén o señor Feijóo, seguen negándolles ás persoas usuarias do Clínico un servizo ao que teñen dereito. Por certo, algo que vén de longo, que vén de moi longo. Vostede mesma acaba de falar destas obras de ampliación; desas obras de ampliación do CHUS que, xunto con ese futuro centro de protonterapia, van complicar moitísimo máis a situación. Esa parcela da que falamos —que non sei se será da que falan agora, creo que si— axudaría moitísimo a solucionar ese problema que existe xa aquí, e vostedes non quixeron facer nada. Agora, como digo, o problema é seu.

Fainos moita graza... Bueno, non comprendemos, dende logo, a fixación que teñen vostedes con Compostela. Ese convenio que din vostedes que asinan con outros concellos, non ten en absoluto a mesma casuística que o de aquí, o de Compostela, no que estamos dicindo que, das 450.000 persoas usuarias do CHUS, 360.000 son de fóra, e iso non acontece noutras áreas sanitarias, vostede sábeo ben.

Non comprendemos tampouco o voto en contra a pasada semana do Partido Popular —o señor Vereza está aquí presente e sabe ben de que falo— nese pleno municipal a unha moción conxunta para instar a Xunta de Galicia a que asuma ese investimento do novo aparcadoiro. E eu digo: ¿por que hai tantos problemas en Santiago, cando non os ven noutros lugares?

Seica agora veñen tamén —e xa o agardaba; mire, xa o teño ata escrito, porque sabía ben que me ía falar do problema do transporte urbano— co transporte. Arreglen vostedes o transporte inteurbano, é o que teñen que facer: arreglar vostedes o problema que teñen co transporte interurbano.

Vostede fala dese 16 por cento de usuarios, de persoas de Santiago, habitantes de Santiago, que poden acceder en liñas ao CHUS. ¿Cantos no interurbano? ¿Que horarios teñen? Non me veña aquí agora con iso. De feito, temos aquí á nosa voceira de infraestruturas, que asente, porque é realmente lamentable —¡lamentable!— a comunicación que existe co resto de Galicia. (*Aplausos.*)

Claro, ademais, dígolle máis, o colapso do tráfico no CHUS é culpa do Concello; agora o colapso é culpa do Concello, porque non hai liñas urbanas suficientes. ¿Para quen, señora



Vázquez? ¿Para quen teñen que ser esas liñas urbanas?, ¿para ese 80 por cento de persoas usuarias do CHUS que viven fóra dos límites do transporte urbano ou para as persoas traballadoras do Sergas que ás 8 da mañá xa teñen case o 90 por cento das prazas ocupadas? ¿Para quen, señora Vázquez? (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Díaz.

Réplica do Goberno.

Ten novamente a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Eu non sei que lle parece mal, nin o que me di de se me fai graza. Dende logo, a Xunta o que ten é un plan integral para resolver os problemas de integración urbana e para resolver os problemas de aparcadoiro no Hospital de Santiago. A Xunta ten un plan integral, e iso é o que parece que lles molesta a vostedes. Son propostas serias, de solucións integrais. E non propoñemos nada distinto aquí, con este proxecto de interese autonómico, que no Hospital da Coruña e no Hospital de Pontevedra, señoría. A achega económica que propoñemos ao Concello de Santiago é a mesma proporción que ao Concello da Coruña —onde gobernan vostedes, que o saiba— e tamén a mesma proporción que ao Concello de Pontevedra.

Creo que esa escusa dos usuarios do hospital, dende logo, é pobre, insolidaria e fóra de lugar. ¿Moléstalles o Hospital de Santiago na cidade de Santiago? ¿Moléstalles o Hospital Clínico na cidade? ¿É un lastre o Hospital de Santiago? (Murmurios.) ¡Ten que ser un orgullo ter o Hospital de Santiago na cidade e que reciba...! (Aplausos.) (Murmurios.). ¡Claro que si, señoría!

Convenio co Concello da Coruña, do Partido Socialista. O Concello da Coruña aporta 22 millóns de euros. Déixoo á disposición de todos os deputados da Cámara (A señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Vázquez Mourelle, coloca enriba do seu escano uns documentos.) para que poidan comprobar que a proposta que lle fixemos ao Concello de Santiago é igual que a do Concello da Coruña; as mesmas proporcións e as mesmas iniciativas, señoría. É unha proposta integral, de ordenación urbana, e para resolver toda a problemática nese ámbito que está na cidade de Santiago, onde o Concello ten competencias.

Convenio co Concello de Pontevedra: 11 millóns de euros en total, xunto con expropiacións e o resto das actuacións. (A señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Vázquez Mourelle, coloca enriba do seu escano uns documentos.)

Polo tanto, ¿veñen vostedes censurar o Concello da Coruña, do Partido Socialista, que é un convenio que asinou? ¿Vén vostede censurar o Concello de Pontevedra, onde cogoñernan? ¿Non vén vostede censurar? É que me está censurando unha proposta que é idéntica á do Concello da Coruña e á do Concello de Pontevedra, que lles deixo aquí á disposición de todos os deputados para que o poidan consultar. Porque os papeis, señoría, non menten. É o mesmo modelo; propoñemos un 4 por cento de investimento. (Murmurios.)



O que non se entende é que a intermodal —que utilizan moitos usuarios que non son de Santiago—, si, e poñen máis de tres milloños... ¡Pero señoría, ¿a intermodal, si e o hospital, non? ¿Pero vostedes ven a coherencia? ¿Ven a coherencia? Na intermodal 3,3 millóns de euros. ¿A intermodal, si e o hospital, non?

Non se entende, e, dende logo, sorprende que o Partido Socialista e o BNG critiquen en Compostela o que o Partido Socialista e o BNG bendín na Coruña e en Pontevedra.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coas preguntas ao Goberno; neste caso, coa referida no apartado tres da orde do día.

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as declaracións do novo ministro de Transportes e Mobilidade Sostible en relación coa chegada da alta velocidade a Galicia

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, ten a palabra dona Paula Prado del Río, por un tempo de tres minutos.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, presidenta.

Boa tarde, señora conselleira.

Hai un ano, dende o Partido Popular de Galicia, fixemos a nosa particular carta aos Reis Magos; ao señor Sánchez, que nin é rei nin é mago, pero que é o único que ten a solución para os agravios do Goberno de España a Galicia. Entre outras cousas, como nos comportamos moi ben, pois lle pedimos os trens AVRIL, comprometidos á conexión por alta velocidade a toda Galicia.

Despois de varios meses sen ter resposta de Oriente, o que nunca imaxinabamos era que sería o propio Goberno o que tamén recorrería aos Reis Magos para conseguir os trens, e, como vimos hoxe, pois tamén van pedir o AVE de Vigo por Cerdedo.

O certo é que a nova xeración de ministros vén forte, e sobre todo o señor Óscar Puente, que, de coñecementos das infraestruturas, debe de ter o seu apelido e pouco máis. (*Risos.*) Está claro que co PSOE, apoiado polo BNG e por Sumar Galicia, perde o tempo e tamén perde o tren, e, se non, permítanme que lles lea en forma de titulares a cantidade de datas que deu o Ministerio de Transportes (*A señora Prado del Río mostra un documento mentres le uns titulares de prensa.*): «O AVE circulará por Galicia na primeira parte de 2022». «O AVE chegará en xullo do 2022». «O Goberno asegura que os trens AVRIL estarán durante o 2022». «Talgo recoñece atrasos nas entregas». «A chegada dos trens AVRIL a Galicia atrasase ata 2023». «Transportes di agora que os trens AVRIL non chegarán ata o verán de 2023». «Novo atraso, non chegarán ata outono». «Novo atraso, non chegarán ata o primeiro trimestre de 2024».



Bueno, acabamos de escoitar que o Partido Socialista é máis de dar solucións que atrancos. Non sei se isto lles parece serio, pero a min e ao meu partido, por suposto que non; de feito, dános vergoña. Dános vergoña tamén ese ministro que comparou a Lei da amnistía cun embarazo non desexado, porque «hai que facer da necesidade virtude», dixo; un bo preámbulo do que nos agarda en políticas de igualdade e de feminismo co novo Goberno de Sánchez; ese que aprobou a Lei do «só si é si» e, polo que se ve, o problema non era nin Montero nin Pam. Toman todo a broma.

Aos galegos e ás galegas non nos gusta que se tome a broma o futuro da nosa comunidade, e menos aínda que falen de carta aos Reis Magos, cando se trata de mellorar as infraestruturas, porque levamos meses reclamando non só que chegue a alta velocidade a todas as cidades galegas, senón tamén que se recuperen as frecuencias que había antes da pandemia.

O Eixo Atlántico neste momento é un caos de horarios que afecta cada día os usuarios. É como o Consello de Ministros: non hai asentos suficientes para todos os que queren ser.

Por todo isto, señora conselleira, preguntámoslle: ¿que opinión lle merecen ao Goberno galego as declaracións do novo ministro de Transportes e Mobilidade Sostible, en relación coa chegada da alta velocidade a Galicia?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para darlle resposta ten a palabra a señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidenta.

Pois, señoría, dende logo que as declaracións do novo ministro de Transportes son claramente desafortunadas. Non di nada bo do novo titular do Ministerio que trate con desdén os asuntos que nos preocupan en Galicia da chegada da alta velocidade, e por suposto da chegada do AVE ao resto das cidades, máis aló de Ourense.

Se as primeiras declaracións do ministro de Transportes sobre o AVE a Vigo son dicir que esa é unha carta aos Reis Magos, dende logo pouca esperanza hai xa deste Goberno de España en materia de infraestruturas para traballar por Galicia, e moito ten que mudar a actitude do Goberno de España cara ás infraestruturas en Galicia.

Logo vimos que intentou suavizar e dicir que non quere crear frustración, supoño que para non enfadar o alcalde de Vigo, pero o certo é que é o momento xa de rematar esa colección de estudos interminables do AVE por Cerdedo e poñerse mans á obra.

Tampouco as declaracións do comisionado do Corredor Atlántico sobre a implicación empresarial na defensa das infraestruturas ferroviarias foron, dende logo, afortunadas. A



estas alturas, ademais, non temos un plan director do Corredor Atlántico Noroeste presentado, despois de confirmalo no ano 2019. E o certo é que agora vemos que ese desprezo a Galicia do comisionado é premiado, subindo nos escalafóns do Ministerio.

Esa é a política de desatencións e de agravios por parte do Goberno de España ás infraestruturas de Galicia, porque o certo —e que é algo indubidable— é que os galegos seguimos agardando a data oficial da chegada dos trens AVRIL e que estean operativos e en servizo comercial en Galicia; esa alta velocidade imprescindible para o resto das cidades galegas. Tamén cantos trens AVRIL son necesarios, porque o ministro parece que di que conta con 13. Galicia precisa 7, están solicitados e son necesarios, e non se informa dos criterios de repartición; e en Vigo segue agardándose polo AVE por Cerdedo. Así que o único certo é que o Goberno central non trasladou —sen necesidade de recorrer a milagres de Nadal— ningunha planificación deste proxecto do AVE por Cerdedo, nin trámites nin investimentos. O que vemos da variante por Cerdedo, do AVE a Vigo, é desinterese. E o certo é que a triste realidade é que cinco anos de goberno de Pedro Sánchez foron cinco anos perdidos para o AVE por Cerdedo, para o AVE a Vigo, e cinco anos perdidos para o resto das infraestruturas, porque o certo é que sobre o AVE por Cerdedo nada fixeron, nin sequera un proxecto construtivo.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Vázquez.

Para a réplica, ten novamente a palabra a señora Paula Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señora presidenta.

Efectivamente, señora conselleira, estamos ante un agravio máis a Galicia, e xa perdemos a conta. Chamáronlle trens AVRIL —con v—, pero faltoulles poñer o ano; foron os trens «ABRIL» —con b— do 2022, tamén foron os trens «ABRIL» —con b— de 2023 e xa veremos se serán os trens «ABRIL» —con b— de 2024. Este é o Goberno central que levamos soportando en Galicia durante máis de cinco anos e ao que os galegos e galegas dixeran maioritariamente que non o pasado 23 de xullo.

Os alcaldes socialistas de Vigo, da Coruña e de Lugo son incapaces de arrincarlle a Sánchez un compromiso coa súa cidade e quedan mudos cando todos os recursos van para Cataluña e non veñen para Galicia. Tamén quedan mudos cando os seus partidos, entre amnistía e amnistía, aceptan traspasar a Cataluña o servizo de cercanías. Os alcaldes independentistas de Santiago e de Pontevedra, o mesmo: moito defender a Galicia, pero tamén quedan mudos cando ven os agravios do mesmo PSOE co que pactan. Á fin ao cabo, a Galicia só lle queda o Partido Popular, (*Risos.*) o único que cando ten —rían, rían que xa rirán un pouco máis máis adiante— que elixir entre Sánchez e o benestar dos galegos e das galegas elixe o benestar dos galegos e das galegas. En definitiva, agora que se achega o Nadal, moito temo que os Reis Magos este ano van ser Sánchez, Puigdemont e Otegui e que o único que lle van dar a Galicia vai ser carbón. Polos trens de alta velocidade, imos ter que agardar sentados... (*Murmurios.*)



A señora PRESIDENTA (Candía López): Silencio.

A señora PRADO DEL RÍO: Mentres tanto, estaremos entretidos cos grandes momentos que parece que nos vai dar o señor Puente nesta lexislatura, que eu non sei se durará máis que Maxim Huerta ou que o viaduto de Piedrafita. Pero, dende logo, nós non agardamos moito... (*O señor Álvarez Martínez pronuncia palabras que non se perciben.*) Pois igual como Maxim Huerta, señor Álvarez, probablemente, (*Murmurios.*) a verdade é que só lle queda un bonus.

Máis nada e moitas grazas, señora conselleira, porque na defensa das infraestruturas á nosa terra só lle queda o Partido Popular. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Prado.

Para a réplica do Goberno, a señora Vázquez.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, señoría.

Pois Óscar Puente: *«Que en Vigo escriban unha carta a los Reyes por el AVE»*. Faro de Vigo: *«El AVE en la carta a los Reyes Magos»*. Desde logo que sería desexable que a actitude do novo ministro fora ben distinta coas infraestruturas en Galicia sobre a chegada do AVE a Vigo ao que vimos de escoitar e ao que vimos de comprobar. O certo é que nun momento de sinceridade o ministro dixo que o AVE a Vigo é unha carta aos Reis Magos e, polo tanto, que o Goberno de España non vai facer o AVE a Vigo por Cerdedo; ese é o momento de sinceridade do ministro.

O certo é que son moitos os asuntos pendentes en Galicia por parte do Goberno de España en materia de infraestruturas. Tiven a oportunidade de mandarlle unha misiva oficial para dar as felicitacións do novo cargo, pero tamén, por suposto, para lembrarlle todos os asuntos pendentes en materia de infraestruturas. Remitinlle un dossier que xa fora entregado ao secretario de Estado para poñerse ao día en materia dos asuntos pendentes en Galicia, porque creo que é unha obriga do Goberno central, dende logo, que nos achegue información oficial e certa sobre a chegada dos trens AVRIL e sobre os criterios de repartición deses trens de rodadura desprazable que son necesarios para a chegada da alta velocidade. E tamén sobre esas infraestruturas pendentes en Vigo e sobre as infraestruturas pendentes en Ourense. A alta velocidade chegou a Ourense en decembro 2021. Da estación intermodal da parte ferroviaria en Ourense nada sabemos. A este paso, sabemos máis da estación intermodal de Lugo sen AVE que da estación de Ourense con AVE —a ferroviaria—, porque auguramos que ata antes do 2030, dende logo, non vai estar.

Sobre a variante exterior ferroviaria en Ourense, é un misterio no Ministerio. Teremos que seguir chegando en alta velocidade a Ourense pola vía ferroviaria convencional, que se comprometeron a que esa era unha solución provisional, e a provisional quérennola trasladar como definitiva.

Do AVE a Lugo, ¿que comentar? Pois xa o comentamos esta mañá. Lugo está sen AVE. Non se reducirán os tempos de percorrido coa planificación existente no Goberno de España. A



liña A Coruña-Ferrol segue pendente; as infraestruturas e o material rodante da liña ferroviaria de FEVE, pois tampouco; e que dicir das incidencias dos servizos ferroviarios.

Polo tanto, moi desafortunadas as declaracións do ministro; foi un momento de sinceridade deste ministro.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora conselleira.

Continuamos coas preguntas ao Goberno, neste caso, a referida no apartado 4.7 da orde do día.

Pregunta D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a capacidade do Goberno galego para controlar a xestión da riqueza natural nos proxectos que impulse a nova sociedade público-privada Recursos de Galicia

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta, e por tempo de tres minutos, ten a palabra dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Señora Lorenzana, en maio de 2021 a Xunta de Galicia creou a sociedade Impulsa Galicia; sociedade criticada polo Consello de Contas pola falla de transparencia e de rendición de contas e que debería de integrar o sector público autonómico. Esa sociedade Impulsa Galicia crea como socia única a sociedade Recursos de Galicia, sen acordo do Consello da Xunta para a súa creación, sen fiscalización, sen transparencia, sen control, e ambas con sede no propio edificio do Igape e sen seguir o procedemento para a creación de sociedades mixtas.

Enterámonos da creación da dita sociedade o pasado 13 de novembro a través dos xornais con titulares como: «A Xunta de Galicia alíase con 33 empresas para constituír unha empresa mixta denominada Recursos de Galicia para impulsar as enerxías renovables na nosa comunidade, na que a Xunta de Galicia participa cun 30 por cento no capital social». Unha sociedade que nace baixo o paraugas da futura Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos que utilizan recursos naturais en Galicia; é dicir, acordan unha sociedade da que non coñecemos os seus estatutos e que nace antes da aprobación da lei na que se ampara, e lei que aínda non tivo entrada neste Parlamento, xerando inseguridade xurídica e sombras sobre o cumprimento da Lei de patrimonio de Galicia e a Lofaxga, que establecen os requisitos da participación da Xunta en sociedades con capital público.

Tamén, señora Lorenzana, segundo aparece na prensa, a selección do persoal directivo e dos administradores desta empresa faise sen a tramitación pública na que se sustentan os límites retributivos e o proceso de selección das empresas públicas. E a selección do CEO faise por medio dun proceso realizado por unha consultora, sendo membro do consello de administración da única socia da empresa Galicia Impulsa; e tamén membro do consello de administración e director xeral de Reganosa, socia accionarial de Galicia Impulsa. Señora Lorenzana, parece un claro conflito de intereses e ilegalidades no proceso de selección e de retribución, e tamén coinciden os administradores sociais que figuran en ambas as sociedades.



Sabemos que a Xunta de Galicia pode participar no accionariado de empresas privadas, pero debe cumprir co procedemento contemplado no noso ordenamento xurídico. Parece que á Xunta de Galicia lle entrou agora a présa para axilizar o despregamento de enerxía eólica na nosa comunidade, un sector estratéxico para Galicia. Vostedes en catorce anos non foron quen de elaborar un novo plan eólico, en catorce anos non foron capaces de xestionar un despregamento ordenado, amoreando cantidade de solicitudes que non son capaces de resolver, xerando conflitividade social e sectorial e con cantidade de contenciosos e recursos que resolver, o que amosa a súa ineficacia para desenvolver a competencia exclusiva que teñen en política industrial e enerxética na nosa comunidade. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta ten a palabra a conselleira de Economía, Industria e Innovación, dona María Jesús Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Lorenzana Somoza): Moitas grazas, presidenta.

Boa tarde a todos.

En primeiro lugar, eu creo que cómpre sinalar qué é Recursos de Galicia. Recursos de Galicia é unha sociedade que o que pretende claramente é un desenvolvemento enerxético equitativo e un aproveitamento dos recursos naturais que repercutan no territorio. Ten un plan de crecemento ata o ano 2030 agora mesmo; e basicamente —como digo— o que pretende, en primeiro lugar, é conseguir prezos da enerxía a prezos reducidos, con prioridade para os veciños que están nos radios máis próximos ás localizacións dos proxectos; tamén, por suposto, para aqueles —aquela industria, neste caso— onde a electricidade é vital para a súa viabilidade e para aqueles que xeren o maior valor engadido bruto en Galicia. No ano 2027 máis de 40.000 fogares galegos van beneficiarse do acceso a esta enerxía verde e competitiva a través de Recursos de Galicia, e un 5 por cento do consumo do tecido industrial galego, e en especial dos consumidores electrointensivos.

O que vostedes plantexan hoxe é pola nosa participación dese 30 por cento, e dicíallo o seu portavoz ao presidente da Xunta esta mañá. En primeiro lugar, non se aplica a lexislación de contratos do sector público á participación da Xunta ou de calquera administración nunha sociedade; co cal, o que lle digo é que non é de aplicación, non hai ningunha irregularidade de ningún tipo. A lexislación patrimonial da Xunta de Galicia reenvía ao dereito privado; é dicir, a Xunta de Galicia está actuando aquí no marco do dereito privado, no marco da lexislación mercantil, como un actor privado, e como tal está investindo nesta sociedade. Ese é o réxime xurídico de aplicación. Polo tanto, fallan vostedes na maior do que están dicindo; non poden seguir por ese camiño porque están errando xuridicamente, dígollo con claridade.

A partir de aí, abrimos un proceso participativo que non é obriga legal abrir; un proceso participativo onde saben que houbo manifestacións de interese. Tivemos máis de cincuenta reunións con todas as empresas que manifestaron que querían intervir. E a partir de aí hai



32 empresas galegas que, efectivamente, nese proceso aberto, nese proceso participativo, pasaron a formar parte desta empresa.

Chama moitísimo a atención que comparen —e compara o señor Besteiro— o noso modelo co modelo do País Vasco; e din —repetíao o seu portavoz hoxe pola mañá— que resulta que a empresa que hai no País Vasco é unha empresa pública. Pois voules ler a continuación todas as compañías —o que me dea tempo— nas que ten participación esta empresa que, segundo vostede, s é cen por cento pública: Hidroeléctrica Harana, 97 por cento; Bioartigas, 50 por cento; Gecasa, 30 por cento; Oñatiko, 9 por cento, Cadem, 100 por cento; Ekian, 4,1 por cento; Ekienea, 16 por cento; Ekiola, 25 por cento; Bec Solar, 50 por cento; Indarberri, 30 por cento; Eguzkind, 50 por cento; Metabarri, 25 por cento; Aixearindar, 40 por cento; Infraestruturas e servizos Medusa, 33 por cento; Basque Hydrogen, 24,5 por cento; Micronizados Naturales, 50 por cento; Shesa, 100 por cento; Ibil, 50 por cento... E podo seguir.

Todas estas son as empresas nas que ten participación esa empresa que, segundo vostedes, é cen por cento pública; co cal, por favor, estuden as cousas antes de comezar a falar. Non se aplica a lexislación de contratos do sector público, a lexislación patrimonial remite ao dereito mercantil e a participación desta empresa é en moitísimas máis empresas que no caso do que estamos falando de Recursos de Galicia.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora conselleira.

Réplica. Ten novamente a palabra dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Señora Lorenzana, a min gustaríame que vostede fixese —digamos— un esquema no que poña toda a participación que ten a Xunta de Galicia e todas as empresas participadas pola Xunta de Galicia, para saber exactamente cal é a participación, directa ou indirectamente, da Xunta de Galicia. Creo que a que está mentindo é vostede. (*Aplausos.*)

Mire, vostedes agora ao que optan é a crear un novo chiringuito para a xestión dos recursos naturais de Galicia, evidenciando que o presidente galego non ten un proxecto de país, non sabe xestionar a riqueza de Galicia como territorio enerxético e nunca pensou na protección do noso territorio. Ao presidente galego fállelle impulso e carece da ambición necesaria para aproveitar as nosas potencialidades, xerar riqueza e emprego e colocarnos na vangarda, como si o están a facer outros territorios. O señor Rueda, señora Lorenzana, non merece a confianza dos galegos e das galegas porque non é capaz de defender os intereses da nosa terra.

O mesmo acontece... Señora Lorenzana, seguro que vostede agora me vai falar do hidroduto Guitiriz-Zamora. ¿Que fixeron o presidente Rueda ou o expresidente Feijóo ante as institucións europeas para que este hidroduto fora apoiado pola Comisión Europea? ¿Cando vai actuar o señor Rueda como presidente de Galicia e deixar de ser o lacaiño de Feijóo? O presidente Rueda fai declaracións nas que amosa que non se entera do que pasa en Bruxelas, criticando o mapa enerxético da Comisión Europea, unha decisión que é puramente europea e baseada nun



regulamento europeo na que o Goberno de España non ten nada que ver. Tampouco se entera do compromiso que existe entre Enagás e Reganosa para si construír este hidroduto. O que amosan este señor presidente e o Goberno galego é que é un Goberno ineficaz, que busca culpables para intentar tapar a súa propia incompetencia e a súa falla de capacidade de negociación en Europa. Está moi ben facer un hidroduto, señora Lorenzana, pero hai que ter produción de hidróxeno, que se sustenta con enerxías renovables, e o parón que ten a Xunta de Galicia en renovables e proxectos de hidróxeno é o verdadeiro lastre que está a padecer a nosa comunidade.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno, señora Lorenzana.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Lorenzana Somoza): Señora Rodríguez Rumbo, eu non lle estaba falando da totalidade das participacións do Goberno vasco. Non, non, non. É que eran tantas que ao mellor por iso se confunde. Non, non, do que lle falaba é do EVE, do Instituto de Enerxía Vasco. O que pasa é que ten un argumentario e como non contaban con iso, porque non o estudaron, agora ten que saír coa mesmo argumentario. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Participación! Polo tanto, non é unha empresa cen por cento pública. Recomendénlle...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Silencio, por favor, silencio.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Lorenzana Somoza): ...ao señor Besteiro, que aspira a gobernar a Xunta de Galicia, que é mellor que estude os temas antes de saír falando. *(Aplausos.)* Recomendello ben, que non vaia por aí defendendo os empresarios vascos, mentres non defende os empresarios galegos, porque isto dígolle que é o nunca visto. ¿Vostede escoitou algunha vez a Andueza falando contra os empresarios vascos? Teñen un líder socialista no País Vasco que parece que é un pouquiño máis prudente que o señor Besteiro, que chega de Madrid falando a favor dos empresarios vascos e dicindo que que ben o fixeron co ente vasco de enerxía, pero cando o fan os galegos, entón os galegos non o fan ben.

Eu non ía falar de hidróxeno nin dos hidroxenodutos, pero como vostede o trae a colación na pregunta imos falar de hidróxeno. ¿Quen cre que é o que traslada á Comisión Europea cales son os proxectos de interese comunitario? ¿É cada comunidade autónoma? ¿Somos cada comunidade autónoma? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Seguramente é o Ministerio, ¿non? Entón, ¿que é o que tiña que ter feito o señor Feijóo? ¿Que era o que tiña que ter feito o señor Rueda?

E seguimos. ¿Cre que o reparto dos PERTE é opaco ou é transparente? ¿É opaco ou é transparente? Transparente é a constitución da sociedade de Recursos de Galicia; opaca é a distribución dos PERTE, que a seguimos esperando.

¿O hidróxeno? Seguimos co mesmo, acabamos de coñecer as últimas resolucións. Galicia, de novo, ¡que casualidade...! e temos que escoitar ao delegado do Goberno dicir que os proxectos



van con concorrència competitiva, *ergo* os proxectos galegos non son tan bos como o resto. ¿Isto é o que quixo dicir o delegado do Goberno? Estuden as cousas antes de comezar a falar. Dígollo de verdade, estuden un pouquiño as cousas.

Mire, señoría, nós imos continuar traballando con todas esas empresas nesa sociedade de Recursos de Galicia e imos continuar traballando, precisamente, para conseguir a enerxía a prezos competitivos. E, desde logo, imos continuar apoiando os empresarios galegos que queiran participar nunha sociedade para a que —repítolle— o proceso foi absolutamente público. ¿Vai estar aberto? Si. Ten que ver a páxina web da Consellería de Facenda para ver que o procedemento foi público e que, por moito que se emperren vostedes, o réxime xurídico que se aplica non vai cambiar, o réxime xurídico é un réxime de dereito privado.

Estuden os temas antes de vir aquí a falar. Rógollo, por favor.

Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Continuamos coas preguntas.

Pregunta de D^a Raquel Arias Rodríguez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego da primeira convocatoria de axudas económicas directas ás persoas diagnosticadas con esclerose lateral amiotrófica (ELA)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta ten a palabra dona Rosalía López Sánchez por tempo de tres minutos.

A señora LÓPEZ SÁNCHEZ: Boa tarde a todos e a todas, señorías.

Boa tarde, conselleira.

Grazas, presidenta.

A Xunta cifra en 250 o número de casos de persoas con ELA actualmente en Galicia, con 30 novos casos diagnosticados cada ano. Aínda que mellorou a atención médica e aínda que melloraron os tratamentos farmacolóxicos, o certo é que, polo de agora, a ELA aínda non ten cura. E o que precisan os doentes é unha atención sociosanitaria e uns coidados personalizados de carácter permanente que ás veces lles supoñen un esforzo persoal e un esforzo económico ás familias que, en moitos casos, son totalmente inasumibles.

¿Que fai o Goberno central ou que leva feito a teor desta situación? Pois máis ben pouco. O 28 de febreiro do ano 2020 o presidente Sánchez comprometeuse publicamente a mellorar a calidade de vida destes doentes e a continuación a súa actuación foi ningunha. Ese mesmo ano, en outubro, a ministra de Sanidade desa época tamén ratificou ese compromiso diante dos socios da entidade Adelante CLM, que é unha entidade de pacientes con ELA, e diante dos máis de 4.000 doentes de ELA que hai en toda España, para a continuación seguir sen facer nada.



O 8 de marzo do ano 2022 aprobouse por unanimidade no Congreso dos Deputados a proposición da lei ELA, algo que podería ter sido unha grandísima oportunidade para mellorar a calidade de vida dos doentes e das súas familias. Sen embargo, a tramitación da lei dilatouse no tempo por mor das máis de corenta e nove prorrogas por parte do Goberno central e por mor do bloqueo de máis de catrocentos días por parte do Goberno central, de xeito que finalizou a lexislatura e a proposición de lei decaeu. Oito meses máis tarde, é dicir, este pasado mes de novembro, o Goberno central non bloqueou, senón que vetou directamente, unha nova proposición da lei ELA dicindo que era inconstitucional. ¡Tan tiquismiquis para unhas cousas e tan permisivos para outras!, ¿verdade?

Por outra banda, podemos dicir que a Xunta de Galicia si que se puxo mans á obra xa fai tempo para apoiar aos enfermos de ELA. No ano 2018 a Consellería de Sanidade xunto á Consellería de Política Social puxeron en marcha o proceso asistencial integrado polo que se creaba unha ruta única de atención sociosanitaria para, deste xeito, dar un plan integral de atención aos doentes de ELA dun xeito máis sinxelo. Digamos que foi a primeira comunidade en España en poñer este proceso asistencial integrado para pacientes con ELA en marcha.

Ademais, tendo en conta todos os gastos que supón a enfermidade para estes pacientes, o 5 de abril deste ano a Xunta de Galicia publicaba no DOG as axudas para persoas diagnosticadas de ELA. Unhas novas axudas de 12.000 euros por persoa ao ano que contaron cunha partida de 3,2 millóns de euros neste ano 2023 e que tiveron carácter retroactivo desde xaneiro deste mesmo ano. Deste xeito, Galicia convértese na primeira comunidade autónoma en ter axudas económicas directas e inmediatas para que os pacientes de ELA poidan mellorar a súa calidade de vida.

O pasado 21 de xuño, o presidente Rueda...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora LÓPEZ SÁNCHEZ: ...falaba de que...

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou.

A señora LÓPEZ SÁNCHEZ: Si.

O señor PRESIDENTE: Ten outro turno despois.

(A señora López Sánchez pronuncia palabras que non se perciben.)

Xa coñece a pregunta a conselleira. Grazas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

(Aplausos.)

Resposta da conselleira de Política Social e Xuventude, dona Fabiola García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Moitas grazas, presidente.



Deputadas e deputados, moi boas tardes.

Señora López, como administración pública a nosa obriga é estar sempre alerta ante calquera nova necesidade que se lles presenta aos cidadáns e, como é natural, para ter sempre vixente e para ter sempre actualizada esta radiografía da nosa sociedade é preciso saber escoitar, ter os ollos ben abertos ante as distintas realidades e tamén contar con vontade política para poder dar solucións.

O Goberno galego leva anos reforzando o seu apoio ás persoas con esclerose lateral amiotrófica. Facémolo pola extrema crueldade desta enfermidade ante todas as persoas que a padecen e porque entendemos que é a nosa obriga estar ao lado de todas estas persoas que reciben este diagnóstico, un diagnóstico que —como vostede ben sabe— ten un elevado índice de mortalidade. Ademais, entendemos que é a nosa obriga darlles todas as facilidades para facer fronte á súa inminente situación de dependencia. Tamén é a nosa obriga ser sensibles ante a difícil situación emocional, pero tamén psicolóxica, á que se enfrontan todas estas persoas e tamén, como non, as súas familias.

Por todo isto, a Xunta de Galicia impulsou durante os últimos anos medidas pioneiras que marcaron o paso a nivel nacional para a atención ás persoas con ELA. Medidas como habilitar a vía clínica de ELA en cada centro hospitalario para axilizar o diagnóstico e tamén a atención. Medidas como poñer en marcha vías preferentes para que as solicitudes de dependencia de todas estas persoas se tramiten en menos dun mes e poidan acceder de forma rápida ás distintas prestacións e aos distintos servizos. E tamén a través de axudas directas e automáticas que permiten ofrecer ese apoio económico ao cen por cento das persoas que reciben este diagnóstico.

Galicia foi a primeira comunidade en poñer en marcha esta liña de axudas. Unha liña de axudas que foi tratada de imitar inmediatamente por outras comunidades autónomas, xa que se trata dun apoio universal de 12.000 euros ao ano para facer fronte á compra de produtos básicos para o coidado, pero tamén distintos produtos sanitarios como poden ser unha muleta ou unha cadeira de rodas, e tamén para que esas persoas diagnosticadas poidan adaptar os seus fogares. O Goberno galego destina a todas estas axudas un orzamento de 3,2 millóns de euros cada ano. No primeiro ano de implantación, todas estas axudas achegáronse a máis de duascenas persoas diagnosticadas con ELA. Ademais, fixérono de forma inmediata sen ter que realizar innumerables trámites burocráticos.

En definitiva, o balance deste primeiro ano de implantación...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): ...non pode ser máis que satisfactorio.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira, grazas.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Réplica, señora López Sánchez.

A señora LÓPEZ SÁNCHEZ: Grazas, presidente.

Todas as medidas que vostede menciona, conselleira, son medidas propias dun Goberno comprometido e dun Goberno responsable coas persoas. Galicia abre un camiño ao que esperemos que se sumen outros territorios e outras administracións. Asegúrolles, señorías, que tanto este grupo parlamentario como as asociacións de doentes e as súas familias lamentan profundamente o desleixo do Goberno central para cos enfermos de ELA e lamentan profundamente que bloquearan na lexislatura pasada a proposición da lei ELA e que vetaran nesta lexislatura a nova proposición da lei ELA.

En definitiva, lamentamos tamén que os vaivéns políticos paralicen unha normativa que podería mellorar enormemente a calidade de vida das persoas con ELA, asegurándolles o dereito a vivir libremente sen que esa decisión se vexa condicionada polos seus recursos económicos. Isto, en definitiva, pon de manifesto a falta de acción por parte do Goberno central, que unicamente tramita leis de carácter ideolóxico e legisla en base a intereses espurios, nada máis.

Desde o Partido Popular o único que queremos é que todos os pacientes con ELA reciban os mesmos recursos en toda España. De feito, a actuación da Xunta de Galicia o que pon de manifesto é a falta de iniciativa, a falta de coordinación e a falta de liderado por parte do Ministerio de Sanidade, creando situacións de inequidade e situacións de desigualdade en todo o sistema nacional de saúde.

A Constitución recolle que os poderes públicos velarán por aqueles que máis o necesitan. Sen embargo, o Goberno de Sánchez xa leva vetadas dúas propostas sociais tremendamente importantes: nesta lexislatura a proposta da ELA e na lexislatura pasada a posibilidade de modificar a prestación por fillo con discapacidade a cargo, nin máis nin menos; amparándose no artigo 134.6 da Constitución, porque, segundo eles, incrementa o gasto orzamentario en 38 millóns de euros a proposición da lei, un goberno que gasta 55 millóns en asesores.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora LÓPEZ SÁNCHEZ: ¿Que valoración fai vostede sobre o veto da...? *(A señora López Sánchez pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora López Sánchez.

Peche da pregunta pola conselleira de Política Social e Xuventude.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Grazas, presidente.

Señora López —como xa dixen—, a obriga das administracións públicas é atender as necesidades que se lle presentan a cada cidadán, e sempre o facemos demostrando esa



sensibilidade que nos caracteriza ante situacións tan difíciles como a que atravesan todos os pacientes con ELA. Abonda con poñerse no seu lugar para entender que ningunha delas merece ver como unha lei tan necesaria e que conta co apoio unánime de toda a sociedade está bloqueada, está vetada e está ninguneada no Congreso durante meses e meses.

Lamentablemente, xa estamos acostumados a ver como o Goberno central atopa vías e atopa distintas maneiras para axilizar aqueles procesos que si lle interesan para manterse, coma sempre, no poder. Pero, cando se trata de axudar os cidadáns e cando se trata de darlles respostas, ese compromiso brilla pola súa ausencia. Comprobámolo cada ano coa Lei de dependencia, que o Goberno central incumpre exercicio tras exercicio. Galicia deixa de ingresar 150 millóns de euros cada ano para atender as persoas con dependencia. Falamos de persoas vulnerables da nosa sociedade. Esta é unha débeda que se eleva xa ata os 2.500 millóns de euros dende a aprobación da Lei de dependencia.

Polo tanto, señora López, penso que non nos pode estrañar que tampouco a Lei ELA estea entre as prioridades do goberno do señor Sánchez. Pero, respecto do que de nós depende, as persoas con esta enfermidade e todas as súas familias poden ter a seguridade e a tranquilidade de que estaremos sempre ao seu carón atendendo cada unha das súas necesidades. Porque así o fixemos todos estes anos e así o seguiremos facendo neste vindeiro ano 2024, no que imos manter e consolidar —e ampliar, se fai falta— todas estas axudas para que todos e cada un dos pacientes con ELA reciban esa axuda económica de 12.000 euros ao ano que tanto necesitan e tanto merecen.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D^a María Encarnación Amigo Díaz e nove deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a situación na que se atopan as distintas actuacións de construción e reforma previstas pola Xunta nas infraestruturas sanitarias de atención primaria da cidade de Lugo

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Candia López.

A señora CANDIA LÓPEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, señor conselleiro.

Hai máis de dous anos que nos consta que foi aprobado polo Consello da Xunta o Plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria, que serve a xeito de plan director do investimento futuro na rede de centros, deseñando así unha folla de ruta que centra as prioridades e as fases a curto e medio prazo. O feito de que Galicia dispoña, por primeira vez, dun documento reitor destas características permitirá ir priorizando os investimentos do Goberno galego e ir axilizando os trámites, tanto dentro da Xunta como na colaboración cos concellos para obter os terreos necesarios.

Dentro dese plan atópanse diversas actuacións en infraestruturas de atención primaria na cidade de Lugo, entre as que destacan o novo centro integral de saúde, a reforma do centro



de saúde do barrio da Milagrosa ou a construción dun novo centro de saúde no barrio do Sagrado Corazón. Estas actuacións, económica e cualitativamente moi importantes, demostran un compromiso coa cidade de Lugo, e ademais fan cidade. A ninguén lle escapa que a rehabilitación do centro integral de saúde no barrio da Residencia permitiu que este barrio mire o seu futuro con ilusión e esperanza, e que os veciños teñan máis e mellores servizos. O mesmo pasará no barrio do Sagrado Corazón, onde un inmovible abandonado —o antigo colexio— espera a ser reformado, para dotar así de infraestruturas sanitarias tan necesarias un barrio que o necesita e no que, ademais, o actual centro de saúde precisa de maneira urxente unha intervención.

Neste contexto non quería desaproveitar esta oportunidade para agradecer os enormes esforzos que están a facer os profesionais de atención primaria, ante a carencia destes —e os esforzos que están a facer os equipos directivos buscando solucións—, prolongando xornadas e buscando a mellor das solucións para que os pacientes teñan os mellores servizos.

Eu hoxe aquí quería preguntarlle, señor conselleiro, en que situación se atopan as distintas actuacións de construción e reforma previstas pola Xunta de Galicia, nomeadamente pola súa consellería, e concretamente as infraestruturas sanitarias de atención primaria na cidade de Lugo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Candia.

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Julio García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Señora Candia, este Goberno, efectivamente, iniciou unha transformación integral da atención primaria da cidade de Lugo, que comezou, efectivamente, por rehabilitar a estrutura que deixara atrás o hospital do barrio da Residencia. Dende o pasado día 22 do mes de novembro, ese antigo hospital materno-infantil está xa a funcionar como o novo CIS, un centro pioneiro en Galicia para incorporar un novo modelo de centro integral de saúde que permite integrar a atención primaria xunto coa atención urxente e diversos procesos especializados. Este resulta ser un formato idóneo para as cidades, porque mellora as condicións do persoal, dos espazos, e inclúe servizos de referencia coas unidades de apoio como a fisioterapia, o radiodiagnóstico ou a saúde mental. Por iso este modelo que iniciamos en Lugo se estenderá en breve a Vigo e a Ourense, con distintas actuacións en cada unha delas.

Foi un investimento de máis de 16 millóns de euros, concretamente 16,5 millóns de euros, nunha obra que puxo á disposición da sanidade pública de Lugo 8.000 metros cadrados repartidos en seis andares. Ademais da obra posta en marcha, tamén se incorporou mobiliario, tanto clínico como electromédico, por valor dun millón de euros, polo que estamos a falar de 17,5 millóns de euros de investimento. Por exemplo, vimos de adxudicar



un equipo de radiodiagnóstico por valor de 200.000 euros que nos permite, ademais de facer radiografías, facer probas de telemetría para columna completa, por exemplo, ou membros inferiores.

O CIS abriu as súas portas —como dicía— o pasado día 22 de novembro coa posta en marcha do PAC e tamén da base do 061. Podo confirmarlle que a partir do vindeiro día 18 de decembro imos trasladar a este centro a atención primaria de parte dos usuarios do centro de saúde da Milagrosa. Nesa mesma semana do 18 mudaranse 12 consultas de medicina de familia, tamén 12 consultas de enfermería e tamén, neste caso, o farmacéutico de atención primaria e o nutricionista que están a traballar —como digo— no centro de saúde da Milagrosa. Todos os pacientes deste persoal sanitario serán atendidos xa no novo CIS a finais deste mes —como digo—.

Finalmente, no mes de xaneiro completárase o traslado dos servizos de fisioterapia, odontoloxía e tamén de saúde mental; é dicir, en xaneiro o CIS de Lugo estará funcionando ao cen por cento. Só hai unha cuestión que quedará pendente, que é que, de momento, o CIS non terá médicos residentes, porque —como xa dixemos algunha vez neste Parlamento— a actual normativa das unidades docentes impide que un centro de menos de dous anos teña residentes. Buscaremos algunha solución para este absurdo.

E a finalización do CIS vai permitir abordar outras actuacións, como é o caso da reforma do centro de saúde da Milagrosa, da que lle falarei, xunto con outras actuacións, na seguinte intervención.

Polo de agora, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica da señora Candia.

A señora CANDIA LÓPEZ: Moitas grazas, señor conselleiro.

Explicou vostede, efectivamente, o que xa está feito, e que eu como lucense lle agradezo. Agora tamén lle agradecería que na segunda intervención nos concretase un pouco máis como avanza a intervención da reforma do centro de saúde da Milagrosa —un barrio que tamén mira con esperanza esa intervención— e, nomeadamente, se dispón xa de parcela para a construción do centro de saúde no barrio do Sagrado Corazón.

Tiven acceso a unha carta que vostede enviou o día 4 de novembro do 2021 —xa hai dous anos— na que explicaba precisamente esa aprobación do día 29 de outubro no Consello da Xunta dese plan de infraestruturas e na que comunicaba —o que para min era unha boa nova— que nese plan o centro de saúde do Sagrado Corazón se atopaba na fase 1 de prioridade. Nesa amable carta vostede pedía colaboración para a cesión desa parcela; e, por suposto, poñíase a parte técnica á disposición para buscar unha parcela viable e axilizar o proceso administrativo de licitación do proxecto e da obra, así como a posta en funcionamento deste novo centro de saúde —que, sen dúbida, a túa cidade necesita—. Coincido en que o segue necesitando aínda que pasaran dous anos dende esa carta.



Por iso, nesta segunda intervención agradeceríalle que me concretase especialmente esas dúas intervencións: a do centro de saúde da Milagrosa e se ten xa a parcela dispoñible para licitar un novo centro de saúde no barrio do Sagrado Corazón.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Candia.

Peche da pregunta polo señor conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Señora Candia, efectivamente, na primeira intervención expliquei o que estaba feito e rematado, agora tócame contar o que está por vir.

O remate das obras do CIS —como dicía— posibilita o comezo desta reforma do centro de saúde da Milagrosa cun menor impacto para os usuarios, porque a totalidade dos seus servizos, como explicaba antes, xa estarán trasladados ao CIS durante as obras de reforma. A distancia entre ambos os dous centros, o da Milagrosa e o CIS, de tan só un quilómetro, apenas quince minutos andando, posibilitará que en ningún caso os usuarios se vexan obrigados a facer longos desprazamentos.

A Xunta conta xa dende o mes de setembro deste ano co proxecto básico de reforma para este centro de saúde e está redactando o proxecto de execución para que nos primeiros meses de 2024 poida xa, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, licitar esa obra. Con esta previsión, os orzamentos que presentou a Xunta neste Parlamento para o ano 2024 contemplan 700.000 euros para iniciar esta obra, que terá un investimento total de 2,5 millóns de euros. Isto non significa, evidentemente —como interpretou algunha asociación de veciños— que ese investimento se vaia demorar catro anos, senón —como digo— que xa está no ano 2024 cos primeiros 700.000 euros. Como todas as obras, a dotación do primeiro ano é menor porque os traballos non se iniciarán —como digo— ata avanzado algún tempo do ano 2024, e as obras estenderanse, por suposto, durante o 2024 e o 2025. Se podemos acabalas no 2025 será unha noticia excelente.

Despois desas obras encadeadas, do CIS da Residencia e do centro da Milagrosa, a terceira dotación prevista na cidade de Lugo nese plan de infraestruturas que vostede comentaba é, precisamente, o centro de saúde do Sagrado Corazón, dado que o centro actual está situado —como ben sabe vostede— no baixo dunhas vivendas cunhas instalacións obsoletas e con falta de espazos. Por iso, dende a Xunta propuxemos un novo centro que pasase dos 561 metros cadrados actuais a máis de 1.500 metros; é dicir, propuxemos triplicar a superficie actual para que nos permitise, entre outras cousas, incrementar sete consultas e incorporar aseos, unha área de pediatría, outra de coordinación e unha sala de xuntas.

Pero existe un problema nesa actuación que escapa do alcance desta consellería, efectivamente, que é a dispoñibilidade de terreos por parte do Concello de Lugo. Vostede falaba da última carta, pero xa van tres cartas nos últimos dous anos á alcaldesa de Lugo



para solicitarlle a cesión dunha parcela para a construción deste centro, e a verdade é que todas elas están sen resposta. Si que vin nos medios algunha resposta pero, dende logo, ningunha ás cartas que lle mandamos.

Dende logo, os avances palpables no CIS e os pasos administrativos no proxecto da Milagrosa concretan o compromiso deste goberno neste caso con Lugo, coa súa atención primaria e coa renovación das infraestruturas sanitarias desta cidade. Sería desexable que o resto de administracións tamén compartisen ese compromiso.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D^a Alexandra Fernández Gómez e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a cobertura das baixas do persoal médico do Centro de Saúde de Pazos de Borbén

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Grazas, presidente.

Bo día, señor conselleiro.

O Concello de Pazos de Borbén ten un enorme potencial para medrar e para manter e atraer poboación, especialmente pola súa proximidade coa área urbana de Vigo-Pontevedra, pero ten un grave problema, e é que a Xunta está castigando esta zona; está afogando a vida alí cando se carga servizos que sosteñen a vida, cando destrúe un servizo tan importante como o servizo de saúde pública.

Non hai maior evidencia de que isto é así que o seguinte dato: o concello de Pazos ten arredor de 3.000 habitantes mais apenas ten adscritas unhas 1.600 cartillas de adultos. ¿Onde están todos os demais veciños? ¿Onde foron, conselleiro? Dígollo eu: na súa maioría foron fuxiron da situación penosa do Centro de Saúde de Pazos. Fartos de que sexa habitual que non haxa médico, hai moitos veciños que rematan inscribíndose en Redondela ou en Pontearreas a pesar da distancia que hai ata estes concellos e a pesar das dificultades da mobilidade no transporte público.

Conselleiro, ninguén faría todos eses quilómetros se tivese un bo servizo próximo. Isto evidencia que hai un problema e que non é puntual, que vén de lonxe. Nese centro hai carencias materiais, pero sobre todo hai graves problemas de persoal. Coa escusa da covid, eliminaron o servizo de pediatría e deixaron 150 cativos sen atención en Pazos, co que obrigaron os pais e as nais a desprazarse a Redondela. Cada vez que o facultativo ou a enfermeira están de vacacións ou de baixa ninguén os substitúe; e, claro, obrígase, novamente, as doentes a desprazarse ata o Centro de Saúde de Redondela. Iso é o que pasou precisamente este mes de novembro. Novamente a médica de cabeceira estivo de baixa máis de dúas semanas e só foi substituída dous días; é dicir, houbo quince días en que estivo o centro de saúde sen atención. Isto é inaceptable.



Ademais, o Sergas obriga habitualmente a facultativa de Pazos a facer un mínimo de dúas gardas ao mes noutros centros, polo que os días de saída de garda tampouco hai médico en Pazos. Fíxense en que vostedes xa planifican de forma que asumen que hai varios días ao mes nos que se baleira o centro. A maiores, cada vez que hai urxencias no concello, a única doutora ten que abandonar o centro de saúde, polo que queda desatendido. E acontece o mesmo coas visitas a domicilio. O que está sucedendo é que están decretando o peche en diferido deste centro de saúde, están afogando os veciños e están afogando o persoal para que todos marchen de alí.

Peche de pediatría, baixas e vacacións que non se cobren, persoal que ten que cubrir gardas fóra do concello, urxencias e visitas a domicilio que son habituais e que deixan o centro sen atención..., todo isto é unha situación crónica que vostedes crearon, e que ademais acaba por dificultar que logo se cubran as propias baixas pola situación de precariedade da praza, porque a carga de traballo do facultativo é insuportable —supera en ocasións os cincuenta pacientes ao día—. Estas condicións que vostedes planificaron son as que están a provocar unha elevada rotación do persoal, son o motivo polo cal desisten do seu posto por outro destino con menor presión asistencial. Polo tanto, a Xunta ten que intervir sobre estas condicións.

Pregúntolle se vai soste esta situación ou se vai facer cambios para sacar dunha vez por todas o Centro de Saúde de Pazos desta situación.

Nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para dar resposta ten a palabra o señor conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidenta.

Señora Fernández, o Centro de Saúde de Pazos de Borbén tivo unha cobertura plena e ofreceu consulta o cen por cento dos días nos meses de setembro e outubro. O 7 de novembro, efectivamente, a facultativa causou baixa médica, que se estendeu ata o día 20 de novembro. Isto son nove días lectivos. A partir dese día 20 de novembro, a facultativa volve traballar e, polo tanto, a cobertura volveu ser completa. Vostedes converten unha baixa médica de trece días naturais, nove lectivos, nun asunto de relevancia no Parlamento. En definitiva, esa médico xa se reincorporou, e o que é máis importante: a baixa cubriuse no 66 por cento dos días; é dicir, esa baixa estivo cuberta seis dos nove días que estivo de baixa. Polo que a súa pregunta, que asume que non se cobren as baixas, está fóra de lugar. Sinto dicirlllo así.

Vostedes fan fincapé nunha presión asistencial elevada como a causante das baixas —presión asistencial que, por certo, é moi inferior á que teñen en comunidades autónomas gobernadas polos seus socios—. Pero é que o que realmente vén denunciando o persoal do centro como causa principal do seu malestar non é iso, senón reiteradas faltas de respecto, insultos ou absolutas desconsideracións cara ao persoal sanitario dese centro. Isto foi motivo dunha reunión entre o alcalde e o xerente da área sanitaria para tratar de poñer medidas a estas —como digo—



faltas de respecto aos profesionais. Tampouco é verdade que dende a pandemia se limitase o servizo de pediatría. No centro hai rexistradas, efectivamente, 154 cartillas, que están atendidas por un pediatra os martes e os xoves de oito da mañá a once e media. É certo que esa pediatra agora mesmo está de baixa, e esa cobertura asúmea a médico de familia que está no centro.

Todos nós somos conscientes do problema da falta xeneralizada de médicos de atención primaria que hai en toda España. Se ben en Galicia non é unha excepción, si que é certo que o Goberno reaccionou para promover medidas que resolvan a situación. Un exemplo disto foi a Lei de medidas extraordinarias para postos de difícil cobertura, que nos permitiu crear a especialidade de facultativo de atención primaria e ofertar —en ofertas públicas de emprego— un concurso de méritos para prazas de difícil cobertura. Lembremos que o Bloque e o PSOE votaron en contra desta lei.

Precisamente, grazas a eses avances do Goberno galego, o Centro de Saúde de Pazos de Borbén, que ten actualmente unha médico de familia, terá proximamente un segundo facultativo cando se adxudique a praza asignada —neste caso a Pazos de Borbén— na última oferta pública de emprego —que tamén foi rexeitada, por suposto, polo BNG—. Se fose polo BNG, este centro tería que estar pechado e sen médicos. Polo tanto, señorías, se o centro de saúde ten médicos é grazas á xestión deste Goberno, e espero que poidamos seguir tendo médicos nese centro de saúde.

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a réplica ten novamente a palabra a señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Mire, señor conselleiro, este domingo houbo un acto de lanzamento de Ana Pontón á presidencia da Xunta de Galicia —vostede ben saberá—. E o acto tivo un cheo ata a bandeira. Nos corrillos do Partido Popular non se fala doutra cousa. Ese acto contou coa participación de distintas persoas da sociedade civil. Igual lle sorprende isto porque nos actos do PP se acostuma máis a traer a Ayuso, a Mañueco ou a coroneis de partido, pero no acto do BNG falou xente de a pé e das súas preocupacións cotiás, e entre elas un médico de atención primaria que merece moito a pena escoitar. Eu recoméndolle, encarecidamente, conselleiro, que escoite esa intervención. Decía ese médico que el tiña unha posición privilexiada dende a que podía ver cara a fóra —cal era a situación dos pacientes— e, ao mesmo tempo, cara ao interior do sistema sanitario. E concluía que unha e outra estaban moi mal, que os médicos necesitan que as súas condicións de traballo melloren e que os pacientes precisan máis médicos e con mellores condicións.

O persoal sabe perfectamente cales son as claves da solución, e os pacientes sabemos perfectamente cales son as claves da solución. Por iso, a súa resposta, conselleiro, é triste, porque é unha declaración de incapacidade e de incompetencia. E ademais é negadora dos problemas para fuxir das solucións, tratando isto como un problema menor. ¿Vostede cre que que un centro de saúde quede sen atención durante dúas semanas é un problema menor? Non é un problema menor. (*Aplausos.*)



Claro que hai problemas, conselleiro, e é por iso que os veciños e as veciñas están manifestándose diante do centro de saúde, igual que o facían hai unhas semanas. (*A señora Fernández Gómez amosa unha imaxe.*) ¿Cre vostede que se manifestan por capricho? Están na rúa porque exixen recuperar o servizo de pediatría, porque o problema da falla de médicos non é puntual agora con este caso de novembro, é reiterado sistematicamente. Un exemplo é que esta semana só vai haber médico dous días ou que a axenda da médica está bloqueada ata dentro de quince días. Isto é resultado da súa xestión. Ademais, o que está facendo é que a xente se teña que acabar desprazando ao PAC de Redondela ou que directamente acabe mudando as cartillas para outros centros de saúde —colapsando, por certo, eses centros—. E pode mudarse a outros centros quen pode, porque hai que recordar que igual hai xente que non pode e que quedan desatendidos os servizos de urxencias ou de atención domiciliaria. E así, pouco a pouco, o que están facendo é liquidar o Centro de Saúde de Pazos.

Insístolle, ¿van facer algo ou van seguir declarándose incapaces?

Nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno ten novamente a palabra o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Señora Fernández, eu o único que vin desta fin de semana foi unha improvisadora fantástica. Teríame gustado escoitar ese médico de familia, pero tamén lle recomendo que escoite vostede a médico de familia de Pazos de Borbén. Vaia vostede falar con ela, se ten valor. Vaille contar o acoso ao que está sometida esa médica. (*Aplausos.*)

Vostede fálame de que houbo nove días sen atención. ¿Como quere que lle repita que, dos nove días que faltou, seis foi cuberta? ¡De que me fala vostede, señora Fernández!

Nós —como digo— fixemos unha proposta arriscada ao dotar ese centro de saúde —por certo despois de investir nel unha cantidade importante de presuposto—. Reformouse hai escasamente tres ou catro anos e está dotado perfectamente —aproveitouse o edificio que tiñamos alí—. E ten un médico asignado, un médico —insisto— co seu voto en contra, cun sistema de cobertura de prazas en propiedade, e co seu voto en contra. Hai máis dun ano que hai unha médico alí asignada con praza en propiedade —que, por certo, vai facer gardas a Redondela—. Como vostede ben saberá, os pacientes de Pazos de Borbén, cando van a unha urxencia, ¿onde van? ¿A Vincios ou van a Redondela, ao PAC? Esa facultativa está facendo gardas de atención primaria no seu centro de saúde de cabeceira. Polo tanto, os de Pazos de Borbén, cando van a ese PAC, poden atopar esa médico.

Esta médico —como digo— está traballando grazas a unha proposta deste grupo parlamentario. E grazas tamén á lei de comarcais que trouxemos a este Parlamento imos ter un segundo médico para ese centro de saúde. Polo tanto, señora Fernández, non sei de que me fala, ¡non sei de que me fala! Cando, efectivamente, esa médico está de baixa,



facemos todo o que está na nosa man para cubrila; e, como lle acabo de contar, foi cuberta seis dos nove días. Polo tanto, nós imos seguir traballando para que os pacientes do Centro de Saúde de Pazos de Borbén teñan un médico asignado. E este tema de que hai 3.000 pero que só 1.400 o teñen alí pois é unha cuestión voluntaria, señora Fernández, nós non obrigamos os pacientes a estar nun centro de saúde ou a estar noutro. Ademais, se van a outro, estea tranquila. Van ter o médico que lles corresponde por poboación. (*Murmurios.*) Se collen o Centro de Saúde de Redondela, ao mellor é porque traballan en Redondela, ao mellor é por iso e están alí por iso; ou ao mellor van a Ponteareas porque traballan en Ponteareas. Nós, de momento, non obrigamos a ninguén a estar nun centro de saúde que non queira. E tampouco —como digo— podemos obrigas os médicos de familia que teñen a praza nese centro de saúde a estar soportando o que soportan. A min, de verdade, gústame moito escoitar a opinión dos médicos. Anímoa a que vaia a Pazos de Borbén e que fale coa facultativa.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Grazas.

Alteración da orde do día

A señora PRESIDENTA (Candia López): No seguinte punto vanse debater de maneira acumulada dúas preguntas, que son a 62703 e a 62707.

Pregunta de D. Daniel Castro García, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a dotación profesional na atención primaria da comarca da Mariña luguesa para garantir unha sanidade de calidade

Pregunta de D^a Patricia Otero Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación da atención primaria sanitaria na comarca da Mariña luguesa

A señora PRESIDENTA (Candia López): Os autores van formular as preguntas por un tempo de tres minutos e responderá o conselleiro con seis minutos.

Ten, en primeiro lugar, a palabra don Daniel Castro García.

O señor CASTRO GARCÍA: Moitas grazas, presidenta.

Moi boa tarde, señor conselleiro.

Voulle dar unha serie de datos dalgúns concellos da Mariña, comezando por Alfoz. Os días 22, 23, 24, 27, 28 e 29 de novembro non houbo médico ou médica en Alfoz de oito a oito e media, e todas as urxencias tiveron que ser enviadas ao Centro de Saúde de Foz. O día 22 de novembro non houbo médico no Valadouro, e tampouco o 23, 24, 27 e 28 de novembro de oito a nove nin de unha a tres. O 29 non o houbo de once a tres; o día 30 non houbo de doce a tres. Tamén viron como todas as urxencias foron derivadas, principalmente, ao Centro de Saúde de Foz, pero tamén ao Centro de Saúde de Alfoz.



Pasando agora ao Vicedo, vou ler o que puxeron toda unha serie de veciños e veciñas nun comunicado que se leu publicamente nunha concentración que reuniu cincocentas persoas no concello do Vicedo: «Na actualidade contamos cun médico que vén algúns días e soamente catro horas para atender urxencias, o que conleva que non se dean citas para outras xestións ou que, cando se dan, sexa cunha espera mínima de sete días». Tamén se queixan, evidentemente, de que, cando se trata dalgún asunto relacionado coa pediatría e teñen que ir a Viveiro, o que atopan en Viveiro é que tampouco hai pediatra. Ademais, engaden: «Levamos máis dun mes sen poder facer solicitudes de citas, o teléfono do centro de saúde está colapsado e as axendas están pechadas desde hai máis de dúas semanas».

E agora, unha das principais vilas da comarca: Viveiro. O 7 de novembro, no centro de saúde, de sete médicos de familia en quenda de mañá, só poden atender urxencias dúas persoas, xa que o Sergas non cobre os outros cinco postos que quedaron baleiros. Mentres tanto, como xa dixen antes, o posto de pediatría, o servizo de pediatría, nun concello de 16.000 habitantes, como é o de Viveiro, segue sen ser cuberto. Para máis inri, co que ocorreu o día 1 deste mes de decembro, cando o Concello advertiu de que na quenda de tarde do día 1 non ía haber ningún médico, ningún facultativo, pois evidentemente saltaron todas as alarmas. E, despois de aparecer, precisamente, nos xornais, a Xunta actuou rápido e puxo un facultativo no canto deses catro que debería haber; é dicir, unha persoa que ten que facer o traballo doutras catro.

Rematamos en Ribadeo, que tivo que sufrir no mes de novembro durante unha semana que non houbese ese servizo de pediatría, que, aínda por riba, atende a moitos outros concellos da contorna. E xusto hoxe enterámonos de que non contamos con ese servizo de pediatría e que, aínda por riba, non se vai recuperar polo menos ata despois da ponte.

Entón, despois de todos estes datos —e podería entrar, por suposto, en moitos máis pormenores—, fago unha pregunta bastante sinxela: ¿vostede cre —polo menos no caso da situación da Mariña— que isto é unha sanidade pública de calidade?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Castro.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra dona Patricia Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Conselleiro, imos continuar cos datos que iniciaba o señor Castro.

Podemos falar de Foz. No servizo de pediatría, o profesional ten unha redución de xornada dende hai moitos anos e a Xunta de Galicia non cobre esta redución de xornada do pediatra. Cómpre recordar que, ademais dos nenos e nenas de Foz, tamén atende os nenos de Alfoz e do Valadouro. Pero ¿que acontece tamén coas prazas de enfermería e medicina familiar no Centro de Saúde de Foz? Tamén están sen cubrir. Seguen sen matrona neste centro de saúde. Vostedes suprimiron o segundo técnico de emerxencias sanitarias da ambulancia medicalizada con base en Foz, así como tamén vostedes suprimiron o servizo 24 horas da



ambulancia asistencial, as dúas con base en Foz, pero que prestan servizo a todos os veciños e as veciñas da Mariña.

¿Que falar de Burela e tamén dos seus problemas de persoal no centro de saúde? Non se cobren as baixas, nin as vacacións, nin os permisos, e hai un problema tamén no relativo á pediatría. Falemos de Ourol, que ten tamén unha situación prolongada no tempo, cun médico a tempo parcial, dándose o caso de que só algúns días á semana había atención presencial e outros días a única atención que tiñan era unha atención telefónica dende Lugo para receitas e para baixas.

Seguimos a falar da Mariña, señor conselleiro. Na Pontenova, xa dende o ano 2018, vostedes limitaron de tres médicos a dous e de dous PSX a un. Situación que estaba xa en precario, pero que empeorou ultimamente; chegou a haber días nestes últimos meses nos que non houbo ningún profesional neste centro de saúde. A veciñanza denunciaba que tardaban ata quince días incluso só para poder solicitar receitas, e non falemos xa de intentar conseguir unha consulta, que entón as citas eran moito máis lonxe.

Falaba o señor Castro de Alfoz, do Valadouro, de Ribadeo... Pero, mire, é que nestas últimas semanas se manifestaban os veciños e as veciñas do Vicedo, e o Sergas dicía que a atención é a habitual neste centro de saúde. Señor Comesaña, sobre o papel este centro de saúde ten asignados dous profesionais de medicina de familia e dous de enfermería, pero a realidade dende hai bastante tempo é outra, dista bastante do que contemplan vostedes nos seus papeis: só un único médico e nin sequera a xornada completa, senón catro horas ao día para atender urxencias; das catorce horas de atención médica diaria que debería de haber nese centro só hai catro horas.

¿E que acontece se falamos do Centro de Saúde de Viveiro? A situación aquí é crítica, insostible. O desmantelamento dos servizos de atención primaria neste concello vénse padecendo e denunciando, señor Comesaña, dende hai moitos anos. Non teñen servizo de pediatría dende hai un ano, só vostedes poñen algún parche; ademais, en pediatría deste centro de saúde tamén atenden os nenos de Ourol e do Vicedo, só con dous médicos nalgunha ocasión na quenda de mañá. Chegou a haber hai un ano só un único médico dos dez que tiña que haber no centro de saúde. Vostedes, en novembro, para intentar desarticular esa manifestación que había convocada, dixeron que o problema estaba resolto. ¿E con que se atopa agora a veciñanza? Con que as citas de moitos médicos deste centro de saúde...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...están bloqueadas ata xaneiro.

Señor Comesaña, ¿que van facer para resolver esta situación? ¡Non me poña escusa!

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.



Para dar resposta, ten vostede seis minutos, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidenta.

Señorías, de todos os exercicios de utilización política da sanidade que temos visto, a verdade é que o de hoxe, neste Parlamento, é dos máis elaborados. Xa vin, ademais, a excelente coordinación. Denuncias de que de 8 a 8.30 non hai médico. (*Risos.*) ¡Importantísimo que de 8 a 8.30 non haxa médico, por suposto que si!

Vostedes traen hoxe á Cámara un problema sobre o que a Xunta leva meses traballando e para o que trouxo unha medida a esta Cámara, á que vostedes, por certo, votaron, coma sempre, en contra; e agora que saben que a medida está a piques de dar froito pretenden apuntarse o tanto. Vostedes saben perfectamente que hai un concurso de méritos convocado para cubrir as prazas vacantes na atención primaria da Mariña, ou deberían sabelo —que non sei que é máis grave, que o saiban ou que non o saiban—. Saben mesmo que prazas son, porque eu mesmo llelo dixen aquí, no Parlamento, ante preguntas súas antes de que saíse publicado no DOG. Saben que hai unha praza de medicina de familia en Viveiro, dúas prazas de pediatría en Viveiro —por certo, a Viveiro van dous pediatras de Lugo moitos días á semana—, unha praza de medicina de familia en Burela, unha praza de medicina no Vicedo, unha praza de pediatría en Cervo e unha praza de pediatría en Mondoñedo; en total, sete prazas, que saben vostedes —ou deberían saber— que se van incorporar de xeito case inmediato.

A secuencia temporal transcorreu así: faleilles desas prazas en febreiro, o Consello da Xunta aprobou a oferta pública de emprego en abril, o DOG publicou as prazas en maio —a convocatoria en maio—, as listas de admitidos publicáronse en xullo, en outubro publicáronse listas provisionais e estamos pendentes de resolver as alegacións para publicar nas vindeiras semanas a lista definitiva para escoller esas prazas. Falamos dun proceso selectivo que se vai resolver en menos dun ano fronte a unhas oposicións que poden tardar máis de dous anos. E ¿como puido a Xunta de Galicia facer isto? Pois porque trouxo a este Parlamento unha lei que autorizaba que as prazas de centros de difícil cobertura, como as da Mariña, se puidesen cubrir sen oposición. ¿E que votaron o Bloque e o Partido Socialista de Galicia ante esa petición? Pois, como sempre, votaron en contra. Agora, cando saben —ou deberían saber— que estamos a semanas de que se incorporan estes novos profesionais por este sistema ao que vostedes votaron en contra —permítanme que llelo volva dicir as veces que faga falta—, levan á Mariña os candidatos ou sae aquí a candidata preocupándose polo tema. O que buscan é que cando en cuestión de días se incorporen eses facultativos poidan vostedes saír dicindo que esa incorporación foi grazas aos candidatos. (*Murmurios.*) Pois xusto é ao contrario, será a pesar dos candidatos, porque os candidatos dixeron que se votara en contra desa lei. (*Aplausos.*)

Como non conseguiron o seu obxectivo principal, que era que non se puidese solucionar este problema, agora pretenden poñerse a medalla de solucionalo por facer unha aparición de última hora. Non enganen a xente; quen estivo traballando para dar solución dende hai meses aos problemas da Mariña foi o Goberno galego e o grupo que o sustenta e que votou esa lei. ¿Por que votaron vostedes en contra? Pois xa o explicarán. Probablemente porque o seu obxectivo era impedir a toda costa o que vai pasar en semanas: que cheguen novos



profesionais e que eses profesionais teñan unha praza fixa e estable nos centros de saúde da Mariña. Porque vostedes queren facer unha conexión que cren que vai calar na poboación: se faltan médicos en Galicia é polas políticas da Xunta do PP. Pero ao que nunca saben responder é: ¿que culpa ten a Xunta de que falten médicos en toda España?; ou ¿que culpa ten a Xunta de que falten médicos en Asturias? Bueno, en Asturias si porque un de Asturias veu para Viveiro, a pesar de que vostedes din que é xustamente ao revés.

¿Como logra a Xunta que falten médicos en Extremadura, no País Vasco e en Cataluña? Xa o explicarán vostedes agora no turno de réplica, se lles parece ben. Se o problema é responsabilidade da política sanitaria deste goberno, ¿como é posible que o mesmo problema —exactamente o mesmo problema— se reproduza de xeito idéntico onde gobernan os seus partidos e os seus socios? Iso nunca o responden porque realmente é complicado que xustifiquen vostedes por que o PP de Galicia é responsable de que falten médicos en Baleares, en Canarias, en Cataluña, en Extremadura..., en todos os sitios.

España ten un problema nacional de falta de especialistas en medicina de familia que estamos a sufrir todos os servizos de saúde, governe quen governe. Alí onde hai un profesional médico de baixa nun centro de saúde é imposible contratar un substituto. E aínda é máis difícil se xa me falan vostedes de alguén que está a media xornada. Se é difícil conseguir un substituto, imaxinen conseguir medio substituto. Non hai especialistas en medicina de familia dispoñibles para contratar nin en Viveiro, nin en Sabadell, nin en Granada, nin en Oviedo, nin en Pamplona. Todos os servizos de saúde autonómicos necesitamos que haxa máis especialistas formados para poder contratalos e cubrir as baixas e as ausencias. A realidade é que hoxe non podemos, e non sei vostedes en que mundo viven. É un problema a nivel nacional que require solucións estatais, por iso lle remitimos dende a Xunta de Galicia unha carta á nova ministra de Sanidade demandando que se adopten as medidas que o Goberno galego leva anos demandando, xunto con outros gobernos autonómicos, no Congreso dos Deputados, a pesar do voto en contra, tamén no Congreso dos Deputados, unha vez máis, do Bloque e do PSOE.

Teño que dicir que lle agradezo á ministra García que na súa primeira intervención pública —aínda non falei con ela— rexeitase a idea de que o Ministerio non ten competencias e declarase —e leo textualmente—: «*Que volvamos a tener profesionales sanitarios es competencia del Ministerio*».

Polo ben do Sistema nacional de saúde, agardamos que cumpra, aínda que o PSOE e o Bloque non lle axuden. Mentres tanto, a Xunta seguirá apoiando medidas extraordinarias para que dentro deste contexto difícil de especialistas poidamos cubrir canto antes as vacantes, tamén na atención primaria da Mariña.

Moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Réplica, señor Castro, dous minutos.

O señor CASTRO GARCÍA: Señor Comesaña, que digamos aquí eivas de case todos os concellos da comarca e que isto sexa unha especie de conspiración xudeumasónica é un



pouco estraño. Todos os concellos teñen eivas, pero a Xunta non ten absolutamente nada que ver. A min sorpréndeme tamén moito —que xa lle dou as grazas de paso— a forza que lle outorgan ao BNG, que é capaz de convocar grandísimas manifestacións sempre: 3.000 persoas en Viveiro e 500 no Vicedo; e todas esas persoas estaban enganadas e non eran persoas que sufrisen esas eivas provocadas polo Goberno da Xunta. *(Aplausos.)*

Pode dicir o que queira, evidentemente —os seus argumentos terá—, pero aquí o que hai é xente que non pode ter unha cita co seu médico de cabeceira, que non pode renovar receitas, son pais e nais que van ao pediatra e directamente non o hai, e ás veces vas ao centro de saúde e non hai ningún médico nin ningunha médica. Ante isto, como xa se viu aquí, poden botarlles a culpa ao Goberno do Estado, ao BNG, ás plataformas e incluso aos veciños e veciñas que se manifestan, pero, ao fin e ao cabo, vostedes son, polo de agora, o Goberno galego e teñen as competencias en sanidade; pero, claro, din vostedes que non hai médicos. Logo, xusto onte, enterámonos casualmente de que saen unhas cifras, no que ten a ver coa enfermaría, que mostran que máis do cincuenta por cento da enfermería está formada por persoal temporal, e logo tamén vemos como eses médicos e eses enfermeiros e enfermeiras marchan a outras comunidades autónomas e a outros estados. Pero aquí a Xunta de Galiza non ten nada que dicir, a pesar de que, por certo, son datos da propia Xunta de Galiza.

Polo que ten a ver coa Mariña, sabemos —supoño que vostede o saberá tamén, iso espero— que vai haber máis xubilacións nos próximos meses na atención primaria mariñá, polo que xa é mellor ter un pouco de previsión porque, sinceramente, xa se viu, os mariñáns e as mariñas xa non cren as súas escusas e van seguir reclamando unha sanidade pública e de calidade, digan o que digan vostedes.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

A verdade é que non estabamos coordinados o señor Castro e mais eu, pero voulle tomar o final da súa intervención. Nós levamos moito tempo anunciando esa falla de planificación por parte do Sergas ante as inminentes xubilacións dos profesionais; a ver se dunha vez por todas se poñen as pilas, porque —como di o meu compañeiro Torrado— a verdade é que os profesionais médicos tamén teñen o mal costume de ir cumprindo anos.

Señor Comesaña, eu preguntáballe se a Xunta de Galicia ía resolver os problemas da atención primaria da Mariña lucense sen escusas, e vostede expuxo na súa resposta escusas e mentiras. Porque nosoutros nunca votamos en contra de dotar de profesionais médicos os centros de saúde de Viveiro, do Vicedo, de Oulol ou da Pontenova. Nós votamos en contra dunha trampa que puxo enriba da mesa o Partido Popular, porque nós nunca votamos nada neste Parlamento: ningún concurso de traslados, porque nunca se trouxo a este



Parlamento ningún concurso de traslados; e tampouco se votou nunca aquí, nesta Cámara, un listado de prazas que se convocase nos centros de saúde dos distintos sitios de Galicia.

O que se trouxo a este Parlamento —o que dicían vostedes e que serviu para enganar— foi a creación dunha nova categoría laboral en sanidade. O que fixo o Partido Popular foi unha trampa para acurtar prazos —segundo din vostedes— para axilizar a contratación; pero ¿á custa de que? Á custa de persoal con peores condicións. Os sindicatos téñenos en contra e o Colexio Galego de Médicos denunciouno nos xulgados. Vostedes o que fixeron foi trampear o modelo de contratación para precarizalo aínda máis e poder contratar en peores condicións. Iso, señor Comesaña, foi o que nós non apoiamos. *(Aplausos.)* ¡Non terxiversen e non sigan a enganar a cidadanía! *(Aplausos.)* Porque, señor Comesaña, vostedes aprobaron isto cos votos do Partido Popular; polo tanto, en ningún caso isto sería un problema para ter médicos en Viveiro, no Vicedo, en Burela, en Ourel ou na Pontenova. Pois esta medida saíu aprobada cos votos do Partido Popular, pero é que o problema segue aí; o problema é que os veciños de Viveiro non teñen posibilidade de pedir cita cos seus profesionais sanitarios do centro de saúde porque as súas axendas están pechadas ata o mes de xaneiro.

Señor Comesaña, vostede incluso chegou a corroborar aquí que están sen atención de pediatría no servizo do Centro de Saúde de Viveiro porque dixo: «algúns días van algúns pediatras por alí»...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: A verdade é que esa resposta é bastante pobre para vir dun conselleiro do Goberno galego.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidenta.

Eu voules pedir que deixen de contarlle á poboación contos sobre as categorías precarias. Teñan un pouco de respecto a esas categorías e á poboación en xeral. A categoría de facultativo especialista de atención primaria creouse no 2021, e con ela cubrimos 106 prazas no ano 2022; sete delas, por certo —insisto—, nos centros de saúde da Mariña —con esa categoría—, dando servizo á atención ordinaria e tamén cubrindo dúas gardas ao mes no punto de atención continuada dese mesmo centro de saúde. Se por vostedes fose, non só non chegarían os sete profesionais que chegaron no 2022, senón tampouco os que van chegar agora.

¿Como poden falar de estabilidade nunha categoría que ofrece prazas en propiedade? ¿De verdade vostede sabe do que están a falar? Ofrecemos prazas en propiedade e vostedes falan de precariedade. ¿Pero falamos o mesmo idioma ou falamos idiomas diferentes? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*



Que obteñan esta praza a través de concurso —como digo— é ter unha praza para toda a vida. Eu non sei se isto entra na cabeza dalgúns. Son prazas para toda a vida, prazas en propiedade. A condición é que teñen que facer dúas gardas de atención primaria, señora Otero, ¡dúas gardas de atención primaria! ¿Ou tampouco saben iso? De verdade, a información que vostedes teñen ou a desinformación que teñen e queren trasladar á poboación é supina. Non son prazas precarias, son prazas en propiedade para toda a vida, cun salario de 65.000 euros ao ano. *(Aplausos.)* ¡Pero aprendan, lean as cousas! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Como? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non queren as prazas e preséntanse trescentas persoas para cen prazas. ¿Pero que contos...? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Bueno, eu creo que queda clara...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Silencio, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): ...a desinformación manifesta do Partido Socialista, que non le os documentos e chámalles prazas precarias a prazas en propiedade para toda a vida. ¡Hai que ter vergonza para dicir isto! *(Aplausos.)*

En todo caso, señora Otero e señor Torrado, ¿que pasa coas prazas de pediatría? As prazas de pediatría da Lei dos comarcais son prazas de pediatría nas mesmas condicións que as dos hospitais. ¿Que pasa, tamén son precarias esas? Conteste agora; conteste agora en vez de falar polo baixo. *(O señor Torrado Quintela: Porque teñen outras.)* Non, as de pediatría; as de pediatría, señor Torrado. *(O señor Torrado Quintela: ¡Teñen outras...!)* ¿Pero que outras de pediatría? ¡Bueno...! En fin, señoría, nós, como digo, ofrecemos prazas en propiedade para toda a vida a través dun concurso de méritos, ao que si, señora Otero, vostedes votaron en contra; votaron en contra da Lei dos comarcais que trouxemos a este Parlamento. Claro que si, ¡claro que si!, díganlle aos veciños da Mariña. *(Aplausos.)* *(A señora Otero Rodríguez nega coa cabeza desde o seu escano.)*

A única estabilidade que vostedes buscan é a estabilidade dos problemas de cobertura para explotalos electoralmente, queda clarísimo hoxe, ¡queda clarísimo! ¡Canta máis estabilidade teñen os problemas, mellor lles vai a vostedes! Bueno, nós tomamos medidas para resolvelos de xeito estrutural, co persoal con praza fixa en propiedade nesas prazas. Vóullelo repetir miles de veces: praza fixa en propiedade neses centros, obtida nun concurso que vostedes quixeron paralizar.

Pero eu non lle vou mentir á poboación, como fan vostedes. Isto é certo: conseguir prazas estruturais como estas non nos vai librar de ter problemas conxunturais, e alá onde haxa unha baixa, unha ausencia ou unha xubilación vaines custar moito ter substitutos, efectivamente, pero aquí, en Estremadura, en Cataluña e no País Vasco. E imos ter que recorrer unha vez máis a pedirllas a outros profesionais que nos boten unha man e que fagan horas extras; incluso imos ter que pedirllas aos pediatras de Lugo —aos que por favor lle pido que non lles falte ao respecto— que vaian a Viveiro atender nenos. Claro que si, ímosllo pedir, e estano facendo, grazas a iso.

Por iso chegamos o ano pasado a un acordo unánime coas organizacións sindicais —e, por certo, nin sindicatos nin colexios profesionais recorreron no xulgado as prazas FEA; señor Torrado, revise, revise..., pero esas prazas non as levaron ao xulgado—. Ben, como digo, chegamos a un acordo unánime para aumentar a retribución desas prolongacións de xornada.



Eu teño que agradecer —como fago sempre, e aquí tamén— ao persoal sanitario esa colaboración que fai, estando dispoñible para asumir esas prolongacións de xornada que, por suposto, se fan na Mariña de xeito permanente, se fan no Vicedo... ¿Como pode dicir que no Vicedo non hai médico, cando hai un médico que está facendo prolongación de xornada case todos os días? Non teñen ningún respecto, ningún respecto aos profesionais, ¡ningún respecto! (*Murmurios.*) E, como digo... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, catro horas, pois catro horas que fai alí. ¡Evidentemente, catro horas! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, ¿e que pasa? ¿Esas catro horas non valen? ¿Non valen catro horas? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero, ¿non valen catro horas? Por certo, as prazas de centros de saúde non son de catorce horas —ao mellor, esa é a precariedade na que vostedes están equivocados—, son de oito horas, como vostede ben di. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, efectivamente.

Como digo, nós temos que agradecerlles aos profesionais sanitarios que, ademais de facer o seu traballo, nesta falta de médicos que estamos comentando dediquen tempo a cubrir esas prazas que non están. Tamén teño que agradecer aos directivos das áreas sanitarias ese esforzo que fan cada día por cubrir e por facer que un médico vaia a un sitio e vaia a outro. Como digo, non temos facilidade de contratar substitutos porque —como xa veño dicindo— non hai especialistas dispoñibles, e insisto no agradecemento aos que nos axudan a cubri-lo.

A solución para que haxa especialistas pasa por poder cubrir estes ocos, e non hai —como digo—, e non habería aínda que vostedes gobernasen. Por iso, cando os candidatos din que con eles non habería problemas de cobertura, están mentindo á poboación. Os 200 famosos millóns do Bloque non resolverían o problema de falta de médicos especialistas, porque, ademais, teño que dicirlle que os médicos no foxen desta comunidade, non. O problema está en todas as comunidades autónomas. ¡Parece mentira! Eu non sei se len o periódico ou ven a televisión. Se isto é así, por favor que lles expliquen a solución a todos os presidentes dos seus partidos e aos dos seus socios, que están a gobernar e teñen problemas en todas partes: PNV, Cataluña...; absolutamente en todas as comunidades autónomas teñen o mesmo problema. Este problema require unha solución nacional, e niso estamos traballando. A solución, dende logo, é a que se deu no 2018.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos prolongados.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Moitas grazas.

Imos á última pregunta da orde do día. (*Murmurios.*) Silencio por favor.

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a postura da Xunta de Galicia no marco do conflito laboral do sector das traballadoras da limpeza da provincia de Lugo

A señora PRESIDENTA (Candia López): Aproveito para mandarlles un saúdo a estas traballadoras, que nos acompañan na tribuna.



Para formular a pregunta e por tempo de tres minutos ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Boa tarde e benvida, conselleira.

Efectivamente, na provincia de Lugo hai 1.800 persoas traballadoras do sector da limpeza —«traballadoras», dígoo ademais conscientemente, porque na súa inmensísima maioría son mulleres— que levan en folga indefinida desde o 16 de outubro, 52 días; unha folga en defensa dun convenio colectivo que sexa xusto nas súas condicións laborais e tamén nos seus salarios. Mil oitocentas persoas que para as grandes empresas que controlan o sector son simples números, pero que teñen nomes e apelidos como Josefa, Isabel, Chus, Jesús, Marta ou Carlos, e que nos acompañan hoxe na tribuna de persoas convidadas. (*Aplausos.*) Son persoas, conselleira, que cobran menos do salario mínimo interprofesional, e que son realmente as peor pagadas de España; traballadoras que perderon máis poder adquisitivo nos últimos dous anos do que lles ofrece agora revalorizar a patronal, e que se senten —con razón— ninguneadas pola patronal, pero tamén polas administracións públicas.

Hoxe, desde o Bloque Nacionalista Galego, traemos esta pregunta ao Parlamento por dúas razóns. A primeira é que a Xunta é a autoridade laboral e, como tal, ten a responsabilidade de actuar de maneira decidida, a través do Consello Galego de Relacións Laborais, diante de calquera conflito, pero máis aínda cando a Xunta, como acontece neste caso, é xuíz e parte. Esas mulleres e homes de aí arriba, conselleira, limpan oficinas bancarias e matadoiros, pero tamén centros de saúde do Sergas e residencias de maiores da Consellería de Política Social. E aí a segunda razón: a Xunta é un dos grandes clientes desas empresas que concentran o sector da limpeza na provincia de Lugo, en Galiza e no Estado español, ás que lles pagan millóns —¡millóns!— de euros públicos ao ano.

A Xunta ten que facer algo máis que mediar. Aínda que ten que mediar e intervir de maneira decidida neste conflito, ten que garantir que as cousas cambien, que non sigamos igual e que os contratos públicos millonarios que asina a Administración con estas empresas non poidan servir para seguir precarizando nin menosprezando as traballadoras, negándolles mesmo o dereito a negociar os seus dereitos laborais.

Por iso lle preguntamos hoxe que vai facer a Xunta de Galiza para defender os dereitos desas mulleres e deses homes; os dereitos laborais das que limpan, das traballadoras do sector da limpeza, especialmente de Lugo, pero tamén do conxunto do país. Porque este é un conflito, conselleira, que xa se estende ao resto das provincias galegas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta ten a palabra a conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, dona Elena Rivo.



A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Rivo López): Boas tardes, señorías.

En primeiro lugar, quero tamén saudar as persoas afectadas polo conflito laboral da limpeza en Lugo que están na tribuna e dicirlles que saiban que teñen a Xunta ao seu carón, a pesar do que acabamos de escoitar.

Señora Rodil, como ben sabe, a Administración autonómica galega non pode nin debe interferir nas negociacións que se dan entre as traballadoras e traballadores coa patronal. Dende a nosa posición, sempre garantimos que as traballadoras e traballadores saiban que poden contar co apoio e disposición da Dirección Xeral de Relacións Laborais para calquera consulta, ben sexa técnica, de axuda ou de xestión na negociación coa patronal. Aínda que imaxino que isto non é ningunha novidade para vostede, pero vou aproveitar a ocasión para comentalo.

O Consello Galego de Relacións Laborais é o foro para o diálogo entre as organizacións empresariais e sindicais máis representativas co obxectivo de facilitar acordos en materia laboral e no desenvolvemento das súas funcións, e que actúa con autonomía con respecto á Xunta de Galicia e calquera outra institución da comunidade. É o promotor da negociación colectiva, o xestor dos procedementos de solución autónoma e de conflitos laborais e é o promotor da igualdade de xénero nas relacións laborais, xa que é a sede da Comisión Consultiva Autonómica entre mulleres e homes para acadar a igualdade na negociación colectiva.

Señorías, o Consello pon á disposición dos axentes sociais as persoas mediadoras necesarias con experiencia acreditada para solventar con éxito as negociacións dos convenios colectivos galegos. No caso de que as empresas se neguen á dita intermediación, as traballadoras e traballadores poderán acceder igualmente á reclamación dos seus dereitos presentando as demandas correspondentes ante a xurisdición social.

Señorías, o conflito laboral do sector de traballadoras da limpeza en Lugo é un conflito que se atopa dentro dunha negociación dun convenio colectivo. Non foi ata onte mesmo que as partes solicitaron a mediación entre a patronal e as traballadoras, polo que o diálogo non dera comezo. Parece ser que esta primeira reunión non rematou cun acordo, e as partes emprazáronse a repetir a vindeira semana este encontro co obxectivo de retomar a interlocución e pór unha solución ao conflito.

Pola nosa parte, dende a Xunta de Galicia, estamos vixiantes dentro das nosas competencias, fiscalizando as accións da empresa mediante os procedementos establecidos e velando polo cumprimento da lexislación laboral. As traballadoras e traballadores da limpeza contan co apoio da Xunta de Galicia, dende onde continuaremos fomentando o diálogo social entre os diferentes sectores.

De momento, máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.



Señora Rodil, dous minutos.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, señora presidenta.

Señora conselleira, para estar tanto con elas, ao inicio da folga xa no mes de outubro rexistraron un escrito para reunirse con vostede e a Consellería e aínda non obtiveron resposta. *(Aplausos.)* Entón, a ver se podemos actuar con algo máis de decisión, a ver se non me le a min a lei que regula o Consello Galego de Relacións Laborais e a ver se se implica activamente nese labor de promoción da mediación e de aproximación de posturas por parte da patronal, que non quere ceder nin un milímetro.

Pero, como lle dicía ao comezo, a Xunta é xuíz e parte, porque ten cantidades inxentes de diñeiro público coas que financia esas empresas que se negan a negociar o novo convenio e se negan a recoñecer mellores condicións de traballo para as traballadoras. ¿Sabe canto cobra unha traballadora da limpeza da residencia da Xunta de Galiza nas Gándaras, en Lugo —xestión pública da Xunta de Galiza: 300.000 de contrato co Grupo CLN, que é quen xestiona ese servizo da limpeza—? Unha traballadora da limpeza —está aquí a nómina, *(A señora Rodil Fernández mostra unha nómina.)* que tiveron a ben compartir, e agradézollo moito, porque está aí a traballadora— cobra 797 euros de salario base, con catorce anos de antigüidade, que dan 127 euros de complemento de antigüidade. Ten que ratear a extra para poder chegar ao salario mínimo interprofesional. E iso con 300.000 euros —¡300.000 euros!— de diñeiro público da Xunta de Galiza. *(Aplausos.)* Un contrato que está á vista de todo o mundo na páxina de contratación pública do Goberno galego por valor dun millón de euros da residencia das Gándaras, da residencia de Monforte, do CAPD de Sarria, do Centro Educativo de Santo Anxo da Garda, de centros sociocomunitarios como o da Milagrosa, en Lugo..., e podo seguir así. Un millón de euros públicos cos que se sostén —perdoe que llo diga— a precarización das mulleres que son esenciais, que foron esenciais na pandemia e que —digo eu— seguirán sendo esenciais hoxe. *(Aplausos.)* Por iso —insisto—, non só como mediadora e como autoridade laboral, senón como parte, como contratadora de servizos, ¿que é o que vai facer a Xunta de Galiza?

Eu aquí o que podo é asumir compromisos como Bloque Nacionalista Galego. O primeiro é non poñernos de perfil, non poñernos de canto, non ser nunca indiferentes. En segundo lugar, facer unha lei de cláusulas sociais que impidan que a Administración pública, cando licita concursos e servizos, como pode ser o do sector da limpeza, non contribúa a precarizar aínda máis, senón que o que garanta sexan traballos e condicións salariais dignas.

¿Que é o que van facer vostedes? *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para a réplica do Goberno, a señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Rivo López): Grazas, presidenta.

Oxalá puidera actuar, pero teño que cumprir a lei; son a autoridade laboral dentro duns límites. Quero destacar a importancia que lle damos, porque aquí lle dan a volta politicamente, pero si que estamos a carón dos traballadores e das traballadoras. E si que



teño constancia dunha carta, pero non se pedía unha reunión —agora lles preguntarei persoalmente—. Noutros conflitos ás veces axuda a Dirección Xeral de Relacións Laborais e non o publicamos, porque para o que estamos é para axudar, pero non podemos interferir nos procesos legais.

Quero destacar a importancia que lles damos ás traballadoras e aos traballadores, animándoos a que poñan en coñecemento dos xulgados sociais e da Inspección de Traballo calquera incumprimento por parte da empresa. Estar pendentes e mesmo informar dos procedementos para denunciar posibles irregularidades laborais é un deber da cidadanía e dos sindicatos.

Señorías, dende a Xunta de Galicia facemos todo o que está nas nosas mans para axudar os nosos traballadores e traballadoras, para deixar claro que tomamos medidas para defender os dereitos laborais da nosa cidadanía. Pero, como xa lles dixen, a Xunta de Galicia non pode nin debe interferir nas negociacións que se dan entre as traballadoras e os traballadores coa patronal. Actualmente deuse un paso importante e comezouse co diálogo entre as partes dentro da negociación do convenio colectivo a través da mediación do Consello Galego de Relacións Laborais.

Señora Rodil, no contexto dos conflitos laborais nas empresas, a negociación é crucial para a xestión destes problemas, xa que permite a negociación directa entre os traballadores e a empresa, buscando acordos que melloren o día a día da entidade. Por iso, aínda que o Goberno galego carece de competencias para intervir neste conflito, agradézolle, señora Rodil, que o trouxese hoxe á Cámara, porque como conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade me gustaría recalcar a importancia do diálogo social para acadar un mercado de traballo no que se respecten os dereitos dos traballadores e das traballadoras e no que se aspire a que as súas condicións sexan cada vez mellores, especialmente no caso que nos atañe hoxe das empregadas do servizo de limpeza da provincia de Lugo.

Facer realidade ese obxectivo é un deber das forzas sindicais e da patronal, pero non só dos axentes sociais, tamén é un deber das administracións, do Goberno, dos grupos da oposición e da sociedade galega en xeral. Na parte que me corresponde, señora Rodil, ratifico aquí o meu compromiso para seguir loitando por un traballo de calidade, inclusivo e igualitario, convencida como estou de que o emprego é a mellor política social.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Rematado o apartado de preguntas, rematou a sesión plenaria. Que teñan boa tarde.


Remata a sesión ás seis e trinta e cinco minutos da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA			38. Otero Lago, Noelia	(S)
			39. Otero Rodríguez, Patricia	(S)
			40. Pardo López, Adrián	(P)
1. Aira Díaz, María del Carmen	(BNG)	41. Pazos Couñago, José Alberto	(P)	
2. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	42. Pérez Domínguez, Fernando	(P)	
3. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	43. Pérez Fernández, Rosana	(BNG)	
4. Arangüena Fernández, Pablo	(S)	44. Pérez López, Daniel	(BNG)	
5. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	45. Pérez López, Noelia	(P)	
6. Armada Pérez, José Antonio	(P)	46. Pomar Tojo, Carmen María	(P)	
7. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	47. Pontón Mondelo, Ana	(BNG)	
8. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	48. Porro Martínez, María Corina	(P)	
9. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	49. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)	
10. Caballero Miguez, Gonzalo	(S)	50. Prado del Río, Paula	(P)	
11. Cachafeiro Anta, Belén	(P)	51. Prado Patiño, Jesús Miguel	(P)	
12. Calvo Pouso, Diego	(P)	52. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)	
13. Candia López, María Elena	(P)	53. Queixas Zas, Mercedes	(BNG)	
14. Carballo Páez, Ramón	(P)	54. Regueiro Fernández, José Luis	(P)	
15. Carreira Pazos, Iria	(BNG)	55. Ríos Santomé, Paulo	(BNG)	
16. Castro García, Daniel	(BNG)	56. Rivas Cruz, Xosé Luís	(BNG)	
17. Castro Rey, Paloma	(S)	57. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)	
18. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	58. Rodríguez Carrera, María Felisa	(P)	
19. Díaz Varela, Noa Susana	(S)	59. Rodríguez Conde, Ángel	(P)	
20. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	60. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)	
21. Fernández Alfonzo, Ramón	(BNG)	61. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)	
22. Fernández Davila, María Cristina	(BNG)	62. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)	
23. Fernández Gómez, Alexandra	(BNG)	63. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)	
24. Ferro Iglesias, José Luis	(P)	64. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)	
25. Freire Vázquez, María Begoña	(P)	65. Salido Maroño, María Belén	(P)	
26. Gallego Sanromán, María Leticia	(S)	66. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)	
27. García Vidal, Ana Belén	(P)	67. Santos Costa, Manuel	(P)	
28. Gómez Salgado, Carlos	(P)	68. Sanz Arias, Cristina	(P)	
29. González Iglesias, María do Carme	(BNG)	69. Seco García, Martín	(S)	
30. López Abella, María Susana	(P)	70. Suárez Sarmiento, María Elena	(P)	
31. López Sánchez, Rosalía	(P)	71. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)	
32. Lorenzo Gómez, Rubén	(P)	72. Torrado Quintela, Julio	(S)	
33. Lourenzo Moura, Diego	(BNG)	73. Varela Fernández, Katherinie	(P)	
34. Mouzo Mas, Paula	(P)	74. Vereja Fraiz, Borja	(P)	
35. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	75. Vilela Riveiro, Sandra	(P)	
36. Ojea Arias, Eduardo	(S)			
37. Ortega Otero, Marina	(S)			





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

